

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**8745** *Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

I

Os orzamentos xerais do Estado fundamentan o seu marco normativo básico na nosa Carta Magna, a Constitución española do 27 de decembro de 1978, así como na Lei xeral orzamentaria e na Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

O Tribunal Constitucional foi precisando o contido posible da lei anual de orzamentos xerais do Estado e manifestou que existe un contido necesario, que está constituído pola determinación da previsión de ingresos e a autorización de gastos que poden realizar o Estado e os entes a el vinculados ou del dependentes no exercicio de que se trate. Xunto a este contido necesario, cabe a posibilidade de que se engada un contido eventual, aínda que estritamente limitado ás materias ou cuestións que garden directa relación coas previsións de ingresos, as habilitacións de gasto ou os criterios de política económica xeral, que sexan complemento necesario para a máis fácil interpretación e máis eficaz execución dos orzamentos xerais do Estado e da política económica do Goberno.

Por outra parte, o Tribunal Constitucional sinala que o criterio de temporalidade non resulta determinante da constitucionalidade ou non dunha norma desde a perspectiva da súa inclusión nunha Lei de orzamentos. Por iso, ben que a Lei de orzamentos se pode cualificar como unha norma esencialmente temporal, nada impide que accidentalmente poidan formar parte da lei preceptos de carácter plurianual ou indefinido.

Doutro lado, en materia tributaria, o número 7 do artigo 134 da Constitución dispón que a Lei de orzamentos non pode crear tributos aínda que si modificalos cando unha Lei tributaria substantiva así o prevea.

As materias que queden á marxe destas previsións son materias alleas á Lei de orzamentos xerais do Estado. Desta forma, o contido da lei está constitucionalmente acoutado –a diferenza do que sucede coas demais leis, cuxo contido resulta, en principio, ilimitado– dentro do ámbito competencial do Estado e coas exclusións propias da materia reservada a lei orgánica.

Consecuentemente, a Lei de orzamentos xerais do Estado para 2012 regula unicamente, xunto ao seu contido necesario aquelas disposicións que respectan a doutrina do Tribunal Constitucional sobre o contido eventual.

Estes orzamentos xerais do Estado, elaborados no marco da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, persisten no obxectivo de conseguir unha maior racionalización do proceso orzamentario a través da confluencia das melloras introducidas no referente á sistematización, na medida en que se procede á ordenación económica e financeira do sector público estatal, a ordenar as súas normas de contabilidade e control, a nivel de eficacia e eficiencia.

O Real decreto 1329/2011, do 26 de setembro, de disolución do Congreso dos Deputados e do Senado e de convocatoria de eleccións, publicado no «Boletín Oficial del

Estado» o 27 de setembro, acordou a disolución de ambas as cámaras e a convocatoria de eleccións xerais o 20 de novembro de 2011, polo que non foi posible tramitar nin aprobar nos prazos ordinarios a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012. Esta falta de aprobación fixo que se aplicase en toda a súa extensión o artigo 134.4 da Constitución, que sinala que «se a Lei de orzamentos non se aproba antes do primeiro día do exercicio económico correspondente, se considerarán automaticamente prorrogados os orzamentos do exercicio ata a aprobación dos novos».

Porén, foi precisa a aprobación do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público. En efecto, a importante desviación do saldo orzamentario, estimada no momento da aprobación de tal real decreto lei, para o conxunto das administracións públicas para o exercicio 2011 respecto ao obxectivo de estabilidade comprometido, requiría a adopción dunha norma que, por outro lado, debía tamén incorporar previsións de carácter orzamentario non susceptibles de ser simplemente prorrogadas.

Iniciábase así un camiño de consolidación fiscal que se debe concretar de forma definitiva na presente Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, unha vez que se confirmaron as previsións de desviación do saldo orzamentario.

Os orzamentos xerais do Estado para o ano 2012 caracterízanse tamén por continuar o proceso de consolidación fiscal que garanta a sustentabilidade das finanzas públicas a medio prazo.

Estes orzamentos son os primeiros que se fan desde a reforma do artigo 135 da Constitución española, o 27 de setembro de 2011. Este precepto consagra o principio de estabilidade orzamentaria para todas as administracións públicas; e o seu punto segundo establece que «o Estado e as comunidades autónomas non poderán incurrir nun déficit estrutural que supere as marxes establecidas, de ser o caso, pola Unión Europea para os seus Estados membros». A futura Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e estabilidade financeira será a encargada de desenvolver este artigo 135 da Constitución.

En consecuencia, e debido ao mandato constitucional, é imprescindible reconducir os ingresos e os gastos cara a unha senda equilibrada, de forma que as finanzas públicas supoñan un apoio para a recuperación do noso potencial de crecemento.

En liña co anteriormente exposto, fíxose o obxectivo de estabilidade orzamentaria para o ano 2012, fixado por Acordo do Consello de Ministros do 2 de marzo de 2012, aprobouno o Pleno do Congreso o 13 de marzo e o Pleno do Senado o 14 de marzo do presente ano. Este acordo establece o obxectivo de déficit para o conxunto das administracións públicas no 5,8 por 100 do PIB, e desagregase do seguinte modo: o Estado terá un déficit do 4 por 100; as comunidades autónomas do 1,5 por 100; as corporacións locais do 0,3 por 100 e a Seguridade Social estará en equilibrio.

A Comisión Europea recoñeceu o esforzo de consolidación fiscal e as reformas económicas que España está a realizar, á vez que comparte a imposibilidade de manter no 4,4 por 100 o obxectivo de estabilidade para o conxunto das administracións públicas en 2012, un exercicio que estará marcado pola desviación do obxectivo de déficit do exercicio anterior, así como pola contracción da economía.

Por iso, recomenda un déficit público do 5,3 por 100 do PIB para o dito exercicio. O Goberno de España, dentro do máximo aprobado polo Parlamento e co fin de reafirmar o seu compromiso coas institucións europeas, fixo súa a recomendación da Comisión Europea.

Para alcanzar este obxectivo de déficit do 5,3 por 100 do PIB, é a Administración central a que asume, como así se plasma nos orzamentos xerais do Estado elaborados cun déficit do 3,5 por 100, este esforzo adicional en 2012. Non se modifica, por tanto, o obxectivo do resto de administracións territoriais.

Igualmente se fixa o límite de gasto non financeiro do Estado en 118.565 millóns de euros, o que representa unha diminución do 4,7 por cento, en consonancia co gasto en termos de Contabilidade Nacional, que resulta do obxectivo de déficit establecido para o Estado e dos ingresos non financeiros. A previsión de ingresos non financeiros do Estado para 2012 ascende a 119.233 millóns de euros. Pola súa parte, os axustes de

Contabilidade Nacional ascenden a –6.360 millóns de euros, o que supón unha menor capacidade de gasto no orzamento do Estado por ese importe. Finalmente como consecuencia das obrigas de 2.270 millóns de euros de exercicios anteriores, o límite de gasto homoxéneo fíxase en 116.295 millóns de euros.

## II

A parte esencial da Lei de orzamentos recóllese no título I, «Da aprobación dos orzamentos e das súas modificacións», por canto que no seu capítulo I, baixo a rúbrica «Créditos iniciais e o seu financiamento» apróbanse a totalidade dos estados de ingresos e gastos do sector público estatal e consígnase o importe dos beneficios fiscais que afectan os tributos do Estado.

Neste capítulo I, ao definir o ámbito dos orzamentos xerais do Estado, tense en conta a clasificación que dos organismos públicos realiza a Lei 6/1997, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, así como a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, clasificación que se fai presente no resto da lei. Igualmente se ten presente a Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos. A distribución dos fondos atende, en cambio, á finalidade perseguida coa realización do gasto, e distribúese por funcións.

O ámbito dos orzamentos xerais do Estado complétase co orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España que, de acordo coa súa lexislación específica (artigo 4.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España), non se consolida cos restantes orzamentos do sector público estatal.

O capítulo II contén as normas de modificación e execución de créditos orzamentarios, as limitacións orzamentarias e os créditos vinculantes que deben operar durante o exercicio 2012.

O capítulo III, da Seguridade Social, regula o financiamento da asistencia sanitaria, a través do orzamento do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e das achegas do Estado, ao Instituto de Maiores e Servizos Sociais e ao Instituto Social da Mariña, así como aquelas que se destinen á Seguridade Social, para atender o financiamento dos complementos para mínimos de pensións. Finalmente, incorpórase un capítulo IV relativo á información que se debe proporcionar ás Cortes Xerais en materia de investimento e gasto público.

## III

O título II da Lei de orzamentos relativo á «Xestión orzamentaria» estrutúrase en tres capítulos.

O capítulo I regula a xestión dos orzamentos docentes. Nel fíxase o módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados e o importe da autorización dos custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

No capítulo II relativo á «Xestión orzamentaria da sanidade e dos servizos sociais», recóllense competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias no ámbito do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.

O capítulo III recolle outras normas de xestión orzamentaria e nel establécese a porcentaxe de participación da Axencia Estatal de Administración Tributaria na recadación bruta obtida pola súa actividade propia, porcentaxe que se fixa para 2012 nun 5 por cento.

## IV

O título III da Lei de orzamentos xerais do Estado rubrícase como «Dos gastos de persoal», e estrutúrase en tres capítulos.

A repercusión que o mandato constitucional de estabilidade orzamentaria e a actual situación da nosa economía teñen sobre o persoal ao servizo do sector público reflíctese

no capítulo I, relativo aos «Gastos do persoal ao servizo do sector público», que tras definir o que constitúe «sector público» para estes efectos, establece, con carácter xeral, que non haberá incremento das retribucións deste persoal en 2012 respecto ás retribucións vixentes en 31 de decembro de 2011. Tampouco se poderán realizar achegas a plans de emprego nin contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.

Así mesmo, inclúese neste capítulo a regulación da oferta de emprego público. A presente Lei de orzamentos xerais do Estado, ao igual que a anterior, mantén a súa regulación nun único artigo, e establece que durante 2012 non se procederá no sector público á incorporación de novo persoal. Exceptúanse, aplicando unha taxa de reposición do 10 por cento certos sectores e administracións, e sen prexuízo do que na propia lei se dispón en relación co número máximo de prazas de militares profesionais de tropa e mariñeira.

Mantéñense as restricións á contratación de persoal laboral temporal e ao nomeamento de funcionarios interinos, que terá un carácter rigorosamente excepcional e vinculado a necesidades urxentes e inaprazables.

No capítulo II, baixo a rúbrica «Dos réximes retributivos», establécese que no ano 2012 as retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e dos seus órganos consultivos non experimentarán incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011. Isto afectará as retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e da Administración xeral do Estado, as correspondentes aos altos cargos do Consello de Estado, do Consello Económico e Social, así como os membros do Tribunal de Contas, do Tribunal Constitucional e do Consello Xeral do Poder Xudicial, e os altos cargos das Forzas Armadas, da Policía e da Garda Civil, así como determinados cargos do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal. A necesidade de inclusión destas previsións na Lei de orzamentos xerais do Estado deriva de que a aprobación dos orzamentos destes órganos e, por ende, das referidas retribucións, a deben facer as Cortes Xerais. Os principios de unidade e universalidade do orzamento exixen que esa aprobación se realice nun documento único, comprensivo de todos os gastos do Estado, como é a Lei de orzamentos xerais do Estado.

Este capítulo complétase coas normas relativas ás retribucións dos funcionarios do Estado, persoal das Forzas Armadas, corpo da Garda Civil e Corpo Nacional de Policía, e do persoal estatutario e do non estatutario da Seguridade Social, así como as do persoal laboral do sector público.

Xunto ás normas reguladoras do persoal ao servizo da Administración de xustiza, mención específica merecen as relativas á regulación das retribucións dos membros da carreira xudicial e fiscal, de conformidade co disposto na Lei 15/2003, do 26 de maio.

O capítulo III deste título contén unha norma de peche, aplicable ao persoal cuxo sistema retributivo non teña adecuado encaixe nas normas contidas no capítulo II. Xunto a ela recolle, como en leis de orzamentos anteriores, outras disposicións comúns en materia de réxime de persoal activo, así como as relativas á prohibición de ingresos atípicos e á conxelación das contías que se percibirán polos conceptos de recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación.

## V

O título IV da Lei de orzamentos xerais do Estado, baixo a rúbrica «Das pensións públicas», divídese en cinco capítulos. O capítulo I está dedicado a regular a determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado e especiais de guerra.

O capítulo II contén as limitacións do sinalamento inicial das pensións públicas, instrumentando un sistema de limitación máxima.

O capítulo III regula a «Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas», establecendo que as pensións contributivas aboadas polo sistema da Seguridade Social, así como as de clases pasivas manterán en 2012 o incremento do 1 por cento, establecido no artigo 5 do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro. Así

mesmo, determínanse as pensións que non serán revalorizadas e a limitación do importe da revalorización das pensións.

O capítulo IV recolle o sistema de complementos para mínimos, que regula en dous artigos, relativos, respectivamente, a pensións de clases pasivas e pensións do sistema da Seguridade Social.

O capítulo V contén, dunha parte, a determinación inicial e revalorización das pensións non contributivas da Seguridade Social e, doutra, a fixación da contía das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.

## VI

O título V, «Das operacións financeiras», estrutúrase en tres capítulos, relativos, respectivamente, a débeda pública, avais públicos e outras garantías e relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial.

O obxecto fundamental deste título é autorizar a contía ata a cal o Estado e os organismos públicos poidan realizar operacións de endebedamento, materia que se regula no capítulo I, baixo a rúbrica «Débeda pública». Estas autorizacións xenéricas complétanse coa determinación da información que deben subministrar os organismos públicos e o propio Goberno sobre a evolución da débeda pública e as contas abertas polo Tesouro no Banco de España e noutras entidades financeiras.

En materia de débeda do Estado, a autorización refírese á contía do incremento do saldo vivo da débeda do Estado en 31 de decembro. Así, para o exercicio do ano 2012 autorízase o ministro de Economía e Competitividade para que a incremente, coa limitación de que o saldo vivo desa débeda en 31 de decembro do ano 2012 non supere o correspondente a 1 de xaneiro de 2012 en máis de 35.325.404,19 miles de euros. Permitirase que ese límite sexa excedido durante o curso do exercicio logo de autorización do Ministerio de Economía e Competitividade e establécense os supostos en que quedará automaticamente revisado.

Respecto da débeda dos organismos públicos, determínase o importe autorizado a cada un deles para o exercicio no anexo III da lei.

No capítulo II, relativo aos «Avais públicos e outras garantías» fíxase o límite total dos avais que prestarán o Estado e os organismos públicos, que se fixa en 217.043.560 miles €. Dentro dos avais do Estado merece especial mención a autorización de avais públicos para garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulización de activos, orientados a mellorar o financiamento da actividade produtiva empresarial, para o cal se establece unha contía de 3.000.000 miles de euros.

En relación cos avais que vaian prestar os organismos públicos, circunscríbese a autorización á Sociedade Estatal de Participacións Industriais, autorización debidamente acompañada da determinación da información que subministrará o Goberno ás Cortes Xerais sobre a evolución dos avais outorgados.

As relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial están recollidas no capítulo III, e céntranse en regular os reembolsos do Estado a ese Instituto, a información que se debe subministrar ás Cortes Xerais e a dotación do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (FONPRODE), dotación que en 2012 ascenderá a 285.230 miles de euros.

Con independencia da dotación anual ao Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, fíxase o volume das operacións que o Consello de Ministros pode autorizar durante o exercicio con cargo a tal Fondo, que ascende no presente exercicio a 420.000 miles de euros.

Tamén se establecen a dotación ao Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM), que ascenderá no ano 2012 a 261.000 miles de euros, e a dotación do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, de 15.000 miles de euros.

## VII

No ámbito tributario a Lei de orzamentos incorpora diversas medidas, a gran maioría das cales son as que habitualmente recolle esta norma, medidas que inciden nas principais figuras do sistema tributario.

Así, no ámbito do imposto sobre a renda das persoas físicas, para as transmisións de bens inmoables non afectos a actividades económicas, inclúese a actualización dos coeficientes correctores do valor de adquisición ao 1 por cento. Ademais, régulanse as compensacións pola perda de beneficios fiscais que afectan a determinados contribuíntes coa vixente Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas: os adquirentes de vivenda habitual e os perceptores de determinados rendementos do capital mobiliario con período de xeración superior a dous anos en 2011 respecto aos establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas vixente ata o 31 de decembro de 2006.

Polo que se refire ao imposto sobre sociedades, as medidas incluídas son a actualización, tamén ao 1 por cento, dos coeficientes aplicables aos activos inmobiliarios nos supostos de transmisión, e a regulación da forma de determinar os pagamentos fraccionados do imposto durante o exercicio 2012.

No imposto sobre a renda de non-residentes, co propósito de axustar a normativa interna ao ordenamento comunitario, esténdese a exención aplicable aos beneficios distribuídos polas sociedades filiais residentes en España ás súas matrices residentes noutro Estado membro da Unión Europea aos Estados integrantes do Espazo Económico Europeo.

Tamén son obxecto de modificacións, de carácter técnico, o imposto sobre o valor engadido e o imposto sobre hidrocarburos, en ambos os casos como consecuencia da necesaria adaptación do ordenamento interno á normativa comunitaria.

Ademais, co fin de integrar o imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos no imposto sobre hidrocarburos, modifícanse diversos preceptos da Lei de impostos especiais e derrógase aquel.

No imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados procédese a actualizar a escala que grava a transmisión e rehabilitación de grandezas e títulos nobiliarios ao 1 por cento.

Polo que se refire ás taxas, actualízanse, con carácter xeral, ao 1 por cento os tipos de contía fixa das taxas da Facenda estatal, excepto as taxas que se creasen ou actualizasen especificamente por normas ditadas no ano 2011.

Mantéñense, con carácter xeral, para o exercicio 2012, os tipos e contías fixas establecidas para as taxas que gravan os xogos de sorte, envite ou azar, nos importes exixibles durante 2011.

As taxas exixibles pola Xefatura Central de Tráfico axustaranse, unha vez aplicado o coeficiente anteriormente indicado, ao múltiplo de 20 céntimos de euro máis próximo, ou superior, cando o importe que haxa que axustar sexa múltiplo de 10 céntimos de euro.

Mantéñense as contías básicas das taxas portuarias establecidas no texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, sen prexuízo do réxime de actualización propio establecido nesa norma para a taxa de ocupación e a taxa de actividade.

Establécense as bonificacións aplicables nos portos de interese xeral ás taxas de ocupación, do buque, da pasaxe e da mercadoría, así como os coeficientes correctores de aplicación ás mencionadas taxas do buque, da pasaxe e da mercadoría, de acordo co mandato contido no citado texto refundido.

A taxa do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas por emisión de informes de auditoría de contas e a taxa por inscrición de mediadores de seguros e corredores de reaseguros increméntanse coa finalidade de adecuarse ao custo real de tales servizos.

A taxa xeral de operadores mantense sen variación e o seu importe fíxase no 1 por mil dos ingresos brutos de explotación do operador. Tamén se mantén con carácter xeral a cuantificación dos parámetros necesarios para determinar o importe da taxa por reserva do dominio público radioeléctrico.

Por último, mantéñense para o ano 2012 as contías da taxa de aproximación exixibles en 2011.

## VIII

O título VII estrutúrase en dous capítulos, dedicados, respectivamente, a entidades locais e comunidades autónomas.

Dentro do capítulo I contéñense normas relativas ao financiamento das entidades locais, englobando nel os municipios, provincias, cabidos e consellos insulares, así como comunidades autónomas uniprovinciais.

O núcleo fundamental está constituído pola articulación da participación das entidades locais nos tributos do Estado, tanto na determinación da súa contía coma na forma de facela efectiva. Cabe destacar como instrumento a participación, mediante cesión, na recadación de determinados impostos como o IRPF, IVE e os impostos especiais sobre fabricación de alcohois, sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco; a participación a través do Fondo Complementario de Financiamento con atención específica ás compensacións ás entidades locais por perdas de recadación no imposto sobre actividades económicas, que inclúe tanto a inicialmente establecida pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, como a compensación adicional instrumentada a través da Lei 22/2005, do 18 de novembro, así como á participación no Fondo de Achega á Asistencia Sanitaria para o mantemento dos centros sanitarios de carácter non psiquiátrico das deputacións, comunidades autónomas insulares non provinciais, e consellos e cabidos insulares.

É preciso sinalar que en 2012 se debe proceder á revisión, de periodicidade cuadrienal, do ámbito subxectivo de aplicación dos modelos de participación en tributos do Estado aplicables aos municipios. A regular esa revisión dedícanse os primeiros preceptos do citado capítulo I.

Pola súa parte, en relación coa liquidación de 2010, para practicar en 2012, volveranse aplicar os mesmos criterios de reintegros que se aplicaron ata a liquidación do ano 2007.

Finalmente, recóllese a regulación dos réximes especiais de participación de Ceuta e Melilla, das entidades locais das illas Canarias, así como o relativo ás entidades locais dos territorios históricos do País Vasco e Navarra.

Porén, esta regulación complétase con outras transferencias, constituídas por subvencións por servizos de transporte colectivo urbano, compensación aos concellos dos beneficios fiscais concedidos ás persoas físicas ou xurídicas nos tributos locais, dando cumprimento ao previsto no artigo 9 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Igualmente, regúlanse as obrigas de información que deben subministrar as entidades locais, as normas de xestión orzamentaria, o outorgamento de anticipos aos concellos para cubrir os desfases que se poidan ocasionar na xestión recadatoria dos tributos locais e a articulación do procedemento para dar cumprimento ás compensacións de débedas firmes contraídas co Estado polas entidades locais.

O capítulo II regula determinados aspectos do financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía.

O sistema de financiamento vixente no ano 2012 foi aprobado polo Consello de Política Fiscal e Financeira na súa reunión do 15 de xullo de 2009 e incorporado ao ordenamento xurídico mediante a modificación da Lei orgánica de financiamento das CC.AA. e a aprobación da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Os recursos financeiros que o sistema asigna para a cobertura das necesidades globais de financiamento de cada comunidade autónoma están constituídos polo Fondo de Suficiencia Global, a transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais e a capacidade tributaria. O orzamento de gastos do Estado recolle o Fondo de Suficiencia Global e a achega do Estado ao Fondo de Garantía. A recadación

dos tributos que o Estado lles cedeu total ou parcialmente, con todo, pola súa natureza, non teñen reflexo nos orzamentos xerais do Estado.

Ademais, para favorecer a converxencia entre comunidades autónomas e o desenvolvemento daquelas que teñan menor renda per cápita, a Lei 22/2009 regula dous fondos de converxencia autonómica dotados con recursos adicionais do Estado: o Fondo de Competitividade e o Fondo de Cooperación.

Por outra parte, no ano 2012 practicarase a liquidación do sistema de financiamento correspondente a 2010; no indicado capítulo regúlanse os aspectos necesarios para a súa cuantificación.

Regúlase no citado capítulo o réxime de transferencia no ano 2012 correspondente ao custo efectivo dos servizos asumidos polas comunidades autónomas, así como o contido mínimo dos reais decretos que aproben as novas transferencias.

Como consecuencia da situación que houbo de prórroga orzamentaria do orzamento de 2011 ata a entrada en vigor desta lei, cómpre introducir nela unha disposición para regularizar os importes de entregas á conta satisfeitos e pendentes.

Por último, recóllese a regulación dos fondos de compensación interterritorial, distinguindo entre Fondo de Compensación e Fondo Complementario. Ambos os fondos teñen como destino o financiamento de gastos de investimento polas comunidades autónomas. Porén, o Fondo Complementario pódese destinar ao financiamento de gastos de posta en marcha ou funcionamento dos investimentos realizados con cargo á sección 33 dos orzamentos xerais do Estado.

Ao igual que en anos anteriores, prevese que os remanentes de crédito dos fondos de compensación interterritorial de exercicios anteriores teñan o carácter de incorporables, aínda que, a diferenza do disposto para o ano 2011, no exercicio 2012 non se dotan créditos específicos destinados a financiar tales incorporacións.

## IX

A Lei de orzamentos xerais do Estado contén no título VIII, baixo a rúbrica «Cotizacións sociais», a normativa relativa ás bases e tipos de cotización dos distintos réximes da Seguridade Social, procedendo á actualización destas últimas.

O título consta de dous artigos relativos, respectivamente, a «Bases e tipos de cotización á Seguridade Social, Desemprego, Protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional durante o ano 2012» e «Cotización a dereitos pasivos e ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2012».

## X

O contido da Lei de orzamentos complétase con diversas disposicións adicionais, transitorias, derogatorias e derradeiras, nas cales recollen preceptos de índole moi variada.

En materia de pensións públicas e prestacións asistenciais, entre outras medidas, establécense as contías das prestacións económicas da Seguridade Social por fillo a cargo, das pensións asistenciais e subsidios económicos da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos e pensións asistenciais, así como a contía para o ano 2012 das axudas sociais aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH). Así mesmo, introdúcense normas relativas á revalorización de pensións por grande invalidez do réxime especial das Forzas Armadas e de actualización das prestacións económicas satisfeitas a persoas de orixe española desprazadas ao estranxeiro durante a Guerra Civil.

Prevese a afectación dos ingresos xerados de conformidade cos artigos 5 e 8 do Real decreto 1207/2006 á compensación ás comunidades autónomas por asistencia sanitaria prestada a cidadáns asegurados noutros Estados e desprazados temporalmente a España.



Así mesmo, contéñense normas sobre o pagamento das débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias cuxa titularidade corresponda ás administracións públicas e limitacións ás retribucións aos cargos directivos e demais persoal das mutuas de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e das súas entidades e centros mancomunados.

En materia de cotización á Seguridade Social, introdúcense medidas para o mantemento do emprego en forma de redución da achega empresarial na cotización á Seguridade Social por contingencias comúns cando se trate de traballadores con contrato indefinido, maiores de cincuenta e nove anos e cunha antigüidade de catro anos na empresa. Regúlase a redución na cotización á Seguridade Social nos supostos de cambio de posto de traballo por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural, así como nos supostos de enfermidade profesional.

Para cubrir o baleiro normativo xerado pola sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Asturias que anulou a resolución do 10 de xuño de 2003, fíxanse as bases e tipos de cotización á Seguridade Social por contingencias comúns no réxime especial para a minaría do carbón, durante o ano 1990.

Introdúcense normas relativas á xestión das accións, medidas e programas establecidos na letra h) do artigo 13 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.

En materia de persoal, fíxanse os cadros de persoal máximos de militares profesionais de tropa e mariñeiría que se alcanzarán en 31 de decembro do ano 2012. Así mesmo, establécense os módulos para a compensación económica pola actuación de xuíces de paz e secretarios de xulgados de paz.

No ano 2012, as sociedades mercantís públicas, as fundacións do sector público e os consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público definido no artigo 22, número un desta lei non poderán proceder á contratación de novo persoal, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, nos cales poderán levar a cabo contratacións temporais.

En materia de relacións con comunidades autónomas, regúlase a subscripción de convenios con comunidades autónomas que incumpran o seu obxectivo de estabilidade orzamentaria.

Instrumentábase a ampliación do prazo para o reintegro das liquidacións negativas do sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía correspondentes a 2008 e 2009.

Regúlase a achega do Servizo Público de Emprego Estatal ao financiamento do IV Plan integral de emprego da Comunidade Autónoma de Canarias, a cal deberá ser destinada ao financiamento das accións e medidas de fomento de emprego que se describen no convenio de colaboración suscrito entre a Administración xeral do Estado e a Comunidade Autónoma de Canarias o 1 de agosto de 2011.

Igualmente se recollen os preceptos relativos á garantía do Estado para obras de interese cultural cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

As normas de índole económica refírense ao xuro legal do diñeiro, que se fixa nun 4 por cento e ao xuro de demora, que se fixa nun 5 por cento. Prodúcese a determinación do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para 2012, que queda fixado nos mesmos termos que para o exercicio 2011.

Inclúense disposicións en materia de xestión orzamentaria relativas aos préstamos e anticipos concedidos con cargo aos orzamentos xerais do Estado, coa finalidade de atender o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e endebedamento; autorízase a incorporación de remanentes de tesouraría do organismo autónomo Instituto Nacional de Administración Pública; contéñense normas sobre os pagamentos correspondentes ao financiamento de actuacións recollidas no Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade; inclúense normas de execución orzamentaria do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico e Industrial; establécense requisitos para a contratación de investimentos por parte das entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais. Durante 2012 non se crearán axencias estatais.

Inclúense disposicións sobre a afectación da recadación das taxas de expedición do documento nacional de identidade e pasaportes ao financiamento das actividades da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre e a porcentaxe sobre o rendemento da taxa de reserva de dominio público radioeléctrico que percibirá a Corporación RTVE.

O fomento do comercio exterior plásmase na disposición adicional que fixa o límite máximo de cobertura para nova contratación, que pode asegurar e distribuír CESCE no exercicio 2012, que se fixa en 9.000.000 miles de euros, excluída a modalidade de póliza aberta de xestión de exportacións (PAXEX), Póliza 100 e Póliza Master.

A dotación do Fondo para Investimentos no Exterior establécese en 25.000 miles de euros. O importe total máximo das operacións que poden aprobar os respectivos comités executivos fíxase en 300.000 miles de euros no Fondo para Investimentos no Exterior e en 35.000 miles de euros no Fondo para Operacións de Investimentos no Exterior para a Pequena e Mediana Empresa.

Ten reflexo nas disposicións adicionais o apoio á investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico, que se manifesta dunha dobre vertente, mediante a concesión de axudas reembolsables para o financiamento de actuacións concertadas; e mediante a instrumentación do apoio financeiro a empresas de base tecnolóxica, finalidade a que se destinan 38.579,76 miles de euros.

Igualmente se regula o apoio financeiro a pequenas e medianas empresas e aos mozos emprendedores, finalidades para as cales se destinan 56.105,49 miles de euros e 20.000 miles de euros respectivamente, así como a actuacións en parques científicos e tecnolóxicos.

Regúlanse as subvencións ao transporte aéreo e marítimo para residentes en Canarias, Baleares, Ceuta e Melilla.

Apróbase unha dotación de 5.000 miles de euros ao Fondo de Apoio para a Promoción e Desenvolvemento de Infraestruturas e Servizos do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, que ten por obxecto prestar apoio financeiro ás empresas que leven a cabo tal actividade.

Durante o exercicio 2012 queda en suspenso a aplicación do mecanismo de compensación con cargo aos orzamentos xerais do Estado establecido na disposición adicional primeira do Real decreto lei 6/2009 polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, conforme o cal se determinan as compensacións polos extracustos de xeración dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

Regúlase o financiamento da formación profesional para o desemprego co obxecto de impulsar e estender entre as empresas e os traballadores unha formación que responda ás súas necesidades e contribúa ao desenvolvemento dunha economía baseada no coñecemento.

Consecuencia da prórroga do orzamento para 2011, establécense normas para a imputación das operacións de gasto do orzamento prorrogado aos orzamentos xerais do Estado para 2012.

Inclúense, por último, as disposicións relativas á asignación de cantidades a fins de interese social e ao financiamento da Igrexa católica.

A seguir recóllese unha serie de disposicións transitorias entre as cales destacamos as relativas a indemnización por residencia do persoal ao servizo do sector público estatal; complementos persoais e transitorios; normas transitorias en materia de bonificacións ao transporte marítimo e aéreo; e contratación de investimentos por parte das entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais.

Inclúense igualmente tres disposicións derogatorias, que se refiren ao artigo 62 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social e disposición adicional quinta «Compensacións polos extracustos de xeración dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares» do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, así como calquera disposición que se opoña ao establecido na propia lei.

A lei péchase cun conxunto de disposicións derradeiras, nas cales se recollen as modificacións realizadas a varias normas legais. Entre elas, merecen citarse o texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto; o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril; texto refundido da Lei sobre Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño; a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas; a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria; texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo; a Lei 9/2009, do 6 de outubro, de ampliación da duración do permiso de paternidade nos casos de nacemento, adopción ou acollida; a Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral das vítimas de terrorismo; a Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo; Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais; Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea; establécense as porcentaxes de cesión de rendementos recadatorios de impostos estatais a favor das entidades locais; e finaliza coa tradicional disposición relativa á xestión de créditos orzamentarios en materia de clases pasivas, entrada en vigor e habilitación ao Goberno para levar a cabo o desenvolvemento regulamentario que requira.

## TÍTULO I

### Da aprobación dos orzamentos e das súas modificacións

#### CAPÍTULO I

##### Créditos iniciais e o seu financiamento

###### Artigo 1. *Ámbito dos orzamentos xerais do Estado.*

Nos orzamentos xerais do Estado para o exercicio do ano 2012 intégranse:

- a) O orzamento do Estado.
- b) Os orzamentos dos organismos autónomos da Administración xeral do Estado.
- c) O orzamento da Seguridade Social.
- d) Os orzamentos das axencias estatais.
- e) Os orzamentos dos organismos públicos cuxa normativa específica confire carácter limitativo aos créditos do seu orzamento de gastos.
- f) Os orzamentos das restantes entidades do sector público administrativo estatal.
- g) Os orzamentos dos fondos carentes de personalidade xurídica a que se refire o artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.
- h) Os orzamentos das sociedades mercantís estatais.
- i) Os orzamentos das fundacións do sector público estatal.
- j) Os orzamentos das entidades públicas empresariais e restantes organismos públicos desta natureza.

###### Artigo 2. *Da aprobación dos estados de gastos e ingresos dos entes referidos nas letras a) a d) do artigo 1 da presente lei.*

Un. Para a execución dos programas integrados nos estados de gastos dos orzamentos dos entes mencionados nas letras a), b), c), d) e e) do artigo anterior, apróbanse créditos nos capítulos económicos I a VIII por importe de 311.776.637,58 miles de euros, segundo a distribución por programas detallada no anexo I desta lei. A agrupación por políticas dos créditos destes programas é a seguinte:

	Miles de euros
Xustiza . . . . .	1.612.633,09
Defensa . . . . .	6.269.315,18
Seguridade cidadá e institucións penitenciarias. . . . .	8.354.908,59
Política exterior. . . . .	1.680.616,02
Pensións. . . . .	115.825.933,59
Outras prestacións económicas. . . . .	12.013.279,33
Servizos sociais e promoción social. . . . .	2.119.017,07
Fomento do emprego. . . . .	5.764.743,28
Desemprego. . . . .	28.805.052,82
Acceso á vivenda e fomento da edificación. . . . .	819.912,29
Xestión e administración da Seguridade Social. . . . .	2.901.115,02
Sanidade . . . . .	3.975.624,53
Educación. . . . .	2.219.464,77
Cultura . . . . .	942.462,90
Agricultura, pesca e alimentación. . . . .	8.454.632,36
Industria e enerxía . . . . .	1.897.060,30
Comercio, turismo e pemes . . . . .	1.109.967,16
Subvencións ao transporte. . . . .	1.616.801,03
Infraestruturas . . . . .	7.020.033,47
Investigación, desenvolvemento e innovación. . . . .	6.386.881,36
Outras actuacións de carácter económico. . . . .	590.363,01
Alta dirección . . . . .	633.350,09
Servizos de carácter xeral . . . . .	6.991.682,62
Administración financeira e tributaria . . . . .	5.237.718,35
Transferencias a outras administracións públicas . . . . .	49.686.069,35
Débeda pública. . . . .	28.848.000,00

Dous. Nos estados de ingresos dos entes a que se refire o número anterior, recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevé liquidar durante o exercicio orzamentario. A distribución do seu importe consolidado, expresado en miles de euros, recóllese a continuación:

Entes	Capítulos económicos		
	Capítulos I a VII Ingresos non financeiros	Capítulo VIII Activos financeiros	Total ingresos
Estado . . . . .	118.833.305,52	10.092.937,11	128.926.242,63
Organismos autónomos . . . . .	33.606.452,11	1.396.479,45	35.002.931,56
Seguridade Social . . . . .	110.992.455,91	814.187,26	111.806.643,17
Axencias estatais . . . . .	253.453,05	243.946,21	497.399,26
Organismos do artigo 1.e) da presente lei . . . . .	130.629,88	26.598,44	157.228,32
<b>Total . . . . .</b>	<b>263.816.296,47</b>	<b>12.574.148,47</b>	<b>276.390.444,94</b>

Tres. Para as transferencias internas entre os entes a que se refire o número un deste artigo, apróbanse créditos por importe de 31.541.237,47 miles de euros co seguinte detalle por entes:

Miles de euros

Transferencias segundo orixe	Transferencias segundo destino					Total
	Estado	Organismos autónomos	Seguridade Social	Axencias estatais	Organismos do artigo 1.e) da presente lei	
Estado . . . . .	–	15.766.720,06	8.891.654,78	800.156,83	1.358.090,42	26.816.622,09
Organismos autónomos . . . . .	226.747,09	72.772,10	–	8.994,54	–	308.513,73
Axencias estatais . . . . .	30.366,00	1.254,14	–	–	–	31.620,14
Seguridade Social . . . . .	142.576,82	1.208,70	4.240.695,99	–	–	4.384.481,51
Organismos do artigo 1.e) da presente lei . . . . .	–	–	–	–	–	–
<b>Total . . . . .</b>	<b>399.689,91</b>	<b>15.841.955,00</b>	<b>13.132.350,77</b>	<b>809.151,37</b>	<b>1.358.090,42</b>	<b>31.541.237,47</b>

Catro. Os créditos incluídos nos programas e transferencias entre subsectores dos estados de gastos aprobados neste artigo distribúense orgánica e economicamente, expresados en miles de euros, segundo se indica a continuación:

Entes	Capítulos económicos		
	Capítulos I a VII Gastos non financeiros	Capítulo VIII Activos financeiros	Total gastos
Estado . . . . .	152.629.759,18	12.021.577,55	164.651.336,73
Organismos autónomos . . . . .	50.898.401,41	11.303,80	50.909.705,21
Seguridade Social . . . . .	124.104.806,68	834.157,06	124.938.963,74
Axencias estatais . . . . .	1.301.837,72	712,91	1.302.550,63
Organismos do artigo 1.e) da presente lei . . . . .	1.513.824,20	1.494,54	1.515.318,74
<b>Total . . . . .</b>	<b>330.448.629,19</b>	<b>12.869.245,86</b>	<b>343.317.875,05</b>

Cinco. Para a amortización de pasivos financeiros, apróbanse créditos no capítulo IX dos estados de gastos dos entes a que se refire o número un, por importe de 50.289.173,11 miles de euros, cuxa distribución por programas se detalla no anexo I desta lei.

### Artigo 3. *Dos beneficios fiscais.*

Os beneficios fiscais que afectan os tributos do Estado estímense en 38.102.700,00 miles de euros. A súa ordenación sistemática incorpórase como anexo ao estado de ingresos do Estado.

### Artigo 4. *Do financiamento dos créditos aprobados no artigo 2 da presente lei.*

Os créditos aprobados no número un do artigo 2 desta lei, que ascenden a 311.776.637,58 miles de euros, financiaranse:

- Cos dereitos económicos que se vaian liquidar durante o exercicio, que se detallan nos estados de ingresos correspondentes e que se estiman en 276.390.444,94 miles de euros; e
- Co endebedamento neto resultante das operacións que se regulan no capítulo I do título V desta lei.

Artigo 5. *Da conta de operacións comerciais.*

Apróbanse as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidas ás operacións comerciais dos organismos autónomos que, no momento da entrada en vigor da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, se encontraban incluídos na letra b) do artigo 4.1 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, así como as do organismo público Instituto Cervantes.

Artigo 6. *Dos orzamentos dos entes referidos nas letras f), g), h), i) e j) do artigo 1 desta lei.*

Un. Apróbanse os orzamentos das restantes entidades do sector público administrativo estatal que se relacionan no anexo XIII, nos cales se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a elas e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, poidan conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Dous. Apróbanse os orzamentos dos fondos carentes de personalidade xurídica a que se refire o artigo 2.2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria que se relacionan no anexo XIV, nos cales se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a eles e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, poidan conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Tres. Apróbanse os orzamentos das sociedades mercantís estatais con maioría de capital público, que recollen as súas estimacións de gastos e previsións de ingresos, presentado de forma individualizada ou consolidados co grupo de empresas a que pertencen, relacionándose neste último caso as sociedades obxecto de presentación consolidada. Sen prexuízo do anterior, inclúense, en calquera caso, de forma separada os das sociedades mercantís estatais que reciben subvencións con cargo aos orzamentos xerais do Estado.

Catro. Apróbanse os orzamentos das fundacións do sector público estatal que recollen as súas estimacións de gastos e previsións de ingresos que se relacionan no anexo XV.

Cinco. Apróbanse os orzamentos das entidades públicas empresariais e dos organismos públicos que se especifican no anexo X, nos cales se inclúen as estimacións de gastos e previsións de ingresos referidos a eles e aos seus estados financeiros, sen prexuízo dos mecanismos de control que, de ser o caso, poidan conter as disposicións que lles resulten de aplicación.

Artigo 7. *Orzamento do Banco de España.*

De acordo co previsto no artigo 4.2 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, apróbase o orzamento de gastos de funcionamento e investimentos do Banco de España, que se une a esta lei.

Artigo 8. *Orzamento dos consorcios da disposición adicional novena da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

De conformidade coa disposición adicional novena da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, únense a esta lei os orzamentos de explotación e capital dos consorcios en que a porcentaxe de participación do sector público estatal é igual ou superior ao de cada unha das restantes administracións públicas consorciadas.

## CAPÍTULO II

### Normas de modificación e execución de créditos orzamentarios

#### Artigo 9. *Principios xerais.*

Con vixencia exclusiva para o ano 2012, as modificacións dos créditos orzamentarios autorizados nesta lei ateranse ás seguintes regras:

Primeira. As modificacións de créditos orzamentarios axustaranse ao disposto nesta lei, e ao que para o efecto se dispón na Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, nos aspectos que non resulten modificados por aquela.

Segunda. Con independencia dos niveis de vinculación establecidos nos artigos 43 e 44 da Lei xeral orzamentaria, todo acordo de modificación orzamentaria deberá indicar expresamente a sección, servizo ou órgano público a que se refira así como o programa, artigo, concepto e subconcepto, de ser o caso, afectados por ela.

#### Artigo 10. *Créditos vinculantes.*

Un. Con vixencia exclusiva durante o ano 2012, consideraranse vinculantes, co nivel de desagregación económica con que aparezan nos estados de gastos, os créditos consignados para atender obrigacións de exercicios anteriores.

Dous. Con vixencia exclusiva durante o ano 2012, consideraranse vinculantes os créditos 162.00 «Formación e perfeccionamento do persoal», 162.04 «Acción social» e 221.09 «Labores da Fábrica Nacional de Moeda e Timbre».

Tres. Con vixencia exclusiva durante o ano 2012, considerárase vinculante o crédito 16.03.132A.221.10 «Á Fabrica Nacional de Moeda e Timbre por afectación das taxas do DNI e pasaportes».

Catro. Con vixencia exclusiva para 2012 vincularán a nivel de capítulo, con excepción das subvencións nominativas, e sen prexuízo da súa especificación a nivel de concepto nos estados de gasto, os créditos orzamentarios consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital», do orzamento da sección 20 «Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo» para os seguintes servizos e programas: Servizo 12 «Secretaría de Estado de Telecomunicacións e para a Sociedade da Información», programa 467G «Investigación e desenvolvemento da sociedade da información» e 467I «Innovación tecnolóxica das telecomunicacións».

Cinco. Con vixencia exclusiva durante o ano 2012 terá carácter vinculante o crédito 26.18.231A.227.11 «Para actividades de prevención, investigación, persecución e represión dos delitos relacionados co tráfico de drogas e demais fins a que se refire a Lei 17/2003, do 29 de maio».

Seis. Con vixencia exclusiva para o ano 2012, vincularán a nivel de capítulo, con excepción das subvencións nominativas e sen prexuízo da súa especificación a nivel de concepto nos estados de gasto, os créditos orzamentarios consignados no capítulo 7 «Transferencias de capital», do orzamento de gastos da sección 27 «Ministerio de Economía e Competitividade», para os seguintes servizos e programas: Servizo 13 «Dirección Xeral de Investigación Científica e Técnica», programa 463B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica», Servizo 14 «Dirección Xeral de Innovación e Competitividade», programa 463B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica» e programa 467C «Investigación e desenvolvemento tecnolóxico-industrial».

#### Artigo 11. *Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias.*

Un. Con vixencia exclusiva para o ano 2012, corresponden ao ministro de Facenda e Administracións Públicas as seguintes competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias:

1. Autorizar as transferencias que afecten os créditos recollidos no artigo 10.Un desta lei, cando o seu nivel de vinculación sexa distinto do establecido con carácter xeral para os capítulos en que estean consignados.

No orzamento da Seguridade Social esa autorización corresponderá á ministra de Emprego e Seguridade Social, salvo nos orzamentos de INXESA e do IMSERSO, que corresponderá á ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

2. Autorizar as transferencias que se realicen con cargo ao crédito 26.18.231A.227.11 «Para actividades de prevención, investigación, persecución e represión dos delitos relacionados co tráfico de drogas e demais fins a que se refire a Lei 17/2003, do 29 de maio», cando se destinen a outros departamentos ministeriais.

3. Autorizar as transferencias de crédito que afecten o subconcepto 221.09 «Labores Fabrica Nacional Moeda e Timbre».

4. Autorizar as transferencias de crédito entre servizos ou organismos autónomos de distintos departamentos ministeriais, cando sexa necesario para a distribución dos créditos do Fondo Nacional para a Investigación Científica e Técnica, do Fondo Estratégico para Infraestruturas Científicas e Tecnolóxicas e o Fondo Internacional para a Investigación Científica e Técnica.

5. Autorizar transferencias de crédito entre servizos ou organismos autónomos de distintos departamentos ministeriais, cando sexa necesario para facer efectiva a redistribución, reasignación ou mobilidade dos efectivos de persoal ou dos postos de traballo, nos casos previstos no capítulo IV do título III do Regulamento xeral de ingresos do persoal ao servizo da Administración xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración xeral do Estado, aprobado polo Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, así como para facer efectiva a mobilidade forzosa do persoal laboral da Administración xeral do Estado, de acordo coa normativa que lles sexa de aplicación.

6. Autorizar as xeracións de crédito que impliquen a creación de conceptos novos nos capítulos 4 «Transferencias correntes» e 7 «Transferencias de capital» ou para o resto de capítulos cando non se encontren previamente recollidos nos códigos que definen a clasificación económica.

7. Autorizar as modificacións de crédito que se vaian realizar no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal que afecten os créditos que se especifican nas letras a), b), c), d) e e) do anexo II.Segundo.oito.

Dous. Con vixencia exclusiva para o ano 2012, corresponde ao ministro de Defensa autorizar as xeracións de crédito previstas no artigo 53.2.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, motivadas por ingresos procedentes de vendas de produtos farmacéuticos ou de prestación de servizos hospitalarios, así como por ingresos procedentes de subministracións de víveres, combustibles ou prestacións alimentarias debidamente autorizadas, e prestacións de servizos a exércitos de países integrados na OTAN.

Tres. Con vixencia exclusiva para o ano 2012, corresponde ao ministro de Industria, Enerxía e Turismo autorizar no orzamento do seu departamento as transferencias de crédito que afectan as transferencias de capital entre subsectores, cando estas sexan consecuencia do outorgamento de axudas a organismos públicos no marco de convocatorias públicas e se financien desde os programas 467G «Investigación e desenvolvemento da sociedade da información» e 467I «Innovación tecnolóxica das comunicacións».

Catro. Con vixencia exclusiva para o ano 2012, corresponde á ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade autorizar as xeracións de crédito recollidas no artigo 53.2.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, como consecuencia dos ingresos a que se refire a disposición adicional vixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

Co obxecto de reflectir as repercusións que no orzamento de gastos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria puidesen ter as transferencias do Estado á Seguridade Social, pola xeración de crédito que se producise como consecuencia da recadación



efectiva de ingresos a que se refire a disposición adicional vixésimo segunda do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, a ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade poderá autorizar as ampliacións de crédito que sexan necesarias no orzamento de gastos desa entidade.

En todo caso, unha vez autorizadas as modificacións orzamentarias a que se refire o parágrafo anterior, remitiranse ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, Dirección Xeral de Orzamentos, para o seu cofecemento.

Cinco. Con vixencia exclusiva para o ano 2012, corresponden ao ministro de Economía e Competitividade as seguintes competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias:

1. Autorizar xeracións de crédito nas aplicacións 27.13.463B.740, 27.13.463B.750, 27.13.463B.760, 27.13.463B.770 e 27.13.463B.780 polos ingresos que deriven da devolución de axudas reembolsables recollidas na disposición adicional décimo sexta desta lei, relativa ás axudas reembolsables con fins de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico.

2. Autorizar no orzamento do seu departamento as transferencias de crédito que afecten as transferencias correntes e de capital entre subsectores, cando estas sexan consecuencia do outorgamento de axudas a organismos públicos no marco de convocatorias públicas e se financien desde os programas de investigación 463B «Fomento e coordinación da investigación científica e técnica» e 467C «Investigación e desenvolvemento tecnolóxico-industrial».

Seis. Con vixencia exclusiva para o ano 2012, no caso de modificacións de crédito no orzamento dos organismos públicos da letra e) do artigo 1 desta lei cuxo financiamento se realice con cargo ao orzamento de gastos do Estado, ambas as modificacións acordaranse mediante o procedemento que lle sexa de aplicación á do Estado.

Sete. De todas as transferencias a que se refire este artigo, remitirase trimestralmente información ás comisións de orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado, identificando as partidas afectadas, o seu importe e a súa finalidade.

#### Artigo 12. *Das limitacións orzamentarias.*

Un. A limitación para realizar transferencias de crédito desde operacións de capital a correntes a que se refire o artigo 52.1.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, non será de aplicación para as seguintes transferencias:

a) As que sexan necesarias para atender obrigas de toda orde motivadas por sinistros, catástrofes ou outros de recoñecida urxencia declaradas por norma con rango de lei.

b) As que sexan necesarias para distribuír os créditos do Fondo Nacional para o Desenvolvemento da Investigación Científica e Técnica, do Fondo Estratéxico de Infraestruturas Científicas e Tecnolóxicas e do Fondo Internacional para a Investigación Científica e Técnica.

c) As que resulten procedentes no orzamento do Instituto de Vivenda, Infraestrutura e Equipamento da Defensa para posibilitar o ingreso no Estado de fondos destinados a atender necesidades operativas e de investimento das Forzas Armadas.

Dous. As limitacións contidas no artigo 52.1.b) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, non serán de aplicación cando as transferencias se efectúen en uso da autorización contida nos números 2, 4 e 5 do artigo 11.Un da presente lei.

Tres. Con vixencia exclusiva para o ano 2012, as xeracións de crédito que supoñan incrementos dos créditos para incentivos ao rendemento e cuxa autorización non sexa competencia do ministro de Facenda e Administracións Públicas, requirirán informe favorable previo do dito departamento.

Catro. Con vixencia exclusiva para o ano 2012, non serán de aplicación as limitacións contidas no artigo 50 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria,

respecto do financiamento das ampliacións de crédito que se realicen na aplicación orzamentaria 27.04.923O.351 «Cobertura de riscos en avais prestados polo Tesouro, incluídos os riscos de exercicios anteriores» e na aplicación orzamentaria 27.04.923O.355 «Compensacións derivadas da execución de avais fronte ao Tesouro», cando sexan consecuencia das medidas financeiras contidas no Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financeira en relación co Plan de acción concertada dos países da Zona Euro, na disposición adicional vixésimo primeira da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, na disposición adicional segunda do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, no artigo único do Real decreto lei 9/2010, do 28 de maio, polo que se autoriza a Administración xeral do Estado para o outorgamento de avais a determinadas operacións de financiamento no marco do mecanismo europeo de estabilización financeira, no punto Dous.b) do artigo 49 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e no punto Dous.b) do artigo 52 desta lei.

Cinco. O Goberno comunicará trimestralmente ás comisións de orzamentos do Congreso e do Senado as operacións de execución do orzamento do Estado realizadas nese período de tempo, para os efectos de informar do cumprimento do previsto neste artigo.

#### Artigo 13. *Das ampliacións e incorporacións de crédito.*

Un. Para os efectos do disposto no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, terán a condición de ampliables os créditos que se relacionan no anexo II desta lei.

Dous. Para os efectos do disposto no artigo 58.a) da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, poderán incorporarse aos créditos do exercicio 2012 os remanentes que se recollen no anexo VII desta lei.

#### Artigo 14. *Imputacións de crédito.*

Con vixencia exclusiva para o ano 2012, poderanse aplicar a créditos do exercicio corrente obrigacións contraídas en exercicios anteriores, de conformidade co ordenamento xurídico, para as cales se anulase crédito no exercicio de procedencia sen que sexa de aplicación o procedemento de imputación establecido no artigo 34.3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

Así mesmo, poderanse atender con cargo a créditos do presente orzamento obrigacións pendentes de exercicios anteriores, nos casos en que figure dotado un crédito específico destinado a dar cobertura a esas obrigacións, con independencia da existencia de saldo de crédito anulado no exercicio de procedencia.

### CAPÍTULO III

#### Da Seguridade Social

#### Artigo 15. *Da Seguridade Social.*

Un. O financiamento da asistencia sanitaria, a través do orzamento do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, efectuarase con dúas achegas finalistas do Estado, unha para operacións correntes, por un importe de 207.813,78 miles de euros, e outra para operacións de capital, por un importe de 11.854,18 miles de euros, e con calquera outro ingreso afectado a aquela entidade, por importe estimado de 1.072,46 miles de euros.

Dous. O Estado achega ao sistema da Seguridade Social 3.806.350,00 miles de euros para atender o financiamento dos complementos para mínimos das pensións do dito sistema.

Tres. O orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais financiarase no exercicio do ano 2012 con achegas do Estado para operacións correntes por un importe

de 3.714.371,00 miles de euros e, para operacións de capital, por un importe de 10.167,00 miles de euros, así como por calquera outro ingreso afectado aos servizos prestados pola entidade, por un importe estimado de 56.860,19 miles de euros.

Catro. A asistencia sanitaria non contributiva do Instituto Social da Mariña finánciase cunha achega finalista do Estado de 3.341,19 miles de euros. Así mesmo, financiaranse por achega do Estado os servizos sociais dese instituto, a través dunha transferencia corrente por un importe de 13.118,68 miles de euros e dunha transferencia para operacións de capital por valor de 1.500,00 miles de euros.

Artigo 16. *Información ás Cortes Xerais en materia de investimento e gasto público.*

O Goberno remitirá semestralmente ás comisións de orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado información do grao de execución do investimento, de ser o caso, co detalle da distribución territorial do Estado e dos seus organismos autónomos.

## TÍTULO II

### Da xestión orzamentaria

#### CAPÍTULO I

##### Da xestión dos orzamentos docentes

Artigo 17. *Módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados.*

Un. De acordo co establecido nos ordinais segundo e terceiro do artigo 117 e da disposición adicional vixésimo sétima da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2012, é o fixado no anexo IV desta lei.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 116.1 en relación co 15.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, as unidades que se concerten nas ensinanzas de educación infantil financiaranse conforme os módulos económicos establecidos no anexo IV desta lei.

Os ciclos formativos de grao medio e de grao superior financiaranse conforme os módulos económicos establecidos no anexo IV da presente lei. Na partida correspondente a outros gastos daquelas unidades concertadas de formación profesional que contén con autorización para unha ratio inferior a 30 alumnos por unidade escolar, aplicarase un coeficiente redutor de 0,015 por cada alumno menos autorizado.

O financiamento da formación en centros de traballo (FCT) correspondente aos ciclos formativos de grao medio e superior, no relativo á participación das empresas no desenvolvemento das prácticas dos alumnos, realizarase en termos análogos aos establecidos para os centros públicos.

As unidades concertadas de programas de cualificación profesional inicial financiaranse conforme o módulo económico establecido no anexo IV da presente lei, ben que os concertos dos programas de cualificación profesional Inicial terán carácter singular.

Así mesmo, as unidades concertadas en que se impartan as ensinanzas de bacharelato financiaranse conforme o módulo económico establecido no anexo IV desta lei.

As comunidades autónomas en pleno exercicio de competencias educativas poderán adecuar os módulos establecidos no citado anexo ás exixencias derivadas do currículo establecido por cada unha das ensinanzas, sempre que iso non supoña unha diminución das contías deses módulos en ningunha das cantidades en que se diferencian, fixadas na presente lei.

As retribucións do persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2012, sen prexuízo da data en que se asinen os respectivos convenios colectivos de empresas

de ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, aplicables a cada nivel educativo nos centros concertados. A Administración poderá aceptar pagamentos á conta, logo de solicitude expresa e coincidente de todas as organizacións patronais e consulta coas sindicais negociadoras dos citados convenios colectivos, ata o momento en que se produza a sinatura do correspondente convenio, considerándose que estes pagamentos á conta terán efecto desde o 1 de xaneiro de 2012. O compoñente do módulo destinado a «outros gastos» producirá efecto a partir do 1 de xaneiro de 2012.

As contías sinaladas para salarios do persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola Administración, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os «gastos variables» efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

A contía correspondente a «outros gastos» aboarase mensualmente, e os centros poderán xustificar a súa aplicación ao finalizar o correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanzas concertadas do centro. Nos ciclos formativos de grao medio e superior cuxa duración sexa de 1.300 ou 1.400 horas, as administracións educativas poderán establecer o aboamento da partida doutros gastos do segundo curso, fixada no módulo recollido no anexo IV de forma conxunta coa correspondente ao primeiro curso, sen que iso supoña en ningún caso un incremento da contía global resultante.

Dous. Os centros docentes que teñan unidades concertadas en todos os cursos da educación secundaria obrigatoria serán dotados do financiamento dos servizos de orientación educativa a que se refire o artigo 22.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional adecuado a estas funcións, por cada 25 unidades concertadas de educación secundaria obrigatoria. Por tanto, os centros concertados terán dereito á xornada correspondente do citado profesional, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teñan concertadas. No ámbito das súas competencias e de acordo coas súas dispoñibilidades orzamentarias, as administracións educativas poderán incrementar o financiamento dos servizos de orientación educativa.

Tres. No ámbito das súas competencias, as administracións educativas poderán fixar as relacións profesor/unidade concertada, adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas de acordo con xornadas de profesor con vinte e cinco horas lectivas semanais.

A Administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias, ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto nos módulos económicos do anexo IV.

Así mesmo, a Administración non asumirá os incrementos retributivos, fixados en convenio colectivo, que supoñan unha porcentaxe superior ao incremento establecido para o profesorado do ensino público nos distintos niveis de ensino salvo que, co fin de lograr a equiparación gradual a que fai referencia o artigo 117.4 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, se produza o seu recoñecemento expreso pola Administración e a conseguinte consignación orzamentaria.

Catro. As administracións educativas poderán, no ámbito das súas competencias, incrementar as relacións profesor/unidade dos centros concertados, en función do número total de profesores afectados polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata a entrada en vigor desta lei e se encontren neste momento incluídos na nómina de pagamento delegado, así como da progresiva potenciación dos equipos docentes.

Todo isto sen prexuízo das modificacións de unidades que se produzan nos centros concertados, como consecuencia da normativa vixente en materia de concertos educativos.

Cinco. Os centros concertados serán dotados das compensacións económicas e profesionais para o exercicio da función directiva a que fai referencia o artigo 117.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Seis. As cantidades máximas que se percibirán dos alumnos en concepto de financiamento complementario ao proveniente dos fondos públicos que se asignen ao réxime de concertos singulares, subscritos para ensinanzas de niveis non obrigatorios, e en concepto exclusivo de ensino regrado, son as que se establecen a continuación:

- a) Ciclos formativos de grao superior: 18,03 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.
- b) Bacharelato: 18,03 euros alumno/mes durante dez meses, no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2012.

O financiamento obtido polos centros, consecuencia do cobramento aos alumnos destas cantidades, terá o carácter de complementario ao aboado directamente pola Administración para o financiamento dos «outros gastos».

Os centros que no ano 2011 estean autorizados para percibir cotas superiores ás sinaladas poderán mantelas para o exercicio 2012.

A cantidade aboada pola Administración non poderá ser inferior á resultante de minorar en 3.606,08 euros o importe correspondente ao compoñente de «outros gastos» dos módulos económicos establecidos no anexo IV desta lei; as administracións educativas competentes poderán establecer a regulación necesaria ao respecto.

Sete. Financiamento do ensino concertado nas cidades de Ceuta e Melilla: co obxecto de dotar os centros dos equipos directivos nos termos establecidos no artigo 117.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e de proceder ao aumento da dotación do financiamento dos servizos de orientación educativa a que se refire o artigo 22.3 da mesma lei, sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional adecuado a estas funcións, por cada 16 unidades concertadas de educación secundaria obrigatoria, o importe do módulo económico por unidade escolar para o ámbito territorial das cidades de Ceuta e Melilla será o que se establece no anexo V da presente lei.

*Artigo 18. Autorización dos custos de persoal da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).*

Ao abeiro do disposto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, autorízanse os custos de persoal docente (funcionario e contratado) e do persoal de administración e servizos (funcionario e laboral fixo) da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED) para o ano 2012 e polos importes consignados no anexo VI desta lei.

## CAPÍTULO II

### Da xestión orzamentaria da sanidade e dos servizos sociais

*Artigo 19. Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.*

Corresponde ao ministro de Facenda e Administracións Públicas autorizar respecto dos orzamentos do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria e do Instituto de Maiores e Servizos Sociais as seguintes modificacións orzamentarias:

1. As transferencias de crédito que afecten gastos de persoal ou os demais créditos orzamentarios que enumera o número dous do artigo 44 da Lei xeral orzamentaria.
2. As incorporacións de remanentes reguladas no artigo 58 da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 20. *Aplicación de remanentes de tesouraría no orzamento do Instituto de Maiores e Servizos Sociais.*

Os remanentes de tesouraría, a favor do Instituto de Maiores e Servizos Sociais, existentes na Tesouraría Xeral da Seguridade Social en 31 de decembro de cada ano poderanse destinar a financiar o orzamento de gasto do Instituto de Maiores e Servizos Sociais. Así mesmo, poderán ser utilizados para financiar posibles modificacións no exercicio seguinte a aquel en que se produzan.

## CAPÍTULO III

### Outras normas de xestión orzamentaria

Artigo 21. *Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

Un. A porcentaxe de participación na recadación bruta obtida en 2012 derivada dos actos de liquidación e xestión recadatoria ou doutros actos administrativos acordados ou ditados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria será do 5 por 100.

Dous. Para os efectos do disposto no parágrafo cuarto do punto cinco.b) do artigo 103 da Lei 31/1990, do 27 de decembro, a variación de recursos da Axencia Estatal de Administración Tributaria derivada da indicada participación, instrumentarase a través dunha xeración de crédito que será autorizada polo ministro de Facenda e Administracións Públicas, cuxa contía será a resultante de aplicar a porcentaxe sinalada no punto anterior.

Tres. A recadación derivada dos actos de liquidación e xestión recadatoria ou doutros actos administrativos acordados ou ditados pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, aplicada ao orzamento de ingresos do Estado no mes de decembro de 2011 poderá xerar crédito no mesmo concepto, ou equivalente, do orzamento do Estado para 2012, na porcentaxe establecida no número un deste artigo, segundo o procedemento previsto na Orde do 4 de marzo de 1993, que desenvolve o artigo 97 da Lei 39/1992, de orzamentos xerais do Estado para 1993.

## TÍTULO III

### Dos gastos de persoal

## CAPÍTULO I

### Dos gastos do persoal ao servizo do sector público

Artigo 22. *Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público.*

Un. Para efectos do establecido no presente artigo, constitúen o sector público:

- a) A Administración xeral do Estado, os seus organismos autónomos e axencias estatais e as universidades da súa competencia.
- b) As administracións das comunidades autónomas, os organismos delas dependentes e as universidades da súa competencia.
- c) As corporacións locais e organismos delas dependentes.
- d) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- e) Os órganos constitucionais do Estado, sen prexuízo do establecido no artigo 72.1 da Constitución.
- f) As sociedades mercantís públicas.
- g) As entidades públicas empresariais e o resto dos organismos públicos e entes do sector público estatal, autonómico e local.

Dous. No ano 2012, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar ningún incremento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2011, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á súa antigüidade.

Tres. Durante o exercicio 2012, as administracións, entidades e sociedades a que se refire o número un deste artigo non poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.

Catro. A masa salarial do persoal laboral, que non se poderá incrementar en 2012, está integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social xerados polo citado persoal en 2011, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación.

Exceptúanse, en todo caso:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- d) As indemnizacións ou suplidos por gastos que realizase o traballador.

Cinco. 1. Os funcionarios a que resulta de aplicación o artigo 76 do Estatuto básico do empregado público e incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta do citado estatuto básico ou das leis de función pública ditadas en desenvolvemento daquel, percibirán, en concepto de soldo e trienios, nas nóminas ordinarias de xaneiro a decembro de 2012, as mesmas contías que en 2011, referidas a doce mensualidades e que se recollen a continuación:

Grupo/subgrupo Lei 7/2007	Soldo – Euros	Trienios – Euros
A1	13.308,60	511,80
A2	11.507,76	417,24
B	10.059,24	366,24
C1	8.640,24	315,72
C2	7.191,00	214,80
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	6.581,64	161,64

2. Os funcionarios a que se refire o punto anterior percibirán, en cada unha das pagas extraordinarias dos meses de xuño e decembro no ano 2012, en concepto de soldo e trienios, os mesmos importes que en 2011 e que se recollen a continuación:

Grupo/subgrupo Lei 7/2007	Soldo – Euros	Trienios – Euros
A1	684,36	26,31
A2	699,38	25,35
B	724,50	26,38
C1	622,30	22,73
C2	593,79	17,73
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	548,47	13,47

Seis. Para os efectos do disposto no número anterior, as retribucións que percibirán os funcionarios públicos que ata a Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007 viñeron referenciadas aos grupos de titulación previstos no artigo 25 da Lei 30/1984, do 2

de agosto, de medidas para a reforma da función pública, están referenciadas aos grupos e subgrupos de clasificación profesional establecidos no artigo 76 e disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, sen experimentar outras variacións que as derivadas desta lei. As equivalencias entre ambos os sistemas de clasificación son as seguintes:

- Grupo A Lei 30/1984: subgrupo A1 Lei 7/2007.
- Grupo B Lei 30/1984: subgrupo A2 Lei 7/2007.
- Grupo C Lei 30/1984: subgrupo C1 Lei 7/2007.
- Grupo D Lei 30/1984: subgrupo C2 Lei 7/2007.
- Grupo E Lei 30/1984: agrupacións profesionais Lei 7/2007.

Sete. O disposto nos números anteriores débese entender sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados a este.

Oito. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos deberán experimentar a oportuna adecuación, e serán inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento.

Nove. As referencias relativas a retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Dez. O disposto nos números dous, tres, catro, cinco, seis, sete, oito e nove do presente artigo será de aplicación, así mesmo, ao persoal das fundacións do sector público e dos consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público, así como ao Banco de España.

Once. Este artigo ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 156.1 da Constitución. Ademais, o número tres dítase en aplicación do disposto no artigo 29 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

*Artigo 23. Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal.*

Un. 1. Durante o exercicio 2012 non se procederá no sector público delimitado no artigo anterior, a excepción das sociedades mercantís públicas, que se rexerán polo disposto na disposición adicional vixésimo terceira desta lei, á incorporación de novo persoal, salvo a que poida derivar da execución de procesos selectivos correspondentes a ofertas de emprego público de exercicios anteriores ou de prazas de militares de tropa e mariñeiría necesarias para alcanzar os efectivos fixados na disposición adicional vixésimo segunda. Esta limitación alcanza as prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto básico do empregado público.

2. Respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, a limitación contida no número anterior non será de aplicación aos seguintes sectores e administracións en que a taxa de reposición se fixa no 10 por cento:

A) Ás administracións públicas con competencias educativas para o desenvolvemento da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en relación coa determinación do número de prazas para o acceso aos corpos de funcionarios docentes.

B) Ás administracións públicas con competencias sanitarias respecto das prazas de hospitais e centros de saúde do Sistema nacional de saúde.

C) Ás forzas e corpos da seguridade do Estado, a aquelas comunidades autónomas que contén con corpos de policía autónoma propios no seu territorio, e no ámbito da Administración local ás correspondentes ao persoal da policía local, en relación coa cobertura das correspondentes prazas.



D) Ás Forzas Armadas en relación coas prazas de militares de carreira e militares de complemento de acordo co previsto na Lei 39/2007, do 19 de novembro, de carreira militar.

E) Ás administracións públicas respecto dos corpos responsables do control e loita contra a fraude fiscal e laboral.

F) Ás administracións públicas respecto da cobertura de prazas correspondentes ao persoal dos servizos de prevención e extinción de incendios.

G) Ás administracións públicas en relación coas prazas de persoal investigador doutor dos corpos e escalas dos organismos públicos de investigación definidos na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.

Esta excepción será tamén de aplicación ás prazas dos corpos de persoal investigador das universidades, sempre que por parte das administracións públicas de que dependan se autoricen as correspondentes convocatorias, logo de acreditación de que a oferta de emprego público das citadas prazas non afecta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade, nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Dous. Durante o ano 2012 non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Tres. A oferta de emprego público dos sectores sinalados no punto Un.2 deste artigo que corresponda á Administración xeral do Estado, aos seus organismos públicos e demais entes públicos estatais será aprobada polo Goberno, por iniciativa dos departamentos ou organismos competentes e por proposta do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. No caso das Forzas Armadas a aprobación será logo de informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e por proposta do ministro de Defensa. En todos os casos será necesaria a previa valoración e informe sobre a súa repercusión nos custos de persoal.

Durante 2012 non se autorizarán convocatorias de postos ou prazas vacantes de persoal laboral das entidades públicas empresariais e entes do sector público estatal salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que requirirán a previa e expresa autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través das secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Administracións Públicas.

Catro. A contratación de persoal laboral temporal e o nomeamento de funcionarios interinos e de persoal estatutario temporal, nas condicións establecidas no número dous deste artigo requirirá a previa autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Así mesmo, a celebración de contratos de posta á disposición con empresas de traballo temporal só se poderá formalizar nas condicións do número dous deste artigo e requirirá a previa autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

A contratación de persoal fixo ou temporal no estranxeiro consonte a lexislación local ou, de ser o caso, lexislación española, requirirá a previa autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Cinco. Durante o ano 2012 amortizarase en departamentos, organismos autónomos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e resto dos organismos públicos e entes do sector público estatal, un número de prazas equivalente, cando menos, ao das xubilacións que se produzan, salvo nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais. No caso de persoal funcionario, as prazas amortizadas serán do mesmo grupo e subgrupo profesional que aquel en que se produza a xubilación, conforme a clasificación prevista no artigo 76 e disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público e, no caso do persoal laboral, do mesmo nivel retributivo e

área funcional ou categoría equivalente. Habilítase o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para establecer os termos e o alcance desta amortización.

Seis. Os números un e dous deste artigo teñen carácter básico e dítanse ao abeiro dos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 156.1 da Constitución.

## CAPÍTULO II

### Dos réximes retributivos

Artigo 24. *Retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación, dos seus órganos consultivos, da Administración xeral do Estado e doutro persoal directivo.*

Un. No ano 2012 as retribucións dos altos cargos do Goberno da Nación e os seus órganos consultivos non experimentarán incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011 e quedarán, polo tanto, establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades, sen dereito a pagas extraordinarias, e sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder de acordo coa normativa vixente:

	Euros
Presidente do Goberno . . . . .	78.185,04
Vicepresidente do Goberno . . . . .	73.486,32
Ministro do Goberno. . . . .	68.981,88
Presidente do Consello de Estado . . . . .	77.808,96
Presidente do Consello Económico e Social . . . . .	85.004,28

Dous. No ano 2012 as retribucións dos secretarios de Estado, subsecretarios, directores xerais e asimilados non experimentarán incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011, e quedarán, polo tanto, establecidas nas seguintes contías de soldo e complemento de destino, referidas a doce mensualidades, e complemento específico anual que se xerará de acordo co establecido no artigo 26.Dous da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008.

	Secretario de Estado e asimilados – Euros	Subsecretario e asimilados – Euros	Director xeral e asimilados – Euros
Soldo . . . . .	12.990,72	13.054,68	13.117,44
Complemento de destino . . . . .	21.115,92	17.080,44	13.814,76
Complemento específico . . . . .	32.948,67	29.316,27	23.900,13

As pagas extraordinarias dos meses de xuño e de decembro incluírán, cada unha delas, ademais da contía do complemento de destino mensual que se perciba de acordo co disposto no parágrafo e cadro anterior, o importe en concepto de soldo que se recolle no cadro seguinte:

	Secretario de Estado e asimilados – Euros	Subsecretario e asimilados – Euros	Director xeral e asimilados – Euros
Soldo . . . . .	655,84	703,38	751,45

Estes altos cargos percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, e de acordo co previsto no artigo 26.Un.E desta lei, lles asigne o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para tal fin. A contía asignada aos altos cargos experimentará unha redución do 10 por cento, en termos homoxéneos de número e tipo de cargos,

respecto á destinada a este mesmo fin no exercicio 2011, sen prexuízo de que as cantidades individuais que se aboan poidan ser diferentes de acordo coa normativa reguladora deste complemento.

Tres. En 2012 non experimentarán ningún incremento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2011 as retribucións dos seguintes cargos: os presidentes das axencias estatais; os presidentes e vicepresidentes das entidades públicas empresariais e demais entes públicos ou, de ser o caso, os directores xerais e directores dos citados organismos, cando lles corresponda o exercicio das funcións executivas de máximo nivel. Corresponde ao ministro de Facenda e Administracións Públicas a fixación desas retribucións, sen que se poidan superar os límites máximos previstos no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades e nas ordes ditadas na súa aplicación.

As retribucións dos máximos responsables das fundacións do sector público estatal e dos consorcios participados maioritariamente pola Administración xeral do Estado e os seus organismos fixaranse de acordo co previsto no Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, e nas ordes ditadas na súa aplicación, sen que poidan experimentar ningún incremento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2011.

Catro. Sen prexuízo do disposto nos números dous e tres deste artigo percibirase, en catorce mensualidades, a retribución por antigüidade que poida corresponder de acordo coa normativa vixente.

Cinco. 1. No ano 2012 as retribucións dos conselleiros permanentes e do secretario xeral do Consello de Estado non experimentarán incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011, e quedarán establecidas nas seguintes contías de soldo e complemento de destino referidas a doce mensualidades e de complemento específico anual, que se xerará de acordo co establecido no artigo 26.Catro.1 da Lei 51/2007, do 26 de decembro:

	Euros
Soldo (que se percibirá en 12 mensualidades) . . . . .	13.054,68
Complemento de destino (que se percibirá en 12 mensualidades) . . .	22.817,28
Complemento específico . . . . .	35.521,60

As pagas extraordinarias de xuño e de decembro incluírán, cada unha delas, ademais da contía do complemento de destino mensual que se perciba de acordo co disposto no cadro anterior, a contía en concepto de soldo que se recolle a continuación:

	Euros
Soldo . . . . .	703,38

2. O presidente do Consello de Estado poderá asignar complemento de produtividade aos conselleiros permanentes e secretario xeral, de acordo co previsto no artigo 26.Un.E) desta lei, dentro dos créditos previstos para tal fin. A contía correspondente experimentará unha redución do 10 por cento, en termos homoxéneos de número e tipo de cargos, respecto á destinada a este mesmo fin no exercicio 2011.

3. Ademais, estes altos cargos, co límite previsto no número 1 deste mesmo punto, percibirán, de ser o caso, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade, e se tivesen a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando os trienios recoñecidos baixo a dita condición segundo a normativa en cada caso aplicable e que se percibirán, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada desa normativa sexa superior á aprobada nos referidos acordos.

Artigo 25. *Retribucións dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas.*

Un. No ano 2012 continúan vixentes as retribucións en 31 de decembro de 2011 dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas fixadas de acordo co establecido na disposición adicional primeira do Real decreto lei 8/2010, do 20 maio. Para tales efectos no seguinte cadro reflíctense, en termos anuais, as citadas contías:

1. Consello Xeral do Poder Xudicial.

1.1 Presidente do Tribunal Supremo e do Consello Xeral do Poder Xudicial:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	26.448,38 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	103.704,24 €
Total . . . . .	130.152,62 €

1.2 Vogal do Consello Xeral do Poder Xudicial:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	28.004,20 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	84.245,40 €
Total . . . . .	112.249,60 €

1.3 Secretario xeral do Consello Xeral do Poder Xudicial:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	26.825,40 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	82.836,60 €
Total . . . . .	109.662,00 €

2. Tribunal Constitucional.

2.1 Presidente do Tribunal Constitucional:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	41.428,10 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	87.843,36 €
Total . . . . .	129.271,46 €

2.2 Vicepresidente do Tribunal Constitucional:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	41.428,10 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	80.437,68 €
Total . . . . .	121.865,78 €

2.3 Presidente de Sección do Tribunal Constitucional:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	41.428,10 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	74.764,80 €
Total . . . . .	116.192,90 €

2.4 Maxistrado do Tribunal Constitucional:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	41.428,10 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	69.091,92 €
Total . . . . .	110.520,02 €

#### 2.5 Secretario xeral do Tribunal Constitucional:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	34.620,04 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	62.023,56 €
Total . . . . .	96.643,60 €

### 3. Tribunal de Contas.

#### 3.1 Presidente do Tribunal de Contas:

Remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades) . . . . .	112.578,34 €
--	--------------

#### 3.2 Presidente de Sección do Tribunal de Contas:

Remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades) . . . . .	112.578,34 €
--	--------------

#### 3.3 Conselleiro de Contas do Tribunal de Contas:

Remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades) . . . . .	112.578,34 €
--	--------------

#### 3.4 Secretario xeral do Tribunal de Contas:

Remuneracións anuais (que se percibirán en 14 mensualidades) . . . . .	96.921,72 €
--	-------------

Dous. Ademais das cantidades derivadas do disposto no número anterior, estes cargos percibirán, de ser o caso, co límite previsto no número anterior, as retribucións fixadas nos acordos aprobados polo propio órgano en materia de adecuación polo concepto de antigüidade, e se tivesen a condición previa de funcionarios públicos, con independencia da súa situación de actividade, xubilación ou retiro como funcionarios, terán dereito a seguir perfeccionando os trienios recoñecidos baixo tal condición segundo a normativa en cada caso aplicable e a percibir, en catorce mensualidades, a diferenza resultante por este concepto cando a contía derivada desda normativa sexa superior á aprobada nos referidos acordos.

Artigo 26. *Retribucións dos funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público.*

Un. No ano 2012 as retribucións dos funcionarios serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala a que pertenza o funcionario, nas contías reflectidas no artigo 22.Cinco.1 desta lei.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, unha no mes de xuño e outra no mes de decembro, e que se devindicarán de acordo co previsto no artigo 33 da Lei 33/1987, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1988. Cada unha desas pagas incluirá as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 22.Cinco.2 desta lei e do complemento de destino mensual que se perciba.

Cando os funcionarios prestasen unha xornada de traballo reducida durante os seis meses inmediatos anteriores aos meses de xuño ou decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

C) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, nas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Importe euros
30	11.625,00
29	10.427,16
28	9.988,80
27	9.550,20
26	8.378,40
25	7.433,64
24	6.995,04
23	6.556,92
22	6.118,08
21	5.680,20
20	5.276,40
19	5.007,00
18	4.737,48
17	4.467,96
16	4.199,16
15	3.929,28
14	3.660,12
13	3.390,36
12	3.120,84
11	2.851,44
10	2.582,28
9	2.447,64
8	2.312,52
7	2.178,00
6	2.043,24
5	1.908,48
4	1.706,52
3	1.505,04
2	1.302,84
1	1.101,00

No ámbito da docencia universitaria, a contía do complemento de destino fixada na escala anterior poderá ser modificada, nos casos en que así proceda de acordo coa normativa vixente, sen que iso implique variación do nivel de complemento de destino asignado ao posto de traballo.

D) O complemento específico que, de ser o caso, estea asignado ao posto que se desempeñe, cuxa contía anual non experimentará incremento respecto da vixente en 31 de decembro de 2011 e sen prexuízo do disposto no artigo 22. Sete da presente lei.

O complemento específico anual percibirase en catorce pagas iguais das que doce serán de percibo mensual e dúas adicionais, do mesmo importe que unha mensual, nos meses de xuño e decembro, respectivamente.

E) O complemento de produtividade, que retribuirá o especial rendemento, a actividade e dedicación extraordinarias e o interese ou iniciativa con que se desempeñen os postos de traballo.

Cada departamento ministerial determinará, dentro do crédito total dispoñible, que non experimentará ningún incremento, en termos anuais, respecto ao establecido en 31 de decembro de 2011, as contías parciais asignadas aos seus distintos ámbitos orgánicos,

territoriais, funcionais ou de tipo de posto. Así mesmo, determinará os criterios de distribución e de fixación das contías individuais do complemento de produtividade, de acordo coas seguintes normas:

1.<sup>a</sup> A valoración da produtividade deberase realizar en función de circunstancias obxectivas relacionadas co tipo de posto de traballo e co seu desempeño e, de ser o caso, co grao de participación na consecución dos resultados ou obxectivos asignados ao correspondente programa.

2.<sup>a</sup> En ningún caso as contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo orixinarán dereitos individuais respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

F) As gratificacións por servizos extraordinarios, que concederán os departamentos ministeriais ou organismos públicos dentro dos créditos asignados para tal fin, que non experimentarán aumento respecto aos asignados en 31 de decembro de 2011.

Estas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas por servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas na súa reivindicación, nin orixinar dereitos individuais en períodos sucesivos.

G) Non obstante o disposto nos puntos anteriores, mantéñense a título persoal as retribucións, nos importes vixentes en 31 de decembro de 2011, do persoal do grupo E/ agrupacións profesionais da Lei 7/2007, de acordo co disposto no artigo 24.Un.B).b) da Lei 26/2009.

Dous. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá modificar a contía dos créditos globais destinados a atender o complemento de produtividade, as gratificacións por servizos extraordinarios e outros incentivos ao rendemento, para adecualas ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados para el. Os departamentos ministeriais, pola súa vez, darán conta dos criterios de asignación e das contías individuais de tales incentivos ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, especificando os criterios de concesión aplicados.

Tres. Os funcionarios interinos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, percibirán as retribucións básicas, incluídos trienios, correspondentes ao grupo ou subgrupo en que estea clasificado o corpo ou escala, en que fosen nomeados como interinos e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen, excluídas as que estean vinculadas á condición de funcionario de carreira, ou ben as aprobadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas no caso dos funcionarios interinos que non ocupan posto, e será de aplicación a este colectivo o disposto na letra B) do número un deste artigo.

Catro. O persoal eventual percibirá as retribucións por soldo e pagas extraordinarias correspondentes ao grupo ou subgrupo de clasificación ao cal o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas asimile as súas funcións e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo, reservado a persoal eventual, que desempeñe, sendo de aplicación a este colectivo o disposto na letra B) do número un deste artigo.

Os funcionarios de carreira que, en situación de activo ou de servizos especiais, ocupen postos de traballo reservados a persoal eventual percibirán as retribucións básicas correspondentes ao seu grupo ou subgrupo de clasificación, incluídos trienios, de ser o caso, e as retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo que desempeñen.

Cinco. O complemento de produtividade poderase asignar, de ser o caso, aos funcionarios interinos, ao persoal estatutario temporal e ao persoal eventual, así como aos funcionarios en prácticas, cando tales prácticas se realicen desempeñando un posto de traballo, sempre que estea autorizada a súa aplicación aos funcionarios de carreira que desempeñen análogos postos de traballo, salvo que ese complemento estea vinculado á condición de funcionario de carreira.

Seis. Cando o nomeamento de funcionarios en prácticas recaia en funcionarios de carreira doutro corpo ou escala de grupos e/ou subgrupos de titulación inferior a aquel en que se aspira a ingresar, durante o tempo correspondente ao período de prácticas ou o curso selectivo, estes seguirán percibindo os trienios en cada momento perfeccionados e computarase ese tempo, para efectos de consolidación de trienios e de dereitos pasivos, como servido no novo corpo ou escala no caso de que, de maneira efectiva, se adquira a condición de funcionario de carreira nestes últimos.

Sete. O previsto nesta lei aplicarase, así mesmo, ás retribucións fixadas en euros que corresponderían en territorio nacional aos funcionarios destinados no estranxeiro, sen prexuízo da sucesiva aplicación dos módulos que procedan en virtude da normativa vixente.

*Artigo 27. Persoal laboral do sector público estatal.*

Un. Para os efectos da presente lei, a masa salarial do persoal laboral do sector público estatal será a definida no seu artigo 22. Catro, co límite das contías que recibisen o informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para cada exercicio orzamentario.

Dous. Con efectos do 1 de xaneiro de 2012 a masa salarial do persoal laboral do sector público estatal, de acordo co establecido no artigo 22. Dous da presente lei, non poderá experimentar ningún crecemento, sen prexuízo do que poida derivar da consecución dos obxectivos asignados a cada departamento ministerial, organismo público, resto de entes públicos, sociedades mercantís estatais, fundacións do sector público estatal e consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal, mediante o incremento da produtividade ou modificación dos sistemas de organización do traballo ou clasificación profesional, logo do informe sinalado no punto anterior.

Igualmente, non experimentarán ningún incremento as retribucións do persoal laboral de alta dirección, as do non acollido a convenio colectivo que non teña a consideración de alto cargo e as do resto do persoal directivo.

Tres. Durante 2012 o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas autorizará a masa salarial dos departamentos ministeriais, organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e demais entes públicos e sociedades mercantís estatais, así como a das fundacións do sector público estatal e a dos consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal.

A masa salarial autorizada terase en conta para determinar, en termos de homoxeneidade, os créditos correspondentes ás retribucións do persoal laboral afectado. A autorización da masa salarial será requisito previo para o comezo das negociacións de convenios ou acordos colectivos que se celebren no ano 2012.

No caso das sociedades mercantís a que se refire o presente punto, a masa salarial, unha vez autorizada, será remitida á Comisión de seguimento da negociación colectiva das empresas públicas, presidida por quen acorde a Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos.

As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos de persoal e antigüidade del, como ao réxime privativo de traballo, xornada, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose por separado as cantidades que correspondan ás variacións en tales conceptos.

O previsto nos parágrafos anteriores representa o límite máximo da masa salarial, cuxa distribución e aplicación individual se producirá a través da negociación colectiva.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas determinará, para as sociedades mercantís estatais, para as fundacións do sector público estatal e para os consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público estatal, a forma e o alcance do procedemento de autorización regulado neste punto.



Catro. Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo, cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberanse comunicar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, as retribucións satisfeitas e devindicadas durante 2011.

Cinco. As indemnizacións ou suplidos do persoal laboral, que se rexerán pola súa normativa específica, non poderán experimentar ningún crecemento respecto a 2011.

Artigo 28. *Retribucións do persoal das Forzas Armadas.*

Un. No ano 2012 as retribucións e outras remuneracións do persoal das Forzas Armadas cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado e dos seus organismos públicos, non experimentarán incremento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2011, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de dedicación especial ou de produtividade que, de ser o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para tal fin. A contía correspondente experimentará unha redución do 10 por cento, en termos homoxéneos de número e tipo de cargos, respecto á destinada a este mesmo fin no exercicio 2011.

Dous. No ano 2012 as retribucións que percibirán os militares profesionais recollidos na Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, non incluídos no punto anterior, serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios, excluídos estes nos casos en que a normativa así o prevexa, que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida no artigo 22.Cinco.1.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, incorporarán, cada unha delas, as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 22.Cinco.2 desta lei, en función do grupo ou subgrupo en que estea clasificado o emprego correspondente, e o complemento de emprego mensual que se perciba.

A valoración e devindicación dos trienios, de ser o caso, e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa específica aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do emprego público.

C) As retribucións complementarias de carácter xeral, o compoñente singular do complemento específico e o complemento por incorporación, de ser o caso, non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011, sen prexuízo, de ser o caso, do disposto no artigo 22. Sete desta lei.

D) O complemento de dedicación especial, incluído o concepto de atención continuada, e a gratificación por servizos extraordinarios, cuxas contías serán determinadas polo ministro de Defensa dentro dos créditos que se asignen para cada unha destas finalidades; estes créditos non experimentarán incremento respecto aos establecidos en 31 de decembro de 2011 en termos anuais.

O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas poderá modificar a contía dos créditos destinados a atender a dedicación especial e a gratificación por servizos extraordinarios, para adecuala ao número de efectivos asignados a cada programa e ao grao de consecución dos obxectivos fixados para este.

En ningún caso, as contías asignadas por complemento de dedicación especial ou por gratificación por servizos extraordinarios orixinarán dereitos individuais respecto de valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

E) O incentivo por anos de servizo, cuxas contías e requisitos, para a súa percepción, serán fixadas polo ministro de Defensa, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos.

Tres. Cando o Ministerio de Defensa subscribíse concertos coas universidades para a utilización das institucións sanitarias do departamento segundo as bases establecidas para o seu réxime no Real decreto 1652/1991, do 11 de outubro, o persoal militar médico e sanitario que ocupe postos de traballo en tales centros, coa condición de prazas vinculadas percibirá, no ano 2012, as retribucións básicas que lle correspondan e, en concepto de retribucións complementarias, os complementos de destino, específico e de produtividade nas contías establecidas en aplicación da base decimo terceira.oito, 4, 5 e 6.a) e b) do citado real decreto.

Este persoal poderá percibir, así mesmo, a axuda para vestiario, e o complemento de dedicación especial en concepto de atención continuada, segundo o establecido na letra D) do número anterior, así como as pensións por recompensas e as prestacións familiares que lles poidan corresponder.

Catro. Os membros das Forzas Armadas que ocupen postos de traballo incluídos nas relacións de postos de traballo do ministerio ou dos seus organismos autónomos, percibirán no ano 2012 as retribucións básicas correspondentes ao seu emprego militar e as complementarias asignadas ao posto que desempeñen, de acordo coas contías establecidas na presente lei para os funcionarios do Estado incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, sen prexuízo de continuar percibindo as pensións e gratificacións que sexan consecuencia de recompensas militares así como a axuda para vestiario na mesma contía e condicións que o resto do persoal das Forzas Armadas.

O disposto neste artigo débese entender sen prexuízo da regulación específica que para determinados conceptos e persoal das Forzas Armadas se establece na normativa vixente.

#### Artigo 29. *Retribucións do persoal do corpo da Garda Civil.*

Un. No ano 2012 as retribucións e outras remuneracións do persoal do corpo da Garda Civil cuxas retribucións básicas se imputen ao artigo 10 da estrutura económica do gasto dos orzamentos xerais do Estado non experimentarán incremento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2011, sen prexuízo da retribución por antigüidade que lles poida corresponder. Así mesmo, percibirán o complemento de produtividade que, de ser o caso, lles atribúa o titular do departamento, dentro dos créditos previstos para este fin. A contía correspondente experimentará unha redución do 10 por cento, en termos homoxéneos de número e tipo de cargos, respecto á destinada a este mesmo fin no exercicio 2011.

Dous. No ano 2012 as retribucións que percibirá o persoal do corpo da Garda Civil non incluído no punto anterior serán as seguintes:

A) O soldo e os trienios que correspondan ao grupo ou subgrupo de equivalencia en que estea clasificado o emprego correspondente, na contía establecida no artigo 22. Cinco.1 desta lei.

B) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano, incorporarán, cada unha delas, as contías de soldo e trienios fixadas no artigo 22. Cinco. 2 desta lei, en función do grupo ou subgrupo que corresponda ao emprego que se teña e o complemento de destino mensual que se perciba.

A valoración e devindicación dos trienios e das pagas extraordinarias efectuarase de acordo coa normativa aplicable a este persoal e, supletoriamente, coa normativa dos funcionarios públicos incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, nos termos da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.

C) As retribucións complementarias de carácter fixo e periódico, que non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 22. Sete desta lei.

	Euros
<i>Carreira xudicial</i>	
Presidente da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo) . . . . .	23.937,24
Presidente de sala da Audiencia Nacional (non maxistrado do Tribunal Supremo) . .	22.676,88
Presidente do Tribunal Superior de Xustiza . . . . .	23.108,76
Maxistrado . . . . .	20.541,84
Xuíz . . . . .	17.973,60
<i>Carreira fiscal</i>	
Fiscal superior da Comunidade Autónoma. . . . .	23.108,76
Fiscal . . . . .	20.541,84
Avogado fiscal . . . . .	17.973,60

2. A retribución por antigüidade ou trienios que, de ser o caso, corresponda.
3. As pagas extraordinarias, que se devindicarán de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, serán dúas ao ano por un importe, cada unha delas, dunha mensuralidade do soldo, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía que se sinala no anexo X da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.
4. As retribucións complementarias e as variables e especiais dos membros das carreiras xudicial e fiscal que non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011.  
O crédito total destinado ás retribucións variables por obxectivos dos membros das carreiras xudicial e fiscal sinaladas no capítulo III do título I e no título II da Lei 15/2003, non poderá exceder o 5 por cento da contía global das retribucións fixas dos membros das carreiras xudicial e fiscal, respectivamente.
5. O establecido neste punto enténdese sen prexuízo do previsto no artigo 9.2 da precitada Lei 15/2003.

Dous. Os fiscais que, en desenvolvemento da Lei 24/2007, do 9 de outubro, pola que se modifica a Lei 50/1981, do 30 de decembro, reguladora do estatuto orgánico do Ministerio Fiscal, sexan nomeados fiscais xefes dunha fiscalía de área creada onde exista unha sección da Audiencia Provincial en sede distinta da capital de provincia, percibirán o complemento de destino polo criterio de grupo de poboación correspondente aos fiscais destinados na sede da Fiscalía Provincial e o complemento de destino en concepto de representación, o complemento específico e a contía a incluír en pagas extraordinarias que corresponden ao tenente fiscal da Fiscalía Provincial.

Os restantes fiscais xefes dunha fiscalía de área percibirán o complemento específico correspondente ao tenente fiscal da Fiscalía Provincial.

Os fiscais xefe e tenentes fiscais da Fiscalía Provincial percibirán as retribucións complementarias e a contía que se incluír en pagas extraordinarias que correspondesen aos fiscais xefe e tenentes fiscais da Audiencia Provincial, respectivamente.

O tenente fiscal da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado percibirá as retribucións complementarias e a contía que se incluír en pagas extraordinarias que corresponden ao tenente fiscal inspector da Fiscalía Xeral do Estado.

Os fiscais adscritos a fiscais de sala da Fiscalía Xeral do Estado e os fiscais da Unidade de Apoio da Fiscalía Xeral do Estado percibirán en concepto de complemento específico o correspondente aos fiscais da Secretaría Técnica da Fiscalía Xeral do Estado.

Os fiscais decanos de seccións territoriais de Fiscalía Provincial percibirán, en concepto de complemento específico, o correspondente aos fiscais coordinadores.

Os fiscais decanos de seccións especializadas percibirán as retribucións complementarias e paga extraordinaria correspondentes aos fiscais decanos de seccións territoriais.

Os fiscais da categoría segunda, non coordinadores, das fiscalías de Comunidade Autónoma, incluídos os das seccións territoriais de tales fiscalías, percibirán o complemento de destino e a contía que se incluírá na paga extraordinaria correspondentes aos tenentes fiscais de Fiscalía de Comunidade Autónoma, salvo naquelas comunidades autónomas en que a Fiscalía non estea disgregada organicamente en Fiscalía da Comunidade Autónoma e Fiscalía Provincial da provincia onde teña a súa sede.

Tres. No ano 2012, de acordo co disposto no artigo 22.Dous desta lei, as retribucións dos membros do corpo de secretarios xudiciais e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, que non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011, serán as seguintes:

1. O soldo, de acordo co detalle que a continuación se reflicte, e a retribución por antigüidade ou trienios que, de ser o caso, lles corresponda.

a) O soldo dos membros do corpo de secretarios xudiciais queda establecido para o ano 2012 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Secretarios xudiciais de primeira categoría . . . . .	17.973,60
Secretarios xudiciais de segunda categoría. . . . .	17.083,44
Secretarios xudiciais de terceira categoría. . . . .	15.872,16

b) O soldo dos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza queda establecido para o ano 2012 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses. . . . .	15.406,20
Xestión procesual e administrativa. . . . .	13.303,32
Tramitación procesual e administrativa . . . . .	10.934,16
Auxilio xudicial . . . . .	9.917,88
Técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses . . . . .	13.303,32
Axudantes laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses . . . . .	10.934,16

c) Os trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2004, nos corpos ao servizo da Administración de xustiza declarados a extinguir pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, quedan establecidos para o ano 2012 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Corpo de oficiais. . . . .	532,56
Corpo de auxiliares. . . . .	410,52
Corpo de axentes xudiciais . . . . .	354,48
Corpo de técnicos especialistas. . . . .	532,56
Corpo de auxiliares de laboratorio . . . . .	410,52
Corpo de axentes de laboratorio a extinguir. . . . .	354,48
Corpo de secretarios de xulgados de paz de municipios con máis de 7.000 habitantes a extinguir . . . . .	599,16

Os trienios perfeccionados con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1995 polo persoal encadrado nos corpos de médicos forenses e técnicos facultativos, quedan establecidos para o ano 2012 en 642,12 euros anuais, referidos a doce mensualidades.

2. As pagas extraordinarias, que se devindicarán de acordo coa normativa aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, serán dúas ao ano por un importe, cada unha delas, dunha mensualidade do soldo, antigüidade ou trienios, segundo o caso, e a contía complementaria que se sinala no anexo XI da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

3.a) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios do corpo de secretarios xudiciais, cando lles resulte de aplicación o Real decreto 2033/2009, do 30 de decembro, queda establecido para o ano 2012 nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

	Euros
Postos de tipo I . . . . .	16.107,48
Postos de tipo II . . . . .	13.758,36
Postos de tipo III . . . . .	13.136,16
Postos de tipo IV . . . . .	13.036,92
Postos de tipo V . . . . .	9.427,20

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios do parágrafo anterior, non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011, sen prexuízo, de ser o caso, do previsto no artigo 22. Sete desta lei.

Os membros do corpo de secretarios xudiciais que ocupen postos distintos dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto 3.a) percibirán as retribucións complementarias, variables e especiais establecidas no Real decreto 1130/2003, do 5 de setembro, que non experimentarán incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011.

3.b) O complemento xeral de posto para os postos adscritos aos funcionarios dos corpos ao servizo da Administración de xustiza, a que se refire o punto tres.1.b) deste mesmo artigo, de conformidade co previsto no Real decreto 1033/2007, do 20 de xullo, queda establecido para o ano 2012 nas contías seguintes, referidas a doce mensualidades:

	Tipo	Subtipo	Euros	
Xestión procesual e administrativa e técnicos especialistas do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	A	3.982,92	
	I	B	4.757,76	
	II	A	3.667,20	
	II	B	4.442,04	
	III	A	3.509,40	
	III	B	4.284,24	
	IV	C	3.351,60	
	IV	D	3.509,76	
	Tramitación procesual e administrativa e axudantes de laboratorio do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	A	3.456,96
		I	B	4.231,92
II		A	3.141,48	
II		B	3.916,32	
III		A	2.983,56	
III		B	3.758,40	
IV		C	2.825,88	

	Tipo	Subtipo	Euros
Auxilio xudicial.	I	A	2.715,48
	I	B	3.490,44
	II	A	2.399,76
	II	B	3.174,72
	III	A	2.241,96
	III	B	3.016,92
	IV	C	2.084,16
	Médicos forenses e facultativos do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.	I	
II			18.565,68
III			18.322,92
Escala a extinguir de xestión procesual e administrativa, procedentes do corpo de secretarios de xulgados de municipios de máis de 7.000 habitantes.			5.085,96

As restantes retribucións complementarias, variables e especiais dos funcionarios a que se refire o parágrafo anterior non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011, sen prexuízo do disposto no artigo 22. Sete desta lei.

4. Nas retribucións complementarias a que se fai referencia nos puntos 3.a) e 3.b) anteriores, entenderanse incluídas as cantidades que, en cada caso, se recoñecen, en concepto de paga adicional complementaria no punto segundo do Acordo do Consello de Ministros do 8 de maio de 2009 publicado por Orde 1230/2009, do 18 de maio, do Ministerio da Presidencia.

Catro. No ano 2012 as retribucións básicas e complementarias correspondentes aos funcionarios a que se refire o artigo 145.1 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, segundo redacción dada pola Lei orgánica 19/2003, do 23 de decembro, non experimentarán ningún incremento respecto ás vixentes en 31 de decembro de 2011, sen prexuízo do previsto no artigo 22. Sete desta lei.

Cinco. No ano 2012 as retribucións dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refiren os números seguintes, non experimentarán variación respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011. Percibiranse segundo as contías que se reflicten a continuación para cada un deles:

1. As dos presidentes de sala do Tribunal Supremo e do presidente da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo) nas seguintes contías:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	27.518,12 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	82.261,44 €
Total. . . . .	109.779,56 €

As dos maxistrados do Tribunal Supremo e dos presidentes de sala da Audiencia Nacional (maxistrados do Tribunal Supremo), nas seguintes contías:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	26.069,96 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	80.853,00 €
Total. . . . .	106.922,96 €

2. As do fiscal xeral do Estado, na contía de 113.838,96 euros que se percibirán en doce mensualidades sen dereito a pagas extraordinarias.

As do tenente fiscal do Tribunal Supremo, nas seguintes contías:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	27.518,12 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	82.261,44 €
Total. . . . .	109.779,56 €

As do fiscal xefe inspector, do fiscal xefe da Fiscalía ante o Tribunal Constitucional e do fiscal xefe da Fiscalía da Audiencia Nacional, nas seguintes contías:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	26.069,96 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	82.261,44 €
Total. . . . .	108.331,40 €

As dos fiscais xefes da Fiscalía do Tribunal de Contas, da Secretaría Técnica e da Unidade de Apoio do Fiscal Xeral do Estado e das fiscalías especiais Antidroga e contra a corrupción e a criminalidade organizada e as dos fiscais de sala do Tribunal Supremo, nas seguintes contías:

Soldo (que se percibirá en 14 mensualidades) . . . . .	26.069,96 €
Outras remuneracións (que se percibirán en 12 mensualidades) . . . . .	80.853,00 €
Total. . . . .	106.922,96 €

3. Os membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refiren os números anteriores deste punto, a excepción do fiscal xeral do Estado que se regula no parágrafo seguinte, percibirán 14 mensualidades da retribución por antigüidade ou trienios, de ser o caso, que lles corresponda. Así mesmo, percibirán dúas pagas ao ano pola contía que se detalla, para cada un dos cargos, no anexo X da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011. Estas contías devindicaranse de acordo coa normativa sobre pagas extraordinarias aplicable aos funcionarios incluídos no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto.

O fiscal xeral do Estado percibirá, ademais da contía sinalada no número 2 deste punto, 14 mensualidades da retribución por antigüidade ou trienios, de ser o caso, que lle correspondan e as derivadas da aplicación do artigo 32.Catro, número 3, parágrafo segundo, da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, nas contías previstas no número 3, segundo parágrafo, do artigo 32.Cinco.B), da Lei 26/2009, de orzamentos xerais do Estado para 2010.

4. O soldo e as retribucións complementarias dos membros do poder xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refiren os números 1 e 2 do presente punto, serán as establecidas neles e no número 3 do mesmo punto, quedando excluídos, para estes efectos, do ámbito de aplicación da Lei 15/2003, do 26 de maio, reguladora do réxime retributivo das carreiras xudicial e fiscal, sen prexuízo do dereito á devindicación das retribucións especiais que lles correspondan nas contías previstas no número 4 do artigo 32.Cinco.B) da citada Lei 26/2009.

**Artigo 32. *Retribucións do persoal estatutario e do persoal da Seguridade Social non estatutario.***

Un. No ano 2012 as retribucións do persoal funcionario da Administración da Seguridade Social, xa homologado co resto do persoal da Administración xeral do Estado, serán as establecidas no artigo 26 desta lei.

Dous. No ano 2012 o persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino, nas contías sinaladas para eses conceptos retributivos no artigo 26.Un.A), B) e C) desta lei, sen prexuízo do establecido na disposición transitoria segunda, dous, dese real decreto lei e

de que a contía anual do complemento de destino, fixado na letra C) do citado artigo 26.Un se satisfaga en catorce mensualidades.

Para os efectos da aplicación, para o citado persoal estatutario, do disposto no artigo 26.Un.B) da presente lei, a contía do complemento de destino correspondente a cada unha das pagas extraordinarias farase efectiva tamén en catorce mensualidades, e calcularase a dita contía nunha doceava parte dos correspondentes importes por niveis sinalados no artigo 26.Un.C).

O importe das retribucións correspondentes aos complementos específico e de atención continuada que, de ser o caso, estean fixados ao referido persoal, non experimentará ningún incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011, sen prexuízo do previsto no artigo 22.Sete desta lei.

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2.tres.c) e disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987, e nas demais normas ditadas no seu desenvolvemento.

Tres. No ano 2012 as retribucións do restante persoal funcionario e estatutario do ámbito de aplicación deste artigo non experimentarán incremento respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011.

### CAPÍTULO III

#### **Outras disposicións en materia de réxime do persoal activo**

##### *Artigo 33. Prohibición de ingresos atípicos.*

Os empregados públicos comprendidos dentro do ámbito de aplicación da presente lei, con excepción daqueles sometidos ao réxime de arancel, non poderán percibir ningunha participación dos tributos, comisións ou outros ingresos de calquera natureza, que correspondan á Administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdición, nin participación ou premio en multas impostas mesmo cando estivesen normativamente atribuídas a eles, e deberán percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo, e sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre desfrute de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.

##### *Artigo 34. Recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación.*

Un. No ano 2012 as contías que se percibirán polos conceptos de recompensas, cruces, medallas e pensións de mutilación non experimentarán incremento respecto das recoñecidas en 31 de decembro de 2011.

Dous. A Cruz Laureada de San Fernando e a medalla militar individual rexeranse pola súa lexislación especial.

Tres. A Cruz á Constancia e as diferentes categorías da Real e Militar Orde de San Hermenexildo rexeranse polo establecido no Real decreto 1189/2000, do 23 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Real e Militar Orde de San Hermenexildo.

##### *Artigo 35. Outras normas comúns.*

Un. O persoal contratado administrativo e os funcionarios de corpos de sanitarios locais, así como o persoal cuxas retribucións en 2011 non correspondesen ás establecidas con carácter xeral no título III da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2011, e non lles fosen de aplicación as establecidas expresamente no mesmo título da presente lei, continuarán percibindo, durante o ano 2012, as retribucións vixentes en 31 de decembro de 2011.

Dous. Na Administración xeral do Estado, nos seus organismos autónomos e axencias estatais, nos casos de adscrición durante o ano 2012 dun funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo ao cal se lle adscribe, ese funcionario percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que



desempeño, logo da oportuna asimilación das retribucións básicas que autorice o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por proposta dos departamentos ministeriais interesados.

Para os únicos efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, poderase autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do funcionario.

Tres. As indemnizacións por razón do servizo seguiranse percibindo nas contías vixentes en 2011.

*Artigo 36. Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario.*

Un. Durante o ano 2012 será preciso informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para proceder a determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal laboral e non funcionario ao servizo:

- a) Da Administración xeral do Estado e dos seus organismos autónomos.
- b) Das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.
- c) Das axencias estatais, de conformidade coa súa normativa específica.
- d) Das restantes entidades públicas empresariais e do resto dos organismos e entes públicos, nas condicións e polos procedementos que para o efecto estableza a Comisión Interministerial de Retribucións, atendendo ás características específicas daquelas.

Dous. Entenderase por determinación ou modificación de condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

- a) Determinación das retribucións de postos de nova creación.
- b) Sinatura de convenios colectivos subscritos polos organismos citados no número un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- c) Aplicación do convenio único para o persoal laboral da Administración do Estado e dos convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.
- d) Fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo, con excepción do persoal temporal suxeito á relación laboral de carácter especial regulada no artigo 2, número 1, letra e), do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores. Non obstante, deberase facilitar información das retribucións deste último persoal ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Exceptúase, igualmente, a fixación das retribucións do persoal a que se refire o Real decreto 451/2012, do 5 de marzo, polo que se regula o réxime retributivo dos máximos responsables e directivos no sector público empresarial e outras entidades, que se aterá ao disposto en tal norma.
- e) Outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral, con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.
- f) Determinación das retribucións correspondentes ao persoal contratado no exterior.

Tres. O informe citado no número un deste artigo afectará a todos os organismos, entidades e axencias sinalados nas letras a), b), c) e, para os da letra d) nos termos en que determine a Comisión Interministerial de Retribucións, e será emitido polo procedemento e co alcance previsto nos puntos seguintes:

1. Os organismos afectados remitirán ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o correspondente proxecto, con carácter previo ao seu acordo ou sinatura no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, xuntando a valoración de todos os seus aspectos económicos.

2. O informe, que no suposto de proxectos de convenios colectivos será emitido no prazo máximo de quince días contado desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, versará sobre todos aqueles aspectos dos cales deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 2012 como para exercicios futuros e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ao control do seu crecemento, sen prexuízo do disposto no artigo 27 desta lei.

Catro. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas determinará e, de ser o caso, actualizará as retribucións do persoal laboral no exterior de acordo coas circunstancias específicas de cada país.

Cinco. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios aos que determinen as futuras leis de orzamentos.

Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación das retribucións para o ano 2012 sen o cumprimento dos requisitos establecidos no presente artigo.

#### Artigo 37. *Contratación de persoal laboral con cargo aos créditos de investimentos.*

Un. Os departamentos ministeriais, organismos autónomos, axencias estatais e entidades xestoras da Seguridade Social poderán formalizar durante o ano 2012, con cargo aos respectivos créditos de investimentos, contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración directa e con aplicación da lexislación de contratos do Estado, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.

b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais do Estado.

c) Que as obras ou servizos non poidan ser executados co persoal fixo do cadro e non exista dispoñibilidade suficiente no crédito orzamentario destinado á contratación de persoal.

Dous. A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que deban exceder o dito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevé no artigo 47 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, ou nesta propia Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012.

Tres. Os contratos deberán contar co informe, con carácter previo á súa formalización, da Avogacía do Estado no departamento, organismo ou entidade que, en especial, se pronunciará sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e formalidades exixidos pola lexislación laboral.

Catro. Os contratos regulados neste artigo serán obxecto de fiscalización previa nos casos en que esta resulte preceptiva, de conformidade co disposto nos artigos 152 a 156 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. Para estes efectos, os créditos de investimentos entenderanse adecuados para a contratación de persoal eventual se non existe crédito suficiente para iso no concepto orzamentario destinado especificamente a esa finalidade.

Nos organismos autónomos do Estado con actividades industriais, comerciais, financeiras ou análogas, e nas entidades públicas empresariais, esta contratación requirirá informe favorable do correspondente interventor delegado, que versará sobre a non dispoñibilidade de crédito no concepto orzamentario destinado á contratación de persoal eventual no capítulo correspondente. En caso de desconformidade co informe emitido, o organismo autónomo ou a entidade pública empresarial poderán elevar o expediente ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a súa resolución.

Artigo 38. *Competencia do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en materia de custos do persoal ao servizo do sector público.*

Todos os acordos, convenios, pactos ou instrumentos similares, así como as medidas que se adopten no seu cumprimento ou desenvolvemento, adoptados no ámbito dos departamentos ministeriais, organismos, axencias estatais, entidades públicas empresariais e demais entes públicos do sector público estatal requirirán, para a súa plena efectividade, o informe previo e favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos e serán nulos de pleno dereito os que se alcancen sen ese informe, sen que deles poida en ningún caso derivar, directa ou indirectamente, incremento do gasto público en materia de custos de persoal e/ou incremento de retribucións.

#### TÍTULO IV

### Das pensións públicas

#### CAPÍTULO I

### Determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado e das especiais de guerra

Artigo 39. *Determinación inicial das pensións do réxime de clases pasivas do Estado.*

Un. O disposto neste artigo aplicarase ás pensións ordinarias e extraordinarias que, en propio favor ou no dos seus familiares, cause o persoal incluído no ámbito de cobertura do réxime de clases pasivas do Estado que se relaciona a continuación, agrupado de acordo coa súa lexislación reguladora:

1. Persoal a que se aplica o título I do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril:

a) Os funcionarios de carreira de carácter civil da Administración do Estado, da Administración de xustiza, das Cortes Xerais e doutros órganos constitucionais ou estatais cuxa lexislación reguladora así o prevexa, os transferidos ás comunidades autónomas, así como o persoal militar de carreira, o persoal militar de complemento e o das escalas de tropa e mariñeira profesional que tivese adquirido o dereito a permanecer nas Forzas Armadas ata a idade de retiro que, con posterioridade ao 31 de decembro de 1984, se encontre en calquera situación administrativa e non fose declarado xubilado ou retirado antes desa data.

b) O persoal que, a partir do 1 de xaneiro de 1986, se encontrase como funcionario en prácticas e o que, a partir do 1 de xaneiro de 1985, fose alumno dalgunha escola ou academia militar e fose promovido a cabaleiro alférez cadete, alférez-alumno, sarxento-alumno ou garda mariña.

c) Os funcionarios interinos nomeados antes do 1 de xaneiro de 1965 e que percibisen soldo detallado nos orzamentos xerais do Estado con cargo a persoal, cando o feito causante dos dereitos pasivos se producise con posterioridade ao 31 de decembro de 1985.

2. Persoal a que se aplica a lexislación vixente en 31 de decembro de 1984, coas modificacións que se recollen no título II do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado:

a) Os funcionarios de carreira de carácter civil da Administración do Estado, da Administración de xustiza, das Cortes Xerais e doutros órganos constitucionais ou estatais cuxa lexislación reguladora así o prevexa, os transferidos ás comunidades autónomas, así como o persoal militar de carreira, o persoal militar de complemento e o das escalas

de tropa e mariñeiría profesional que tivese adquirido o dereito a permanecer nas Forzas Armadas ata a idade de retiro que, con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, falecese ou fose declarado xubilado ou retirado.

b) Os funcionarios interinos nomeados antes do 1 de xaneiro de 1965 e que percibisen soldo detallado nos orzamentos xerais do Estado con cargo a persoal, cando o feito causante dos dereitos pasivos se producise con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1986.

Dous. Para a determinación inicial das pensións causadas polo persoal mencionado no número Un.1 deste artigo, teranse en conta para 2012 os haberes reguladores que se indican a continuación:

a) Haberes reguladores para o persoal ingresado nalgún corpo, escala, praza, emprego ou categoría administrativa con posterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

Grupo/subgrupo Lei 7/2007	Haber regulador – Euros/ano
A1	39.661,46
A2	31.214,57
B	27.333,42
C1	23.973,33
C2	18.966,88
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007)	16.170,77

b) Haberes reguladores para o persoal ingresado con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985:

*Administración civil e militar do Estado*

Índice de proporcionalidade	Haber regulador – Euros/ano
10	39.661,46
8	31.214,57
6	23.973,33
4	18.966,88
3	16.170,77

*Administración de xustiza*

Índice multiplicador	Haber regulador – Euros/ano
4,75	39.661,46
4,50	39.661,46
4,00	39.661,46
3,50	39.661,46
3,25	39.661,46
3,00	39.661,46
2,50	39.661,46
2,25	31.214,57
2,00	27.333,43
1,50	18.966,88
1,25	16.170,77

*Tribunal Constitucional*

Corpo	Haber regulador – Euros/ano
Secretario xeral . . . . .	39.661,46
De letrados . . . . .	39.661,46
Xerente . . . . .	39.661,46

*Cortes Xerais*

Corpo	Haber regulador – Euros/ano
De letrados . . . . .	39.661,46
De arquivistas-bibliotecarios . . . . .	39.661,46
De asesores facultativos . . . . .	39.661,46
De redactores, taquígrafos e estenotipistas . . . . .	39.661,46
Técnico-administrativo . . . . .	39.661,46
Administrativo . . . . .	23.973,33
De conserxes . . . . .	18.966,88

Tres. Para a determinación inicial das pensións causadas polo persoal mencionado no número Un.2 deste artigo, que teñan efectos económicos a partir do 1 de xaneiro de 2012, teranse en conta as bases reguladoras que resulten de aplicar as seguintes regras:

a) Tomarase o importe que corresponda ao causante polos conceptos de soldo e, de ser o caso, grao, en función do corpo ou dos índices multiplicador ou de proporcionalidade e grao de carreira administrativa que tivese asignado en 31 de decembro de 1984 o corpo, carreira, escala, praza, emprego ou categoría a que pertencese aquel, e que se recollen a continuación:

*Administración civil e militar do Estado*

Índice de proporcionalidade	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual – Euros
10 (5,5)	8		26.588,07
10 (5,5)	7		25.857,33
10 (5,5)	6		25.126,64
10 (5,5)	3		22.934,46
10	5		22.561,34
10	4		21.830,65
10	3		21.099,95
10	2		20.369,18
10	1		19.638,46
8	6		18.972,33
8	5		18.387,87
8	4		17.803,39
8	3		17.218,89
8	2		16.634,44
8	1		16.049,93

Índice de proporcionalidade	Grao	Grao especial	Importe por concepto de soldo e grao en cómputo anual – Euros
6	5		14.453,44
6	4		14.015,21
6	3		13.577,05
6	2		13.138,78
6	1	(12 por 100)	14.172,06
6	1		12.700,54
4	3		10.694,84
4	2	(24 por 100)	12.761,59
4	2		10.402,62
4	1	(12 por 100)	11.290,94
4	1		10.110,38
3	3		9.234,27
3	2		9.015,12
3	1		8.796,01

*Administración de xustiza*

Índice multiplicador	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
4,75	43.419,06
4,50	41.133,84
4,00	36.563,40
3,50	31.992,97
3,25	29.707,77
3,00	27.422,54
2,50	22.852,12
2,25	20.566,91
2,00	18.281,71
1,50	13.711,28
1,25	11.426,07

*Tribunal Constitucional*

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
Secretario xeral . . . . .	41.133,84
De letrados . . . . .	36.563,40
Xerente . . . . .	36.563,40

*Cortes Xerais*

Corpo	Importe por concepto de soldo en cómputo anual – Euros
De letrados . . . . .	23.928,50
De arquiveiros-bibliotecarios . . . . .	23.928,50
De asesores facultativos . . . . .	23.928,50
De redactores, taquígrafos e estenotipistas . . . . .	21.973,87
Técnico-administrativo . . . . .	21.973,87
Administrativo . . . . .	13.233,45
De conserxes . . . . .	10.467,80

b) Á cantidade resultante do establecido na letra anterior sumarase a contía que se obteña de multiplicar o número de trienios acreditados polo valor unitario de cada trienio en función do corpo, carreira, escala, praza, emprego ou categoría en que prestase servizos o causante, atendendo, de ser o caso, aos índices de proporcionalidade ou multiplicadores asignados a eles nos cadros seguintes:

*Administración civil e militar do Estado*

Índice de proporcionalidade	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
10	858,92
8	687,15
6	515,33
4	343,59
3	257,68

*Administración de xustiza*

Índice multiplicador	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
3,50	1.599,63
3,25	1.485,40
3,00	1.371,13
2,50	1.142,58
2,25	1.029,75
2,00	914,10
1,50	685,56
1,25	571,32

*Tribunal Constitucional*

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
Secretario xeral . . . . .	1.599,63
De letrados . . . . .	1.599,63
Xerente . . . . .	1.599,63

*Cortes Xerais*

Corpo	Valor unitario do trienio en cómputo anual – Euros
De letrados . . . . .	978,39
De arquivistas-bibliotecarios . . . . .	978,39
De asesores facultativos . . . . .	978,39
De redactores, taquígrafos e estenotipistas . . . . .	978,39
Técnico-administrativo . . . . .	978,39
Administrativo . . . . .	587,05
De conserxes . . . . .	391,34

Catro. O importe mensual das pensións a que se refire este artigo obterase dividindo por 14 a contía anual calculada segundo o disposto nas regras contidas nos puntos precedentes e de acordo coa lexislación que resulte aplicable.

*Artigo 40. Determinación inicial das pensións especiais de guerra.*

Un. O importe das pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 5/1979, do 18 de setembro, en favor de familiares de falecidos como consecuencia da guerra civil, non poderá ser inferior, para 2012, á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social, excepto para as pensións causadas polo persoal non funcionario en favor de orfos non incapacitados, cuxa contía será de 1.801,80 euros anuais.

Dous. 1. As pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, do 26 de xuño, de mutilados de guerra ex-combatentes da zona republicana, cuxos causantes non tivesen a condición de militar profesional das Forzas e Institutos Armados, fíxanse para 2012 nas seguintes contías:

- a) A pensión de mutilación será a que resulte de aplicar as porcentaxes establecidas para cada grao de incapacidade á cantidade de 4.900,92 euros anuais.
- b) A suma da remuneración básica, a remuneración substitutoria de trienios e as remuneracións suplementarias en compensación por retribucións non percibidas será de 13.217,67 euros anuais.
- c) As pensións en favor de familiares serán iguais á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social, excepto para as pensións en favor de orfos non incapacitados, cuxa contía será de 1.801,80 euros anuais.

2. O importe das pensións en favor de familiares de ex-combatentes que tivesen a condición de militar profesional, recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, non poderá ser inferior, para 2012, á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.



Tres. As pensións recoñecidas ao abeiro da Lei 6/1982, do 29 de marzo, sobre retribución básica a mutilados civís de guerra, fíxanse, para 2012, nas seguintes contías:

- a) A retribución básica para quen teña recoñecida unha incapacidade de segundo, terceiro ou cuarto grao, en 9.252,37 euros anuais.
- b) As pensións en favor de familiares, na contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Catro. As pensións recoñecidas ao abeiro do Decreto 670/1976, do 5 de marzo, en favor de mutilados de guerra que non se puideron integrar no corpo de cabaleiros mutilados de guerra pola patria, estableceranse, para 2012, no importe que resulte de aplicar as porcentaxes establecidas para cada grao de incapacidade á contía de 5.871,92 euros anuais.

Cinco. A contía para 2012 das pensións causadas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, sobre recoñecemento de dereitos e servizos prestados a aqueles que durante a guerra civil formaron parte das Forzas Armadas e de orde pública e corpo de carabineiros da República, fixarase aplicando o importe polos conceptos de soldo e grao que proceda de entre os contidos no precedente artigo 39.Tres.a).

As contías destas pensións non poderán ser inferiores ás seguintes:

- a) Nas pensións en favor de causantes, á contía mínima das pensións de xubilación, con cónxuxe a cargo, de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.
- b) Nas pensións de viuvez, á contía mínima das pensións de viuvez de maiores de 65 anos no sistema da Seguridade Social.

Seis. O importe mensual das pensións a que se refire este artigo obterase dividindo por 12 a contía anual establecida segundo o disposto nos puntos precedentes e de acordo coa lexislación que resulte aplicable.

Xunto ás doce mensualidades ordinarias aboaranse dúas mensualidades extraordinarias do mesmo importe, excepto nas pensións de mutilación recoñecidas ao abeiro da Lei 35/1980, do 26 de xuño.

Malia o establecido no último inciso do parágrafo anterior, cando o mutilado fose clasificado como útil conforme o disposto na citada lei, terá dereito ás referidas mensualidades extraordinarias.

## CAPÍTULO II

### Limitacións no sinalamento inicial das pensións públicas

Artigo 41. *Limitación do sinalamento inicial das pensións públicas.*

Un. O importe que se percibirá como consecuencia do sinalamento inicial das pensións públicas enumeradas no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1989, non poderá superar, durante o ano 2012, a contía íntegra de 2.522,89 euros mensuais, sen prexuízo das pagas extraordinarias que poidan corresponder ao seu titular cuxa contía tamén estará afectada polo citado límite.

Malia o disposto no parágrafo anterior, se o pensionista tivese dereito a percibir menos ou máis de 14 pagas ao ano, incluídas as extraordinarias, ese límite mensual deberá ser adecuado para efectos de que se alcance ou non supere a contía íntegra anual de 35.320,46 euros.

Dous. Cando un mesmo titular teña asemade dereito a dúas ou máis pensións públicas, o importe conxunto que se percibirá como consecuencia do sinalamento inicial de todas elas estará suxeito aos mesmos límites que se establecen no punto anterior.

Para tal efecto determinarase, en primeiro lugar, o importe íntegro de cada unha das pensións públicas de que se trate e, se a suma de todas elas excede os 2.522,89 euros mensuais, reduciranse proporcionalmente ata absorber ese exceso.

Porén, se algunha das pensións que se causen estivese a cargo do fondo especial dunha das mutualidades de funcionarios incluídas no artigo 42.1.c) da Lei 37/1988, do 28 de decembro, a minoración ou supresión efectuarase preferentemente sobre o importe íntegro desta pensión e, de ser posible, no momento do seu recoñecemento, e con posterioridade procederase, se for necesario, a reducir proporcionalmente as restantes pensións para que a suma de todas elas non supere o indicado límite máximo.

Tres. Cando se efectúe o sinalamento inicial dunha pensión pública en favor de quen xa estivese percibindo outra ou outras pensións públicas, se a suma conxunta do importe íntegro de todas elas superase os límites establecidos no número un deste artigo, minorarase ou suprimirase do importe íntegro da nova pensión a contía que exceda o referido límite.

Non obstante, se a nova pensión, no presente ou en anteriores exercicios económicos, tivese a consideración de renda exenta de acordo co disposto na lexislación reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas, por solicitude do seu titular, minorarase ou suprimirase a pensión ou pensións públicas que o interesado causase anteriormente. En tales supostos, os efectos da regularización retrotraeranse ao día 1 de xaneiro do ano en que se solicite ou á data inicial de aboamento da nova pensión, se esta é posterior.

Catro. Se no momento do sinalamento inicial a que se refiren os puntos anteriores, os organismos ou entidades competentes non puidesen coñecer a contía e natureza das outras pensións que correspondan ao beneficiario, ese sinalamento inicial realizarase con carácter provisional ata que se practiquen as oportunas comprobacións.

A regularización definitiva dos sinalamentos provisionais suporá, de ser o caso, a existencia do reintegro do percibido indebidamente polo titular da pensión. Este reintegro poderase practicar con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

Cinco. Se con posterioridade á minoración ou supresión do importe do sinalamento inicial a que se refiren os números dous e tres deste artigo, se modifica, por calquera circunstancia, a contía ou composición das outras pensións públicas percibidas polo titular, revisaranse de oficio ou por instancia de parte as limitacións que se efectuasen, con efectos do primeiro día do mes seguinte ao da variación.

En todo caso, os sinalamentos iniciais realizados en supostos de concorrencia de pensións públicas estarán suxeitos a revisión periódica.

Seis. A minoración ou supresión do importe nos sinalamentos iniciais de pensións públicas que se poida efectuar por aplicación das normas limitativas non significará mingua ou prexuízo doutros dereitos anexos ao recoñecemento da pensión.

Sete. O límite máximo de percepción establecido neste artigo non se aplicará ás seguintes pensións públicas que se causen durante o ano 2012:

- a) Pensións extraordinarias do sistema da Seguridade Social e do réxime de clases pasivas do Estado orixinadas por actos terroristas.
- b) Pensións extraordinarias recoñecidas ao abeiro da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- c) Pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño.

Oito. Cando no momento do sinalamento inicial das pensións públicas concorran nun mesmo titular algunha ou algunhas das pensións mencionadas no número anterior, ou das recoñecidas por actos terroristas en favor de quen non teña dereito a pensión en calquera réxime público de Seguridade Social ao abeiro do título II do Real decreto 851/1992, do 10 de xullo, polo que se regulan determinadas pensións extraordinarias causadas por actos de terrorismo, con outra ou outras pensións públicas, as normas limitativas deste artigo só se aplicarán respecto das non procedentes de actos terroristas.

## CAPÍTULO III

**Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas***Artigo 42. Revalorización e modificación dos valores das pensións públicas.*

Un. As pensións aboadas polo sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, así como as pensións de clases pasivas do Estado, manterán no ano 2012 o incremento do 1 por cento, establecido no artigo 5 do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, de conformidade co previsto no artigo 48 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, e no artigo 27 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, sen prexuízo das excepcións contidas nos artigos seguintes deste capítulo e dos importes de garantía que figuran no precedente artigo 40 desta lei, respecto das pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial da guerra civil.

A contía inicial das pensións de xubilación e retiro e de viuvez de clases pasivas do Estado causadas durante 2012 ao abeiro da lexislación vixente en 31 de decembro de 1984, calculada de acordo coas bases reguladoras establecidas para esta clase de pensións no presente exercicio económico, corríxirase mediante a aplicación da porcentaxe do 1 e 2 por cento segundo corresponda, establecido para os anos 2004, 2006, 2007 e 2008 no número catro das disposicións adicionais quinta e sexta, así como na disposición adicional décima das leis 61/2003, do 30 de decembro; 30/2005, do 29 de decembro; 42/2006, do 28 de decembro; e 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para os anos 2004, 2006, 2007 e 2008, respectivamente.

Dous. De acordo co establecido na disposición adicional sexta, punto un, do texto refundido da Lei sobre seguridade social dos funcionarios civís do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, as pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, causadas con posterioridade ao 31 de decembro de 2006, experimentarán o 1 de xaneiro do ano 2012 unha redución, respecto dos importes percibidos en 31 de decembro de 2011, do 20 por cento da diferenza entre a contía correspondente en 31 de decembro de 1978 –ou de 1977, se se trata do Montepío de Funcionarios da Organización Sindical– e a do 31 de decembro de 1973.

Tres. As pensións aboadas con cargo aos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, e non indicadas nos números anteriores deste artigo, experimentarán no ano 2012 a revalorización ou modificación que de ser o caso proceda, segundo a súa normativa reguladora, sobre as contías percibidas en 31 de decembro de 2011, salvo as excepcións contidas nos seguintes artigos deste capítulo.

*Artigo 43. Pensións non revalorizables.*

Un. No ano 2012 non se revalorizarán as seguintes pensións públicas:

a) As pensións aboadas con cargo a calquera dos réximes ou sistemas de previsión enumerados no artigo 42 da Lei 37/1988, do 28 de decembro, cuxo importe íntegro mensual, sumado, de ser o caso, ao importe íntegro mensual das outras pensións públicas percibidas polo seu titular, exceda os 2.522,89 euros íntegros en cómputo mensual, entendéndose esta cantidade nos termos expostos no precedente artigo 41.

O disposto no parágrafo anterior non será aplicable ás pensións extraordinarias do réxime de clases pasivas do Estado e do sistema da Seguridade Social orixinadas por actos terroristas, nin ás pensións excepcionais derivadas de atentados terroristas, recoñecidas ao abeiro do Real decreto lei 6/2006, do 23 de xuño, nin ás pensións recoñecidas en virtude da disposición adicional cuadraxésimo terceira da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

b) As pensións de clases pasivas recoñecidas a favor dos legoeiros do Estado causadas antes do 1 de xaneiro de 1985, con excepción daquelas cuxo titular só percíbise esta pensión como tal legoeiro.

c) As pensións das mutualidades integradas no Fondo Especial da Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado que, en 31 de decembro de 2011, xa alcanzasen as contías correspondentes ao 31 de decembro de 1973.

Dous. No caso de mutualidades, montepíos ou entidades de previsión social de calquera tipo que integren persoal de empresas ou sociedades con participación maioritaria do Estado, comunidades autónomas, corporacións locais ou organismos autónomos e se financien con fondos procedentes de tales órganos ou entidades públicas, ou no caso de que estes estean aboando directamente ao persoal incluído na acción protectora daquelas pensións complementarias por calquera concepto sobre as que lles correspondería aboar aos réximes xerais que sexan de aplicación, as revalorizacións a que se refire o artigo 42 serán consideradas como límite máximo, e poderanse aplicar coeficientes menores e mesmo inferiores á unidade, a esas pensións complementarias, de acordo coas súas regulacións propias ou cos pactos que se produzan.

Artigo 44. *Limitación do importe da revalorización das pensións públicas.*

Un. Para o ano 2012 o importe da revalorización das pensións públicas non poderá supor un valor íntegro anual superior a 35.320,46 euros.

Dous. Cando un mesmo titular perciba dúas ou máis pensións públicas, a suma do importe anual íntegro de todas elas, unha vez revalorizadas as que procedan, non poderá superar o límite máximo sinalado. Se o supera, minorarase proporcionalmente a contía da revalorización ata absorber o exceso sobre ese límite.

Para tal efecto, cada entidade ou organismo competente para revalorizar determinará o límite máximo de percepción anual para as pensións ao seu cargo. Este límite consistirá nunha cifra que garde coa contía íntegra de 35.320,46 euros anuais a mesma proporción que manteña a pensión ou pensións coa suma de todas as pensións públicas percibidas polo titular.

O referido límite (L) obterase mediante a aplicación da seguinte fórmula:

$$L = \frac{P}{T} \times 35.320,46 \text{ euros anuais}$$

En que «P» é o valor íntegro teórico anual alcanzado en 31 de decembro de 2011 pola pensión ou pensións a cargo do organismo ou entidade competente, e «T» o resultado de engadir á cifra anterior o valor íntegro anual das restantes pensións concorrentes do mesmo titular na mesma data.

Malia o anterior, se algunha das pensións públicas que perciba o interesado está a cargo do fondo especial dunha das mutualidades de funcionarios incluídas no artigo 42.1.c) da Lei 37/1988, do 28 de decembro, ou se trata das pensións non revalorizables a cargo dalgunha das entidades a que se refire o artigo 43. Dous desta lei, a aplicación das regras recollidas nos parágrafos anteriores adaptarase regulamentariamente para alcanzar o límite máximo de percepción.

Tres. O disposto nos números catro a oito, ambos inclusive, do precedente artigo 41 será aplicable cando así proceda aos supostos de revalorización de pensións concorrentes.

## CAPÍTULO IV

## Complementos para mínimos

Artigo 45. *Recoñecemento de complementos para mínimos nas pensións de clases pasivas.*

Un. De acordo co disposto no artigo 27.2 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, terán dereito a percibir os complementos económicos necesarios para alcanzar a contía mínima os pensionistas de clases pasivas do Estado que non perciban, durante 2012, ingresos de traballo ou de capital ou que, percibíndoos, non excedan os 6.993,14 euros ao ano. Para tal efecto, computaranse entre tales ingresos as plusvalías ou ganancias patrimoniais.

Para acreditar os ingresos de traballo ou de capital, poderase exixir ao pensionista unha declaración destes e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Presumirase que concorren os requisitos establecidos nos parágrafos anteriores cando o interesado percibise durante 2011 ingresos por contía igual ou inferior a 6.923,90 euros anuais. Esta presunción poderase destruír, de ser o caso, polas probas obtidas pola Administración.

Para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equiparanse a ingresos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

Cando, de conformidade coas previsións legais, se teña recoñecida unha parte proporcional da pensión de viuvez, o complemento para mínimos aplicarase, de ser o caso, na mesma proporción que se tivo en conta para o recoñecemento da pensión.

Os efectos económicos do recoñecemento dos complementos retrotraeranse ao día 1 de xaneiro do ano en que se soliciten ou á data de inicio da pensión, se esta é posterior ao 1 de xaneiro.

Porén, se a solicitude de tal recoñecemento se efectúa con ocasión de exercer o dereito ao cobramento dunha pensión cuxo feito causante se produciu no exercicio anterior, os efectos económicos poderán ser os da data do seu inicio, cunha retroactividade máxima dun ano desde a solicitude.

Dous. Os recoñecementos de complementos económicos que se efectúen en 2012 por declaracións do interesado terán carácter provisional ata que se comprobe a realidade ou efectividade do declarado.

A Administración poderá revisar periodicamente, de oficio ou por instancia do interesado, as resolucións de recoñecemento de complementos económicos, o que poderá supor, de ser o caso, a exixencia do reintegro do percibido indebidamente polo titular da pensión. Este reintegro poderase practicar con cargo ás sucesivas mensualidades de pensión.

Tres. Durante 2012 as contías mínimas das pensións de clases pasivas quedan fixadas, en cómputo anual, nos importes seguintes:

Clase de pensión	Importe		
	Con cónxuxe a cargo — Euros/ano	Sen cónxuxe: unidade económica unipersoal — Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo — Euros/ano
Pensión de xubilación ou retiro.	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Pensión de viuvez.		8.664,60	
Pensión familiar distinta da de viuvez, sendo N o número de beneficiarios da pensión ou pensións.		<u>8.443,40</u> N	

Catro. Os complementos económicos regulados nos números precedentes deste artigo non se aplicarán ás pensións recoñecidas ao abeiro da lexislación especial derivada da Guerra Civil, cuxas contías se fixan no artigo 40 desta lei, excepto ás pensións de orfandade recoñecidas ao abeiro do título II da Lei 37/1984, do 22 de outubro, así como ás recoñecidas a favor de orfos non incapacitados maiores de 21 anos, causadas por persoal non funcionario ao abeiro das leis 5/1979, do 18 de setembro, e 35/1980, do 26 de xuño.

Artigo 46. *Recoñecemento dos complementos para mínimos nas pensións da Seguridade Social.*

Un. Nos termos que regulamentariamente se determinen, terán dereito a percibir os complementos necesarios para alcanzar a contía mínima de pensións os pensionistas do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, que non perciban durante 2012 ingresos de capital ou traballo persoal ou que, percibíndoos, non excedan os 6.993,14 euros ao ano. Para tal efecto, tamén se computarán entre tales ingresos as plusvalías ou ganancias patrimoniais.

Para acreditar as rendas e ingresos, a entidade xestora poderá exixir ao pensionista unha declaración deles e, de ser o caso, a achega das declaracións tributarias presentadas.

Con todo, os pensionistas do sistema da Seguridade Social na súa modalidade contributiva, que perciban ingresos polos conceptos indicados en contía superior á cifra sinalada no parágrafo primeiro deste punto, terán dereito a un complemento por mínimos cando a suma en cómputo anual de tales ingresos e dos correspondentes á pensión xa revalorizada resulte inferior á suma de 6.993,14 euros máis o importe, en cómputo anual, da contía mínima fixada para a clase de pensión de que se trate. Neste caso, o complemento para mínimos consistirá na diferenza entre os importes de ambas as sumas, sempre que esta diferenza non determine para o interesado unha percepción mensual conxunta de pensión e complemento por importe superior ao da contía mínima de pensión que corresponda en termos mensuais. Para os únicos efectos de garantía de complementos para mínimos, equipararanse a ingresos de traballo as pensións públicas que non estean a cargo de calquera dos réximes públicos básicos de previsión social.

As cantidades a tanto global e os pagamentos periódicos aboados, con carácter compensatorio, aos pensionistas españois, ao abeiro do acordo suscrito entre España e o Reino Unido, o 18 de setembro de 2006, non se computarán para ningún efecto para o recoñecemento dos complementos para alcanzar a contía mínima das pensións.

Dous. Presumirase que concorren os requisitos indicados no número anterior cando o interesado percíbese durante o ano 2011 ingresos por contía igual ou inferior a 6.923,90 euros. Esta presunción poderase destruír, de ser o caso, polas probas obtidas pola Administración.

Tres. Para efectos do previsto neste artigo, considerarase que existe cónxuxe a cargo do titular dunha pensión cando aquel estea convivindo co pensionista e dependa economicamente del.

Entenderase que existe dependencia económica cando concorran as circunstancias seguintes:

a) Que o cónxuxe do pensionista non sexa, pola súa vez, titular dunha pensión a cargo dun réxime básico público de previsión social, entendendo comprendidos nese concepto os subsidios de garantía de ingresos mínimos e de axuda por terceira persoa, ambos da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e as pensións asistenciais reguladas na Lei 45/1960, do 21 de xullo.

b) Que os rendementos por calquera natureza do pensionista e do seu cónxuxe, computados na forma sinalada no número un deste artigo, resulten inferiores a 8.157,57 euros anuais.

Cando a suma, en cómputo anual, dos rendementos referidos no parágrafo anterior e do importe, tamén en cómputo anual, da pensión que se vaia complementar resulte inferior á suma de 8.157,57 euros e da contía anual da pensión mínima con cónxuxe a cargo de que se trate, recoñecerase un complemento igual á diferenza, distribuído entre o número de mensualidades que corresponda.

Catro. Para os efectos previstos no número un deste artigo, os pensionistas do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, que teñan recoñecido complemento por mínimos e percibisen durante o ano 2011 ingresos de capital ou traballo persoal que excedan os 6.923,90 euros, estarán obrigados a presentar declaración expresiva da contía de tales ingresos. O incumprimento desta obriga dará lugar ao reintegro das cantidades indebidamente percibidas polo pensionista, cos efectos e na forma que regulamentariamente se determinen.

Cinco. Durante o ano 2012, as contías mínimas das pensións do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade contributiva, quedan fixadas, en cómputo anual, clase de pensión e requisitos concorrentes no titular, nos importes seguintes:

Clase de pensión	Titulares		
	Con cónxuxe a cargo – Euros/ano	Sen cónxuxe: Unidade económica unipersoal – Euros/ano	Con cónxuxe non a cargo – Euros/ano
<b>Xubilación:</b>			
Titular con sesenta e cinco anos . . . . .	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Titular menor de sesenta e cinco anos. . . . .	10.018,40	8.104,60	7.658,00
Titular con 65 anos procedente de grande invalidez . . . . .	16.035,60	12.997,60	12.327,00
<b>Incapacidade permanente:</b>			
Grande invalidez. . . . .	16.035,60	12.997,60	12.327,00
Absoluta . . . . .	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Total: titular con sesenta e cinco anos . . . . .	10.690,40	8.664,60	8.218,00
Total: titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos . . . . .	10.018,40	8.104,60	7.658,00
Total: derivada de enfermidade común menor de sesenta anos . . . . .	5.388,60	5.388,60	4.938,08
Parcial do réxime de accidentes de traballo: titular con sesenta e cinco anos . . . . .	10.690,40	8.664,60	8.218,00
<b>Viuvez:</b>			
Titular con cargas familiares. . . . .		10.018,40	
Titular con sesenta e cinco anos ou con discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100 . . . . .		8.664,60	
Titular con idade entre sesenta e sesenta e catro anos. . . . .		8.104,60	
Titular con menos de sesenta anos . . . . .		6.559,00	

Clase de pensión	Euros/ano
<b>Orfandade:</b>	
Por beneficiario. . . . .	2.646,00
Na orfandade absoluta o mínimo incrementárase en 6.559,00 euros/ano distribuídos, de ser o caso, entre os beneficiarios.	
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65 por 100 . . . . .	5.206,60
<b>En favor de familiares:</b>	
Por beneficiario. . . . .	2.646,00

Clase de pensión	Euros/ano
Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:	
– Un só beneficiario con sesenta e cinco anos . . . . .	6.396,60
– Un só beneficiario menor de sesenta e cinco anos . . . . .	6.024,20
Varios beneficiarios: o mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 3.913,00 euros/ano entre o número de beneficiarios.	

## CAPÍTULO V

**Outras disposicións en materia de pensións públicas****Artigo 47. *Determinación inicial e revalorización das pensións non contributivas da Seguridade Social.***

Un. Para o ano 2012, a contía das pensións de xubilación e invalidez do sistema da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, fixarase en 5.007,80 euros íntegros anuais.

Dous. Para o ano 2012, establécese un complemento de pensión, fixado en 525 euros anuais, para o pensionista que acredite fidedignamente carecer de vivenda en propiedade e ter, como residencia habitual, unha vivenda alugada ao pensionista cuxo propietario non teña con el relación de parentesco ata terceiro grao, nin sexa cónxuxe ou persoa coa que constitúa unha unión estable e conviva con análoga relación de afectividade á conxugal. No caso de unidades familiares nas cales convivan varios perceptores de pensións non contributivas, só poderá percibir o complemento o titular do contrato de aluguer ou, de seren varios, o primeiro deles.

Autorízase o Goberno a ditar as normas de desenvolvemento necesarias para regular o procedemento de solicitude, recoñecemento e aboamento deste complemento, sen prexuízo de que teña efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2012, ou desde a data de recoñecemento da pensión para aqueles pensionistas que vexan recoñecida a prestación durante 2012.

**Artigo 48. *Pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez.***

Un. A partir do 1 de xaneiro do ano 2012, a contía das pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, non concorrentes con outras pensións públicas, queda fixada en cómputo anual en 5.539,80 euros.

Para estes efectos non se considerarán pensións concorrentes a prestación económica recoñecida ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, nin a pensión percibida polos mutilados útiles ou incapacitados de primeiro grao por causa da pasada Guerra Civil española, calquera que sexa a lexislación reguladora, nin o subsidio por axuda de terceira persoa previsto na Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, nin as pensións extraordinarias derivadas de actos de terrorismo.

Dous. O importe das pensións de vellez ou invalidez do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez será, en cómputo anual, de 5.383,00 euros cando concorran con pensións de viuvez dalgún dos réximes do sistema da Seguridade Social, ou con algunha destas pensións e, ademais, con calquera outra pensión pública de viuvez, sen prexuízo da aplicación, á suma dos importes de todas elas, do límite establecido na disposición transitoria sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, salvo que os interesados tivesen recoñecidos importes superiores con anterioridade ao 1 de setembro de 2005, caso en que se aplicarán as normas xerais sobre revalorización, sempre que, por efecto destas normas, a suma das contías das pensións concorrentes siga sendo superior ao mencionado límite.

Tres. As pensións do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez non experimentarán revalorización en 2012 cando entren en concorrencia con outras pensións públicas diferentes ás mencionadas no precedente número.



Malia o disposto no parágrafo anterior, cando a suma en cómputo anual de todas as pensións concorrentes, unha vez revalorizadas, e as do referido seguro obrigatorio de vellez e invalidez sexa inferior á contía fixada para a pensión de tal seguro no número dous deste artigo, a pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez revalorizarase nun importe igual á diferenza resultante entre ambas as cantidades. Esta diferenza non ten carácter consolidable, e será absorbible con calquera incremento que poidan experimentar as percepcións do interesado, xa sexa en concepto de revalorizacións ou por recoñecemento de novas prestacións de carácter periódico.

Catro. Cando, para o recoñecemento dunha pensión do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez, se totalizasen períodos de seguro ou de residencia cumpridos noutros países vinculados a España por norma internacional de Seguridade Social que prevexa esa totalización, o importe da pensión rateada a cargo de España non poderá ser inferior ao 50 por 100 da contía da pensión do seguro obrigatorio de vellez e invalidez que en cada momento corresponda, segundo sexan ou non concorrentes.

Esta mesma garantía aplicarase en relación cos titulares doutras pensións distintas das do extinguido seguro obrigatorio de vellez e invalidez que opten por algunha destas pensións, sempre que na data do feito causante da pensión que se estea a percibir reunisen todos os requisitos exixidos por tal seguro.

## TÍTULO V

### Das operacións financeiras

#### CAPÍTULO I

#### Débeda pública

##### Artigo 49. *Débeda pública.*

Un. Autorízase o ministro de Economía e Competitividade para que incremente a débeda do Estado, coa limitación de que o seu saldo vivo en 31 de decembro do ano 2012 non supere o correspondente saldo en 1 de xaneiro de 2012 en máis de 35.325.404,19 miles de euros.

Dous. Este límite será efectivo ao termo do exercicio, poderase superar no seu curso, e quedará automaticamente revisado:

- a) Polo importe das modificacións netas de créditos orzamentarios correspondentes aos capítulos I a VIII.
- b) Polas desviacións entre as previsións de ingresos contidas na presente lei e a súa evolución real.
- c) Pola diferenza entre os créditos orzamentarios totais dos capítulos I a VIII e o importe global das obrigas recoñecidas dos citados capítulos no exercicio.
- d) Polos anticipos de tesouraría e a variación neta das operacións non orzamentarias previstas legalmente.
- e) Pola variación neta nos dereitos e as obrigas do Estado recoñecidos e pendentes de ingreso ou pagamento.

As citadas revisións incrementarán ou reducirán o límite sinalado no punto anterior segundo supoñan un aumento ou unha diminución, respectivamente, da necesidade de financiamento do Estado.

##### Artigo 50. *Operacións de crédito autorizadas a organismos públicos.*

Un. Autorízanse os organismos públicos que figuran no anexo III desta lei para concertaren operacións de crédito durante o ano 2012 polos importes que, para cada un, figuran no anexo citado.

Así mesmo, autorízanse as entidades públicas empresariais que figuran nese mesmo anexo III a concertaren operacións de crédito durante o ano 2012 polos importes que,

para cada un, figuran no dito anexo. A autorización refírese, neste caso, de acordo co establecido no artigo 111.4 da Lei xeral orzamentaria, ás operacións de crédito que non se concerten e cancelen dentro do ano.

Dous. Os organismos públicos de investigación dependentes do Ministerio de Economía e Competitividade (Instituto Nacional de Investigación e Tecnoloxía Agraria e Alimentaria; Axencia Estatal Consello Superior de Investigacións Científicas; Instituto Xeolóxico e Mineiro de España; Instituto de Saúde Carlos III; Instituto de Astrofísica de Canarias; Instituto Español de Oceanografía; e Centro de Investigacións Enerxéticas, Medioambientais e Tecnolóxicas), o Instituto Nacional de Técnica Aeroespacial Esteban Terradas, dependente do Ministerio de Defensa, e a Universidade Nacional de Educación a Distancia, poderán concertar operacións de crédito como consecuencia dos anticipos reembolsables que se lles conceden con cargo ao capítulo VIII do orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade ou do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Esta autorización será aplicable unicamente aos anticipos que se concedan co fin de facilitar a dispoñibilidade de fondos para o pagamento da parte dos gastos que, unha vez xustificadas, se financien con cargo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

Tres. Os organismos dependentes do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que figuran no citado anexo III, con carácter previo á concertación das operacións correspondentes e co fin de verificar o destino do endebedamento, deberán solicitar autorización da Secretaria de Estado de Orzamentos e Gastos, achegando un plan económico-financieiro xustificativo da operación, incluídos os supostos en que o endebedamento se solicite para cubrir déficits de tesouraría que se produzan por desfase entre os pagamentos que realice o organismo en actuacións cofinanciadas con fondos europeos e os retornos comunitarios correspondentes a tales pagamentos.

*Artigo 51. Información da evolución da débeda do Estado ao Ministerio de Economía e Competitividade e ao Congreso dos Deputados e ao Senado; e das contas abertas polo Tesouro no Banco de España ou noutras entidades financeiras ao Congreso dos Deputados e ao Senado.*

Os organismos públicos que teñen ao seu cargo a xestión da débeda do Estado ou asumida por este, mesmo cando o asumido sexa unicamente a carga financeira, remitirán á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira do Ministerio de Economía e Competitividade a seguinte información: trimestralmente, sobre os pagamentos efectuados e sobre a situación da débeda o día último do trimestre, e ao comezo de cada ano, sobre a previsión de gastos financeiros e amortizacións para o exercicio.

O Goberno comunicará trimestralmente ás comisións de orzamentos do Congreso dos Deputados e do Senado o saldo detallado das operacións financeiras concertadas polo Estado e polos organismos autónomos.

Así mesmo, o Goberno comunicará trimestralmente o número de contas abertas polo Tesouro no Banco de España ou noutras entidades financeiras, así como os importes e a evolución dos saldos.

## CAPÍTULO II

### **Avais públicos e outras garantías**

*Artigo 52. Importe dos avais do Estado.*

Un. O importe máximo dos avais que outorgará o Estado durante o exercicio do ano 2012 non poderá exceder os 217.043.560 miles de euros.

Dous. Dentro do total sinalado no número anterior, resérvanse os seguintes importes:

a) 92.543.560 miles de euros para garantir as obrigacións económicas exixibles á sociedade denominada «Facilidade Europea de Estabilización Financeira», derivadas das

emisións de instrumentos financeiros, da concertación de operacións de préstamo e crédito, así como de calquera outra operación de financiamento que realice esa sociedade de acordo co establecido no Real decreto lei 9/2010, do 28 de maio, polo que se autoriza a Administración xeral do Estado ao outorgamento de avais a determinadas operacións de financiamento no marco do Mecanismo Europeo de Estabilización Financeira dos Estados membros da Zona do Euro.

b) 55.000.000 miles de euros para o outorgamento de avais ás obrigacións económicas derivadas das emisións de bonos e obrigacións novas que realicen as entidades de crédito residentes en España cunha actividade significativa no mercado de crédito nacional.

O aval garantirá o principal da emisión e os xuros ordinarios. De se producir a execución do aval, sempre que se inste dentro dos 5 días naturais seguintes á data de vencemento da obrigación garantida, o Estado satisfará unha compensación aos titulares lexítimos dos valores garantidos, sen prexuízo das cantidades que deba aboar en virtude do aval. O importe desta compensación será o resultante de aplicar ao pagamento no que consista a execución do aval o tipo de xuro Euro OverNight Index Average publicado polo Banco de España ou o que, de ser o caso, determine o ministro de Economía e Competitividade, do día do vencemento da obrigación garantida polo número de días que transcorran entre esta data e a de pagamento efectivo polo avalista, sobre a base dun ano de 360 días.

O ministro de Economía e Competitividade determinará os requisitos que deberán concorrer para a súa concesión, entre os cales se poderán incluír aquelas condicións especiais de solvencia que propoña o Banco de España, así como os trámites para o outorgamento dos avais e as comisións a que dean lugar o outorgamento e a utilización dos avais outorgados.

c) 3.000.000 miles de euros para os avais destinados a garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulación de activos que se regulan no artigo seguinte.

d) 66.000.000 miles de euros para garantir as obrigacións económicas exixibles ao Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria, derivadas das operacións previstas no artigo 2.5 do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.

Tres. Dentro do importe de 500.000 miles de euros non reservados no punto anterior, establécese un límite máximo de 40.000 miles de euros para garantir as obrigacións derivadas de operacións de crédito concertadas por empresas navieiras domiciliadas en España destinadas á renovación e modernización da frota mercante española mediante a adquisición por compra, por arrendamento con opción a compra ou por arrendamento financeiro con opción a compra, de buques mercantes novos, en construción ou usados cuxa antigüidade máxima sexa de cinco anos.

As solicitudes de aval que se presenten transcorridos seis meses desde a data de formalización da adquisición do buque non poderán ser tidas en conta.

A efectividade do aval que sexa outorgado con anterioridade á formalización da adquisición do buque quedará condicionada a que esta formalización se produza dentro dos seis meses seguintes á data de notificación do outorgamento do aval.

O importe avalado non poderá superar o 35% do prezo total do buque financiado.

As condicións dos préstamos asegurables baixo este sistema serán, como máximo, as establecidas no Real decreto 442/1994, do 11 de marzo, sobre primas e financiamento á construción naval, ou disposicións posteriores que o modifiquen.

En todo caso, a autorización de avais basearase nunha avaliación da viabilidade económico-financiera da operación e do risco.

As solicitudes, outorgamento e condicións destes avais rexeranse conforme o establecido na presente lei e na Orde PRE/2986/2008, do 14 de outubro, pola que se publica o Acordo da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos polo que se establece o procedemento para a concesión de avais do Estado para o financiamento de operacións de crédito destinadas á renovación e modernización da frota mercante española, ou nas disposicións posteriores que a modifiquen.

Catro. Autorízase a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira para que, na execución dos avais do Estado a que se refiren o punto dous.b) deste mesmo artigo, o punto dous.b) da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2011, e o artigo 1 do Real decreto lei 7/2008, do 13 de outubro, de medidas urxentes en materia económico-financeira en relación co Plan de Acción Concertada dos Países da Zona Euro, poida efectuar os pagamentos correspondentes ás obrigacións garantidas mediante operacións de tesouraría con cargo ao concepto específico establecido para tal fin.

Con posterioridade á súa realización, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación definitiva ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados no mes de decembro de cada ano, que se aplicarán ao orzamento no ano seguinte.

*Artigo 53. Avais para garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulación de activos.*

Un. O Estado poderá outorgar avais ata unha contía máxima, durante o exercicio de 2012, de 3.000.000 miles de euros, co obxecto de garantir valores de renda fixa emitidos por fondos de titulación de activos constituídos ao abeiro dos convenios que subscriban a Administración xeral do Estado e as sociedades xestoras de fondos de titulación de activos inscritas na Comisión Nacional do Mercado de Valores, co fin de mellorar o financiamento da actividade produtiva empresarial.

Os activos cedidos ao fondo de titulación serán préstamos ou créditos concedidos a todo tipo de empresas non financeiras domiciliadas en España. Non obstante, o activo cedido correspondente a un mesmo sector, de acordo co nivel de división da Clasificación nacional de actividades económicas 2009, non poderá superar o 25 por cento do total do activo cedido ao fondo de titulación.

Os fondos de titulación de activos poderanse constituír con carácter aberto, no sentido do artigo 4 do Real decreto 926/1998, do 14 de maio, polo que se regulan os fondos de titulación de activos e as sociedades xestoras de fondos de titulación, por un período máximo de dous anos desde a súa constitución, sempre e cando os activos cedidos ao fondo de titulación sexan préstamos ou créditos concedidos a partir do 1 de xaneiro de 2008.

Para a constitución dun fondo de titulación, as entidades de crédito interesadas deberán ceder préstamos e créditos concedidos a todo tipo de empresas non financeiras domiciliadas en España. Ao menos, o 50 por cento do saldo vivo dos préstamos e créditos cedidos deberán ter un prazo de amortización inicial non inferior a un ano e ter sido concedidos a pequenas e medianas empresas.

A entidade que ceda os préstamos e créditos deberá reinvestir a liquidez obtida como consecuencia do proceso de titulación en préstamos ou créditos concedidos a todo tipo de empresas non financeiras domiciliadas en España, das cales, polo menos, o 80 por cento sexan pequenas e medianas empresas. O reinvestimento deberase realizar, ao menos, o 50 por cento, no prazo dun ano contado desde a efectiva disposición da liquidez, e o resto no prazo de dous anos. Para estes efectos, entenderase por liquidez obtida o importe dos activos que a entidade cede ao fondo de titulación no momento da súa constitución así como, de ser o caso, nas posteriores cesións que se realicen como consecuencia do carácter aberto do fondo, durante o período anteriormente indicado de dous anos.

Dous. O importe vivo acumulado de todos os avais outorgados polo Estado a valores de renda fixa emitidos polos fondos de titulación de activos sinalados no número anterior non poderá exceder os 11.000.000 miles de euros en 31 de decembro de 2012.

Tres. O outorgamento dos avais sinalados no número 1 deste artigo deberá ser acordado polo Ministerio de Economía e Competitividade, con ocasión da constitución do fondo e logo da tramitación do preceptivo expediente.

Catro. As sociedades xestoras de fondos de titulización de activos deberán remitir á Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a información necesaria para o control do risco asumido por parte do Estado en virtude dos avais, en particular, a referente ao volume total do principal pendente de amortización dos valores de renda fixa emitidos polos fondos de titulización de activos e á taxa de activos non pagados ou falidos da carteira titulizada.

Cinco. A constitución dos fondos de titulización de activos a que se refiren os números anteriores estará exenta de todo arancel notarial e, de ser o caso, rexistral.

Seis. Autorízase a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira para que, na execución dos avais do Estado a que se refire o presente artigo e os outorgados en exercicios anteriores, poida efectuar os pagamentos correspondentes ás obrigacións garantidas mediante operacións non orzamentarias con cargo ao concepto específico que cree para tal fin.

Con posterioridade á súa realización, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira procederá á aplicación definitiva ao orzamento de gastos dos pagamentos realizados no exercicio, salvo os efectuados ao final do exercicio, que se aplicarán ao orzamento no ano seguinte.

Sete. Facúltase o titular do Ministerio de Economía e Competitividade para que estableza as normas e requisitos a que se axustarán os convenios a que fai mención o número 1 deste artigo.

*Artigo 54. Avais das entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais.*

Autorízase a Sociedade Estatal de Participacións Industriais a prestar avais no exercicio do ano 2012, en relación coas operacións de crédito que concerten e coas obrigacións derivadas de concursos de adjudicación en que participen durante o citado exercicio as sociedades mercantís en cuxo capital participe directa ou indirectamente, ata un límite máximo de 1.210.000 miles de euros.

### CAPÍTULO III

#### **Relacións do Estado co Instituto de Crédito Oficial**

*Artigo 55. Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (FONPRODE).*

Un. A dotación ao Fondo para a Promoción do Desenvolvemento ascenderá no ano 2012 a 285.230 miles de euros, con cargo á aplicación orzamentaria 12.03.143A. 874 «Fondo para a Promoción do Desenvolvemento (FONPRODE)» que se destinarán aos fins previstos no artigo 2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

Dous. O Consello de Ministros poderá autorizar operacións con cargo ao FONPRODE por un importe de ata 420.000 miles de euros ao longo do ano 2012. Dentro deste límite de 420.000 miles de euros, poderanse autorizar ata 135.000 miles de euros en operacións que, polo seu carácter non reembolsable, supoñan axuste no déficit público.

Tres. De acordo co establecido no artigo 13.2 da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, establécense os seguintes límites anuais:

Para as operacións relacionadas no artigo 2.1.a), b), c) e d): 135.000 miles de euros.

Para as operacións a que se refire o artigo 2.1.e): 285.000 miles de euros.

Quedan expresamente excluídas destas limitacións as operacións de refinanciamento de créditos concedidos con anterioridade con cargo ao Fondo que se leven a cabo en cumprimento dos oportunos acordos bilaterais ou multilaterais de renegociación da débeda exterior dos países prestameiros, nos que España sexa parte.

Catro. Serán recursos adicionais á dotación prevista para o FONPRODE todos os retornos procedentes dos seus activos e que teñan a súa orixe en operacións aprobadas

por iniciativa do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación. Serán igualmente recursos do fondo os importes depositados nas contas correntes do FONPRODE, así como aqueles importes fiscalizados e depositados na Dirección Xeral do Tesouro a nome de FONPRODE con cargo a dotacións orzamentarias de anteriores exercicios, con independencia da súa orixe. Estes recursos poderán ser utilizados para atender calquera compromiso, cuxa aprobación con cargo ao FONPRODE fose realizada de acordo cos procedementos previstos na normativa aplicable ao Fondo.

Cinco. A compensación anual ao ICO establecida no artigo 14 da Lei 13/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, será efectuada con cargo aos recursos do propio FONPRODE, logo de autorización por acordo do Consello de Ministros, polos gastos en que incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda.

*Artigo 56. Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.*

A dotación ao Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento a que se refire a disposición adicional sexaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, ascenderá, no ano 2012, a 15.000 miles de euros e destinarase aos fins previstos no número tres da dita disposición adicional.

O Consello de Ministros poderá autorizar operacións con cargo ao Fondo por un importe de ata 15.000 miles de euros durante o ano 2012.

O Goberno informará o Congreso e o Senado durante o primeiro semestre do ano das operacións autorizadas polo Consello de Ministros con cargo a este Fondo do ano anterior.

*Artigo 57. Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM).*

Un. A dotación ao Fondo para a Internacionalización da Empresa ascenderá no ano 2012 a 261.000 miles de euros con cargo á aplicación orzamentaria 27.09.431A.871 «Fondo para a Internacionalización da Empresa (FIEM)», que se destinarán aos fins previstos no artigo 4 da Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española.

Dous. Poderanse autorizar operacións con cargo ao FIEM por un importe de ata 500.000 miles de euros durante o ano 2012.

Quedan expresamente excluídas desta limitación as operacións de refinanciamento de créditos concedidos con anterioridade con cargo ao Fondo que se leven a cabo en cumprimento dos oportunos acordos bilaterais ou multilaterais de renegociación da débeda exterior dos países prestameiros, nos que España sexa parte.

O Consello de Ministros poderá autorizar proxectos individuais de especial relevancia para a internacionalización atendendo ao seu importe, acordando, de ser o caso, a imputación de parte do proxecto dentro do límite previsto no parágrafo anterior, quedando os sucesivos importes do proxecto para imputación en exercicios posteriores, dentro dos límites previstos nas correspondentes leis de orzamentos anuais.

Durante o ano 2012 non se poderán autorizar con cargo ao FIEM operacións de carácter non reembolsable.

Tres. Serán recursos adicionais á dotación prevista para o FIEM os retornos que teñan lugar durante o exercicio económico 2012 e que teñan a súa orixe en operacións do FIEM ou en operacións aprobadas con cargo ao Fondo de Axuda ao Desenvolvemento, por iniciativa do Ministerio de Economía e Competitividade.

Catro. A compensación anual ao ICO establecida no artigo 11.4 da Lei 11/2010, do 28 de xuño, de reforma do sistema de apoio financeiro á internacionalización da empresa española, será efectuada con cargo aos recursos do propio FIEM, logo de autorización por acordo do Consello de Ministros, polos gastos en que incorra no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda.

Cinco. O Goberno informará anualmente as Cortes Xerais e o Consello Económico e Social das operacións, proxectos e actividades autorizadas con cargo ao FIEM, dos seus obxectivos e beneficiarios do financiamento, condicións financeiras e avaliacións, así como sobre o desenvolvemento das operacións en curso durante o período previsto.

*Artigo 58. Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial.*

Un. Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial como consecuencia da xestión de sistema CARI. O Estado reembolsará durante o ano 2012 ao Instituto de Crédito Oficial tanto as cantidades que este lles satisfíxese ás institucións financeiras en pagamento das operacións de axuste de xuros previstas na Lei 11/1983, do 16 de agosto, de medidas financeiras de estímulo á exportación, como os custos de xestión desas operacións en que aquel incorrese.

Para este propósito, a dotación para o ano 2012 ao sistema CARI (Convenio de Axuste Recíproco de Xuros), será a que figure na partida orzamentaria 27.09.431A.444.

No caso de que existan saldos positivos do sistema a favor do Instituto de Crédito Oficial en 31 de decembro do ano 2012, unha vez deducidos os custos de xestión en que incorrese o ICO, estes ingresaranse en Tesouro.

Dentro do conxunto de operacións de axuste de xuros aprobadas durante o exercicio 2012, o importe dos créditos á exportación a que se refire o artigo 4.2 do regulamento aprobado polo Real decreto 677/1993, do 7 de maio, que poderán ser aprobados durante o ano 2012, ascende a 480.000 miles de euros.

Coa finalidade de optimizar a xestión financeira das operacións de axuste recíproco de xuros, o Instituto de Crédito Oficial poderá, con cargo aos mesmos ingresos e dotacións sinaladas no parágrafo anterior e conforme os seus estatutos e normas de actuación, concertar por si ou a través de axentes financeiros de intermediación, operacións de intercambio financeiro que teñan por obxecto cubrir o risco que para o Tesouro poida supor a evolución dos tipos de xuro, logo de informe favorable da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e autorización da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Economía e Competitividade.

Dous. Reembolsos do Estado ao Instituto de Crédito Oficial como consecuencia doutras actividades:

Nos supostos de xuros subvencionados polo Estado en operacións financeiras instrumentadas a través do Instituto de Crédito Oficial, os acordos do Consello de Ministros ou da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos incluírán información acerca da reserva de créditos nos orzamentos xerais do Estado.

*Artigo 59. Adquisición de accións e participacións de organismos financeiros multilaterais.*

Un. Durante o ano 2012 o límite máximo das operacións de adquisición de accións e participacións de organismos financeiros multilaterais ou de achegas a fondos constituídos neles, con impacto en déficit público e financiadas con cargo ás aplicacións orzamentarias 27.04.923O.869 e 27.06.923P.869 «De organismos financeiros multilaterais» será de 125.000 miles de euros.

Dous. Para efectos do cumprimento do límite previsto no número anterior, a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira e a Dirección Xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional xuntarán ás propostas de financiamento con cargo a tales aplicacións orzamentarias un informe sobre o seu impacto no déficit público, que será elaborado logo da correspondente solicitude pola Intervención Xeral da Administración do Estado.

Tres. Trimestralmente o Ministerio de Economía e Competitividade informará o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a execución das operacións realizadas para efectos de verificar o cumprimento do límite regulado no número un.

## TÍTULO VI

## Normas tributarias

## CAPÍTULO I

## Impostos directos

*Sección 1.<sup>a</sup> Imposto sobre a renda das persoas físicas*Artigo 60. *Coefficientes de actualización do valor de adquisición.*

Un. Para efectos do previsto no número 2 do artigo 35 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, para as transmisións de bens inmoables non afectos a actividades económicas que se efectúen durante o ano 2012, os coeficientes de actualización do valor de adquisición serán os seguintes:

Ano de adquisición	Coefficiente
1994 e anteriores	1,3037
1995	1,3773
1996	1,3302
1997	1,3037
1998	1,2784
1999	1,2554
2000	1,2313
2001	1,2071
2002	1,1834
2003	1,1603
2004	1,1375
2005	1,1151
2006	1,0933
2007	1,0719
2008	1,0509
2009	1,0303
2010	1,0201
2011	1,0100
2012	1,0000

Porén, cando os investimentos se efectuasen o 31 de decembro de 1994, será de aplicación o coeficiente 1,3773.

A aplicación dun coeficiente distinto da unidade exixirá que o investimento fose realizado con máis dun ano de antelación á data da transmisión do ben inmoable.

Dous. Para efectos da actualización do valor de adquisición previsto no punto anterior, os coeficientes aplicables aos bens inmoables afectos a actividades económicas serán os previstos para o imposto sobre sociedades no artigo 62 desta lei.

Tres. Tratándose de elementos patrimoniais actualizados de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, sobre medidas urxentes de carácter fiscal e de fomento e liberalización da actividade económica, aplicaranse as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> Os coeficientes de actualización a que se refire o punto anterior aplicaranse sobre o prezo de adquisición e sobre as amortizacións contabilizadas correspondentes a



el, sen tomar en consideración o importe do incremento neto do valor resultante das operacións de actualización.

2.<sup>a</sup> A diferenza entre as cantidades determinadas pola aplicación do establecido no número anterior minorarase no importe do valor anterior do elemento patrimonial.

Para determinar o valor anterior do elemento patrimonial actualizado tomaranse os valores que fosen considerados para os efectos de aplicar os coeficientes de actualización.

3.<sup>a</sup> O importe que resulte das operacións descritas no número anterior minorarase no incremento neto de valor derivado das operacións de actualización previstas no Real decreto lei 7/1996, sendo a diferenza positiva así determinada o importe da depreciación monetaria.

4.<sup>a</sup> A ganancia ou perda patrimonial será o resultado de minorar a diferenza entre o valor de transmisión e o valor contable no importe da depreciación monetaria a que se refire o número anterior.

Artigo 61. *Gravame complementario á cota íntegra estatal para a redución do déficit público nos exercicios 2012 e 2013.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2012, engádese unha disposición adicional trixésimo quinta na Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional trixésimo quinta. *Gravame complementario á cota íntegra estatal para a redución do déficit público nos exercicios 2012 e 2013.*

1. Nos períodos impositivos 2012 e 2013, a cota íntegra estatal a que se refire o artigo 62 desta lei incrementarase nos seguintes importes:

a) O resultante de aplicar á base liquidable xeral os tipos da seguinte escala:

Base liquidable xeral – Ata euros	Incremento en cota íntegra estatal – Euros	Resto base liquidable xeral – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	17.707,20	0,75
17.707,20	132,80	15.300,00	2
33.007,20	438,80	20.400,00	3
53.407,20	1.050,80	66.593,00	4
120.000,20	3.714,52	55.000,00	5
175.000,20	6.464,52	125.000,00	6
300.000,20	13.964,52	En diante	7

A contía resultante minorarase no importe derivado de aplicar á parte da base liquidable xeral correspondente ao mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei, a escala prevista nesta letra a).

Cando o contribuínte satisfaga anualidades por alimentos aos seus fillos por decisión xudicial e o importe daquelas sexa inferior á base liquidable xeral, aplicará a escala prevista nesta letra a) separadamente ao importe das anualidades por alimentos e ao resto da base liquidable xeral. A contía total resultante minorarase no importe derivado de aplicar a escala prevista nesta letra a) á parte da base liquidable xeral correspondente ao mínimo persoal e familiar incrementado en 1.600 euros anuais, sen que o resultado desta minoración poida resultar negativo.

b) O resultante de aplicar á base liquidable do aforro, na parte que non corresponda, de ser o caso, co mínimo persoal e familiar a que se refire o artigo 56 desta lei, os tipos da seguinte escala:

Base liquidable do aforro – Ata euros	Incremento en cota íntegra estatal – Euros	Resto base liquidable do aforro – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	6.000	2
6.000,00	120	18.000	4
24.000,00	840	En diante	6

2. Nos períodos impositivos 2012 e 2013, a cota de retención a que se refiren os números 1 e 2 do artigo 85 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas incrementarase no importe resultante de aplicar á base para calcular o tipo de retención os tipos previstos na seguinte escala:

Base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Cota de retención – Euros	Resto base para calcular o tipo de retención – Ata euros	Tipo aplicable – Porcentaxe
0	0	17.707,20	0,75
17.707,20	132,80	15.300,00	2
33.007,20	438,80	20.400,00	3
53.407,20	1.050,80	66.593,00	4
120.000,20	3.714,52	55.000,00	5
175.000,20	6.464,52	125.000,00	6
300.000,20	13.964,52	En diante	7

A contía resultante minorarase no importe derivado de aplicar ao importe do mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención a que se refire o artigo 84 do regulamento do imposto, a escala prevista neste punto, sen que o resultado desta minoración poida resultar negativo.

Cando o perceptor de rendementos do traballo satisfaga anualidades por alimentos en favor dos fillos por decisión xudicial, sempre que o seu importe sexa inferior á base para calcular o tipo de retención, aplicarase a escala prevista neste punto separadamente ao importe das ditas anualidades e ao resto da base para calcular o tipo de retención. A contía total resultante minorarase no importe derivado de aplicar a escala prevista neste punto ao importe do mínimo persoal e familiar para calcular o tipo de retención incrementado en 1.600 euros anuais, sen que o resultado desta minoración poida resultar negativo.

En ningún caso, cando se produzan regularizacións nos citados períodos impositivos, o novo tipo de retención aplicable poderá ser superior ao 52 por cento. A citada porcentaxe será o 26 por cento cando a totalidade dos rendementos do traballo se obtivesen en Ceuta e Melilla e se beneficien da dedución prevista no artigo 68.4 desta lei.

Regulamentariamente poderán modificarse as contías e porcentaxes previstas neste punto.

3. As retencións e ingresos á conta a practicar sobre os rendementos do traballo que se satisfagan ou aboem durante o mes de xaneiro de 2012, correspondentes a ese mes, e aos cales resulte de aplicación o procedemento xeral de retención a que se refiren os artigos 80.1.1.º e 82 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, deberanse realizar sen tomar en consideración o disposto no número 2 anterior.

Nos rendementos que se satisfagan ou aboem a partir do 1 de febreiro de 2012, sempre que non se trate de rendementos correspondentes ao mes de xaneiro, o pagador deberá calcular o tipo de retención tomando en consideración o disposto no número 2 anterior, e a súa regularización practicarase, se procede, de acordo co

sinalado no Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, nos primeiros rendementos do traballo que se satisfaga ou aboe.

4. Nos períodos impositivos 2012 e 2013, as porcentaxes de pagamentos á conta do 19 por cento previstos no artigo 101 desta lei e a porcentaxe do ingreso á conta a que se refire o artigo 92.8 desta lei, elévanse ao 21 por cento.

Así mesmo, durante os períodos a que se refire o parágrafo anterior, a porcentaxe de retención do 35 por cento prevista no número 2 do artigo 101 desta lei elévase ao 42 por cento.»

### Sección 2.<sup>a</sup> Imposto sobre sociedades

#### Artigo 62. *Coefficientes de corrección monetaria.*

Un. Con efectos para os períodos impositivos que se inicien durante 2012, os coeficientes previstos no artigo 15.9.a) do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, en función do momento de adquisición do elemento patrimonial transmitido, serán os seguintes:

	Coeficiente
Con anterioridade a 1 de xaneiro de 1984 . . . . .	2,2946
No exercicio 1984 . . . . .	2,0836
No exercicio 1985 . . . . .	1,9243
No exercicio 1986 . . . . .	1,8116
No exercicio 1987 . . . . .	1,7258
No exercicio 1988 . . . . .	1,6487
No exercicio 1989 . . . . .	1,5768
No exercicio 1990 . . . . .	1,5151
No exercicio 1991 . . . . .	1,4633
No exercicio 1992 . . . . .	1,4309
No exercicio 1993 . . . . .	1,4122
No exercicio 1994 . . . . .	1,3867
No exercicio 1995 . . . . .	1,3312
No exercicio 1996 . . . . .	1,2679
No exercicio 1997 . . . . .	1,2396
No exercicio 1998 . . . . .	1,2235
No exercicio 1999 . . . . .	1,2150
No exercicio 2000 . . . . .	1,2089
No exercicio 2001 . . . . .	1,1839
No exercicio 2002 . . . . .	1,1696
No exercicio 2003 . . . . .	1,1499
No exercicio 2004 . . . . .	1,1389
No exercicio 2005 . . . . .	1,1238
No exercicio 2006 . . . . .	1,1017
No exercicio 2007 . . . . .	1,0781
No exercicio 2008 . . . . .	1,0446
No exercicio 2009 . . . . .	1,0221
No exercicio 2010 . . . . .	1,0100
No exercicio 2011 . . . . .	1,0100
No exercicio 2012 . . . . .	1,0000

Dous. Os coeficientes aplicaranse da seguinte maneira:

a) Sobre o prezo de adquisición ou custo de produción, atendendo ao ano de adquisición ou produción do elemento patrimonial. O coeficiente aplicable ás melloras será o correspondente ao ano en que se realizasen.

b) Sobre as amortizacións contabilizadas, atendendo ao ano en que se realizaron.

Tres. Tratándose de elementos patrimoniais actualizados de acordo co previsto no artigo 5 do Real decreto lei 7/1996, do 7 de xuño, os coeficientes aplicaranse sobre o prezo de adquisición e sobre as amortizacións contabilizadas correspondentes a el, sen tomar en consideración o importe do incremento neto de valor resultante das operacións de actualización.

A diferenza entre as cantidades determinadas pola aplicación do establecido no punto anterior minorarase no importe do valor anterior do elemento patrimonial e ao resultado aplicarase, en canto proceda, o coeficiente a que se refire a letra c) do número 9 do artigo 15 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

O importe que resulte das operacións descritas no parágrafo anterior minorarase no incremento neto de valor derivado das operacións de actualización previstas no Real decreto lei 7/1996, sendo a diferenza positiva así determinada o importe da depreciación monetaria a que fai referencia o número 9 do artigo 15 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades.

Para determinar o valor anterior do elemento patrimonial actualizado tomaranse os valores que fosen considerados para os efectos de aplicar os coeficientes establecidos no número un.

#### Artigo 63. *Pagamento fraccionado do imposto sobre sociedades.*

Respecto dos períodos impositivos que se inicien durante o ano 2012, a porcentaxe a que se refire o número 4 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, será o 18 por cento para a modalidade de pagamento fraccionado prevista no seu número 2. As deducións e bonificacións a que se refire o dito número incluírán todas aquelas outras que lle sexan de aplicación ao suxeito pasivo.

Para a modalidade prevista no número 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, a porcentaxe será o resultado de multiplicar por cinco sétimos o tipo de gravame arredondado por defecto.

Estarán obrigados a aplicar a modalidade a que se refire o parágrafo anterior os suxeitos pasivos cuxo volume de operacións, calculado conforme o disposto no artigo 121 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, superase a cantidade de 6.010.121,04 euros durante os doce meses anteriores á data en que se inicien os períodos impositivos dentro do ano 2012.

Para os efectos da aplicación da modalidade de pagamento fraccionado prevista no número 3 do artigo 45 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, deberase ter en conta o disposto no artigo 9.º Primeiro. Un do Real decreto lei 9/2011, do 19 de agosto, de medidas para a mellora da calidade e cohesión do Sistema nacional de saúde, de contribución á consolidación fiscal, e de elevación do importe máximo dos avais do Estado para 2011.

#### Artigo 64. *Porcentaxes de retención ou ingreso á conta nos exercicios 2012 e 2013.*

Con efectos desde 1 de xaneiro de 2012 e vixencia indefinida, engádese unha disposición adicional décimo cuarta no texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional décimo cuarta. *Porcentaxes de retención ou ingreso á conta nos exercicios 2012 e 2013.*

Desde o 1 de xaneiro de 2012 e ata o 31 de decembro de 2013, ambos inclusive, a porcentaxe de retención ou ingreso á conta do 19 por cento a que se refire a letra a) do número 6 do artigo 140 desta lei elévase ao 21 por 100.»

### *Sección 3.<sup>a</sup> Imposto sobre a renda de non-residentes*

#### Artigo 65. *Rendas exentas.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a letra h) do número 1 do artigo 14 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 de marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«h) Os beneficios distribuídos polas sociedades filiais residentes en territorio español ás súas sociedades matrices residentes noutros Estados membros da Unión Europea ou aos establecementos permanentes destas últimas situados noutros Estados membros, cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Que ambas as sociedades estean suxeitas e non exentas a algún dos tributos que gravan os beneficios das entidades xurídicas nos Estados membros da Unión Europea, mencionados no artigo 2.c) da Directiva 90/435/CEE do Consello, do 23 de xullo de 1990, relativa ao réxime aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, e os establecementos permanentes estean suxeitos e non exentos a imposición no Estado en que estean situados.

2.º Que a distribución do beneficio non sexa consecuencia da liquidación da sociedade filial.

3.º Que ambas as sociedades revistan algunha das formas previstas no anexo da Directiva 90/435/CEE do Consello, do 23 de xullo de 1990, relativa ao réxime aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, modificada pola Directiva 2003/123/CE do Consello, do 22 de decembro de 2003.

Terá a consideración de sociedade matriz aquela entidade que posúa no capital doutra sociedade unha participación directa ou indirecta de, ao menos, o 5 por cento. Esta última terá a consideración de sociedade filial. A mencionada participación deberase ter mantido de forma ininterrompida durante o ano anterior ao día en que sexa exixible o beneficio que se distribúa ou, no seu defecto, que se manteña durante o tempo que sexa necesario para completar un ano. Neste último caso, a cota tributaria ingresada será devolta unha vez cumprido ese prazo.

Tamén terá a consideración de sociedade matriz aquela entidade que tendo a mencionada porcentaxe de participación pero, sen ter transmitido a participación, esta porcentaxe tida se reducise ata un mínimo do 3 por cento como consecuencia de que a sociedade filial realizase unha operación acollida ao réxime fiscal especial establecido no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, ou unha operación no ámbito de ofertas públicas de adquisición de valores. Esta consideración manterase dentro do prazo de tres anos desde a realización da operación mentres no exercicio correspondente á distribución dos dividendos non se transmita totalmente a participación ou esta quede por debaixo da porcentaxe mínima exixida do 3 por cento.

A residencia determinarase consonte a lexislación do Estado membro que corresponda, sen prexuízo do establecido nos convenios para evitar a dobre imposición.

Malia o previsto anteriormente, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá declarar, a condición de reciprocidade, que o establecido nesta

letra h) sexa de aplicación ás sociedades filiais que revistan unha forma xurídica diferente das previstas no anexo da directiva e aos dividendos distribuídos a unha sociedade matriz que posúa no capital dunha sociedade filial residente en España unha participación directa ou indirecta de, ao menos, o 5 por cento, ou o 3 por cento no caso dunha operación acollida ao réxime fiscal especial establecido no capítulo VIII do título VII do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, ou unha operación no ámbito de ofertas públicas de adquisición de valores, sempre que se cumpran as restantes condicións establecidas nesta letra h).

O establecido nesta letra h) non será de aplicación cando a maioría dos dereitos de voto da sociedade matriz a posúan, directa ou indirectamente, persoas físicas ou xurídicas que non residan en Estados membros da Unión Europea, excepto cando aquela realice efectivamente unha actividade empresarial directamente relacionada coa actividade empresarial desenvolvida pola sociedade filial ou teña por obxecto a dirección e xestión da sociedade filial mediante a adecuada organización de medios materiais e persoais ou probe que se constituíu por motivos económicos válidos e non para desfrutar indebidamente do réxime previsto nesta letra h).

O disposto nesta letra h) aplicarase igualmente aos beneficios distribuídos polas sociedades filiais residentes en territorio español ás súas sociedades matrices residentes nos Estados integrantes do Espazo Económico Europeo ou aos establecementos permanentes destas últimas situados noutros Estados integrantes, cando concorran os seguintes requisitos:

1.º Os Estados integrantes do Espazo Económico Europeo onde residan as sociedades filiais subscribisen con España un convenio para evitar a dobre imposición internacional con cláusula de intercambio de información ou un acordo de intercambio de información en materia tributaria.

2.º Se trate de sociedades suxeitas e non exentas a un tributo equivalente aos que gravan os beneficios das entidades xurídicas nos Estados membros da Unión Europea, mencionados no artigo 2.c) da Directiva 90/435/CEE do Consello, do 23 de xullo de 1990, relativa ao réxime aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, e os establecementos permanentes estean suxeitos e non exentos a imposición no Estado en que estean situados.

3.º As sociedades matrices residentes nos Estados integrantes do Espazo Económico Europeo revistan algunha forma equivalente ás previstas no anexo da Directiva 90/435/CEE do Consello, do 23 de xullo de 1990, relativa ao réxime aplicable ás sociedades matrices e filiais de Estados membros diferentes, modificada pola Directiva 2003/123/CE do Consello, do 22 de decembro de 2003.

4.º Se cumpran os restantes requisitos establecidos nesta letra h).»

#### Artigo 66. *Tipo de gravame nos exercicios 2012 e 2013.*

Engádese unha disposición adicional terceira no texto refundido da Lei do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2004, do 5 marzo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional terceira. *Tipo de gravame do imposto nos exercicios 2012 e 2013.*

Desde o 1 de xaneiro de 2012 e ata o 31 de decembro de 2013, ambos inclusive, os tipos de gravame do 19 por cento a que se refiren os artigos 19.2 e 25.1.f) desta lei elévanse ao 21 por 100.

Así mesmo, durante o período a que se refire o parágrafo anterior, o tipo de gravame do 24 por cento previsto no artigo 25.1.a) desta lei elévase ao 24,75 por cento.»

## CAPÍTULO II

**Impostos indirectos***Sección 1.ª Imposto sobre o valor engadido*

Artigo 67. *Adquisicións intracomunitarias de gas, electricidade, calor e frío.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a letra g) do ordinal 1.º do artigo 13 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactada da seguinte forma:

«g) As adquisicións de bens que se correspondan coas entregas de gas a través dunha rede de gas natural situada no territorio da comunidade ou de calquera rede conectada á citada rede, as entregas de electricidade ou as entregas de calor ou de frío a través das redes de calefacción ou de refrixeración que se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto de acordo co número sete do artigo 68.»

Artigo 68. *Servizos de restauración e catering.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a letra A) do ordinal 5.º do número un do artigo 70 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactada da seguinte forma:

«5.ªA) Os de restauración e *catering* nos seguintes supostos:

a) Os prestados a bordo dun buque, dun avión ou dun tren, no curso da parte dun transporte de pasaxeiros realizado na comunidade cuxo lugar de inicio se encontre no territorio de aplicación do imposto.

Cando se trate dun transporte de ida e volta, o traxecto de volta considerarase como un transporte distinto.

b) Os restantes servizos de restauración e *catering* cando se presten materialmente no territorio de aplicación do imposto.»

Artigo 69. *Suxeito pasivo nas adquisicións intracomunitarias de gas, electricidade, calor e frío.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o ordinal 4.º do número un do artigo 84 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado da seguinte forma:

«4.º Sen prexuízo do disposto nos números anteriores, os empresarios ou profesionais, así como as persoas xurídicas que non actúen como empresarios ou profesionais, que sexan destinatarios de entregas de gas e electricidade ou as entregas de calor ou de frío a través das redes de calefacción ou de refrixeración que se entendan realizadas no territorio de aplicación do imposto conforme o disposto no número sete do artigo 68, sempre que a entrega a efectúe un empresario ou profesional non establecido no citado territorio e lle comunicasen o número de identificación que para efectos do imposto sobre o valor engadido teñan asignado pola Administración española.»

*Sección 2.ª Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados*

Artigo 70. *Escala por transmisións e rehabilitacións de grandezas e títulos nobiliarios.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei, a escala a que fai referencia o parágrafo primeiro do artigo 43 do texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións

patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, será a seguinte:

Escala	Transmisións directas — Euros	Transmisións transversais — Euros	Rehabilitacións e recoñecemento de títulos estranxeiros — Euros
1.º Por cada título con grandeza . . . . .	2.620	6.567	15.745
2.º Por cada grandeza sen título . . . . .	1.873	4.695	11.240
3.º Por cada título sen grandeza . . . . .	746	1.873	4.506

### Sección 3.ª Impostos especiais

Artigo 71. *Modificación das definicións de gasolina sen chumbo.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei, modifícase a epígrafe 1.2.1 da tarifa 1.ª do imposto sobre hidrocarburos, contida no artigo 50.1 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactada da seguinte forma:

«Epígrafe 1.2.1 Gasolinas sen chumbo de 98 l.OU. ou de octanaxe superior: 431,92 euros por 1.000 litros.»

Artigo 72. *Adaptación á normativa comunitaria.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei, modifícase a epígrafe 1.11 da tarifa 1.ª do imposto sobre hidrocarburos, contida no artigo 50.1 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, que queda redactada da seguinte forma:

«Epígrafe 1.11 Queroseno para uso xeral: 306 euros por 1.000 litros.»

## CAPÍTULO III

### Outros tributos

Artigo 73. *Taxas.*

Un. Elévanse, a partir da entrada en vigor desta lei, os tipos de contía fixa das taxas da Facenda estatal ata a contía que resulte da aplicación do coeficiente 1,01 ao importe exixible durante o ano 2011, tendo en conta o disposto polo artigo 83.Un da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Exceptúanse do previsto no parágrafo anterior as taxas que fosen creadas ou que fosen obxecto de actualización específica por normas ditadas no ano 2011.

As taxas exixibles pola Xefatura Central de Tráfico axustaranse, unha vez aplicado o coeficiente anteriormente indicado, ao múltiplo de 20 céntimos de euro máis próximo; cando o importe que se vaia axustar sexa múltiplo de 10 céntimos de euro elevarase ao múltiplo de 20 céntimos de euro inmediato superior a aquel.

Dous. Considéranse tipos de contía fixa aqueles que non se determinen por unha porcentaxe da base ou cuxa base non se valore en unidades monetarias.

Tres. Mantéñense para o ano 2012 os tipos e contías fixas establecidos no número 4 do artigo 3 do Real decreto lei 16/1977, do 25 de febreiro, polo que se regulan os aspectos penais, administrativos e fiscais dos xogos de sorte, envite ou azar, no importe exixible durante o ano 2011, de acordo co establecido no artigo 83.Catro da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.



Artigo 74. *Taxas en materia de telecomunicacións.*

Para o ano 2012, os parámetros e porcentaxes que nas taxas en materia de telecomunicacións se deben fixar anualmente na Lei de orzamentos xerais do Estado son os establecidos no artigo 9 do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Artigo 75. *Taxa do Instituto de Contabilidade e Auditoría de Contas por emisión de informes de auditoría de contas.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o número 4 do artigo 44 do texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado mediante Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo, que pasa a ter a seguinte redacción:

«4. A cota tributaria desta taxa consistirá nunha cantidade fixa de 94,20 euros por cada informe de auditoría emitido e 188,40 euros por cada informe de auditoría sobre unha entidade de interese público no caso de que o importe dos honorarios facturados polo informe de auditoría sexa inferior ou igual a 30.000 euros.

Esa contía fixa será de 188,40 euros por cada informe de auditoría emitido e 376,80 euros por cada informe de auditoría sobre unha entidade de interese público, no caso de que o importe dos honorarios facturados polo informe de auditoría sexa superior a 30.000 euros.

Para estes efectos, enténdese por entidade de interese público o establecido no artigo 2.5 do texto refundido da Lei de auditoría de contas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2011, do 1 de xullo.»

Artigo 76. *Taxa aproximación.*

Malia o disposto no artigo 73, mantéñense para o ano 2012 as contías da taxa de aproximación no importe exixible durante o ano 2011 de acordo co establecido no artigo 86 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, modificadas, con efectos desde o 8 de xuño de 2011, pola Lei 1/2011, do 4 de marzo, números vinte e cinco e vinte e seis.

Artigo 77. *Contías básicas das taxas aplicables ao sistema portuario de interese xeral.*

De acordo co previsto na disposición adicional vixésimo segunda do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, as contías básicas das taxas do buque, da pasaxe, da mercadoría, das embarcacións deportivas e de lecer, da taxa por utilización da zona de tránsito, da taxa de axudas á navegación e da tarifa fixa polo servizo de recepción de refugallos xerados por buques, establecidas na citada norma, mantéñense sen ningunha actualización, sen prexuízo do réxime de actualización propio establecido na referida norma para a taxa de ocupación e a taxa de actividade.

Artigo 78. *Coefficientes correctores de aplicación ás taxas do buque, da pasaxe e da mercadoría nos portos de interese xeral.*

Os coeficientes correctores previstos no artigo 166 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, que aplicarán as autoridades portuarias ás taxas do buque, da mercadoría e da pasaxe, serán os indicados no seguinte cadro:

Autoridade portuaria	Taxa buque	Taxa mercadoría	Taxa pasaxe
A Coruña. . . . .	1,30	1,30	1,05
Alacant . . . . .	1,30	1,30	1,30
Almería . . . . .	1,20	1,20	1,20
Avilés . . . . .	1,20	1,10	1,00
Bahía de Algeciras . . . . .	1,00	1,00	0,98
Bahía de Cádiz. . . . .	1,18	1,18	1,10
Balears . . . . .	1,00	0,95	1,00
Barcelona . . . . .	1,00	1,00	1,00
Bilbao . . . . .	1,00	1,00	1,00
Cartagena. . . . .	0,95	1,00	0,80
Castellón. . . . .	1,00	1,10	1,00
Ceuta . . . . .	1,30	1,30	1,30
Ferrol-San Cibrao . . . . .	1,10	1,03	0,92
Gijón . . . . .	1,30	1,30	1,10
Huelva . . . . .	1,00	0,98	0,87
Las Palmas. . . . .	1,20	1,23	1,30
Málaga . . . . .	1,20	1,30	1,30
Marín e ría de Pontevedra . . . . .	1,10	1,10	1,00
Melilla . . . . .	1,30	1,30	1,30
Motril. . . . .	1,30	1,30	1,10
Pasaia. . . . .	1,20	1,10	1,00
Sta. Cruz de Tenerife . . . . .	1,20	1,30	1,30
Santander. . . . .	1,00	1,00	1,00
Sevilla. . . . .	1,18	1,18	1,10
Tarragona . . . . .	0,95	1,00	0,80
Valencia . . . . .	1,17	1,15	1,00
Vigo . . . . .	1,10	1,20	1,00
Vilagarcía de Arousa . . . . .	1,20	1,20	1,00

**Artigo 79. Bonificacións aplicables nos portos de interese xeral ás taxas de ocupación, do buque, da pasaxe e da mercadoría.**

As bonificacións previstas nos artigos 182 e 245 do texto refundido da Lei de portos do Estado e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2011, do 5 de setembro, que aplicarán as autoridades portuarias ás taxas de ocupación, do buque, da mercadoría e da pasaxe e, de ser o caso, as súas condicións de aplicación, serán as indicadas no anexo IX desta lei.

Os volumes de tráfico portuario que se recollen nese anexo, cando se utilicen para determinar o inicio da aplicación dunha bonificación ou para establecer o tipo porcentual aplicable en función da súa evolución, deberanse computar desde o 1 de xaneiro do presente ano, sen prexuízo de que a bonificación resultante en cada caso se deberá aplicar ás taxas que se xeren polas operacións portuarias que se realicen a partir da data de entrada en vigor desta lei, salvo que expresamente se determine o contrario nese anexo.

**Artigo 80. Actualización dos prezos básicos do canon de control de verteduras.**

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, de conformidade co previsto no número 3 do artigo 113 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, o prezo básico por metro cúbico para a auga residual urbana fíxase en 0,01653 euros e, para a auga residual industrial, en 0,04132 euros.

Artigo 81. *Taxa pola solicitude de inscrición de diferentes actos no Rexistro administrativo especial de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e dos seus altos cargos.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o número 4 da disposición adicional cuarta da Lei 26/2006, do 17 de xullo, de mediación de seguros e reaseguros privados, que queda redactado nos seguintes termos:

«4. A contía da taxa será:

- a) Pola inscrición dun axente de seguros exclusivo ou dun auxiliar-asesor, persoa física, unha cota fixa de 13 euros.
- b) Pola inscrición dun axente de seguros vinculado, dun corredor de seguros ou de reaseguros, persoas físicas, unha cota fixa de 69 euros.
- c) Pola inscrición dunha sociedade de axencia de seguros ou dun operador de banca-seguros, xa sexan exclusivos ou vinculados, dunha sociedade de corredoría de seguros ou de reaseguros ou dun auxiliar-asesor persoa xurídica, unha cota fixa de 162 euros.
- d) Unha cota fixa de 13 euros por cada alto cargo pola inscrición de cargos de administración e de dirección responsables das actividades de mediación de seguros ou de reaseguros das sociedades de axencia de seguros ou dos operadores de banca-seguros, xa sexan exclusivos ou vinculados, de corredoría de seguros ou de corredoría de reaseguros, e pola inscrición de cargos de administración e de dirección dos auxiliares-asesores.
- e) Pola inscrición de calquera outro acto inscristible ou pola modificación dos inscristos, unha cota fixa de 13 euros por cada un deles.
- f) Pola expedición de certificados relativos á información incluída no mencionado rexistro, unha cota fixa de 13 euros.»

## TÍTULO VII

### Dos entes territoriais

#### CAPÍTULO I

#### Entidades locais

##### *Sección 1.<sup>a</sup> Revisión cuatrienal do ámbito subxectivo de aplicación dos modelos de financiamento*

Artigo 82. *Regra xeral.*

Un. En virtude do disposto no artigo 126 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o 1 de xaneiro de 2012 procede revisar o conxunto de municipios que se incluírán nos ámbitos subxectivos de aplicación dos artigos 111 e 122 da mencionada norma, tendo en conta a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2012 e aprobado oficialmente polo Goberno.

Dous. En virtude do disposto nos artigos 122, 125 e 126 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, en 1 de xaneiro de 2012 débese revisar o conxunto de municipios que terán a consideración de municipios turísticos, tendo en conta a poboación de dereito nos termos citados no número anterior.

Considerarase o ano 2012 como exercicio inicial de referencia para efectos da aplicación do artigo 125.4 do mencionado texto refundido a aqueles municipios que en 1 de xaneiro de 2012 cumbran, por vez primeira, as condicións do número 1 dese precepto.

Artigo 83. *Determinación do Fondo Complementario de Financiamento do ano base 2004 dos municipios que se incluírán por vez primeira no modelo de cesión de recadación de impostos do Estado.*

Un. Para cada un dos municipios a que se refire este precepto, a participación no Fondo Complementario de Financiamento correspondente ao ano 2012 calcularase deducindo o importe correspondente á cesión do rendimento recadatorio de impostos estatais determinado consonte o establecido nos artigos 86, 87, 88 e 89 da participación total que resulta de incrementar a participación en tributos do Estado do ano 2011 no índice de evolución establecido conforme o disposto no artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo:

$$\text{PIE2012m} = \text{PIE2011m} \times \text{IE2012/2011}$$

$$\text{PFC2012m} = \text{PIE2012m} - \text{PIRPF2012m} - \text{PIVA2012m} - \sum \text{PIIEE(h)2012m}$$

Onde:

PIE2011m e PIE2012m representa a participación total nos ingresos do Estado correspondente ao municipio m no ano 2011, último en que se lle aplicou o modelo definido nos artigos 122 a 124 do citado texto refundido, e no ano 2012, primeiro en que se lle aplicará o modelo de cesión da recadación de impostos estatais, respectivamente, sen incluír as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

IE2012/2011 representa o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre os anos 2011 e 2012.

PFC2012m representa a participación do municipio m no Fondo Complementario de Financiamento no ano 2012, sen incluír as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

PIRPF2012m, PIVA2012m e PIIEE(h)2012m representan importes dos rendementos recadatorios cedidos ao municipio m en relación cos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre o valor engadido e co conxunto de impostos especiais sobre alcohol e bebidas alcohólicas, sobre os elaborados do tabaco e sobre hidrocarburos, correspondentes ao ano 2012 e determinados consonte o disposto nos artigos 115, 116 e 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Dous. A participación no Fondo Complementario de Financiamento correspondente ao ano base 2004 calcularase a partir da participación no Fondo Complementario de Financiamento do ano 2012 aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{PFC}_{2004}^m = \text{PFC}_{2012}^m / \text{IE}_{2012/2004}$$

Onde:

$\text{PFC}_{2004}^m$  e  $\text{PFC}_{2012}^m$  é a participación no Fondo Complementario de Financiamento do municipio m nos anos 2004 e 2012, respectivamente, sen considerar as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

$\text{IE}_{2012/2004}$  é o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre o ano base 2004 e o ano 2012.

Artigo 84. *Determinación da participación total nos tributos do Estado do ano base 2004 de todos os municipios non incluídos o 1 de xaneiro de 2012 no modelo de cesión da recadación de impostos estatais.*

Un. Para os efectos da aplicación do modelo de participación nos tributos do Estado aos municipios non incluídos o 1 de xaneiro de 2012 no modelo de cesión da recadación de impostos estatais, a participación total do ano base 2004 correspondente a todos eles determinarase conforme o disposto nos números seguintes.

Dous. A participación total nos tributos do Estado do ano base 2004 dos municipios incluídos, no dito exercicio, no ámbito subxectivo do artigo 122 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tendo en conta o disposto no artigo 85 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, diminuírase na parte que corresponda aos municipios que, como consecuencia da revisión establecida no artigo 82 da presente lei, pasen a estar incluídos a partir do 1 de xaneiro de 2012 no modelo de cesión de rendementos recadatorios de impostos do Estado.

Para estes efectos, considerarase a participación total que lles corresponda como consecuencia da liquidación definitiva do ano 2011, en aplicación do modelo de financiamento definido nos artigos 122 a 124 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, sen considerar as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas. Esta participación total converterase a valores do ano base 2004 aplicando o índice de evolución correspondente segundo o artigo 123 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tres. Así mesmo, a participación total nos tributos do Estado do ano base 2004 dos municipios incluídos, no dito exercicio, no ámbito subxectivo do artigo 122 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tendo en conta o disposto no artigo 85 da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2008, incrementarase na parte que corresponda aos municipios que, como consecuencia da revisión establecida no artigo 82 da presente lei, pasen de estar incluídos no modelo de cesión de recadación de impostos do Estado ao regulado nos artigos 122 a 124 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Para iso, calcularase o financiamento total obtido por tales municipios en 2011 mediante a suma da que corresponda a cada un deles de acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{PIE2011m} = \text{PFC2011m} + \text{PIRPF2011m} + \text{PIVA2011m} + \sum \text{PIIEE(h)2011m}$$

Onde:

PIE2011m representa a participación total nos tributos do Estado correspondente ao municipio m no último ano de aplicación do modelo anterior, ano 2011, sen considerar as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

PFC2011m representa a participación do municipio m no Fondo Complementario de Financiamento no ano 2011, sen considerar as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

PIRPF2011m, PIVA2011m e PIIEE(h)2011m representan importes dos rendementos cedidos ao municipio m en relación cos impostos sobre a renda das persoas físicas, sobre o valor engadido e co conxunto de impostos especiais sobre alcohol e bebidas alcohólicas, sobre os elaborados do tabaco e sobre hidrocarburos, correspondentes ao ano 2011 e determinados conforme o disposto nos artigos 115, 116 e 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como os artigos 100 a 103 e a disposición adicional trixésimo novena da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Unha vez aplicada esta fórmula, calcularase a participación total dos municipios que pasen ao modelo regulado nos artigos 122 a 124 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no ano base 2004 aplicando a seguinte relación:

$$\text{PIE2004m} = \text{PIE2011m} / \text{IE2011/2004}$$

Onde:

PIE2004m e PIE2011m representan a participación total nos ingresos do Estado correspondente ao municipio m no ano base 2004 de aplicación do modelo e no ano 2011, respectivamente, sen considerar as compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas.

IE2011/2004 representa o índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre os anos 2004 e 2011.

### *Sección 2.ª Liquidación definitiva da participación en tributos do Estado correspondente ao ano 2010*

#### *Artigo 85. Réxime xurídico e saldos debedores.*

Un. Unha vez coñecida a variación dos ingresos tributarios do Estado do ano 2010 respecto de 2004, e os demais datos necesarios, procederase ao cálculo da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado, correspondente ao exercicio 2010, nos termos dos artigos 111 a 124 e 135 a 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tendo ademais en conta as normas recollidas nos artigos 92 a 95, 97 e 98, 100 a 103 e 105 a 107 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010.

Dous. Os saldos debedores que poidan derivar da liquidación a que se refire o número anterior, no compoñente de financiamento que non corresponda a cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais, serán reembolsados polas entidades locais afectadas mediante compensación con cargo ás entregas á conta que, en concepto de participación nos tributos do Estado definida na sección 4.ª e na subsección 1.ª da sección 6.ª deste capítulo, se perciban con posterioridade á mencionada liquidación, nun período máximo de tres anos, mediante retencións trimestrais equivalentes ao 25 por cento dunha entrega mensual, salvo que, aplicando este criterio, se exceda o prazo sinalado, caso en que se axustará a frecuencia e a contía das retencións correspondentes co obxecto de que non se produza esta situación.

Tres. Cando as retencións citadas neste artigo concorran coas reguladas no artigo 111 terán carácter preferente fronte a aquelas e non computarán para o cálculo das porcentaxes establecidas no número dous do citado artigo.

Catro. Se o importe das liquidacións definitivas a que se refire o número dous deste artigo é a favor do Estado, reflectirase como dereito no capítulo IV do orzamento de ingresos do Estado.

Cinco. O importe da liquidación definitiva das compensacións derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas a favor das comunidades autónomas uniprovinciais de Cantabria, Madrid e La Rioja poderá ser obxecto de integración nas contías que lles correspondan en aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía, por acordo da respectiva Comisión Mixta, logo do informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

*Sección 3.<sup>a</sup> Cesión a favor dos municipios da recadación de impostos estatais no ano 2012*

Artigo 86. *Cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. Os municipios incluídos no ámbito subxectivo do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña en 2012 mediante doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva. O importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIRPFm = 0,016875 \times CL2009m \times IA2012/2009 \times 0,95$$

Onde:

ECIRPFm: é o importe anual de entregas á conta por cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas do municipio m.

CL2009m: é a cota líquida estatal do imposto sobre a renda das persoas físicas no municipio m no ano 2009, último coñecido.

IA2012/2009: é o índice de actualización da cota líquida estatal entre o ano 2009, último coñecido, e o ano 2012. Este índice é o resultado de dividir o importe da previsión orzamentaria, para 2012, por retencións, pagamentos á conta e pagamentos fraccionados, entre o importe dos dereitos liquidados por estes conceptos, correspondentes ao ano 2009, último do cal se coñecen as cotas líquidas dos municipios.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada municipio e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da cota líquida correspondente a cada municipio, determinada nos termos do artigo 115 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión que, de ser o caso, se estableza en norma con rango de lei ou na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, tendo en conta o rendimento cedido a favor das comunidades autónomas fixado na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Artigo 87. *Cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. Os municipios a que se refire o artigo precedente participarán na recadación líquida que se obteña, polo imposto sobre o valor engadido, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIVAm = PCIVA^* \times RPIVA \times ICPi \times (Pm / Pi) \times 0,95$$

Onde:

PCIVA\*: é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre o valor engadido a favor dos municipios que, para estas entregas á conta, será do 2,3266 por cento.

ECIVAm: é o importe anual das entregas á conta do municipio m, en concepto de cesión da recadación de imposto sobre o valor engadido prevista para o ano 2012.

RPIVA: é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida que corresponde ao Estado do imposto sobre o valor engadido para o ano 2012.

ICPi: é o índice provisional de consumo da Comunidade Autónoma i para o ano 2012. Para estes efectos terase en conta o último dato dispoñible, que corresponde ao utilizado para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2009.

Pm e Pi: son poboacións do municipio m e da Comunidade Autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2012 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada municipio e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre o valor engadido.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida por IVE que resulte da aplicación do disposto no artigo 116 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo. Para estes efectos, aplicarase a porcentaxe de cesión que, de ser o caso, se estableza en norma con rango de lei ou na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, tendo en conta a porcentaxe de cesión a favor das comunidades autónomas fixada na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

*Artigo 88. Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. Os municipios a que se refire o artigo 86 participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios e sobre o alcohol e bebidas derivadas, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(h)m = PCIIIEE^* \times RPIIEE(h) \times ICP_i(h) \times (Pm / Pi) \times 0,95$$

Onde:

PCIIIEE\*: é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre o alcohol e bebidas derivadas que, para estas entregas á conta, será do 2,9220 por cento.

ECIIIEE(h)m: é o importe anual das entregas á conta do municipio m, en concepto de cesión da recadación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste apartado prevista no ano 2012.

RPIIEE(h): é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida que corresponde ao Estado do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste apartado para o ano 2012.

ICP<sub>i</sub>(h): é o índice provisional de consumo da Comunidade Autónoma i a que pertence o municipio m, elaborado, para o ano 2012, para efectos da asignación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste apartado. Para estes efectos teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2009.

Pm e Pi: son as poboacións do municipio m e da Comunidade Autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2012 e aprobado oficialmente polo Goberno.



O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada municipio e tramitarase como devolucions de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste número.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do número anterior que resulte da aplicación do disposto nos números 1 e 2 do artigo 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Para estes efectos, aplicarase a porcentaxe de cesión que, de ser o caso, se estableza en norma con rango de lei ou na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, tendo en conta a porcentaxe de cesión a favor das comunidades autónomas fixada na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

*Artigo 89. Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. Os municipios a que se refire o artigo 86 participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo para cada municipio do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIE(k)_m = PCIIEE^* \times RPIIEE(k) \times IP_m(k) \times 0,95$$

Onde:

PCIIEE\*: é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco que, para estas entregas á conta, será do 2,9220 por cento.

ECIIIE(k)<sub>m</sub>: é o importe anual das entregas á conta do municipio m, en concepto de cesión da recadación do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste número prevista no ano 2012.

RPIIEE(k): é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida que corresponde ao Estado do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste apartado para o ano 2012.

IP<sub>m</sub>(k): é o índice provisional, para o ano 2012, referido ao municipio m, de entregas de gasolinas, gasóleos e fuel óleos, e o de vendas a expendedorías de tabaco, ponderadas ambas polos correspondentes tipos impositivos. Para estes efectos considerarase índice provisional o que corresponda ao último ano dispoñible.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada municipio e tramitarase como devolucions de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste apartado.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do apartado anterior que resulte da aplicación do disposto no artigo 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Para estes efectos, aplicarase a porcentaxe de cesión que, de ser o caso, se estableza en norma con rango de lei ou na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, tendo en conta a porcentaxe de cesión a favor das comunidades autónomas fixada na Lei 22/2009, do 18 de decembro,

pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

#### *Sección 4.<sup>a</sup> Participación dos municipios nos tributos do Estado*

##### *Subsección 1.<sup>a</sup> Participación dos municipios no Fondo Complementario de Financiamento*

#### *Artigo 90. Determinación das entregas á conta.*

Un. O importe total das entregas á conta da participación de cada municipio incluído no ámbito subxectivo do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Fondo Complementario de Financiamento correspondente a 2012, recoñecerase con cargo ao crédito específico consignado na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942 M Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado.

Dous. O citado importe será o 95 por cento do Fondo Complementario de Financiamento do ano base 2004 multiplicado polo índice de evolución correspondente segundo o artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tres. Á contía calculada segundo o número anterior para cada municipio engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a) Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2004.

b) Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2006.

Catro. As entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento para o exercicio 2012 serán aboadas mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do importe total que resulte da aplicación das normas recollidas nos apartados anteriores.

#### *Artigo 91. Liquidación definitiva.*

Un. A práctica da liquidación definitiva do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2012 a favor dos municipios realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942M, transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, consonte as regras contidas nos artigos 119 e 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Dous. Á contía calculada para cada municipio nos termos do apartado anterior engadiránselle as compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a) Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2004.

b) Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2006.

Tres. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre os importes das entregas á conta calculadas conforme o disposto no artigo anterior e da participación definitiva calculada nos termos dos números anteriores.

#### Subsección 2.<sup>a</sup> Participación do resto de municipios

Artigo 92. *Participación dos municipios nos tributos do Estado para o exercicio 2012.*

Un. O importe total destinado a pagar as entregas á conta aos municipios incluídos no ámbito subxectivo do artigo 122 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, será o equivalente ao 95 por cento da súa participación total nos tributos do Estado para o ano base 2004, multiplicado polo índice de evolución correspondente segundo o artigo 123 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e recoñecerase con cargo ao crédito específico consignado na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942M, transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado.

Dous. A práctica da liquidación definitiva correspondente ao ano 2012 a favor dos municipios antes citados realizarase consonte as regras contidas nos artigos 123 e 124 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e con cargo ao crédito que se dote no concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, incluído na sección, servizo e programa citados no número anterior.

Tres. O importe total que resulte da aplicación das regras contidas nos números anteriores distribuirase de acordo cos seguintes criterios:

a) Como regra xeral, cada concello percibirá unha cantidade igual á resultante da liquidación definitiva da participación nos tributos do Estado do ano 2003, calculada conforme o disposto nos números dous, tres, catro e cinco do artigo 65 da Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.

b) O resto distribuirase proporcionalmente ás diferenzas positivas entre a cantidade que cada concello obtería dunha repartición en función das variables e porcentaxes que a continuación se mencionan e as cantidades previstas no parágrafo anterior. Para estes efectos, as variables e porcentaxes que se aplicarán serán as seguintes:

1. O 75 por cento en función do número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón da poboación municipal vixente en 31 de decembro de 2012 e aprobado oficialmente polo Goberno, ponderado polos seguintes coeficientes, segundo estratos de poboación:

Estrato	Número de habitantes	Coefficientes
1	De máis de 50.000 . . . . .	1,40
2	De 20.001 a 50.000 . . . . .	1,30
3	De 5.001 a 20.000 . . . . .	1,17
4	Ata 5.000 . . . . .	1,00

2. O 12,5 por cento en función do esforzo fiscal medio de cada municipio no exercicio 2010 ponderado polo número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2012 e oficialmente aprobado polo Goberno.

Para estes efectos, considérase esforzo fiscal municipal no ano 2010 o resultante da aplicación da fórmula seguinte:

$$Efm = [\sum a(RcO/RPm)] \times Pi$$

No desenvolvemento desta fórmula teranse en conta os seguintes criterios:

A) O factor  $a$  representa o peso medio relativo de cada tributo en relación coa recadación líquida total obtida no exercicio económico de 2010, durante o período voluntario, polo imposto sobre bens inmobles, polo imposto sobre actividades económicas, excluídas as cantidades percibidas como consecuencia da distribución das cotas nacionais e provinciais do imposto sobre actividades económicas e a recarga provincial atribuíble ás respectivas deputacións provinciais, e polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica, para todos os municipios integrados nesta forma de financiamento.

B) A relación  $RcO/RPm$  calcularase, para cada un dos tributos citados no parágrafo precedente e en relación con cada municipio, da seguinte maneira:

i. No imposto sobre bens inmobles urbanos ou rústicos, multiplicando o factor  $a$  polo tipo impositivo real fixado polo Pleno da corporación para o período de referencia, dividido por 0,4 ou 0,3, respectivamente, que representan os tipos mínimos exixibles en cada caso e dividíndoo, pola súa vez, polo tipo máximo potencialmente exixible en cada municipio. Para estes efectos, aplicaranse os tipos de gravame real e máximo, segundo o disposto nos números 1 e 3 do artigo 72 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

O resultado así obtido no imposto sobre bens inmobles urbanos ponderarase pola razón entre a base imponible media por habitante de cada concello e a base imponible media por habitante do estrato en que se encadre, incluíndo, de ser o caso, a que corresponda aos bens inmobles de características especiais. Para estes efectos, deberase ter en conta o disposto na disposición adicional novena do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e que, ademais, os tramos de poboación se identificarán cos utilizados para a distribución do 75 por cento asignado á variable poboación.

ii. No imposto sobre actividades económicas, multiplicando o factor  $a$  polo importe do padrón municipal do imposto incluída a incidencia da aplicación do coeficiente de situación a que se refire o artigo 87 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, vixente no período impositivo de 2010, e dividíndoo pola suma das cotas mínimas fixadas nas tarifas do imposto, en relación con cada suposto de suxeición a este, e ponderadas polos coeficientes recollidos no artigo 86 da mesma norma.

iii. No imposto sobre vehículos de tracción mecánica, multiplicando o factor  $a$  por 1.

iv. A suma  $\sum a(RcO/RPm)$  multiplicarase polo factor  $Pi$ , sendo este a súa poboación de dereito deducida do padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2012 e aprobado oficialmente polo Goberno.

C) O coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante, para cada municipio, en ningún caso poderá ser superior ao quintuplo do menor valor calculado do coeficiente de esforzo fiscal medio por habitante dos concellos incluídos no estrato de poboación superior a 50.000 habitantes.

3. O 12,5 por cento en función do inverso da capacidade tributaria. Entenderase como capacidade tributaria a resultante da relación existente entre as bases impositivas medias do imposto sobre bens inmobles urbanos por habitante de cada concello e a do estrato en que este se encadre, ponderada pola relación entre a poboación de dereito de cada municipio e a poboación total dos incluídos nesta modalidade de participación, deducidas do padrón municipal vixente en 31 de decembro de 2012 e aprobado oficialmente polo Goberno. Para estes efectos, os tramos de poboación identificaranse cos utilizados para a distribución do 75 por cento asignado á variable poboación.

Para o cálculo desta variable teranse en conta os datos relativos ás bases impositibles do imposto sobre bens inmobles de natureza urbana e de características especiais, das entidades locais, correspondentes ao exercicio 2010.

Catro. Na contía que resulte da aplicación das normas do número anterior, engadiránselle as compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a) Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2004.

b) Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2006.

Cinco. A participación dos municipios turísticos determinarase conforme o número 4 do artigo 125 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o disposto nos números tres e catro anteriores. O importe da cesión así calculada non poderá supor, en ningún caso, minoración da participación que resulte da aplicación dos números tres e catro do presente artigo. Consideraranse municipios turísticos os que cumpran as condicións recollidas no número 1 do mencionado artigo 125, referidas a 1 de xaneiro de 2012.

Seis. Para os municipios turísticos resultantes da revisión efectuada en 1 de xaneiro de 2008, a cesión da recadación dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco calculada para o ano base 2004, a que fai referencia o artigo 125.4 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, será o resultado de dividir a cesión da recadación líquida dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco correspondente a cada municipio no exercicio 2008 pola evolución dos ingresos tributarios do Estado neste último respecto de 2004.

#### Artigo 93. *Entregas á conta.*

Un. As entregas á conta da participación nos tributos do Estado para o exercicio de 2012 a que se refire o artigo anterior serán aboadas aos concellos mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do respectivo crédito.

Dous. A participación individual de cada municipio determinarase de acordo cos criterios establecidos para a distribución da liquidación definitiva, coas seguintes variacións:

a) Empregarase a poboación do padrón municipal vixente e oficialmente aprobado polo Goberno en 1 de xaneiro do ano 2012. As variables esforzo fiscal e inverso da capacidade tributaria referiranse aos datos da última liquidación definitiva practicada. En todo caso, considerarase como entrega mínima á conta da participación nos tributos do Estado para cada municipio unha cantidade igual ao 95 por cento da participación total definitiva correspondente ao ano 2003, calculada conforme o disposto nos números dous, tres, catro e cinco do artigo 65 da Lei 52/2002, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2003.

b) Á contía calculada segundo o parágrafo anterior para cada municipio engadiránselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

1. Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2004.

2. Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2006.

Tres. A participación individual de cada municipio turístico determinarase de acordo co número anterior. O importe resultante reducirase na contía da cesión da recadación dos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco calculada no ano base 2004, incrementada nos mesmos termos que a previsión de crecemento dos ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto de 2004, sumándose ao resultado anterior a cesión que, por aqueles impostos, lles correspondese, en concepto de entregas á conta en 2012, aplicando as normas do número un do artigo 89 desta lei, sen que, en ningún caso, a contía que se vaia transferir sexa inferior á calculada conforme o disposto no apartado anterior.

*Sección 5.<sup>a</sup> Cesión a favor das provincias, comunidades autónomas uniprovinciais, cabidos e consellos insulares, da recadación de impostos estatais*

Artigo 94. *Cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As provincias e entes asimilados incluídos no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña en 2012, mediante o pagamento de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo global da contía destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIRPF_p = 0,009936 \times CL_{2009p} \times IA_{2012/2009} \times 0,95$$

Onde:

$ECIRPF_p$ : é o importe anual de entregas á conta por cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre a renda das persoas físicas da entidade provincial ou asimilada p.

$CL_{2009p}$ : é a cota líquida estatal do imposto sobre a renda das persoas físicas no ámbito da entidade provincial ou asimilada p no ano 2009, último coñecido.

$IA_{2012/2009}$ : é o índice de actualización da cota líquida estatal entre o ano 2009, último coñecido, e o ano 2012. Este índice é o resultado de dividir o importe da previsión orzamentaria, para 2012, por retencións, pagamentos á conta e pagamentos fraccionados, entre o importe dos dereitos liquidados por estes conceptos, correspondentes ao ano 2009, último do cal se coñecen as cotas líquidas no ámbito da entidade provincial ou asimilada.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada provincia ou entidade asimilada mediante transferencia por doceavas partes mensuais, tramitándose como devolucións de ingresos no concepto do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da cota líquida correspondente a cada provincia ou ente asimilado, determinada nos termos do artigo 137 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e aplicarase, para estes efectos, a porcentaxe de cesión que, de ser o caso, se estableza en norma con rango de lei ou na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, tendo en conta o rendimento cedido a favor das comunidades autónomas fixado na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Artigo 95. *Cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As provincias e entes asimilados a que se refire o artigo precedente participarán na recadación líquida que se obteña, polo imposto sobre o valor engadido, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

A determinación, para cada unha daquelas entidades, da contía global destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIVA_p = PCIVA^{**} \times RPIVA \times ICP_i \times (P_p/P_i) \times 0,95$$

Onde:

PCIVA<sup>\*\*</sup>: é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios do imposto sobre o valor engadido a favor das provincias e entes asimilados que, para estas entregas á conta, será do 1,3699 por cento.

ECIVA<sub>p</sub>: é o importe anual das entregas á conta da provincia ou entidade asimilada p, en concepto de cesión da recadación de imposto sobre o valor engadido prevista no ano 2012.

RPIVA: é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida correspondente ao Estado do imposto sobre o valor engadido para o ano 2012.

ICP<sub>i</sub>: é o índice provisional de consumo da Comunidade Autónoma i para o ano 2012. Para estes efectos teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2009.

P<sub>p</sub> e P<sub>i</sub>: son poboacións da provincia ou ente asimilado p e da Comunidade Autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2012 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada provincia ou entidade asimilada e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto de imposto sobre o valor engadido.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida do imposto sobre o valor engadido que resulte da aplicación do disposto no artigo 138 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Para estes efectos, aplicarase a porcentaxe de cesión que, de ser o caso, se estableza en norma con rango de lei ou na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, tendo en conta a porcentaxe de cesión a favor das comunidades autónomas fixada na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento e se modifican determinadas normas tributarias.

Artigo 96. *Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre o alcohol e bebidas alcohólicas: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As entidades incluídas no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios e sobre o alcohol e bebidas derivadas, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo, para cada provincia ou ente asimilado, da contía global destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(h)_p = PCIIIEE^{**} \times RPIIEE(h) \times ICP_i(h) \times (P_p / P_i) \times 0,95$$

Onde:

PCIIIEE\*\*: é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre o alcohol e bebidas derivadas a favor das provincias e entes asimilados, que, para estas entregas á conta, será do 1,7206 por cento.

ECIIIEE(h)<sub>p</sub>: é o importe anual das entregas á conta da provincia ou ente asimilado p, en concepto de cesión da recadación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto prevista no ano 2012.

RPIIEE(h): é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida correspondente ao Estado do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste punto para o ano 2012.

ICP<sub>i</sub>(h): é o índice provisional de consumo da Comunidade Autónoma i a que pertence a provincia ou entidade asimilada p, elaborado, para o ano 2012, para efectos da asignación do imposto especial h dos sinalados no primeiro parágrafo deste apartado. Para estes efectos teranse en conta os últimos datos dispoñibles, que corresponden aos utilizados para o cálculo da liquidación definitiva do ano 2009.

P<sub>p</sub> e P<sub>i</sub>: son poboacións da provincia ou entidade asimilada p e da Comunidade Autónoma i respectiva. Para estes efectos, considerarase a poboación de dereito segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro de 2012 e aprobado oficialmente polo Goberno.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada provincia ou entidade asimilada e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste apartado.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo do apartado anterior que resulte da aplicación do artigo 139 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Para estes efectos, aplicarase a porcentaxe de cesión que, de ser o caso, se estableza en norma con rango de lei ou na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, tendo en conta a porcentaxe de cesión a favor das comunidades autónomas fixada na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

*Artigo 97. Cesión da recadación líquida por impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

Un. As provincias e entes asimilados incluídos no ámbito subxectivo do artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, participarán na recadación líquida que se obteña, polos impostos sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco, mediante a determinación de doce entregas mensuais á conta da liquidación definitiva.

O cálculo, para cada provincia ou entidade asimilada, do importe total destas entregas á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$ECIIIEE(k)_p = PCIIIEE^{**} \times RPIIEE(k) \times IP_p(k) \times 0,95$$

Onde:

PCIIIEE\*\*: é a porcentaxe de cesión de rendementos recadatorios dos impostos especiais sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco a favor das provincias e entes asimilados que, para estas entregas á conta, será do 1,7206 por cento.

ECIIIEE(k)<sub>p</sub>: é o importe anual das entregas á conta da provincia ou ente asimilado p, en concepto de cesión da recadación do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste apartado prevista no ano 2012.



RPIIEE(k): é o importe da previsión orzamentaria da recadación líquida correspondente ao Estado do imposto especial k dos sinalados no primeiro parágrafo deste apartado para o ano 2012.

IPp(k): é o índice provisional, para o ano 2012, referido á provincia ou ente asimilado p, de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos, e o de vendas a expendedorías de tabaco, ponderadas ambas polos correspondentes tipos impositivos. Para estes efectos teranse en conta datos correspondentes ao último ano dispoñible.

O importe que se obteña en concepto de entregas á conta, segundo a fórmula anterior, faráselle efectivo a cada entidade e tramitarase como devolucións de ingresos no concepto relativo a cada un dos impostos especiais sinalados no primeiro parágrafo deste apartado.

Dous. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre as entregas á conta percibidas e o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos impostos especiais sinalados no artigo anterior, que resulte da aplicación do artigo 139 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo. Para estes efectos, aplicarase a porcentaxe de cesión que, de ser o caso, se estableza en norma con rango de lei ou na Lei de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, tendo en conta a porcentaxe de cesión a favor das comunidades autónomas fixada na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

## *Sección 6.<sup>a</sup> Participación das provincias, comunidades autónomas uniprovinciais e consellos e cabidos insulares nos tributos do Estado*

### *Subsección 1.<sup>a</sup> Participación no Fondo Complementario de Financiamento*

#### *Artigo 98. Determinación das entregas á conta.*

Un. O importe total das entregas á conta da participación de cada provincia e entidade asimilada incluída no ámbito subxectivo do vixente artigo 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no Fondo Complementario de Financiamento correspondente a 2012, recoñecerase con cargo ao crédito Transferencias ás deputacións e cabidos insulares. Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares, pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado, por recursos non susceptibles de cesión ás comunidades autónomas, consignado na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942M, transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado.

Dous. O citado importe será o 95 por cento do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2004 aplicando o índice de evolución correspondente segundo o artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tres. Á contía calculada segundo o número anterior engadiráselle o 95 por cento das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a) Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2004.

b) Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, incrementada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2006.

Catro. As entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento para o exercicio 2012 serán aboadas ás entidades locais a que se refire este artigo, mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do importe total que resulte da aplicación das normas recollidas nos números anteriores.

Artigo 99. *Liquidación definitiva.*

Un. A práctica da liquidación definitiva do Fondo Complementario de Financiamento do ano 2012 a favor das provincias e entidades asimiladas realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942M, transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, consonte as regras contidas nos artigos 141 e 143 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Dous. A contía anterior incrementarase, de ser o caso, no importe das compensacións por minguas de ingresos derivadas da reforma do imposto sobre actividades económicas seguintes:

a) Definitiva, da disposición adicional décima da Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei reguladora das facendas locais, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2004.

b) Adicional, regulada na disposición adicional segunda da Lei 22/2005, do 18 de novembro, actualizada nos mesmos termos que os ingresos tributarios do Estado en 2012 respecto a 2006.

O importe da liquidación definitiva das compensacións anteriores a favor das comunidades autónomas uniprovinciais de Cantabria, Madrid e La Rioja poderán ser obxecto de integración nas contías que lles corresponden en aplicación do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e das cidades con estatuto de autonomía, por acordo da respectiva Comisión Mixta, logo de informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

Tres. A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre a suma dos importes das entregas á conta calculadas conforme o disposto no artigo anterior e da participación definitiva calculada nos termos dos números anteriores.

Subsección 2.<sup>a</sup> Participación no fondo de achega á asistencia sanitaria

Artigo 100. *Determinación das entregas á conta.*

Un. Para o mantemento dos centros sanitarios de carácter non psiquiátrico das deputacións, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e consellos e cabidos insulares asígnase, con cargo ao crédito Transferencias ás deputacións e cabidos insulares. Entregas á conta ás deputacións e cabidos insulares pola súa participación nos ingresos dos capítulos I e II do orzamento do Estado por recursos non susceptibles de cesión ás comunidades autónomas consignado na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942M, transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, a cantidade de 566,39 millóns de euros en concepto de entregas á conta. As entregas á conta da participación neste fondo para o ano 2012 serán aboadas ás deputacións provinciais, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares, cabidos e consellos insulares mediante pagamentos mensuais equivalentes á doceava parte do crédito. A asignación para o mantemento dos centros sanitarios realizarase en proporción ás contías percibidas por este concepto na liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano

2004, e librarase simultaneamente coas entregas á conta da participación no Fondo Complementario de Financiamento regulado na subsección anterior.

Dous. Cando a xestión económica e financeira dos centros hospitalarios, nos termos previstos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, se transfira ás correspondentes comunidades autónomas, asignaráselles a estas entidades as entregas á conta da participación do ente transferidor do servizo, podendo ser obxecto de integración na súa participación nos tributos do Estado por acordo da respectiva comisión mixta, logo de informe da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal da Comisión Nacional de Administración Local, mediante as modificacións e axustes que procedan nos respectivos créditos orzamentarios.

#### Artigo 101. *Liquidación definitiva.*

Un. A práctica da liquidación definitiva da asignación do fondo de achega á asistencia sanitaria do ano 2012, correspondente ás provincias, comunidades autónomas uniprovinciais non insulares e illas, realizarase con cargo ao crédito que se dote na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942M, transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, consonte as regras contidas nos artigos 143 e 144 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, tomando como base de cálculo as contías que, por este concepto, resultaron da liquidación definitiva da participación en tributos do Estado do ano 2004.

Dous. Cando a xestión económica e financeira dos centros hospitalarios, nos termos previstos na Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade, se transfira ás correspondentes comunidades autónomas, procederase na mesma medida a asignar a esas entidades a participación do ente transferidor do servizo no citado fondo.

### *Sección 7.ª Réximes especiais*

#### Artigo 102. *Participación dos territorios históricos do País Vasco e Navarra nos tributos do Estado.*

Un. A participación dos municipios do País Vasco e de Navarra nos tributos do Estado fixarase consonte as normas contidas na subsección 2.ª, da sección 4.ª deste capítulo, no marco do concerto e convenio económico, respectivamente.

Dous. A participación das deputacións forais do País Vasco e da Comunidade Foral de Navarra nos tributos do Estado determinarase segundo o establecido no artigo 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, no marco do concerto e convenio económico, respectivamente.

#### Artigo 103. *Participación das entidades locais das Illas Canarias nos tributos do Estado.*

Un. A cesión de rendementos recadatorios en impostos estatais a favor dos municipios das Illas Canarias incluídos no ámbito subxectivo de aplicación do artigo 111 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, así como dos cabidos insulares, axustarase ao disposto no artigo 158 desta última norma.

Dous. A participación no Fondo Complementario de Financiamento das entidades locais citadas no número anterior determinarase conforme o disposto na subsección 1.ª, da sección 4.ª, e na subsección 1.ª, da sección 6.ª deste capítulo, tendo en consideración o disposto no mencionado artigo 158 daquela norma.

Tres. A participación do resto de municipios das Illas Canarias nos tributos do Estado determinarase mediante a aplicación das normas contidas na subsección 2.<sup>a</sup>, da sección 4.<sup>a</sup> deste capítulo e conforme a mesma proporción que os municipios de réxime común.

Artigo 104. *Participación das cidades de Ceuta e de Melilla nos tributos do Estado.*

Un. As cidades de Ceuta e de Melilla, en canto entidades asimiladas aos municipios, participarán nos tributos do Estado consonte as normas xerais contidas neste capítulo.

Dous. As cidades de Ceuta e de Melilla, en canto entidades asimiladas ás provincias, participarán nos tributos do Estado segundo o establecido no artigo 146 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

#### *Sección 8.<sup>a</sup> Compensacións, subvencións e axudas*

Artigo 105. *Subvencións ás entidades locais por servizos de transporte colectivo urbano.*

Un. Para dar cumprimento ao previsto na disposición adicional quinta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, con cargo aos créditos da sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942N, Outras achegas a entidades locais, concepto 462, figura un crédito por importe de 51,05 millóns de euros destinado a subvencionar o servizo de transporte colectivo urbano prestado polas entidades locais que reúnan os requisitos que se especifican no seguinte apartado.

Dous. Na distribución do crédito poderán participar as entidades locais que dispoñan dun servizo de transporte público colectivo urbano interior, calquera que sexa a forma de xestión, que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Ter máis de 50.000 habitantes de dereito, segundo o padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2011 e aprobado oficialmente polo Goberno.
- b) Ter máis de 20.000 habitantes de dereito, segundo as cifras de poboación do padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2011 e aprobado oficialmente polo Goberno, nos cales concorran, asemade, que o número de unidades urbanas censadas no catastro inmobiliario urbano sexa superior a 36.000 na data sinalada.
- c) Os municipios que, mesmo sen reuniren algunha das condicións anteriores, sexan capitais de provincia.
- d) Exceptúanse os municipios que, cumprindo os requisitos anteriores, participen nun sistema de financiamento alternativo do servizo de transporte público urbano interior, en que achegue financiamento a Administración xeral do Estado. Esta excepción será, en todo caso, de aplicación ao convenio de colaboración instrumentado no ámbito territorial das Illas Canarias e os contratos programas concertados co Consorcio Rexional de Transportes de Madrid e a Autoridade do Transporte Metropolitano de Barcelona.

Tres. A dotación orzamentaria, unha vez satisfeitas as obrigacións de pagamento correspondentes a sentenzas xudiciais firmes do mesmo concepto, distribuirase conforme os seguintes criterios, que se aplicarán consonte os datos de xestión económica e financeira que se deduzan do modelo a que se refire o número seis do presente artigo:

A. O 5 por cento do crédito en función da lonxitude da rede municipal en traxecto de ida e expresada en quilómetros. As liñas circulares que non teñan traxecto de ida e volta computaranse pola metade.

B. O 5 por cento do crédito en función da relación viaxeiros/habitantes de dereito de cada municipio ponderada pola razón do número de habitantes citado dividido por 50.000. A cifra de habitantes de dereito será a de poboación do padrón municipal vixente en 1 de xaneiro de 2011 e oficialmente aprobado polo Goberno.

C. O 90 por cento do crédito en función do déficit medio por título de transporte emitido, conforme o seguinte procedemento:

a) O importe que se subvencionará a cada municipio virá dado polo resultado de multiplicar o número de títulos de transporte pola subvención correspondente a cada un deses títulos.

b) A subvención correspondente a cada título obterase aplicando ao seu déficit medio as contías e porcentaxes definidas na escala seguinte:

1.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que non supere o 12,5 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 100 por cento.

2.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o tramo anterior e non supere o 25 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 55 por cento.

3.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o tramo anterior e non supere o 50 por cento do déficit medio global subvencionarase ao 27 por cento.

4.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o tramo anterior e non supere o 100 por cento do déficit medio global subvencionarase coa porcentaxe de financiamento que resulte de dividir o resto do crédito non atribuído aos tramos anteriores entre o total do déficit incluído neste tramo, considerando todos os municipios que teñan dereito a subvención.

5.º tramo: o importe do déficit medio por título de transporte, de cada municipio, que exceda o déficit medio global non será obxecto de subvención.

A porcentaxe de financiamento do 4.º tramo da escala non poderá exceder o 27 por cento. O exceso de crédito que poida resultar da aplicación desta restrición distribuirase proporcionalmente ao financiamento obtido por cada municipio, correspondente aos tramos 2.º e 3.º.

En ningún caso, da aplicación destas normas se poderá recoñecer unha subvención que, en termos globais, exceda o 90 por cento do crédito dispoñible. Se se produce esta circunstancia, axustarase de forma sucesiva, na proporción necesaria, a porcentaxe correspondente aos tramos 3.º, 2.º e, de ser o caso, 1.º, na forma disposta no tramo 4.º, ata esgotar o citado crédito.

c) O déficit medio de cada municipio será o resultado de dividir o déficit de explotación entre o número de títulos de transporte. O déficit medio global será o resultado de dividir a suma dos déficit de todos os municipios que teñan dereito á subvención entre o total de títulos de transporte deses municipios.

d) O importe da subvención por título virá dado pola suma da contía que se vaia subvencionar en cada tramo, que se obterá multiplicando a parte do déficit medio incluída en cada tramo pola porcentaxe de financiamento aplicable no dito tramo.

O déficit de explotación estará determinado polo importe das perdas de explotación que se deduza das contas de perdas e ganancias das empresas ou entidades que presten o servizo de transporte público, elaboradas conforme o Plan de Contabilidade e as normas e principios contables xeralmente aceptados que, en cada caso, resulten de aplicación, cos seguintes axustes:

a') En canto aos gastos de explotación, exclúiranse aqueles que se refiran a tributos, con independencia do suxeito activo da relación xurídico-tributaria.

b') En canto aos gastos e ingresos de explotación, exclúiranse aqueles que teñan a súa orixe na prestación de servizos ou realización de actividades alleas á do transporte público urbano pola que se solicita a subvención. Así mesmo, exclúirase calquera subvención e achega que recoñeza, a favor da empresa ou entidade que preste o servizo de transporte público urbano, o concello en cuxo termo municipal se realice a prestación.

c') En todo caso se deducirán do déficit para o cálculo do financiamento correspondente a este punto os importes atribuídos como subvención polos criterios de lonxitude da rede e relación viaxeiros/habitantes de dereito.

Catro. As subvencións deberanse destinar a financiar a prestación deste servizo.

Cinco. Para os concellos do País Vasco e Navarra, a subvención que lles corresponda corrixirase na mesma proporción aplicable á súa participación en tributos do Estado.

Seis. Antes do 1 de xullo do ano 2012, co fin de distribuír o crédito destinado a subvencionar a prestación dos servizos de transporte público colectivo urbano, as respectivas entidades locais deberán facilitar, na forma que determinen os órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a seguinte documentación:

1. En todos os casos, o número de quilómetros de calzada da rede en traxecto de ida, o número de viaxeiros ao ano, o número de prazas ofertadas ao ano, recadación e prezos medios referidos ao exercicio 2011, segundo o modelo definido pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

2. Tratándose de servizos realizados pola propia entidade ou organismo autónomo dependente en réxime de xestión directa, documento detallado das partidas de ingresos e gastos imputables ao servizo de transporte e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2011, segundo o modelo definido pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

3. Tratándose de servizos realizados en réxime de xestión directa por unha sociedade mercantil municipal ou de empresas ou particulares que presten o servizo en réxime de concesión ou calquera outra modalidade de xestión indirecta, xuntaranse as contas anuais co seu correspondente informe de auditoría.

Así mesmo, os administradores deberán elaborar un documento en que se detallen as partidas de ingresos e gastos do servizo de transporte e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2011, e os criterios de imputación dos referidos ingresos e gastos, segundo o modelo definido pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

Deberá ser obxecto de revisión por un auditor o documento coas partidas de ingresos e gastos imputables ao servizo e do déficit ou resultado real producido no exercicio 2011 e os criterios de imputación dos ingresos e gastos, entendendo que está auditado cando esa información estea incluída na memoria das contas anuais e estas fosen auditadas.

4. En calquera caso, o documento oficial en que se recollan, actualizados, os acordos reguladores das condicións financeiras en que a actividade se realiza.

5. En todos os casos, xustificación de que o concello solicitante da subvención e a empresa, organismo ou entidade que preste o servizo está ao día no cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.

6. Certificación do interventor da aplicación do importe recibido como subvención ao transporte colectivo urbano no exercicio inmediato anterior á finalidade prevista no número catro do artigo 119 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

Aos concellos que non cumpran co envío da documentación na forma prevista neste artigo non se lles recoñecerá o dereito a percibir a axuda destinada a financiar o servizo de transporte público colectivo de viaxeiros por causa de interese xeral e co fin de evitar prexuízos financeiros aos demais perceptores.

7. As subvencións que se concedan a partir do exercicio 2013 (que corresponderán aos servizos de transporte colectivo urbano prestados durante o ano 2012) terán en conta criterios ambientais. O Plan de Medidas Urxentes para a Estratexia Española de cambio climático e enerxía limpa inclúe a incorporación de criterios de eficiencia enerxética para a concesión de subvencións ao transporte público urbano. Esta medida, definida no Plan de Activación de Aforro e Eficiencia Enerxética executado polo Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo a través do IDAE, consiste en establecer un mecanismo de valoración da eficiencia enerxética aplicada aos sistemas de transporte público, que permita avaliar de forma homoxénea os avances producidos e telos en conta para a distribución destas axudas.

A este respecto, unha parte da subvención repartirase en función da puntuación obtida no cumprimento de criterios ambientais que, a título indicativo, serán os que figuran no cadro que se indica a continuación, tendo en conta que o importe que se distribúa por este concepto reducirá a contía do importe que se reparta en concepto de déficit de explotación.

Municipios gran poboación		Resto de municipios		Puntuación
Criterios	Ratio cumprimento	Criterios	Ratio cumprimento	
Porcentaxe autobuses urbanos GNC/GLP/ BIOCOMBUSTIBLES.	> 20 %	Porcentaxe autobuses urbanos GNC/GLP/ BIOCOMBUSTIBLES.	> 5 %	20
Incremento no n.º total de viaxeiros respecto ao ano anterior.	> 1 %	Incremento no n.º total de viaxeiros respecto ao ano anterior.	SI/NON	15
Prazas-km ofertadas en transporte público: incremento con respecto á media dos tres anos anteriores.	> 1 %	Prazas-km ofertadas en transporte público: incremento con respecto ao ano anterior.	SI/NON	15
Existencia de vehículos eléctricos ou híbridos na frota de autobuses.	SI/NON	Existencia de vehículos eléctricos ou híbridos na frota de autobuses.	SI/NON	10
% Autobuses con accesibilidade a PMR.	>50 %	% Autobuses con accesibilidade a PMR.	>20 %	10
Densidade das liñas de autobús urbano (km/1000 hab.).	> 2	Densidade das liñas de autobús urbano (km/1000 hab.).	> 1	10
Incremento en n.º de viaxes de TP respecto á media dos tres anos anteriores.	> 1 %	Incremento en n.º de viaxes de TP respecto ao ano anterior.	SI/NON	5
Rede de carrís bici: n.º de habitantes por km de carril bici.	< 8000	Rede de carrís bici: n.º de habitantes por km de carril bici.	< 6000	3
Lonxitude carrís bus (% s/ lonxitude total da rede).	>2 %	Existen carrís bus.	SI/NON	3
Porcentaxe de condutores bus urbano formados (%).	> 20 %	Porcentaxe de condutores bus urbano formados (%).	> 15 %	3
Paradas con información en tempo real de chegada de autobuses (% /sobre total de paradas).	> 3 %	Paradas con información en tempo real de chegada de autobuses (% /sobre total de paradas).	> 3 %	3
Capacitación en xestión de frotas con criterios de eficiencia enerxética (n.º persoas formadas/100 vehículos).	> 1	Capacitación en xestión de frotas con criterios de eficiencia enerxética(n.º persoas formadas/100 vehículos).	> ou = 1	3
Total . . . . .				100

**Artigo 106. Compensación aos concellos dos beneficios fiscais concedidos ás persoas físicas ou xurídicas nos tributos locais.**

Para dar cumprimento ao previsto no artigo 9 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, dótase na sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, Programa 942N, Outras achegas a entidades locais, subconcepto 461.00 do vixente orzamento de gastos do Estado un crédito coa finalidade de compensar os beneficios fiscais en tributos locais de exacción obrigatoria que poida conceder o Estado mediante lei e nos termos previstos no número dous do citado artigo 9.

As solicitudes de compensación serán obxecto de comprobación previa ao seu pagamento, no caso do imposto sobre actividades económicas coa información existente

nas bases de datos da matrícula dese imposto e, no caso do imposto sobre bens inmobles, nas bases de datos do catastro inmobiliario.

Para tales efectos, a Axencia Estatal de Administración Tributaria do Estado e a Dirección Xeral do Catastro do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas facilitarán a intercomunicación informática coa Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

Autorízase o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para ditar as normas necesarias para o establecemento do procedemento que se debe seguir en cada caso, co fin de proceder á compensación, en favor dos municipios, das débedas tributarias efectivamente condonadas e das exencións legalmente concedidas.

Artigo 107. *Outras compensacións e subvencións ás entidades locais.*

Un. Con cargo aos créditos consignados na sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942N, Outras achegas a entidades locais, subconcepto 461.01, farase efectiva a compensación das cotas do imposto sobre vehículos de tracción mecánica obxecto de condonación no ano 2012, como consecuencia da aplicación dos beneficios fiscais establecidos no vixente Convenio de cooperación para a defensa cos Estados Unidos, do 1 de decembro de 1988.

O cálculo da cantidade que se vaia compensar realizarase de acordo cos convenios subscritos cos concellos afectados.

Dous. Con cargo aos créditos da sección 32, servizo 02, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942N, Outras achegas a entidades locais, concepto 463, concédese unha axuda de 8 millóns de euros para a súa asignación ás cidades de Ceuta e de Melilla, destinada aos custos de funcionamento das plantas desalinizadoras instaladas para o abastecemento de auga.

As axudas a que se refire o parágrafo anterior faranse efectivas na forma que se estableza no instrumento regulador correspondente, que para o outorgamento de subvencións nominativas establece o artigo 28 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento de desenvolvemento.

A anterior contía repartirase entre as cidades de Ceuta e Melilla en función do número de habitantes de dereito de cada municipio, segundo o padrón da poboación municipal vixente en 1 de xaneiro do exercicio inmediatamente anterior. Á cidade de Ceuta correspóndenlle 4,12 millóns de euros e á de Melilla 3,88 millóns de euros.

Artigo 108. *Anticipos a favor dos concellos por desfases na xestión recadatoria dos tributos locais.*

Un. Cando por circunstancias relativas á emisión dos padróns non se poida liquidar o imposto sobre bens inmobles antes do 1 de agosto do ano 2012, os concellos afectados poderán percibir do Tesouro Público anticipos á conta do mencionado imposto, co fin de salvagardar as súas necesidades mínimas de tesouraría, logo de autorización do Pleno da respectiva corporación.

Tales anticipos serán concedidos por solicitude dos respectivos municipios, logo de informe da Dirección Xeral do Catastro, e serán tramitados e resoltos pola Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local.

Na tramitación dos expedientes teranse en conta os seguintes condicionamentos:

a) Os anticipos non poderán exceder o 75 por cento do importe da recadación previsible como imputable a cada padrón.

b) O importe anual que se anticipará a cada corporación mediante esta fórmula non excederá o dobre da última anualidade percibida por ela en concepto de participación nos tributos do Estado.



c) En ningún caso poderán solicitarse anticipos correspondentes a máis de dous períodos impositivos sucesivos con referencia a un mesmo tributo.

d) As deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares e comunidades autónomas uniprovinciais e outros organismos públicos recadadores que, pola súa vez, realizen anticipos aos concellos de referencia, na forma prevista no artigo 149.2 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, poderán ser perceptores da contía que corresponda do anticipo, ata o importe do efectivamente anticipado e co fin de poder cancelar en todo ou en parte as correspondentes operacións de tesouraría, logo da oportuna xustificación.

e) Unha vez ditada a correspondente resolución definitiva, os anticipos libraranse polo seu importe neto a favor dos concellos ou entidades a que se refire a letra d) anterior por cuartas partes mensuais, a partir do día 1 de setembro de cada ano, e suspenderanse as correlativas entregas no mes seguinte a aquel en que se corrixa as deficiencias sinaladas no parágrafo primeiro deste número.

Os anticipos concedidos conforme o disposto neste número estarán sometidos, de ser o caso, ás mesmas retencións previstas na disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e serán reintegrados polas respectivas entidades locais unha vez recibido informe da Dirección Xeral do Catastro en que se comunique a rectificación dos mencionados padróns.

Dous. Mediante resolución da Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local poderanse conceder aos concellos, en caso de urxente e extraordinaria necesidade de tesouraría, anticipos para reintegrar dentro do exercicio corrente con cargo á súa participación nos tributos do Estado. Para a concesión destes anticipos deberanse cumprir os seguintes requisitos:

a) Acordo do Pleno da Corporación que autorice ao seu presidente a solicitude do anticipo e fixe os termos de tal solicitude.

b) Informe da Intervención municipal en que se concrete a situación económico-financeira da entidade local que xustifique con precisión a causa extraordinaria que fai necesario o anticipo.

c) Informe da Tesouraría municipal da previsión de ingresos e os gastos do exercicio correspondente.

#### *Sección 9.<sup>a</sup> Normas instrumentais en relación coas disposicións incluídas neste capítulo*

*Artigo 109. Normas de xestión orzamentaria de determinados créditos a favor das entidades locais.*

Un. Autorízase o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para comprometer gastos con cargo ao exercicio de 2013, ata un importe máximo equivalente á doceava parte dos créditos consignados no orzamento para 2012, destinados a satisfacer as entregas á conta da participación en tributos do Estado a favor dos concellos e deputacións provinciais ou entes asimilados, do mes de xaneiro de 2013. As diferenzas que poidan xurdir en relación coa determinación das entregas á conta definitivas imputables ao mencionado exercicio serán obxecto de axuste nas entregas á conta do mes de febreiro do exercicio citado.

Dous. Os expedientes de gasto e as ordes de pagamento conxuntas que se expidan para os efectos de cumprir os compromisos que se establecen nos artigos precedentes do presente capítulo tramitaranse, simultaneamente, a favor das corporacións locais afectadas, e o seu cumprimento, en canto á disposición efectiva de fondos, poderase realizar con cargo ás contas de acredores non orzamentarios que, para estes fins, están

habilitadas na Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, de forma que se produza o pagamento conxunto e simultáneo das respectivas obrigacións a todos os perceptores en razón da data das correspondentes resolucións e en igualdade de condicións.

Decláranse de urxente tramitación:

Os expedientes de modificación de crédito con relación aos compromisos sinalados.

Os expedientes de gasto, vinculados aos compromisos de referencia, a que se refire a Orde do 27 de decembro de 1995.

Para estes efectos, deberán ser obxecto de acumulación as distintas fases do procedemento de xestión orzamentaria, adoptándose en igual medida procedementos especiais de rexistro contable das respectivas operacións.

Tres. Nos supostos previstos no número anterior, cando proceda a tramitación de expedientes de ampliación de crédito e para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, as solicitudes de incrementos de crédito xustificaranse, en todo caso, con base nas peticións adicionais formuladas polas entidades locais afectadas.

Catro. Os créditos incluídos no orzamento de gastos para os fins sinalados no número un anterior poderanse transferir coa periodicidade necesaria á conta extraorzamentaria correspondente, habilitada para estes efectos na Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira. Este procedemento poderase aplicar ao obxecto de materializar o pagamento simultáneo das obrigacións que deriven da participación das entidades locais nos tributos do Estado, tanto en concepto de entregas á conta como de liquidación definitiva, así como para proceder ao pagamento simultáneo das obrigacións que deriven das solicitudes presentadas polas corporacións locais, unha vez que se diten as resolucións pertinentes que dean orixe ao recoñecemento desas obrigacións por parte do Estado.

#### Artigo 110. *Información que deben subministrar as corporacións locais.*

Un. Co fin de proceder á liquidación definitiva da participación dos concellos nos tributos do Estado correspondente a 2012, as respectivas corporacións locais deberán facilitar, antes do 30 de xuño do ano 2012, na forma que determinen os órganos competentes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a seguinte documentación:

1. Unha certificación comprensiva da recadación líquida obtida en 2010 polo imposto sobre bens inmoables, polo imposto sobre actividades económicas e polo imposto sobre vehículos de tracción mecánica. No imposto sobre bens inmoables especificarase a recadación correspondente aos bens inmoables de características especiais.

2. Unha certificación comprensiva das bases impositivas deducidas dos padróns do ano 2010, así como das altas producidas neles, correspondentes ao imposto sobre bens inmoables, urbanos, e dos tipos exixibles no municipio nos tributos que se citan no parágrafo precedente. En relación co imposto sobre bens inmoables especificarase a información tributaria correspondente aos bens inmoables de características especiais. Ademais, especificarase as reducións que se aplicasen en 2010, a que se refire a disposición adicional novena do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo.

3. Unha certificación das cotas exixibles no imposto sobre actividades económicas en 2010, incluída a incidencia da aplicación do coeficiente a que se refire o artigo 86 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, vixentes naquel período impositivo.

Dous. O procedemento de remisión da documentación en papel poderase substituír pola transmisión electrónica da información nos modelos habilitados para tal fin, sempre que o soporte utilizado para o envío incorpore a sinatura electrónica do interventor ou, de

ser o caso, do titular do órgano da corporación local que teña atribuída a función de contabilidade.

A sinatura electrónica recoñecida, entendida nos termos previstos pola Lei 59/2003, do 19 de decembro, de sinatura electrónica, terá respecto dos datos transmitidos pola entidade local o mesmo valor que a sinatura manuscrita en relación cos consignados en papel, polo que a súa aplicación na transmisión electrónica da información eximirá da obriga de remitir a citada documentación en soporte papel.

Tres. A Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local procederá a ditar a correspondente resolución establecendo os modelos que conteñan o detalle da información necesaria, así como a regulación do procedemento para a presentación telemática da documentación e a súa sinatura electrónica.

Catro. Aos municipios que, estando no ámbito de aplicación da subsección 2.<sup>a</sup> da sección 4.<sup>a</sup> deste capítulo, non acheguen a documentación que se determina nas condicións sinaladas anteriormente aplicaráselles, de ser o caso, un módulo de ponderación equivalente ao 60 por cento do esforzo fiscal medio aplicable ao municipio con menor coeficiente por este concepto, dentro do tramo de poboación en que se encadre, para efectos de practicar a liquidación definitiva da súa participación nos tributos do Estado para o ano 2012.

Artigo 111. *Retencións que se lles practicarán ás entidades locais en aplicación da disposición adicional cuarta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Un. Logo de solicitude do órgano competente que teña atribuída legalmente a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local aplicará as retencións que se deban practicar na participación dos municipios e provincias nos tributos do Estado.

Se concorren na retención débedas derivadas de tributos do Estado e débedas por cotas da Seguridade Social e conceptos de recadación conxunta con elas, e a contía de todas elas superase a cantidade retida, aquela ratearase en función dos importes destas.

Dous. O importe da retención será o 50 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, tanto en cada entrega á conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación nos tributos do Estado, excepto cando a contía da débeda sexa inferior a esa cantidade.

Cando se trate de débedas derivadas de tributos do Estado que fosen legalmente repercutidos, de ingresos á conta correspondentes a retribucións en especie, de cantidades retidas ou que se debesen reter á conta de calquera imposto, ou de cotizacións sociais que fosen ou debesen ser obxecto de retención, a retención que se practicará será do 100 por cento da contía asignada á respectiva entidade local, tanto en cada entrega á conta como na liquidación definitiva anual correspondente á participación nos tributos do Estado, excepto cando a contía da débeda sexa inferior a esa cantidade.

Tres. A contía que se vaia reter no conxunto do exercicio poderase reducir cando se xustifique a existencia de graves desfases de tesouraría xerados pola prestación daquelas obrigacións relativas:

- a) Ao cumprimento regular das obrigacións de persoal;
- b) Á prestación dos servizos públicos obrigatorios en función do número de habitantes do municipio;
- c) Á prestación de servizos sociais, protección civil e extinción de incendios, para cuxa realización non se exixa ningunha contraprestación en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

En ningún caso se poderá establecer unha porcentaxe de retención inferior ao 25 por cento da entrega á conta.

Non será aplicable a redución de retencións a aquelas entidades locais que se integrasen en consorcios de saneamento financeiro dos cales formen parte institucións doutras administracións públicas.

Nos procedementos de redución da porcentaxe de retención, a Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local ditará a resolución correspondente, tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garantir a prestación dos servizos públicos obrigatorios. Para iso, a entidade local deberá achegar, con carácter imprescindible e non exclusivo:

- Certificado expedido polos órganos de recadación das entidades acreedoras polo que se acredite ter atendido o pagamento das obrigacións correntes nos doce meses precedentes ao mes inmediato anterior á data de solicitude da certificación;
- Informe da situación financeira actual suscrito polo interventor local que inclúa o cálculo do remanente de tesouraría na data de solicitude da redución da porcentaxe de retención e poña de manifesto os termos en que esa situación afecta o cumprimento das obrigas recollidas no parágrafo primeiro do presente número;
- Plan de saneamento, aprobado polo Pleno, que inclúa o exercicio en curso.

Na resolución fixarase o período de tempo en que a porcentaxe de retención deberá ser reducida, sen que caiba a extensión desta máis alá da finalización do exercicio. En todo caso, tal redución estará condicionada á aprobación pola entidade local dun plan de saneamento ou á verificación do cumprimento doutro en curso.

Catro. Cando a débeda naza como consecuencia do reintegro de anticipos de financiamento a cargo do Tesouro Público, a retención deberase adecuar ás condicións fixadas na resolución de concesión do correspondente anticipo, xa sexa mediante a cancelación total do débito en forma singular, ou en retencións sucesivas ata a definitiva extinción deste.

Cinco. As resolucións que declaren a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retivesen corresponderán, en cada caso, ao órgano legalmente competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, e producirán os seus efectos, na parte concorrente da débeda, desde o momento en que se efectuou a retención.

Seis. As normas contidas neste artigo serán de aplicación nos supostos de débedas contraídas polas entidades locais co Instituto de Crédito Oficial, pola liña de crédito instruída por este último a que se refire a sección segunda do capítulo II do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo. Así mesmo, serán de aplicación as normas deste precepto nos supostos de débedas contraídas co Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores, que poidan derivar da aplicación do artigo 8 do Real decreto lei 7/2012, do 9 de marzo, polo que se crea o Fondo para o financiamento dos pagamentos a provedores.

#### Artigo 112. *Financiamento de institucións do municipio de Barcelona.*

No marco da Lei 1/2006, do 13 de marzo, pola que se regula o réxime especial do municipio de Barcelona, con cargo ao concepto 461, ao Concello de Barcelona para o financiamento de institucións culturais do municipio, de acordo co convenio que se subscriba no ámbito da Comisión de Colaboración Interadministrativa, do programa 334A, Promoción e cooperación cultural, do servizo 13, Dirección Xeral de Políticas e Industrias Culturais e do Libro, da sección 18, Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, poderanse recoñecer obrigacións ata un montante global de 3.600 miles de euros para o financiamento de institucións con ampla proxección e relevancia do municipio de Barcelona.

Para a materialización das transferencias destinadas a financiar as institucións citadas no parágrafo anterior deberase subscribir previamente o correspondente convenio no ámbito da Comisión de Colaboración Interadministrativa creada conforme o disposto no

artigo 5 da Lei 1/2006, do 13 de marzo, pola que se regula o réxime especial do municipio de Barcelona.

Artigo 113. *Procedementos de subministración de información dos orzamentos, previsións contables e liquidacións das entidades locais.*

O procedemento de remisión da información que as entidades locais ou as súas dependentes incluídas no ámbito subxectivo da normativa de estabilidade orzamentaria deben subministrar ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, relativa aos seus orzamentos, liquidacións ou, de ser o caso, estados contables, realizarase, en todo caso, mediante transmisión telemática, utilizando os modelos habilitados para tal fin na páxina web deste ministerio, dentro da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas entidades locais, modelos XBRL ou formulario electrónico de formalización manual, incorporando sinatura electrónica do responsable ou titular do órgano da entidade local que teña atribuída a competencia de elaboración ou presentación da información obxecto de comunicación.

## CAPÍTULO II

### Comunidades autónomas

Artigo 114. *Entregas á conta do Fondo de Suficiencia Global.*

Os créditos orzamentarios destinados a facer efectivas as entregas á conta do Fondo de Suficiencia Global establecidas no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, unha vez tomadas en conta as regularizacións do Fondo de Suficiencia Global do ano base nos termos previstos no artigo 10 da citada lei, as revisións, correccións e demais preceptos aplicables a elas son, para cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, os que se inclúen nos correspondentes servizos da sección 36 «Sistemas de financiamento de entes territoriais», programa 941M «Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado», concepto 451 «Fondo de Suficiencia Global».

Artigo 115. *Liquidación definitiva dos recursos do sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía e participación nos Fondos de Conxerencia.*

Un. De conformidade co que establece o número 2 do artigo 11 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, cando se coñezan os valores definitivos no ano 2012 de todos os recursos correspondentes ao ano 2010 regulados no título I da citada lei, practicarase a liquidación do dito exercicio. De acordo co previsto no número 3 do citado artigo 11, nese momento efectuarase igualmente a liquidación dos Fondos de Conxerencia Autonómica regulados no título II da citada lei correspondentes a 2010.

A determinación do importe da liquidación definitiva do ano 2010 de cada un dos recursos do sistema e dos Fondos de Conxerencia Autonómica calcularase, en aplicación do disposto na disposición transitoria primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, conforme as seguintes regras:

a) Calcularase a contía total obtida por cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía por pagamentos efectuados no ano 2010 que, conforme o indicado no número 5 da disposición transitoria primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, inclúe as entregas á conta dos recursos do sistema reguladas na Lei 21/2001, do 27 de decembro, os anticipos recibidos polas comunidades autónomas de réxime común e

ciudades con estatuto de autonomía, con cargo aos orzamentos xerais do Estado para 2010, á conta dos fondos e recursos adicionais previstos no título I da Lei 22/2009, do 18 de decembro, os pagamentos polos servizos transferidos indicados na letra g) do número 2 do artigo 5 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, os pagamentos recibidos pola dotación complementaria para o financiamento da asistencia sanitaria e pola dotación de compensación de insularidade previstos na letra h) do número 2 do artigo 5 da citada lei e, de ser o caso, os pagamentos recibidos polos servizos traspasados polo Instituto Social da Mariña, previstos na letra i) do número 2 do artigo 5 da citada lei.

b) En cumprimento do previsto no artigo 20 *in fine* e nas disposicións transitorias primeira e cuarta da Lei 22/2009, do 18 de decembro, para determinar as liquidacións definitivas dos recursos tributarios suxeitos a liquidación deducirase do rendimento definitivo de cada un deles, calculado de acordo coa Lei 22/2009, do 18 de decembro, o importe dos pagamentos enumerados na letra a) anterior que sexa equivalente ao importe das entregas á conta realizadas no ano 2010, para cada un dos recursos tributarios, que foron determinadas consonte a Lei 21/2001, do 27 de decembro.

c) A liquidación definitiva da transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais de cada comunidade autónoma determinarase deducindo do seu valor definitivo, calculado de acordo coa Lei 22/2009, do 18 de decembro, o importe dos pagamentos enumerados na letra a) anterior necesario para que o importe desta liquidación equivalla á cifra resultante de distribuír os recursos adicionais do artigo 6 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, en función da poboación axustada da comunidade autónoma en 2010, determinada conforme o previsto no artigo 19 da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

d) A liquidación definitiva do Fondo de Suficiencia Global de cada comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía calcularase deducindo do seu valor definitivo, calculado de acordo coa Lei 22/2009, do 18 de decembro, a contía dos pagamentos enumerados na letra a) anterior que non fosen deducidos no cálculo das liquidacións do resto dos recursos do título I da Lei 22/2009, do 18 de decembro, enumeradas nas letras b) e c) deste apartado.

e) Os importes das participacións no Fondo de Cooperación e no Fondo de Competitividade determinaranse para cada comunidade ou cidade con estatuto de autonomía segundo o establecido nos artigos 23 e 24 e na disposición adicional primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

Dous. A liquidación definitiva conxunta dos recursos do sistema de financiamento e das participacións nos Fondos de Conxerxencia Autonómica correspondente a 2010 de cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía, a que se refire o artigo 11.3 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, estará composta polos importes das liquidacións definitivas de todos os recursos do sistema e das participacións nos fondos de conxerxencia autonómica enumeradas no número un do presente artigo e, de ser o caso, da participación de cada comunidade autónoma no importe da garantía prevista no número sete deste artigo, unha vez deducido o importe dos anticipos correspondentes ao ano 2010, concedidos ao abeiro do artigo 64 da Lei 22/2009, do 18 de decembro e da disposición transitoria segunda da mesma lei, non incluídos na letra a) do número un anterior, e o importe dos pagamentos realizados en 2010 a cada comunidade autónoma polas recadacións de ingresos derivados do imposto sobre o patrimonio, a que se refire o número 6 da disposición transitoria primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

Tres. No suposto de que o saldo global da liquidación anterior sexa a favor da comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía, realizaranse os pagamentos das liquidacións positivas descontando deles, mediante compensación, o importe das liquidacións a favor do Estado, o importe dos anticipos correspondentes ao ano 2010, concedidos ao abeiro do artigo 64 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, e da disposición transitoria segunda da mesma lei, non incluídos na letra a) do número un anterior, e o importe dos pagamentos realizados en 2010 a cada comunidade autónoma polas

recadacións de ingresos derivados do imposto sobre o patrimonio, a que se refire o número 6 da disposición transitoria primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

Catro. No suposto de que o saldo global da liquidación do número dous for a favor do Estado, realizaranse, de acordo co establecido no artigo 11.3 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, os pagamentos das liquidacións a favor da comunidade descontando neles, por esta mesma orde de prelación, o saldo a favor do Estado da transferencia do Fondo de Garantía, o dos tributos cedidos, o importe dos anticipos correspondentes ao ano 2010, concedidos ao abeiro do artigo 64 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, da disposición transitoria segunda da mesma lei, non incluídos na letra a) do número un anterior, e o importe dos pagamentos realizados en 2010 a cada comunidade autónoma polas recadacións de ingresos derivados do imposto sobre o patrimonio, a que se refire o número 6 da disposición transitoria primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, e o saldo do Fondo de Suficiencia Global.

Os saldos restantes da liquidación que non puidesen ser obxecto de compensación compensaranse conforme o previsto no artigo 11.3 da Lei 22/2009, do 18 de decembro.

Cinco. Os ingresos derivados de compensar os pagamentos realizados en 2010 a cada comunidade autónoma polas recadacións de ingresos procedentes do imposto sobre o patrimonio a que se refire o número 6 da disposición transitoria primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, e de compensar os anticipos correspondentes ao ano 2010, concedidos ao abeiro da disposición transitoria segunda da Lei 22/2009, do 18 de decembro, non incluídos na letra a) do número un anterior, segundo o sinalado nos números anteriores, reflectiranse como dereito no capítulo IV do orzamento de ingresos do Estado.

Seis. En cumprimento do previsto na disposición adicional terceira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, o Estado compensará as comunidades autónomas cuxos importes, tanto da transferencia do Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais como do Fondo de Suficiencia Global, correspondentes a 2010, sexan negativos, a través do crédito orzamentario sinalado no número oito. O importe desta compensación, que terá signo positivo, para cada comunidade autónoma acreedora, será aquel que permita que, despois de se teren repartido a totalidade dos recursos do Fondo de Competitividade, o índice de financiamento descrito no número 5 do artigo 23 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, alcance a unidade, co límite do importe do valor definitivo do seu Fondo de Suficiencia Global negativo.

Para os efectos do previsto nos números anteriores deste artigo, o importe desta compensación incluírase na liquidación definitiva da participación da comunidade no Fondo de Competitividade.

Sete. En cumprimento do previsto no artigo 6 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, garántese que o importe dos recursos adicionais, incluídos os Fondos de Convergencia, será un 30 % superior ao resultado do total dos incorporados en 2009, que se liquidarán en 2011.

Para tal fin procederáse da seguinte maneira:

1. Determinarase a cifra total dos recursos adicionais e dos Fondos de Convergencia dos anos 2009 e 2010 contidos nos recursos financeiros do sistema de financiamento do conxunto das comunidades autónomas e nas participacións das comunidades autónomas nos Fondos de Convergencia que se liquidan nos anos 2011 e 2012, consonte as seguintes regras:

a) O importe total dos recursos adicionais contidos nos recursos financeiros de sistema de financiamento que se liquidan no ano 2012, para o conxunto das comunidades autónomas, se compoñen do valor no ano 2010 do total dos recursos adicionais previstos no artigo 5 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, para o conxunto das comunidades autónomas máis o importe total dos recursos adicionais previstos no artigo 6 do citado texto legal para ese conxunto.

b) O valor no ano 2010 do total dos recursos adicionais previstos no artigo 5 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, para o conxunto das comunidades autónomas, determínase mediante a aplicación do cociente entre o ITE definitivo no ano 2010 e o ITE definitivo no ano 2009 ao total dos recursos adicionais previstos no mencionado artigo para o conxunto das comunidades autónomas.

c) O valor dos Fondos de Convergencia do ano 2010 para o conxunto das comunidades autónomas determinarase mediante a suma das participacións de todas as comunidades autónomas no Fondo de Competitividade e no Fondo de Cooperación, cuxa liquidación se prevé na letra e) do número un deste artigo.

d) O importe total dos recursos adicionais contidos nos recursos financeiros de sistema de financiamento que se liquidan no ano 2011 componse do total dos recursos adicionais previstos no artigo 5 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, para o conxunto das comunidades autónomas.

e) O valor dos Fondos de Convergencia do ano 2009 para o conxunto das comunidades autónomas determinarase mediante a suma das participacións das comunidades autónomas no Fondo de Competitividade e no Fondo de Cooperación, cuxa liquidación se prevé na letra e) do número un do artigo 129 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

2. Procederase a determinar o resultado do cociente cuxo numerador se corresponde coa suma dos importes mencionados nas letras a) e c), do punto anterior, e en cuxo denominador aparecerá a suma dos importes mencionados nas letras d) e e).

3. Se o resultado do cociente anterior é inferior a 1,3, o Estado, en cumprimento da garantía do artigo 6 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, engadirá ao conxunto dos recursos financeiros e Fondos de Convergencia Autonómica liquidados no ano 2012 para o conxunto das comunidades autónomas, o importe necesario para alcanzar o mencionado índice, en concepto de importe da garantía.

4. O importe da garantía determinado no punto anterior distribuirase entre todas as comunidades autónomas, mediante a aplicación do sistema de financiamento. Para iso engadirase á achega definitiva do Estado ao Fondo de Garantía no ano 2010 a cifra necesaria para que os recursos financeiros e as participacións nos Fondos de Convergencia Autonómica, que se liquiden tendo en conta o novo importe da achega definitiva do Estado ao Fondo de Garantía, exceda os liquidables con anterioridade á aplicación do disposto neste apartado, no importe da garantía mencionada no punto anterior.

5. A participación resultante para cada comunidade autónoma na distribución do importe da garantía liquidarase xunto co resto de recursos financeiros e participacións correspondentes ao ano 2010, conforme se prevé no número dous deste artigo.

Oito. Aos créditos dos subconceptos que corresponda dotados na sección 36, servizo 20 – «Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Varias CC.AA.», programa 941M «Transferencias a comunidades autónomas por participación nos ingresos do Estado», concepto 452 «Liquidación definitiva do financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía de exercicios anteriores», aplicaranse segundo a súa natureza:

1) O importe das liquidacións definitivas do ano 2010 do Fondo de Suficiencia Global, regulado no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, que resulten a favor das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía, determinado conforme o número un deste artigo.

Se o importe das liquidacións definitivas a que se refire o parágrafo anterior é a favor do Estado, reflectirase, unha vez compensado ou pagado, como dereito no capítulo IV do orzamento de ingresos do Estado.

2) O importe das liquidacións definitivas do ano 2010 das participacións das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía nos fondos de



converxencia autonómica, regulados nos artigos 23, 24 e disposición adicional primeira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, determinado conforme o número un deste artigo.

3) A compensación prevista na disposición adicional terceira da Lei 22/2009, do 18 de decembro, se resulta esta compensación aplicable, determinada conforme o número seis deste artigo.

4) A achega do Estado ao Fondo de Garantía de Servizos Públicos Fundamentais correspondente ao exercicio 2010 para cancelar o saldo de operacións non orzamentarias derivado da liquidación definitiva da transferencia do dito fondo determinada conforme o número un deste artigo.

5) As participacións de cada comunidade autónoma na distribución do importe da garantía, prevista no número sete deste artigo.

Nove. Os saldos a favor do Estado da liquidación do sistema de financiamento do ano 2009 e os anticipos dese exercicio pendentes de cancelación, a que se refiren os números catro e sete do artigo 129 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, respectivamente, aboaraos cada comunidade autónoma e cidade con estatuto de autonomía en 60 mensualidades iguais a partir de xaneiro de 2012, mediante desconto nos pagamentos que realice o Estado polas entregas á conta de calquera recurso do sistema de financiamento.

Artigo 116. *Transferencias a comunidades autónomas correspondentes ao custo dos novos servizos traspasados.*

Se a partir do 1 de xaneiro de 2012 se efectúan novas transferencias de servizos ás comunidades autónomas, dotaranse nos conceptos específicos da sección 36 que, no seu momento, determine a Dirección Xeral de Orzamentos os créditos que se precisen para transferir ás comunidades autónomas o custo efectivo dos servizos asumidos.

Para estes efectos, os reais decretos que aproben as novas transferencias de servizos conterán, como mínimo, os seguintes datos:

a) Data en que a comunidade autónoma debe asumir efectivamente a xestión do servizo transferido.

b) O financiamento anual, en euros do exercicio 2012, desagregado nos diferentes capítulos de gasto que comprenda.

c) A valoración referida ao ano base 2007, correspondente ao seu custo efectivo anual, para efectos da revisión do valor do Fondo de Suficiencia Global da Comunidade Autónoma que corresponde prevista no artigo 21.1 da Lei 22/2009.

Artigo 117. *Pagamento das entregas á conta dos recursos do sistema de financiamento.*

O importe mensual que percibirán as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía como entregas á conta dos rendementos definitivos dos recursos do sistema regulados na Lei 22/2009, a partir do mes seguinte ao de publicación da presente lei, será o resultante de dividir a diferenza entre o importe anual das entregas á conta que resulten de aplicación para o ano 2012 de acordo coas previsións da presente lei e o importe satisfeito ata a fin do mes en que esta se publique polo número de meses que resten ata fin de 2012, contados a partir do mes seguinte ao de publicación da presente lei.

Artigo 118. *Cancelación do anticipo de tesouraría concedido á Comunidade Autónoma de Andalucía.*

Na sección 32 dos orzamentos xerais do Estado, servizo 01 «Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Comunidades autónomas», programa 9410

«Outras transferencias a comunidades autónomas», concepto 456 «Para formalización do anticipo de tesouraría aboado en 2008 á Comunidade Autónoma de Andalucía», inclúese un crédito polo importe de 300.000 miles de euros destinado a facer efectiva a cancelación do anticipo de tesouraría concedido á Comunidade Autónoma de Andalucía no ano 2008 ao abeiro do previsto na disposición adicional quincuaxésima da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, unha vez fixada pola Comisión Mixta de Asuntos Económicos e Fiscais Estado-Comunidade Autónoma de Andalucía a contía definitiva das asignacións complementarias a que se refire a disposición adicional segunda da Lei 2/2007, do 19 de marzo, de reforma do Estatuto de autonomía de Andalucía e efectuada a liquidación definitiva delas.

Artigo 119. *Fondos de Compensación Interterritorial.*

Un. Na sección 33 dos orzamentos xerais do Estado dótanse dous fondos de Compensación Interterritorial e a suma de ambos ascende a 671.580,00 miles de euros, en cumprimento do disposto na Lei 22/2001, do 27 de decembro, reguladora dos fondos de Compensación Interterritorial modificada pola Lei 23/2009, do 18 de decembro.

Dous. O Fondo de Compensación, dotado con 503.697,59 miles de euros, destinarase a financiar gastos de investimento de acordo co previsto no artigo 2 da Lei 22/2001.

Tres. O Fondo Complementario, dotado con 167.882,41 miles de euros, poderano aplicar as comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía propio ao financiamento dos gastos de posta en marcha ou funcionamento dos investimentos realizados con cargo á sección 33 dos orzamentos xerais do Estado nos termos previstos no artigo 6.2 da Lei 22/2001.

Catro. A porcentaxe que representa o Fondo de Compensación destinado ás comunidades autónomas sobre a base de cálculo constituída polo investimento público é do 29,58 por 100, de acordo co artigo 2.1.a) desa lei. Ademais, en cumprimento da disposición adicional única da Lei 22/2001, a porcentaxe que representan os fondos de Compensación Interterritorial destinados ás comunidades autónomas é do 39,44 por cento, que se eleva ao 40,06 por cento se se inclúen as cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla e alcanza o 40,45 por cento tendo en conta a variable «rexión ultraperiférica» definida na Lei 23/2009, de modificación da Lei 22/2001.

Cinco. Os proxectos de investimento que se poden financiar con cargo aos fondos anteriores son os que se detallan no anexo á sección 33.

Seis. No exercicio 2012 serán beneficiarias destes fondos as comunidades autónomas de Galicia, Andalucía, Principado de Asturias, Cantabria, Rexión de Murcia, Comunidade Valenciana, Castilla-La Mancha, Canarias, Extremadura, Castilla y León e as cidades de Ceuta e Melilla, de acordo coa disposición adicional única da Lei 22/2001, do 27 de decembro.

Sete. Os remanentes de crédito dos Fondos de Compensación Interterritorial de exercicios anteriores incorporaranse automaticamente ao orzamento do ano 2012 á disposición da mesma Administración a que correspondía a execución dos proxectos en 31 de decembro de 2011.

Oito. Mentres os remanentes de créditos orzamentarios de exercicios anteriores se incorporan ao vixente, o Tesouro Público poderá efectuar anticipos de tesouraría ás comunidades autónomas por igual importe ás peticións de fondos efectuadas por elas «á conta» dos recursos que teñan que percibir unha vez que se efectúe a devandita incorporación.

Os anticipos deberán quedar reembolsados antes de finalizar o exercicio económico.

## TÍTULO VIII

### Cotizacións sociais

Artigo 120. *Bases e tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional durante o ano 2012.*

As bases e os tipos de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cesamento de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional, a partir do 1 de xaneiro de 2012 serán os seguintes:

Un. Topes máximo e mínimo das bases de cotización á Seguridade Social.

1. O tope máximo da base de cotización en cada un dos réximes da Seguridade Social que o teñan establecido queda fixado, a partir do 1 de xaneiro de 2012, na contía de 3.262,50 euros mensuais.

2. De acordo co establecido no número 2 do artigo 16 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, durante o ano 2012 as bases de cotización nos réximes da Seguridade Social e respecto das contingencias que se determinan neste artigo terán como tope mínimo as contías do salario mínimo interprofesional vixente en cada momento, incrementadas nun sexto, salvo disposición expresa en contrario.

Dous. Bases e tipos de cotización no réxime xeral da Seguridade Social.

1. As bases mensuais de cotización para todas as contingencias e situacións protexidas polo réxime xeral da Seguridade Social, exceptuadas as de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, estarán limitadas, para cada grupo de categorías profesionais, polas bases mínimas e máximas seguintes:

a) As bases mínimas de cotización, segundo categorías profesionais e grupos de cotización, desde o 1 de xaneiro de 2012 non se incrementarán con respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011.

As bases mínimas de cotización aplicables aos traballadores con contrato a tempo parcial adecuaranse para que a cotización nesta modalidade de contratación sexa equivalente á cotización a tempo completo pola mesma unidade de tempo e similares retribucións.

b) As bases máximas, calquera que sexa a categoría profesional e grupo de cotización, durante o ano 2012, serán de 3.262,50 euros mensuais ou de 108,75 euros diarios.

2. Os tipos de cotización no réxime xeral da Seguridade Social serán, durante o ano 2012, os seguintes:

a) Para as contingencias comúns o 28,30 por 100, sendo o 23,60 por 100 a cargo da empresa e o 4,70 por 100 a cargo do traballador.

b) Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aplicaranse as porcentaxes da tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, sendo as primas resultantes a cargo exclusivo da empresa.

3. Durante o ano 2012, para a cotización adicional por horas extraordinarias establecida no artigo 111 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aplicaranse os seguintes tipos de cotización:

a) Cando se trate das horas extraordinarias motivadas por forza maior, o 14,00 por 100, do cal o 12,00 por 100 será a cargo da empresa e o 2,00 por 100 a cargo do traballador.

b) Cando se trate das horas extraordinarias non comprendidas no parágrafo anterior, o 28,30 por 100, do cal o 23,60 por 100 será a cargo da empresa e o 4,70 por 100 a cargo do traballador.

4. A partir do 1 de xaneiro de 2012, a base máxima de cotización por contingencias comúns aplicable aos representantes de comercio será a prevista con carácter xeral no número dous.1.b) do presente artigo.

5. Para efectos de determinar, durante o ano 2012, a base máxima de cotización por contingencias comúns dos artistas, aplicarase o seguinte:

a) A base máxima de cotización para todos os grupos correspondentes ás distintas categorías profesionais será de 3.262,50 euros mensuais.

Non obstante, o límite máximo das bases de cotización en razón das actividades realizadas por un artista, para unha ou varias empresas, terá carácter anual e determinarase pola elevación a cómputo anual da base mensual máxima sinalada.

b) O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, tendo en conta a base e o límite máximos establecidos no número anterior, fixará as bases de cotización para determinar as liquidacións provisionais dos artistas, a que se refire o artigo 32.5.b) do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto 2064/1995, do 22 de decembro.

6. Para efectos de determinar, durante o ano 2012, a base máxima de cotización por contingencias comúns dos profesionais taurinos, aplicarase o seguinte:

a) A base máxima de cotización para todos os grupos correspondentes ás distintas categorías profesionais será de 3.262,50 euros mensuais. Non obstante, o límite máximo das bases de cotización para os profesionais taurinos terá carácter anual e determinarase pola elevación a cómputo anual da base mensual máxima sinalada.

b) O Ministerio de Emprego e Seguridade Social, tendo en conta a base e o límite máximos establecidos na letra anterior, fixará as bases de cotización para determinar as liquidacións provisionais dos profesionais taurinos, a que se refire o artigo 33.5.b) do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social.

Tres. Cotización no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

1. Durante o ano 2012, os importes das bases mensuais de cotización tanto por contingencias comúns como profesionais dos traballadores incluídos neste sistema especial, que presten servizos durante todo o mes, determinaranse conforme o establecido no artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, con aplicación das seguintes bases máximas e mínimas:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases mínimas – Euros/mes	Bases máximas – Euros/mes
1	Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores..	1.045,20	1.800,00
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados . . . . .	867,00	1.800,00
3	Xefes administrativos e de taller. . . . .	754,20	1.800,00
4	Axudantes non titulados . . . . .	748,20	1.800,00
5	Oficiais administrativos. . . . .	748,20	1.800,00
6	Subalternos . . . . .	748,20	1.800,00
7	Auxiliares administrativos. . . . .	748,20	1.800,00
8	Oficiais de primeira e segunda . . . . .	748,20	1.800,00
9	Oficiais de terceira e especialistas. . . . .	748,20	1.800,00
10	Peóns . . . . .	748,20	1.800,00
11	Traballadores menores de 18 anos . . . . .	748,20	1.800,00

Cando os traballadores inicien ou finalicen a súa actividade sen coincidir co principio ou fin dun mes natural, sempre que esa actividade teña unha duración de ao menos 30 días naturais consecutivos, esta modalidade de cotización realizarase con carácter proporcional aos días en que figuren en alta neste sistema especial durante o mes.

2. Durante o ano 2012, os importes das bases diarias de cotización tanto por contingencias comúns como profesionais por xornadas reais correspondentes a cada un dos grupos de traballadores que realicen labores agrarios por conta allea e respecto aos cales non se optase pola modalidade de cotización prevista no número anterior, determinaranse conforme o establecido no artigo 109 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, con aplicación das seguintes bases máximas e mínimas:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases mínimas diarias de cotización (euros)	Bases máximas diarias de cotización (euros)
1	Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección non incluído no artigo 1.3.c) do Estatuto dos traballadores. . .	45,44	78,26
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados . . . . .	37,70	78,26
3	Xefes administrativos e de taller. . . . .	32,79	78,26
4	Axudantes non titulados . . . . .	32,53	78,26
5	Oficiais administrativos. . . . .	32,53	78,26
6	Subalternos . . . . .	32,53	78,26
7	Auxiliares administrativos. . . . .	32,53	78,26
8	Oficiais de primeira e segunda . . . . .	32,53	78,26
9	Oficiais de terceira e especialistas. . . . .	32,53	78,26
10	Peóns . . . . .	32,53	78,26
11	Traballadores menores de 18 anos . . . . .	32,53	78,26

Independentemente do número de horas realizadas en cada xornada, a base de cotización non poderá ter unha contía inferior á base mínima diaria do grupo 10 de cotización.

Cando se realicen no mes natural 23 ou máis xornadas reais, a base de cotización correspondente será a establecida no número 1 deste punto.

3. Durante o ano 2012, o importe da base mensual de cotización dos traballadores agrarios por conta allea incluídos neste sistema especial será, durante os períodos de inactividade dentro do mes natural, o establecido para a base mínima por contingencias comúns correspondente ao grupo 7 da escala de grupo de cotización do réxime xeral da Seguridade Social.

Para estes efectos, entenderase que existen períodos de inactividade dentro dun mes natural cando o número de xornadas reais realizadas durante este sexa inferior ao 76,67 por cento dos días naturais en que o traballador figure de alta no sistema especial en tal mes.

A cotización respecto a estes períodos de inactividade determinarase aplicando a seguinte fórmula:

$$C = [(n/N) - (jr \times 1,304/N)] bc \times tc$$

Onde:

C = contía da cotización.

n = número de días no sistema especial sen cotización por bases mensuais de cotización.

N = número de días de alta no sistema especial no mes natural.

jr = número de días no mes natural en que se realizaron xornadas reais.

bc = base de cotización mensual.

tc = tipo de cotización aplicable, conforme o indicado no punto 4.b).

En ningún caso, a aplicación da fórmula anterior poderá dar lugar a que C alcance un valor inferior a cero.

Para efectos da aplicación desta fórmula, cando os traballadores non figuren en alta no sistema especial durante un mes natural completo, a cotización respecto dos períodos de inactividade realizarase con carácter proporcional aos días en alta no dito mes.

4. Os tipos aplicables á cotización dos traballadores por conta allea incluídos neste sistema especial serán os seguintes:

a) Durante os períodos de actividade:

Para a cotización por continxencias comúns respecto aos traballadores encadrados no grupo de cotización 1, o 28,30 por 100, sendo o 23,60 por 100 a cargo da empresa e o 4,70 por 100 a cargo do traballador.

Respecto aos traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 a 11, o 20,65 por 100, sendo o 15,95 por 100 a cargo da empresa e o 4,70 por 100 a cargo do traballador.

Para a cotización por continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aplicaranse os tipos de cotización da tarifa de primas aprobada pola disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2007, sendo as primas resultantes a cargo exclusivo da empresa.

b) Durante os períodos de inactividade, o tipo de cotización será o 11,50 por 100, sendo a cotización resultante a cargo exclusivo do traballador.

5. Durante o ano 2012 aplicaranse as seguintes reducións nas achegas empresariais á cotización a este sistema especial durante os períodos de actividade con prestación de servizos:

a) Na cotización respecto aos traballadores encadrados no grupo de cotización 1, aplicarase unha redución de 8,10 puntos porcentuais da base de cotización, resultando un tipo efectivo de cotización por continxencias comúns do 15,50 por 100.

b) Na cotización respecto aos traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 ao 11, a redución axustarase ás seguintes regras:

1.<sup>a</sup>) Para bases de cotización iguais ou inferiores a 986,70 euros mensuais ou a 42,90 euros por xornada realizada, aplicarase unha redución de 6,15 puntos porcentuais da base de cotización, resultando un tipo efectivo de cotización por continxencias comúns do 9,80 por 100.

2.<sup>a</sup>) Para bases de cotización superiores ás contías indicadas no ordinal anterior, e ata 1.800 euros mensuais ou 78,26 euros por xornada realizada, seralles de aplicación a porcentaxe resultante de aplicar as seguintes fórmulas:

Para bases mensuais de cotización a fórmula que se aplicará será:

$$\% \text{ redución mes} = 6,15\% \times \left( 1 + \frac{\text{Base mes} - 986,70}{\text{Base mes}} \times 2,52 \right)$$

Para bases de cotización por xornadas reais a fórmula que se aplicará será:

$$\% \text{ redución xornada} = 6,15\% \times \left( 1 + \frac{\text{Base xornada} - 42,90}{\text{Base xornada}} \times 2,52 \right)$$

6. Durante as situacións de incapacidade temporal, risco durante o embarazo e risco durante a lactación natural, así como de maternidade e paternidade causadas

durante a situación de actividade, a cotización efectuarase en función da modalidade de contratación dos traballadores:

a) Respecto dos traballadores agrarios con contrato indefinido, a cotización durante as referidas situacións rexerase polas normas aplicables con carácter xeral no réxime xeral da Seguridade Social. O tipo resultante que se aplicará será:

1.º Para os traballadores encadrados no grupo de cotización 1, o tipo do 15,50 por 100, aplicable á base de cotización por continxencias comúns.

2.º Para os traballadores encadrados nos grupos de cotización 2 a 11, o tipo do 2,75 por 100, aplicable á base de cotización por continxencias comúns.

Para todos os traballadores, calquera que sexa o seu grupo de cotización, na cotización por desemprego aplicarase unha redución na cota equivalente a 2,75 puntos porcentuais da base de cotización.

b) Respecto dos traballadores agrarios con contrato temporal e fixo discontinuo, resultará de aplicación o establecido na letra a) en relación cos días contratados en que non puidesen prestar os seus servizos por encontrarse nalgunha das situacións antes indicadas.

En canto aos días en que non estea prevista a prestación de servizos, estes traballadores estarán obrigados a ingresar a cotización correspondente aos períodos de inactividade, excepto nos supostos de percepción dos subsidios por maternidade e paternidade, que terán a consideración de períodos de cotización efectiva para efectos das correspondentes prestacións por xubilación, incapacidade permanente e morte e supervivencia.

7. Durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo, se corresponde cotizar neste sistema especial, o tipo de cotización será o 11,50 por 100.

8. Con relación aos traballadores incluídos neste sistema especial non resultará de aplicación a cotización adicional por horas extraordinarias a que se refire o punto dous.3 deste artigo.

9. Autorízase o Ministerio de Emprego e Seguridade Social para regular os procedementos e adaptacións normativas necesarios para articular a harmonización da cotización en situación de actividade e inactividade, así como a comprobación dos requisitos necesarios para a aplicación das reducións previstas e a regularización da cotización resultante delas.

Catro. Cotización no sistema especial para empregados de fogar establecido no réxime xeral da Seguridade Social.

Neste sistema especial, as bases e os tipos de cotización serán, a partir do 1 de xaneiro de 2012, os seguintes:

1. As bases de cotización por continxencias comúns e profesionais determinaranse conforme a seguinte escala, en función da retribución percibida polos empregados de fogar:

Tramo	Retribución mensual — €/mes	Base de cotización — €/mes
1.º	Ata 74,83	90,20
2.º	Desde 74,84 ata 122,93	98,89
3.º	Desde 122,94 ata 171,02	146,98
4.º	Desde 171,03 ata 219,11	195,07
5.º	Desde 219,12 ata 267,20	243,16
6.º	Desde 267,21 ata 315,30	291,26
7.º	Desde 315,31 ata 363,40	339,36
8.º	Desde 363,41 ata 411,50	387,46

Tramo	Retribución mensual – €/mes	Base de cotización – €/mes
9.º	Desde 411,51 ata 459,60	435,56
10.º	Desde 459,61 ata 507,70	483,66
11.º	Desde 507,71 ata 555,80	531,76
12.º	Desde 555,81 ata 603,90	579,86
13.º	Desde 603,91 ata 652,00	627,96
14.º	Desde 652,01 ata 700,10	676,06
15.º	Desde 700,11	748,20

2. Durante o ano 2012, o tipo de cotización por contingencias comúns, sobre a base de cotización que corresponda segundo o indicado no número anterior, será o 22,00 por 100, sendo o 18,30 por 100 a cargo do empregador e o 3,70 por 100 a cargo do empregado.

3. Para a cotización polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, sobre a base de cotización que corresponda, segundo o indicado no número 1, aplicarase o tipo de cotización previsto para o efecto na tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, sendo o resultante a cargo exclusivo do empregador.

4. Durante o ano 2012 será aplicable unha redución do 20 por 100 na achega empresarial á cotización á Seguridade Social por contingencias comúns neste sistema especial. Serán beneficiarios desta redución os empregadores que contratasen, baixo calquera modalidade contractual, e desen de alta no réxime xeral un empregado de fogar a partir do 1 de xaneiro de 2012, sempre e cando o empregado non figurase en alta no réxime especial de empregados de fogar a tempo completo, para o mesmo empregador, dentro do período comprendido entre o 2 de agosto e o 31 de decembro de 2011.

5. Durante o primeiro semestre do ano 2012, e mentres non se produza a comunicación á Tesouraría Xeral da Seguridade Social prevista na disposición adicional trixésimo novena da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social, a base e o tipo de cotización por contingencias comúns no réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar, aplicables, inclusive no mes en que esta se produza, serán os seguintes:

Base de cotización: 748,20 euros mensuais.

Tipo de cotización: 22 por 100.

Cando, de conformidade coa normativa reguladora do réxime especial da Seguridade Social dos empregados de fogar, proceda a distribución do tipo de cotización sinalado anteriormente, esta realizarase da seguinte forma: a cargo do empregador o 18,30 por 100 e do empregado de fogar o 3,70 por 100. Cando o empregado de fogar preste os seus servizos con carácter parcial ou discontinuo a un ou máis empregadores, será do seu exclusivo cargo o tipo de cotización sinalado anteriormente.

Para a cotización polas contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, sobre a base de cotización vixente, aplicarase o tipo de cotización previsto para o efecto na tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

A cotización por contingencias profesionais será a cargo exclusivamente do empregador, salvo cando o empregado de fogar preste servizos con carácter parcial ou discontinuo a un ou máis empregadores, caso en que será a cargo exclusivo do citado empregado o pagamento da cota correspondente.

Cinco. Cotización no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.



No réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, as bases máxima e mínima e os tipos de cotización serán, desde o 1 de xaneiro de 2012, os seguintes:

1. A base máxima de cotización será de 3.262,50 euros mensuais. A base mínima de cotización será de 850,20 euros mensuais.

2. A base de cotización dos traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2012, teñan unha idade inferior a 47 anos, será a elixida por eles dentro das bases máxima e mínima fixadas no número anterior. Igual elección poderán efectuar aqueles traballadores autónomos que nesa data teñan unha idade de 47 anos e a súa base de cotización no mes de decembro de 2011 fose igual ou superior a 1.682,70 euros mensuais, ou que causen alta neste réxime especial con posterioridade á citada data.

Os traballadores autónomos que en 1 de xaneiro de 2012 teñan 47 anos de idade, se a súa base de cotización é inferior a 1.682,70 euros mensuais, non poderán elixir unha base de contía superior a 1.870,50 euros mensuais, salvo que exerzan a súa opción en tal sentido antes do 30 de xuño de 2012, o que producirá efectos a partir do 1 de xullo do mesmo ano, ou que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivese que se poñer á fronte del e darse de alta neste réxime especial con 47 anos de idade, caso en que non existirá esta limitación.

3. A base de cotización dos traballadores autónomos que, en 1 de xaneiro de 2012, tivesen 48 ou máis anos cumpridos, estará comprendida entre as contías de 916,50 e 1.870,50 euros mensuais, salvo que se trate do cónxuxe supérstite do titular do negocio que, como consecuencia do falecemento deste, tivese que se poñer á fronte del e darse de alta neste réxime especial con 45 ou máis anos de idade, caso en que a elección de bases estará comprendida entre as contías de 850,20 e 1.870,50 euros mensuais.

Non obstante, os traballadores autónomos que con anterioridade aos 50 anos cotizasen en calquera dos réximes do sistema da Seguridade Social por espazo de cinco ou máis anos, rexeranse polas seguintes regras:

a) Se a última base de cotización acreditada fose igual ou inferior a 1.682,70 euros mensuais, deberán cotizar por unha base comprendida entre 850,20 euros mensuais e 1.870,50 euros mensuais.

b) Se a última base de cotización acreditada fose superior a 1.682,70 euros mensuais, deberán cotizar por unha base comprendida entre 850,20 euros mensuais e o importe daquela, incrementado nun 1 por cento, e poderán optar, en caso de non alcanzarse, por unha base de ata 1.870,50 euros mensuais.

O previsto na anterior letra b) será, así mesmo, de aplicación con respecto aos traballadores autónomos que con 48 ou 49 anos de idade exercesen a opción prevista no parágrafo segundo do punto catro.2 do artigo 132 da Lei 39/2010, do 22 de decembro.

4. Os traballadores autónomos dedicados á venda ambulante ou a domicilio (CNAE 4781 Comercio ao retallo de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en postos de venda e feiras; 4782 Comercio ao retallo de produtos téxtiles, pezas de roupa e calzado en postos de venda e feiras; 4789 Comercio ao retallo doutros produtos en postos de venda e feiras e 4799 Outro comercio ao retallo non realizado nin en establecementos, nin en postos de venda nin en feiras) poderán elixir como base mínima de cotización durante o ano 2012 a establecida con carácter xeral no punto 1, ou a base mínima de cotización vixente para o réxime xeral.

Os traballadores autónomos dedicados á venda a domicilio (CNAE 4799) poderán elixir como base mínima de cotización durante o ano 2012 a establecida con carácter xeral no punto 1, ou unha base de cotización equivalente ao 55% desta última.

5. O tipo de cotización neste réxime especial da Seguridade Social será o 29,80 por 100 ou o 29,30 por 100 se o interesado está acollido ao sistema de protección por cesamento de actividade. Cando o interesado non teña cuberta a protección por incapacidade temporal, o tipo de cotización será o 26,50 por 100.

Os traballadores incluídos neste réxime especial que non teñan cuberta a protección dispensada ás continxencias derivadas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,10 por cento, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos IV quáter e IV quinquies, do título II, da Lei xeral da Seguridade Social.

6. Para as continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicaranse as porcentaxes da tarifa de primas incluída na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

7. Os traballadores autónomos que, en razón do seu traballo por conta allea desenvolvido simultaneamente, coticen, respecto das continxencias comúns, en réxime de pluriactividade e o fagan no ano 2012, tendo en conta tanto as achegas empresariais como as correspondentes ao traballador no réxime xeral, así como as efectuadas no réxime especial, por unha contía igual ou superior a 11.079,45 euros, terán dereito a unha devolución do 50 por 100 do exceso en que as súas cotizacións superen a mencionada contía, co tope do 50 por 100 das cotas ingresadas no citado réxime especial, en razón da súa cotización polas continxencias comúns de cobertura obrigatoria.

A devolución efectuarase por instancia do interesado, que a deberá formular nos catro primeiros meses do exercicio seguinte.

8. Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que perciban ingresos directamente dos compradores quedarán incluídos, para efectos da Seguridade Social, no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos, e seralles de aplicación, para efectos da cotización, o previsto no número 4, parágrafo primeiro, deste apartado.

Nos supostos en que se acredite que a venda ambulante se leva a cabo en feiras ou «mercados ocasionais», con horario de venda inferior a oito horas ao día, poderase elixir entre cotizar pola base mínima establecida no punto 1 ou unha base equivalente ao 55 por 100 desta última. En calquera caso, deberase cotizar obrigatoriamente polas continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, aplicando, sobre a base de cotización elixida, a tarifa de primas contida na disposición adicional cuarta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

9. Os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que, con anterioridade ao 31 de decembro de 2011, quedasen incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos en aplicación do establecido no artigo 120.Catro.8 da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2009, terán dereito, durante 2012, a unha redución do 50 por 100 da cota a ingresar.

Tamén terán dereito a esa redución os socios traballadores de cooperativas de traballo asociado dedicados á venda ambulante que iniciasen a súa actividade e quedasen incluídos no citado réxime especial a partir do 1 de xaneiro de 2009.

A redución aplicarase sobre a cota que resulte de aplicar sobre a base mínima elixida, de conformidade co previsto no punto 8 deste número, o tipo de cotización vixente no réxime especial de traballadores por conta propia ou autónomos.

10. O disposto no segundo parágrafo do punto 8 será de aplicación ás persoas que se dediquen, de forma individual, á venda ambulante, en feiras ou «mercados ocasionais» con horario de venda inferior a oito horas ao día, sempre que non dispoñan de establecemento fixo propio, nin produzan os artigos ou produtos que vendan.

11. Para os traballadores autónomos que nalgún momento do ano 2011 e de maneira simultánea tivesen contratado ao seu servizo un número de traballadores por conta allea igual ou superior a cincuenta, a base mínima de cotización terá unha contía igual á prevista como base mínima para os traballadores encadrados no grupo de cotización 1 do réxime xeral.

Seis. Cotización no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos.

1. Desde o 1 de xaneiro de 2012, os tipos de cotización dos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios, establecido no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos, serán os seguintes:

a) Respecto das contingencias de cobertura obrigatoria, cando o traballador optase por elixir como base de cotización unha base comprendida entre 850,20 euros mensuais e 1.020,30 euros mensuais, o tipo de cotización aplicable será o 18,75 por 100.

Se o traballador optase por unha base de cotización superior a 1.020,30 euros mensuais, á contía que exceda esta última seralle de aplicación o tipo de cotización do 26,50 por 100.

b) Respecto á mellora voluntaria da incapacidade temporal por contingencias comúns, o tipo de cotización que se aplicará á contía completa da base de cotización do interesado será do 3,30 por 100, ou o 2,80 por 100 se o interesado está acollido ao sistema de protección por cesamento de actividade.

2. Para as contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais aplicarase o disposto no punto cinco.6 deste artigo. No suposto de que os interesados non optasen pola cobertura da totalidade das contingencias profesionais, seguirase aboando en concepto de cobertura das contingencias de incapacidade permanente e morte e supervivencia unha cota resultante de aplicar á base de cotización indicada no punto 1.a) o tipo do 1,00 por 100.

3. Os traballadores incluídos neste sistema especial que non optasen por dar cobertura, no ámbito de protección dispensada, á totalidade das contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, efectuarán unha cotización adicional equivalente ao 0,10 por 100, aplicado sobre a base de cotización elixida, para o financiamento das prestacións previstas nos capítulos IV quáter e IV quinquies, do título II, da Lei xeral da Seguridade Social.

Sete. Cotización no réxime especial dos traballadores do mar.

1. O establecido nos números un e dous deste artigo será de aplicación no réxime especial dos traballadores do mar, sen prexuízo, de ser o caso, e para a cotización por contingencias comúns, do disposto no artigo 19.6 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, do que se establece no número 2 seguinte, e con excepción do tipo de cotización por contingencias comúns dos traballadores por conta propia, que será do 29,30 por 100 ou do 29,80 por 100 se o interesado non está acollido ao sistema de protección por cesamento de actividade.

2. A cotización para todas as contingencias e situacións protexidas neste réxime especial dos traballadores incluídos nos grupos segundo e terceiro a que se refire o artigo 19.5 do texto refundido aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, efectuarase sobre as remuneracións que se determinen anualmente mediante orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, por proposta do Instituto Social da Mariña, oídas as organizacións representativas do sector. Tal determinación efectuarase por provincias, modalidades de pesca e categorías profesionais, sobre a base dos valores medios de remuneración percibida no ano precedente.

As bases que se determinen serán únicas, sen que poidan ser inferiores nin superiores ás que se establezan para as distintas categorías profesionais, de conformidade co disposto no parágrafo 1 do número dous deste artigo.

Oito. Cotización no réxime especial da minaría do carbón.

1. A partir do 1 de xaneiro de 2012, a cotización no réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón determinarase mediante a aplicación do previsto no número dous, sen prexuízo de que, para efectos da cotización por contingencias comúns, as bases de cotización se normalicen de acordo coas seguintes regras:

Primeira. Terase en conta o importe das remuneracións percibidas ou que tivesen dereito a percibir os traballadores, computables para efectos de cotización por accidentes de traballo e enfermidades profesionais, durante o período comprendido entre 1 de xaneiro e 31 de decembro de 2011, ambos inclusive.

Segunda. Estas remuneracións totalizaranse agrupándoas por categorías, grupos profesionais e especialidades profesionais e zonas mineiras, tendo en conta o disposto no artigo 57 do Regulamento xeral sobre cotización e liquidación doutros dereitos da Seguridade Social. Os importes obtidos, así totalizados, dividiranse pola suma dos días a que correspondan.

Terceira. Este resultado constituirá a base normalizada diaria de cotización por contingencias comúns, cuxo importe non poderá ser inferior ao fixado para o exercicio inmediatamente anterior para esa categoría profesional, incrementado na mesma porcentaxe experimentada no presente exercicio polo tope máximo de cotización a que se refire o número un.1 do presente artigo, nin superior á cantidade resultante de elevar a contía anual o citado tope máximo e dividilo polos días naturais do ano 2011.

2. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social fixará a contía das bases normalizadas, mediante a aplicación das regras previstas no número anterior.

Nove. Base de cotización á Seguridade Social durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo e durante a percepción da prestación por cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

1. Durante a percepción da prestación por desemprego por extinción da relación laboral, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos cales exista obriga legal de cotizar será a base reguladora da prestación por desemprego, determinada segundo o establecido no número 1 do artigo 211 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, con respecto, en todo caso, do importe da base mínima por contingencias comúns prevista para cada categoría profesional e, para efectos das prestacións de Seguridade Social, esa base terá consideración de base de contingencias comúns.

Durante a percepción da prestación por desemprego por suspensión temporal da relación laboral ou por redución temporal de xornada, xa sexa por decisión do empresario ao abeiro do establecido no artigo 47 do texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou en virtude de resolución xudicial adoptada no seo dun procedemento concursal, a base de cotización á Seguridade Social daqueles traballadores polos cales exista obriga legal de cotizar será equivalente á media das bases dos últimos seis meses de ocupación cotizada, por contingencias comúns e por contingencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, anteriores á situación legal de desemprego ou ao momento en que cesou a obriga legal de cotizar.

O restablecemento da prestación por desemprego, nos supostos de suspensión do dereito, suporá o restablecemento da obriga de cotizar pola base de cotización indicada nos parágrafos anteriores correspondente ao momento do nacemento do dereito.

Cando se extingue o dereito á prestación por desemprego e, en aplicación do número 3 do artigo 210 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, o traballador opte por reabrir o dereito inicial, a base de cotización á Seguridade Social será a base reguladora da prestación por desemprego correspondente ao momento do nacemento do dereito inicial polo cal se opta.

Durante a percepción da prestación só se actualizará a base de cotización indicada nos parágrafos anteriores, cando resulte inferior á base mínima de cotización á Seguridade Social vixente en cada momento que corresponda ao grupo de cotización do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego e ata ese tope.

2. Durante a percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo, se corresponde cotizar no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social, a base de cotización será a fixada con carácter xeral no punto 1 deste número.

3. Durante a percepción da prestación por desemprego, se corresponde cotizar no réxime especial da minaría do carbón, a base de cotización será a normalizada vixente que corresponda á categoría ou especialidade profesional do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego.

A base de cotización actualizarase conforme a base vixente en cada momento que corresponda ao grupo de cotización ou categoría ou especialidade profesional do traballador no momento de se producir a situación legal de desemprego.

4. Durante a percepción da prestación económica por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, a base de cotización á Seguridade Social por continxencias comúns, ao réxime correspondente, será a base reguladora desa prestación, determinada segundo o establecido no número 1 do artigo 9 da Lei 32/2010, do 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos, con respecto, en todo caso, do importe da base mínima ou base única de cotización prevista no correspondente réxime.

Aqueles colectivos que, conforme a normativa reguladora da cotización á Seguridade Social, durante a actividade coticen por unha base inferior á base mínima ordinaria de cotización para os traballadores por conta propia ou autónomos, cotizarán por unha base de cotización reducida durante a percepción da prestación por cesamento de actividade.

Dez. Cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial, formación profesional e cesamento de actividade dos traballadores autónomos.

A cotización polas continxencias de desemprego, Fondo de Garantía Salarial, formación profesional e por cesamento de actividade levarase a cabo, a partir do 1 de xaneiro de 2012, de acordo co que a continuación se sinala:

1. A base de cotización para desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional en todos os réximes da Seguridade Social que as teñan cubertas será a correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

As bases de cotización para desemprego no réxime especial dos traballadores do mar será tamén de aplicación o disposto no artigo 19.6 do texto refundido aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, e nas normas de desenvolvemento dese precepto, sen prexuízo do sinalado no número sete deste artigo.

As bases de cotización por desemprego, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional dos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social serán as fixadas no punto tres.1 e 2 deste artigo, segundo a modalidade de cotización por continxencias profesionais que corresponda a cada traballador.

A base de cotización por desemprego dos contratos para a formación e a aprendizaxe será a base mínima correspondente ás continxencias de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

A base de cotización correspondente á protección por cesamento de actividade dos traballadores incluídos no réxime especial dos traballadores por conta propia ou autónomos e dos traballadores incluídos no sistema especial para traballadores por conta propia agrarios establecido no citado réxime especial, será aquela pola cal optasen os traballadores incluídos en tales réxime e sistema especiais.

No réxime especial dos traballadores do mar, a base de cotización por cesamento de actividade será a que corresponda ao traballador por conta propia incluído nel, e seranlle de aplicación os coeficientes correctores a que se refiren o texto refundido das leis 16/1969, do 30 de decembro e 24/1972, do 21 de xuño, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, e a Orde do 22 de novembro de 1974.

2. A partir do 1 de xaneiro de 2012, os tipos de cotización serán os seguintes:

A) Para a continxencia de desemprego:

a) Contratación indefinida, incluídos os contratos indefinidos a tempo parcial e fixos discontinuos, así como a contratación de duración determinada nas modalidades de contratos formativos en prácticas e para a formación e a aprendizaxe, de revezamento, interinidade e contratos, calquera que sexa a modalidade utilizada, realizados con traballadores discapacitados: o 7,05 por 100, do que o 5,50 por 100 será a cargo do empresario e o 1,55 por 100 a cargo do traballador.

b) Contratación de duración determinada:

1.º Contratación de duración determinada a tempo completo: o 8,30 por 100, do cal o 6,70 por 100 será a cargo do empresario e o 1,60 por 100 a cargo do traballador.

2.º Contratación de duración determinada a tempo parcial: o 9,30 por 100, do cal o 7,70 por 100 será a cargo do empresario e o 1,60 por 100 a cargo do traballador.

O tipo de cotización para os traballadores por conta allea de carácter eventual, incluídos no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social, será o fixado no ordinal 1.º da letra b) anterior, para a contratación de duración determinada a tempo completo, salvo cando sexa de aplicación o tipo de cotización previsto na letra a) anterior, para contratos concretos de duración determinada ou para traballadores discapacitados.

B) Para a cotización ao Fondo de Garantía Salarial, o 0,20 por 100 a cargo exclusivo da empresa.

O tipo aplicable para a cotización ao Fondo de Garantía Salarial no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social será o 0,10 por 100, que será a cargo exclusivo da empresa.

C) Para a cotización por formación profesional, o 0,70 por 100, sendo o 0,60 por 100 a cargo da empresa e o 0,10 por 100 a cargo do traballador.

O tipo aplicable para a cotización por formación profesional no sistema especial para traballadores por conta allea agrarios establecido no réxime xeral da Seguridade Social será o 0,18 por 100, do cal o 0,15 por 100 será a cargo da empresa, e o 0,03 por 100 a cargo do traballador.

D) Para a protección por cesamento de actividade o tipo será do 2,20 por 100.

Once. Cotización nos contratos para a formación e a aprendizaxe.

As cotas por contingencias comúns a cargo do empresario e a cargo do traballador, por contingencias profesionais, por desemprego, ao Fondo de Garantía Salarial e por formación profesional dos contratos para a formación e a aprendizaxe, desde o 1 de xaneiro de 2012, non se incrementarán con respecto ás contías vixentes en 31 de decembro de 2011.

Doce. Cotización do persoal investigador en formación.

A cotización do persoal investigador en formación incluído no campo de aplicación do Real decreto 63/2006, do 27 de xaneiro, durante os dous primeiros anos levarase a cabo aplicando as regras contidas no número anterior, respecto da cotización nos contratos para a formación e a aprendizaxe, no que se refire á cotización por contingencias comúns e profesionais.

O sistema de cotización previsto neste número non afectará a determinación da contía das prestacións económicas a que se teña dereito, respecto da cal se seguirá aplicando o importe da base mínima correspondente ao grupo primeiro de cotización do réxime xeral.

Trece. Especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos bombeiros.

En relación cos bombeiros a que se refire o Real decreto 383/2008, do 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por contingencias comúns, tanto para a empresa como para o traballador.

Durante o ano 2012 o tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 7,10 por 100, do cal o 5,92 por 100 será a cargo da empresa e o 1,18 por 100 a cargo do traballador.

Catorce. Especialidades en materia de cotización en relación co anticipo da idade de xubilación dos membros do corpo da Ertzaintza.

En relación cos membros do corpo da Ertzaintza a que se refire a disposición adicional cuadraxésimo sétima do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, procederá aplicar un tipo de cotización adicional sobre a base de cotización por contingencias comúns, tanto para a empresa como para o traballador.

Durante o ano 2012, o tipo de cotización adicional a que se refire o parágrafo anterior será do 6,50 por 100, do cal o 5,42 por 100 será a cargo da empresa e o 1,08 por 100 a cargo do traballador.

Quince. Salvo o establecido nos apartados anteriores deste artigo, en ningún caso e por aplicación do artigo 16 do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, as bases mínimas ou únicas de calquera dos réximes que integran o sistema da Seguridade Social poderán ser inferiores á base mínima do réxime xeral.

Dezaseis. Durante o ano 2012, a base de cotización por todas as contingencias dos empregados públicos encadrados no réxime xeral da Seguridade Social a que fose de aplicación o establecido na disposición adicional sétima do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, mentres permaneza a súa relación laboral ou de servizo, será coincidente coa habida no mes de decembro de 2010, salvo que por razón das retribucións que percibisen poida corresponder unha de maior contía, caso en que será esta pola que se efectuará a cotización mensual.

Para efectos do indicado no parágrafo anterior, da base de cotización correspondente ao mes de decembro de 2010 deduciranse, de ser o caso, os importes dos conceptos retributivos que teñan unha periodicidade na súa devindicación superior á mensual ou que non teñan carácter periódico e que integrasen a dita base sen teren sido obxecto de rateo.

Dezasete. Facúltase a ministra de Emprego e Seguridade Social para ditar as normas necesarias para a aplicación e o desenvolvemento do previsto neste artigo.

*Artigo 121. Cotización a dereitos pasivos e ás mutualidades xerais de funcionarios para o ano 2012.*

Un. Con efectos do 1 de xaneiro de 2012, os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial de Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, xestionado pola Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado (MUFACE) a que se refire o Real decreto legislativo 4/2000, do 23 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada na letra h) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización dos funcionarios en activo e asimilados integrados en MUFACE fíxase no 1,69 % sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no número dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 35 do Real decreto legislativo 4/2000, representará o 4,63 % dos haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no número dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento. Dese tipo de 4,63, o 4,50 corresponde á achega do Estado por activo e o 0,13 á achega por pensionista exento de cotización.

Dous. Con efectos do 1 de xaneiro de 2012, os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial de Seguridade Social das Forzas Armadas, xestionado polo

Instituto Social das Forzas Armadas (ISFAS), a que se refire o Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 9, salvo a indicada na letra f) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización e de achega do persoal militar en activo e asimilado integrado en ISFAS fíxase no 1,69 % sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no número dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento.

2. A contía da achega do Estado regulada no artigo 30 do Real decreto legislativo 1/2000 representará o 9,41 % dos haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no número dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento. Dese tipo do 9,41, o 4,50 corresponde á achega do Estado por activo e o 4,91 á achega por pensionista exento de cotización.

Tres. Con efectos do 1 de xaneiro de 2012, os tipos de cotización e de achega do Estado ao réxime especial da Seguridade Social dos Funcionarios da Administración de xustiza, xestionado pola Mutualidade Xeral Xudicial (MUXEXU), a que se refire o Real decreto legislativo 3/2000, do 23 de xuño, para o financiamento das prestacións a que se refire o artigo 12, salvo a indicada na letra f) da citada disposición, serán os seguintes:

1. A porcentaxe de cotización do persoal da Administración de xustiza en activo e asimilado, integrado en MUXEXU, fíxase no 1,69 % sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no número dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento.

2. A contía da achega do Estado, regulada no artigo 23 do Real decreto legislativo 3/2000 representará o 4,51 % dos haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no número dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011 e incrementados nun 1,00 por cento. Dese tipo do 4,51, o 4,50 corresponde á achega do Estado por activo e o 0,01 á achega por pensionista exento de cotización.

Catro. Durante o ano 2012, de acordo coas previsións establecidas nos números anteriores, o importe da cota de dereitos pasivos e da correspondente ás mutualidades xerais de funcionarios, respecto do persoal incluído no ámbito de cobertura do réxime de clases pasivas do Estado e dos réximes especiais de funcionarios, determinarase mediante a aplicación do tipo porcentual do 3,86 % e do 1,69 %, respectivamente, sobre os haberes reguladores establecidos para o ano 2010 para efectos de cotización de dereitos pasivos, calculados sen a actualización prevista no número dous da disposición adicional oitava da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, e incrementados nun 1 por cento, e que se consignan a continuación:

Cotas mensuais de dereitos pasivos dos funcionarios civís do Estado, do persoal das Forzas Armadas, dos membros das carreiras xudicial e fiscal, dos do corpo de secretarios xudiciais e dos corpos ao servizo da Administración de xustiza:

Grupo/subgrupo Lei 7/2007	Cota mensual en euros
A1	107,96
A2	84,97



Grupo/subgrupo Lei 7/2007	Cota mensual en euros
B	74,40
C1	65,26
C2	51,63
E (Lei 30/1984) e Agrup. profesionais (Lei 7/2007)	44,02

Cotas mensuais de cotización á Mutualidade Xeral de Funcionarios Cívís do Estado, ao Instituto Social das Forzas Armadas e á Mutualidade Xeral Xudicial:

Grupo/subgrupo Lei 7/2007	Cota mensual en euros
A1	47,27
A2	37,20
B	32,58
C1	28,57
C2	22,60
E (Lei 30/1984) e Agrup. profesionais (Lei 7/2007)	19,27

As citadas contías mensuais aboaranse dobremente nos meses de xuño e decembro.

Coa excepción establecida no último inciso do parágrafo primeiro do artigo 23.1 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, e de acordo co disposto nel, o persoal militar profesional que non sexa de carreira e o persoal militar das escalas de complemento e reserva naval aboará as cotas mensuais de dereitos pasivos minoradas ao cincuenta por cento.

#### DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira. *Prestacións familiares da Seguridade Social.*

A partir do 1 de xaneiro de 2012, a contía das prestacións familiares da Seguridade Social, na súa modalidade non contributiva, así como o importe do límite de ingresos para o acceso a elas, regulados na sección segunda do capítulo IX do título II do texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, serán os seguintes:

Un. A contía da asignación económica establecida no artigo 182 bis.1 será en cómputo anual de 291 euros.

Dous. A contía das asignacións establecidas no artigo 182 bis.2 para os casos en que o fillo ou menor acollido a cargo teña a condición de discapacitado serán:

- a) 1.000 euros cando o fillo ou menor acollido a cargo teña un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 por cento.
- b) 4.292,40 euros cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos e estea afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 65 por cento.
- c) 6.439,20 euros cando o fillo a cargo sexa maior de 18 anos, estea afectado por unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 75 por cento e, como consecuencia de perdas anatómicas ou funcionais, necesite o concurso doutra persoa para realizar os actos máis esenciais da vida, tales como vestirse, desprazarse, comer ou análogos.

Tres. A contía da prestación por nacemento ou adopción de fillo establecida no artigo 186.1, en supostos de familias numerosas, monoparentais e nos casos de nais discapacitadas, será de 1.000 euros.

Catro. Os límites de ingresos para ter dereito á asignación económica por fillo ou menor acollido a cargo, a que se refiren os parágrafos primeiro e segundo do artigo 182.1.c), quedan fixados en 11.376,66 euros anuais e, se se trata de familias numerosas, en 17.122,59 euros, incrementándose en 2.773,39 euros por cada fillo a cargo a partir do cuarto, este incluído.

Segunda. *Subsidios económicos da Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, e pensións asistenciais.*

Un. A partir do 1 de xaneiro do ano 2012, os subsidios económicos a que se refire a Lei 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, fíxanse, segundo a clase de subsidio, nas seguintes contías:

	Euros/mes
Subsidio de garantía de ingresos mínimos . . . . .	149,86
Subsidio por axuda de terceira persoa . . . . .	58,45
Subsidio de mobilidade e compensación para gastos de transporte . . . . .	61,40

A contía do subsidio de mobilidade e compensación para os gastos de transporte incorpora os efectos da desviación de inflación do exercicio 2011.

Dous. A partir do 1 de xaneiro do ano 2012, as pensións asistenciais recoñecidas en virtude do disposto na Lei do 21 de xullo de 1960 e no Real decreto 2620/1981, do 24 de xullo, fíxanse na contía de 149,86 euros íntegros mensuais, e aboaranse dúas pagas extraordinarias do mesmo importe que se percibirán nos meses de xuño e decembro.

Tres. As pensións asistenciais serán obxecto de revisión periódica, co fin de comprobar que os beneficiarios manteñen os requisitos exixidos para o seu recoñecemento e, en caso contrario, declarar a extinción do dereito e exixir o reintegro das cantidades indebidamente percibidas. O Ministerio de Emprego e Seguridade Social poderá instar a incoación dos procedementos de revisión, para efectos de practicar o axuste económico e orzamentario do gasto xerado. Os resultados que ofrezan aqueles procedementos serán comunicados ao citado departamento ministerial.

Terceira. *Axudas sociais aos afectados polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH).*

Durante o ano 2012 as contías mensuais das axudas sociais recoñecidas en favor das persoas contaminadas polo virus de inmunodeficiencia humana (VIH), establecidas nas letras b), c) e d) do artigo 2.1 do Real decreto lei 9/1993, do 28 de maio, determinaranse mediante a aplicación das proporcións reguladas nas letras citadas sobre o importe de 601,12 euros.

Cuarta. *Revalorización das prestacións de grande invalidez do réxime especial da Seguridade Social das Forzas Armadas.*

As prestacións de grande invalidez destinadas a remunerar a persoa encargada da asistencia ao grande inválido, causadas ata o 31 de decembro de 2011 no réxime especial de Seguridade Social das Forzas Armadas, manterán con efectos do 1 de xaneiro de 2012 o incremento do 1 por cento establecido no artigo 5 do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Quinta. *Actualización da contía da prestación económica establecida pola Lei 3/2005, do 18 de marzo.*

A partir do 1 de xaneiro de 2012, a contía das prestacións económicas recoñecidas ao abeiro da Lei 3/2005, do 18 de marzo, aos cidadáns de orixe española desprazados ao estranxeiro, durante a súa minoría de idade, como consecuencia da Guerra Civil, e

que desenvolveron a maior parte da súa vida fóra do territorio nacional ascenderá, en cómputo anual, á diferenza entre 7.059,10 euros e o importe anual que perciba cada beneficiario polas pensións a que se refiren as letras a), b) e c) do artigo 2 da Lei 3/2005, ou á diferenza entre 7.059,10 euros e as rendas ou ingresos anuais que perciban os beneficiarios a que se refire a letra d) do artigo 2 da Lei 3/2005.

*Sexta. Redución de cotas para o mantemento do emprego.*

Un. Os contratos de traballo de carácter indefinido dos traballadores de cincuenta e nove ou máis anos, cunha antigüidade na empresa de catro ou máis anos, darán dereito á redución, a cargo do orzamento da Seguridade Social, do 40 por cento da achega empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns, salvo por incapacidade temporal derivada delas, sobre as cotas xeradas desde a data de cumprimento dos requisitos anteriormente sinalados.

Se, ao cumprir cincuenta e nove anos, o traballador non ten a antigüidade na empresa de catro anos, a redución será aplicable a partir da data en que alcance a citada antigüidade.

Dous. Poderán ser beneficiarios da redución as empresas, incluídos os traballadores autónomos, e sociedades laborais ou cooperativas a que se incorporen traballadores como socios traballadores ou de traballo, sempre que estas últimas optasen por un réxime de Seguridade Social propio de traballadores por conta allea.

Quedarán excluídos da aplicación da redución a Administración xeral do Estado e os organismos regulados no título III e na disposición adicional décima da Lei 6/1997, do 14 de abril, de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado, así como as administracións autonómicas e as entidades locais e os seus organismos públicos.

Tres. A duración da redución da achega empresarial será dun ano, salvo que, nunha data anterior, os interesados cumpran os requisitos para seren beneficiarios das bonificacións reguladas no artigo 4 da Lei 43/2006, do 29 de decembro, para a mellora do crecemento e do emprego, caso en que se aplicarán desde esa data estas últimas.

Catro. Respecto dos requisitos que deben cumprir os beneficiarios, as exclusións na aplicación da redución, contía máxima, incompatibilidades ou reintegro dos beneficios aplicaranse as previsións contidas na Lei 43/2006.

*Sétima. Redución na cotización á Seguridade Social nos supostos de cambio de posto de traballo por risco durante o embarazo ou durante a lactación natural, así como nos supostos de enfermidade profesional.*

Nos supostos en que, por razón de risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural, a traballadora, en virtude do previsto no artigo 26 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, sexa destinada a un posto de traballo ou función diferente e compatible co seu estado, aplicarase, con respecto ás cotas xeradas durante o período de permanencia no novo posto de traballo ou función, unha redución, a cargo do orzamento da Seguridade Social, do 50 por cento da achega empresarial na cotización á Seguridade Social por continxencias comúns.

Esa mesma redución será aplicable, nos termos e condicións que regulamentariamente se determinen, naqueles casos en que, por razón de enfermidade profesional, se produza un cambio de posto de traballo na mesma empresa ou o desempeño, noutra distinta, dun posto de traballo compatible co estado do traballador.

*Oitava. Bases e tipos de cotización á Seguridade Social por continxencias comúns no réxime especial para a minaría do carbón, durante o ano 1990.*

Un. Durante o ano 1990, as bases normalizadas de cotización por continxencias comúns no réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón, para cada unha das categorías e especialidades profesionais aplicables dentro do ámbito territorial das zonas primeira (Asturias), segunda (Noroeste), terceira (Sur) e cuarta (Centro-

Levante), serán as determinadas mediante orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social, de acordo co indicado nos seguintes puntos.

Dous. Totalizaranse as bases correspondentes a accidentes de traballo e enfermidades profesionais relativas ao período precedente de doce meses consecutivos transcorridos ata o 31 de decembro de 1989.

Tres. O tipo de cotización aplicable por contingencias comúns durante o ano 1990 será do 28,80 por 100, do que o 24,00 por 100 será a cargo da empresa e o 4,80 por 100 a cargo do traballador.

Catro. A cotización pola diferenza que exista, de ser o caso, entre a base normalizada de cotización e a base máxima por contingencias comúns correspondente á categoría profesional do traballador, de ser aquela superior a esta, efectuarase aplicando o coeficiente 0,747.

Cinco. Para tales efectos, as bases máximas de cotización por contingencias comúns aplicables a cada categoría profesional durante o ano 1990 serán as seguintes:

Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases máximas euros/mes
1	Enxeñeiros e licenciados . . . . .	1.752,19
2	Enxeñeiros técnicos, peritos e axudantes titulados . . . . .	1.752,19
3	Xefes administrativos e de taller. . . . .	1.752,19
4	Axudantes non titulados . . . . .	1.752,19
5	Oficiais administrativos. . . . .	1.116,80
6	Subalternos . . . . .	988,06
7	Auxiliares administrativos. . . . .	988,06
Grupo de cotización	Categorías profesionais	Bases máximas euros/día
8	Oficiais de primeira e segunda . . . . .	33,75
9	Oficiais de terceira e especialistas . . . . .	33,75
10	Peóns . . . . .	32,94
11	Traballadores de dezasete anos . . . . .	19,26
12	Traballadores menores de dezasete anos . . . . .	19,26

Seis. Na aplicación do disposto nesta disposición deberánse ter en conta os efectos derivados da posible existencia de sentenzas e actos administrativos firmes ditados en relación coa cotización a este colectivo, nos cales se tomaron como bases de cotización as fixadas mediante a Resolución do 10 de xuño de 2003 (BOE do 24 de xuño de 2003) da Dirección Xeral de Ordenación Económica da Seguridade Social, pola que se aprobaron as bases normalizadas de cotización no réxime especial da Seguridade Social para a minaría do carbón correspondentes ás zonas mineiras primeira (Asturias), segunda (Noroeste), terceira (Sur) e cuarta (Centro-Levante), para o ano 1990, así como as consecuencias que se deduzan, de ser o caso, do exercicio da prescrición.

Novena. *Afectación de ingresos ao Fondo de Cohesión Sanitaria.*

Os ingresos que se produzan no orzamento do Estado por aplicación do establecido nos artigos 5 e 8 do Real decreto 1207/2006, do 20 de outubro, afectaranse á compensación ás comunidades autónomas pola asistencia sanitaria concertada prestada a cidadáns asegurados noutro Estado desprazados temporalmente a España, conforme o fixado no citado real decreto.

Décima. *Pagamento de débedas coa Seguridade Social de institucións sanitarias cuxa titularidade desempeñen as administracións públicas ou institucións sen ánimo de lucro.*

As institucións sanitarias cuxa titularidade desempeñen as administracións públicas ou institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro, acollidas á moratoria prevista na disposición adicional trixésima da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995, poderán solicitar á Tesouraría Xeral da Seguridade Social a ampliación da carencia concedida a dezaioito anos, xunto coa ampliación da moratoria concedida ata un máximo de dez anos con amortizacións anuais.

Décimo primeira. *Retribucións dos cargos directivos e restante persoal das mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e das súas entidades e centros mancomunados.*

Un. As retribucións que perciban as persoas que no momento da entrada en vigor desta lei teñan cargos directivos nas mutuas de accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social e das súas entidades e centros mancomunados, integrantes do sector público estatal de conformidade co establecido no artigo 2 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que sexan aboadas con cargo ao concepto 130 «Laboral fixo», subconceptos 0 «Altos cargos» e 1 «Outros directivos», do orzamento de gastos da correspondente entidade, non poderán exceder o importe máis alto dos que correspondan aos altos cargos do Goberno da Nación, dos seus órganos consultivos, da Administración xeral do Estado, dos membros do Consello Xeral do Poder Xudicial, do Tribunal Constitucional e do Tribunal de Contas. Malia a limitación anterior, os citados cargos directivos poderán percibir retribucións complementarias por encima da cantidade que resulte de aplicala, caso en que as ditas retribucións terán a natureza de absorbibles polas retribucións básicas, e quedará determinada a exclusiva dedicación daqueles e, por conseguinte, a súa incompatibilidade para o desempeño de calquera outra actividade retribuída.

En ningún suposto, as retribucións que, por calquera concepto, perciban as persoas a que se refire o parágrafo anterior poderán experimentar incremento no exercicio 2012 respecto ás contías percibidas no exercicio 2011.

Dous. Naqueles supostos en que a prestación dos servizos dos cargos directivos das mutuas e das súas entidades e centros mancomunados se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2010, as retribucións básicas por calquera concepto que percibirán estes con cargo ao concepto 130 «Laboral fixo», subconceptos 0 «Altos cargos» e 1 «Outros directivos», do orzamento de gastos da correspondente entidade, non poderán exceder as contías establecidas no réxime retributivo dos directores xerais das entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social.

Tres. As retribucións do resto do persoal ao servizo das mutuas e das súas entidades e centros mancomunados quedarán sometidas ao disposto en relación co persoal laboral do sector público estatal e, concretamente, ao establecido no artigo 27 desta lei.

Catro. Para efectos de aplicación das limitacións previstas nos números un e dous, serán computables igualmente as retribucións que proveñan do patrimonio histórico das mutuas ou das entidades vinculadas a ese patrimonio.

Décimo segunda. *Xestión das accións, medidas e programas establecidos na letra h) do artigo 13 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego.*

O Servizo Público de Emprego Estatal, de conformidade co establecido no artigo 13.h) da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, realizará a xestión das accións, medidas e programas financiados con cargo á reserva de crédito do seu orzamento de gastos, que comprenderá as aplicacións 19.101.000-X.400, 19.101.000-X.401, 19.101.000-X.402, 19.101.000-X.410, 19.101.000-X.411, 19.101.000-X.412, 19.101.000-

X.431 e 19.101.241-A.482, desagregadas a través de varios subconceptos, segundo os diferentes ámbitos funcionais das políticas activas de emprego, para financiar as seguintes actuacións:

a) Accións e medidas cuxa execución afecte un ámbito xeográfico superior ao dunha comunidade autónoma, cando estas exixan a mobilidade xeográfica das persoas desempregadas ou traballadoras participantes nelas a outra comunidade autónoma distinta á súa, ou a outro país, e precisen dunha coordinación unificada.

b) Accións e medidas dirixidas tanto ás persoas demandantes de emprego como ás persoas ocupadas, para a mellora da súa ocupación mediante a colaboración do Servizo Público de Emprego Estatal con órganos da Administración xeral do Estado ou os seus organismos autónomos, para a realización de accións formativas, entre outras, aquelas que teñan como obxectivo a xeración de emprego de calidade e a mellora de oportunidades das persoas traballadoras, en particular cando se desenvolvan no marco de plans, estratexias ou programas de ámbito estatal, e execución de obras e servizos de interese xeral e social relativas a competencias exclusivas do Estado.

c) Accións e medidas de intermediación e políticas activas de emprego cuxo obxectivo sexa a integración laboral de traballadores inmigrantes, realizadas nos seus países de orixe, facilitando a ordenación dos fluxos migratorios.

d) Programas que se establezan con carácter excepcional e duración determinada, cuxa execución afecte todo o territorio nacional, sendo imprescindible a súa xestión centralizada para os efectos de garantir a súa efectividade, así como idénticas posibilidades de obtención e desfrute a todos os potenciais beneficiarios.

A dita reserva orzamentaria opera como reserva de xestión de políticas activas de emprego nos supostos anteriormente sinalados en favor do Servizo Público de Emprego Estatal, non obstante as competencias asumidas polas comunidades autónomas no ámbito do traballo, o emprego e a formación.

De acordo co previsto no artigo 14.3 da citada Lei 56/2003, do 16 de decembro, os fondos que integran a reserva de crédito non estarán suxeitos a distribución territorial entre as comunidades autónomas con competencias de xestión asumidas.

Décimo terceira. *Xuro legal do diñeiro.*

Un. De conformidade co disposto no artigo 1 da Lei 24/1984, do 29 de xuño, sobre modificación do tipo de xuro legal do diñeiro, este queda establecido no 4 por cento ata o 31 de decembro do ano 2012.

Dous. Durante o mesmo período, o xuro de demora a que se refire o artigo 26.6 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, será do 5 por cento.

Décimo cuarta. *Determinación do indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para 2012.*

De conformidade co establecido no artigo 2.2 do Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, para a racionalización da regulación do salario mínimo interprofesional e para o incremento da súa contía, o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) terá as seguintes contías durante 2012:

- a) O IPREM diario, 17,75 euros.
- b) O IPREM mensual, 532,51 euros.
- c) O IPREM anual, 6.390,13 euros.

d) Nos supostos en que a referencia ao salario mínimo interprofesional foi substituída pola referencia ao IPREM en aplicación do establecido no Real decreto lei 3/2004, do 25 de xuño, a contía anual do IPREM será de 7.455,14 euros cando as correspondentes normas se refiran ao salario mínimo interprofesional en cómputo anual, salvo que expresamente exclúsen as pagas extraordinarias; neste caso, a contía será de 6.390,13 euros.

Décimo quinta. *Seguro de crédito á exportación.*

O límite máximo de cobertura para nova contratación, excluídas a Póliza aberta de xestión de exportacións (Paxex), a Póliza 100 e a Póliza Master, que poderá asegurar e distribuír a Compañía Española de Seguros de Crédito á Exportación, Sociedad Anónima (CESCE), será, para o exercicio do ano 2012, de 9.000.000 miles de euros.

Décimo sexta. *Axudas reembolsables.*

As axudas públicas que, de acordo co establecido no artigo 33.1.b) da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, se conceden a empresas para o financiamento de actuacións das previstas no citado artigo, poderanse configurar como axudas reembolsables total ou parcialmente, neste último caso con cesión á Administración xeral do Estado dos dereitos sobre os resultados, en función do conseguido na execución desas actuacións, e nos termos que establezan as respectivas bases reguladoras. Os ingresos derivados dos reembolsos das axudas públicas con fins de investigación científica e desenvolvemento tecnolóxico a que se refire este precepto poderán xerar crédito nas aplicacións 27.13.463B.740, 27.13.463B.750, 27.13.463B.760, 27.13.463B.770 e 27.13.463B.780 do estado de gastos.

Décimo sétima. *Creación de axencias estatais.*

1. Durante o exercicio 2012 non se crearán axencias estatais das previstas na Lei 28/2006, do 18 de xullo, de axencias estatais para a mellora dos servizos públicos.

2. Exceptúase do disposto no número anterior a creación da Axencia Estatal para a Investigación, segundo o previsto na disposición adicional décimo segunda da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, que se realizará sen aumento de gasto público, non se financiará con créditos do orzamento financeiro do Estado e cuxo réxime de vinculación se establecerá en lei de orzamentos.

A creación desta axencia non poderá supor, en ningún caso, incremento neto de estrutura ou de persoal, e dotarase, exclusivamente, mediante a correspondente redistribución de efectivos, e o seu funcionamento terá que realizarse cos medios materiais de que dispón actualmente a Administración.

Décimo oitava. *Incorporación de remanentes de tesouraría do organismo autónomo Instituto Nacional de Administración Pública.*

Autorízase o organismo autónomo Instituto Nacional de Administración Pública, dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a incorporar ao remanente de tesouraría propio do organismo os importes non utilizados a final do exercicio 2011, ata un límite máximo de 512.000,00 euros, dos fondos destinados á execución dos plans de formación para o emprego asignados ao INAP como promotor, e dos destinados ás actividades complementarias que teñan relación co programa de formación para o emprego nas administracións públicas.

Décimo novena. *Fondo de apoio para a promoción e desenvolvemento de infraestruturas e servizos do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia.*

Un. O Fondo de apoio para a promoción e desenvolvemento de infraestruturas e servizos do Sistema de Autonomía e Atención á Dependencia, creado na disposición adicional sexaxésimo primeira da Lei 2/2008, de orzamentos xerais do Estado para 2009, e que ten por obxecto prestar apoio financeiro ás empresas que leven a cabo esa actividade, terá unha dotación para o exercicio 2012 de 5.000 miles de euros, achegados polo Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade. Esta dotación será desembolsada e transferida á Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI) con cargo aos orzamentos xerais do Estado de 2012.

Dous. O procedemento e condicións aplicables á xestión do fondo, así como os criterios e procedementos de selección, concesión e control do financiamento que este outorgue, serán os establecidos no convenio asinado para o exercicio 2009 entre o Ministerio de Economía e Facenda, o Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Sociedade Estatal de Participacións Industriais (SEPI), salvo que as institucións asinantes consideren necesario efectuar algunha modificación para o seu mellor funcionamento.

Tres. O fondo poderá dedicar parte dos seus recursos á constitución de fondos que terían o mesmo fin pero limitarían o seu ámbito de actuación a unha comunidade autónoma, logo de decisión por unanimidade da Comisión de Investimentos e Seguimento prevista no citado convenio. Estes novos fondos, constituídos a través dun convenio das partes, contarían cos recursos achegados polo Fondo do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, a comunidade autónoma correspondente e as entidades económico-financieiras que poidan estar interesadas.

Catro. No momento da liquidación do fondo, que se producirá aos dez anos da entrada en vigor desta lei, a SEPI ingresará no Tesouro Público a dotación percibida con cargo aos orzamentos xerais do Estado, menos o importe correspondente ás operacións de financiamento falidas, se as houber, e os gastos derivados da xestión do fondo desde a súa creación, máis os rendementos financeiros que poidan xerar as cantidades achegadas a el.

Cinco. Este fondo carece de personalidade xurídica. As responsabilidades do fondo limitaranse exclusivamente a aquelas que a entidade xestora contraese por conta del. Igualmente, os posibles acredores do fondo non poderán facer efectivos os seus créditos contra o patrimonio da entidade xestora.

*Vixésima. Afectación da recadación das taxas de expedición do documento nacional de identidade e pasaportes.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2012 e vixencia indefinida, aféctase a recadación das taxas de expedición do documento nacional de identidade e pasaporte ao financiamento das actividades desenvolvidas pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda, en cumprimento das encomendas de xestión realizadas polos centros do Ministerio do Interior para a expedición dos indicados documentos, nas porcentaxes que se recollen a continuación:

Documento	Porcentaxe de afectación
Taxa de expedición do DNI. . . . .	94%
Taxa de expedición do pasaporte. . . . .	65%

*Vixésimo primeira. Módulos para a compensación económica pola actuación de xuíces de paz e secretarios de xulgados de paz.*

Un. Os xuíces de paz, nomeados conforme o disposto no artigo 101 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, percibirán, de acordo co número de habitantes de dereito do municipio, as retribucións anuais que se indican a continuación, que non varían respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011:

	Anual
De 1 a 1.999 habitantes . . . . .	1.072,78
De 2.000 a 4.999 habitantes . . . . .	1.609,11
De 5.000 a 6.999 habitantes . . . . .	2.145,45
De 7.000 a 14.999 habitantes . . . . .	3.218,15
De 15.000 ou máis habitantes . . . . .	4.290,85



Dous. O persoal, excluído o pertencente aos corpos ao servizo da Administración de xustiza, que desempeñe funcións de secretario dun xulgado de paz, con nomeamento expedido para o efecto, percibirá, de acordo co número de habitantes de dereito do municipio, as contías anuais que se indican a continuación, que non varían respecto das vixentes en 31 de decembro de 2011:

	Anual
De 1 a 499 habitantes . . . . .	531,28
De 500 a 999 habitantes . . . . .	789,11
De 1.000 a 1.999 habitantes . . . . .	945,37
De 2.000 a 2.999 habitantes . . . . .	1.101,55
De 3.000 a 4.999 habitantes . . . . .	1.414,02
De 5.000 a 6.999 habitantes . . . . .	1.726,50

Tres. As contías anteriores financiaranse con cargo ás correspondentes aplicacións orzamentarias, e percibiranse por períodos trimestrais nos meses de marzo, xuño, setembro e decembro.

Vixésimo segunda. *Militares de tropa e mariñeiría.*

Os cadros de persoal máximos de militares de tropa e mariñeiría que se alcancen o 31 de decembro do ano 2012 non poderán superar os 81.000 efectivos.

Autorízase o Ministerio de Defensa a iniciar os procesos de selección e recrutamento a partir da aprobación da presente lei.

Vixésimo terceira. *Contratación de persoal das sociedades mercantís públicas en 2012.*

Un. No ano 2012, as sociedades mercantís públicas a que se refire o artigo 22, número un, desta lei, non poderán proceder á contratación de novo persoal, salvo as contratacións que respondan a convocatorias iniciadas en exercicios anteriores ou que resulten obrigatorias no marco de programas ou plans plurianuais que estean en execución no momento da entrada en vigor desta lei.

Só en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, poderán levar a cabo contratacións temporais.

Dous. No caso das sociedades mercantís estatais, a contratación temporal tendo en conta o indicado no número anterior farase de conformidade cos criterios e instrucións que, logo do informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, dite o accionista maioritario das respectivas sociedades.

Tres. O disposto no número un desta disposición adicional ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13ª e 156.1 da Constitución.

Vixésimo cuarta. *Outros gastos de persoal na Administración do Estado 2012.*

1. Para facer efectiva a minoración dos gastos de acción social previstos nesta lei, de acordo co disposto no artigo 38.10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, suspéndense os pactos e acordos que conteñan previsións contrarias a el.

2. A autorización da masa salarial polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas das entidades e organismos das letras a), d) e g) do artigo 22.Un desta lei, farase tendo en conta a minoración do concepto de acción social.

Vixésimo quinta. *Contratación de persoal das fundacións do sector público e dos consorcios en 2012.*

Un. No ano 2012, as fundacións do sector público e os consorcios participados maioritariamente polas administracións e organismos que integran o sector público definido no artigo 22, número un, desta lei, non poderán proceder á contratación de novo persoal.

Só en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, poderán levar a cabo contratacións temporais.

Dous. No caso das fundacións do sector público estatal e dos consorcios con participación maioritaria do sector público estatal, a contratación temporal, tendo en conta o indicado no número anterior, farase de conformidade cos criterios e instrucións que, logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, diten os departamentos ou organismos de tutela ou con participación maioritaria neles.

Tres. O disposto no número un desta disposición adicional ten carácter básico e dítase ao abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 156.1 da Constitución.

Vixésimo sexta. *Aprazamento da aplicación da disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social.*

Aprázase a aplicación do establecido na disposición adicional trixésima da Lei 27/2011, do 1 de agosto, de actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social.

Vixésimo sétima. *Axudas de financiamento do Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade.*

En relación coas axudas reguladas polo artigo 86 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, os pagamentos correspondentes ao financiamento de actuacións recollidas no Fondo para o Patrimonio Natural e a Biodiversidade regulados no artigo 74 da Lei 42/2007, do patrimonio natural e da biodiversidade, poderanse librar na súa totalidade unha vez que se acordasen en conferencia sectorial os criterios obxectivos de distribución e a distribución resultante así como o referendo mediante acordo do Consello de Ministros.

Vixésimo oitava. *Actuacións acollidas ao Programa de desenvolvemento rural sustentable, aprobado polo Real decreto 752/2010, do 4 de xuño.*

Decláranse de interese xeral, con expresa declaración de utilidade pública, urxente ocupación, e eximente do control preventivo municipal previsto no artigo 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as seguintes obras públicas:

1. Actuacións acollidas ao Programa de desenvolvemento rural sustentable aprobado polo Real decreto 752/2010, do 4 de xuño:

Comunidade Foral de Navarra:

- Infraestruturas rurais concertadas do Plan de zona rural de Pireneos.
- Infraestruturas rurais concertadas do Plan de zona rural de Montes Atlánticos.
- Infraestruturas rurais concertadas do Plan de zona rural de Montaña Estellesa.
- Infraestruturas rurais concertadas do Plan de zona rural de Sierras de Navarra Media Oriental.

C.A. de Castilla y León:

- Rede de camiños rurais en Pedraza (zona rural Segovia leste).
- Acondicionamento da pista entre Neila e Huerta de Arriba (zona rural Burgos sueste).

Vixésimo novena. *Garantías en efectivo e en valores constituídas na Caixa Xeral de Depósitos.*

Decláranse en situación de abandono as garantías en efectivo e valores constituídas na Caixa Xeral de Depósitos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 1985, salvo que a

autoridade a cuxa disposición se encontren constituídas confirme a súa vixencia no prazo de tres meses contado desde a entrada en vigor desta norma.

Porén, sempre que non transcorresen vinte anos desde o vencemento ou o cumprimento da obriga garantida, os interesados, ou as entidades públicas a cuxo favor se constituíron as garantías, poderán solicitar á Caixa Xeral de Depósitos a reposición nos seus dereitos.

*Trixésima. Subscrición de convenios con comunidades autónomas que incumpran o seu obxectivo de estabilidade orzamentaria.*

Un. A partir da entrada en vigor desta lei e ata o 31 de decembro de 2012, a subscrición de convenios por parte de calquera dos suxeitos que conforman o sector público estatal a que se refire o artigo 3 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, coa Administración dunha comunidade autónoma ou cos entes dependentes e vinculados a ela que incumprisen o seu obxectivo de estabilidade orzamentaria para os exercicios 2010 ou 2011, cando aqueles comporten unha transferencia de recursos dos suxeitos do sector público estatal aos da comunidade autónoma incumpridora, impliquen un compromiso de realización de gastos desta última, ou se dean ambas as circunstancias asemade, precisarán con carácter previo á súa autorización informe favorable, preceptivo e vinculante, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Respecto da execución dos orzamentos de 2010, enténdese que se produciu o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria cando así resultase do informe presentado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ao Consello de Política Fiscal e Financeira das comunidades autónomas do 17 de xaneiro de 2012, en aplicación do disposto no artigo 9 do texto refundido da Lei xeral de estabilidade orzamentaria aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2007, do 28 de decembro.

Respecto da execución dos orzamentos de 2011, mentres non se emita o informe a que se refire o parágrafo anterior, entenderase, para os efectos que derivan desta disposición adicional, que se produce o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria cando así resulte das previsións de peche do exercicio 2011 de cada unha das comunidades autónomas publicadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Dous. A mesma exigencia respecto da subscrición de convenios resultará de aplicación se, de conformidade co establecido no artigo 7 da Lei orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria á Lei xeral de estabilidade orzamentaria, o Goberno da Nación formula unha advertencia a unha comunidade autónoma no caso de que aprecie un risco de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria. Esta limitación aplicarase desde o momento en que se formule a advertencia.

Tres. O Ministerio de Facenda e Administracións Públicas comunicará o incumprimento ou a advertencia a que se refiren os números anteriores aos distintos departamentos ministeriais, que o comunicarán pola súa vez ás entidades adscritas ou vinculadas a eles.

Catro. Nos supostos previstos nos números anteriores e respecto dos convenios subscritos e en execución, non procederá a súa prórroga ou modificación sen o informe previo favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Cinco. O informe do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a que se fai referencia nos números anteriores, que será emitido pola Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos unha vez consultada a Secretaría de Estado de Administracións Públicas, poderá ter en conta, entre outros criterios:

- a) A amplitude da desviación que se producise respecto do obxectivo de estabilidade establecido. No caso do número dous, a desviación referirase á estimación que motivou a advertencia respecto do obxectivo.
- b) As causas desta desviación.
- c) As medidas que se adoptarían para corrixila.
- d) O efecto respecto do déficit ou da débeda pública da comunidade autónoma que poida derivar do convenio, así como o seu obxecto.

*Trixésimo primeira. Acheга financeira do Servizo Público de Emprego Estatal ao financiamento do IV Plan integral de emprego da Comunidade Autónoma de Canarias.*

Un. De conformidade co establecido na disposición adicional quinta da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de emprego, durante o ano 2012, o Servizo Público de Emprego Estatal achegará ao financiamento do IV Plan integral de emprego da Comunidade Autónoma de Canarias a cantidade de 42.000 miles de euros.

A mencionada achega financeira ten o carácter de subvención nominativa, tendo en conta a súa consignación no estado de gastos do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal coa correspondente identificación desagregada, expresada a nivel de subconcepto, da clasificación económica do gasto público estatal.

Dous. A mencionada cantidade destinarase, xunto coa achega financeira que realice a Comunidade Autónoma de Canarias, a financiar as accións e as medidas de fomento de emprego que se describen no convenio de colaboración que lle é de aplicación, suscrito entre a Administración xeral do Estado e a Administración da citada comunidade autónoma o 1 de agosto de 2011.

Tres. A achega financeira librarase no segundo mes de cada cuadrimestre natural do ano 2012, logo de solicitude documentada da Comunidade Autónoma de Canarias ao Servizo Público de Emprego Estatal da aplicación dos fondos. Malia o anterior, o Servizo Público de Emprego Estatal non dará curso á tramitación dos libramentos ata que non fose xustificada ante tal organismo, coa correspondente achega documental, a execución dos fondos librados no exercicio anterior.

Catro. A aplicación pola comunidade autónoma da achega financeira, así como o seu seguimento e avaliación rexerá polo estipulado, para o efecto, no citado convenio de colaboración.

Cinco. Finalizado o exercicio 2012 e con anterioridade ao 1 de abril de 2013, a Comunidade Autónoma de Canarias remitirá á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal información dos colectivos de desempregados atendidos coas achegas feitas efectivas, as accións realizadas, así como a documentación necesaria para efectos do cofinanciamento do Fondo Social Europeo.

Seis. Malia o indicado no número cinco, o remanente da achega financeira non comprometido pola comunidade autónoma no exercicio 2012 será reintegrado ao Servizo Público de Emprego Estatal na forma que se determine na resolución de concesión que adopte ese organismo para a efectividade dos libramentos a que se refire o número tres, con suxeición ás prescricións que, en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

*Trixésimo segunda. Apoio financeiro a empresas de base tecnolóxica.*

O importe total máximo das operacións que se poderán aprobar durante o ano 2012 para as operacións da liña de financiamento creada no número 2 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa, será de 20.000 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 20.16.433M.821.11.

O importe total máximo que se poderá aprobar durante o ano 2012 para as operacións a que se refire o número 1 da disposición adicional segunda da Lei 6/2000, do 13 de decembro, pola que se aproban medidas fiscais urxentes de estímulo ao aforro familiar e á pequena e mediana empresa, será de 18.579,76 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 27.14.467C.831.15.

*Trixésimo terceira. Apoio financeiro a mozos emprendedores e ás pequenas e medianas empresas.*

Un. O importe da achega do Estado á liña de financiamento creada na disposición adicional vixésimo terceira da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do

Estado para o ano 2011, Apoio financeiro a mozos emprendedores, será de 20.000 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 20.16.433M.821.12.

Dous. O importe da achega do Estado á liña de financiamento creada na disposición adicional vixésimo quinta da Lei 2/2004, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2005, de apoio financeiro ás pequenas e medianas empresas, será de 56.105,49 miles de euros, cantidade que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 20.16.433M.821.10.

*Trixésimo cuarta. Dotación dos fondos de fomento ao investimento español con interese español no exterior.*

Un. A dotación do Fondo para Investimentos no Exterior establécese en 25.000 miles de euros no ano 2012. O Comité Executivo do Fondo para Investimentos no Exterior poderá aprobar durante o ano 2012 operacións por un importe total máximo equivalente a 300.000 miles de euros.

Dous. O Comité Executivo do Fondo de Operacións de Investimento no Exterior da Pequena e Mediana Empresa poderá aprobar durante o ano 2012 operacións por un importe total máximo equivalente a 35.000 miles de euros.

*Trixésimo quinta. Apoio financeiro ás actuacións en parques científicos e tecnolóxicos.*

As entidades promotoras de parques científicos e tecnolóxicos que acrediten encontrarse nunha situación financeira que lles impida cumprir coas correspondentes obrigacións de pagamento poderán solicitar o aprazamento de cotas de amortización con vencemento en 2012 derivadas de préstamos ou anticipos concedidos en virtude das convocatorias realizadas desde o ano 2000.

O aprazamento poderá ser concedido polo Ministerio de Economía e Competitividade logo de informe favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas consonte as seguintes condicións:

1. Respectaranse os límites de intensidade de axuda permitidos pola normativa comunitaria en materia de axudas de Estado.
2. Non variará o prazo máximo de vencemento dos préstamos, e as cotas aprazadas poderán ser obxecto de fraccionamento.
3. As cotas aprazadas xerarán o tipo de xuro correspondente ao euríbor publicado polo Banco de España no mes de xaneiro de 2012 incrementado en 25 puntos básicos.
4. Deberanse achegar as garantías adicionais que en cada caso se determinen.
5. No caso de entidades do sector público, a operación deberá contar coa autorización da Administración a que a entidade pertenza e adicionalmente esa Administración deberá asumir subsidiariamente o pagamento da débeda cuxo aprazamento se solicita. Así mesmo, as cotas aprazadas poderán ser obxecto de compensación con calquera pagamento que se deba realizar desde o Estado á citada Administración.

Mediante resolución da directora xeral de Competitividade e Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade poderanse ditar as instrucións que sexan precisas para o cumprimento desta disposición.

*Trixésimo sexta. Instrumentación da ampliación do prazo para o reintegro das liquidacións negativas do sistema de financiamento das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía correspondentes a 2008 e 2009.*

Un. Durante o ano 2012 o ministro de Facenda e Administracións Públicas, por solicitude das comunidades autónomas e cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla, presentada no prazo dun mes a partir da publicación da presente lei, poderá establecer e aplicar un mecanismo financeiro extraorzamentario co obxectivo de estender a 120 mensualidades iguais, que se computarán a partir do 1 de xaneiro de 2012, o aprazamento do saldo pendente de reintegro na citada data das liquidacións do sistema

de financiamento dos anos 2008 e 2009, aprazadas en aplicación da disposición adicional cuarta da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Dous. Para a aplicación a unha comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía do mecanismo financeiro sinalado deberase ter acordado previamente o plan de axuste previsto na normativa reguladora en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e nos acordos da Comisión Delegada do Goberno para Asuntos Económicos que regulan os mecanismos extraordinarios de financiamento.

Tres. No acto polo que se determina a aplicación do citado mecanismo financeiro á comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía solicitante conteranse, entre outros aspectos, o calendario de pagamentos e reintegros dos aprazamentos concedidos e a referencia ao plan de axuste acordado.

Catro. O reintegro ou cancelación dos anticipos contidos no mecanismo financeiro realizarase mediante desconto nos pagamentos que realiza a Administración xeral do Estado en aplicación do sistema de financiamento.

Cinco. En todo caso, a aplicación deste mecanismo financeiro non producirá efectos na aplicación do sistema de financiamento, especialmente no que respecta aos artigos 20, 23, 24 e ao número 7 da disposición transitoria primeira da Lei 22/2009 citada.

Seis. A aplicación do indicado mecanismo terá efectos desde o 1 de xaneiro de 2012. O pagamento das contías correspondentes á aplicación deste mecanismo no ano 2012 realizarase por alícuotas partes mensuais desde a data de concesión deste mecanismo ata final de ano. No resto do período os anticipos e as súas cancelacións realizaranse por alícuotas partes mensuais coas excepcións establecidas nos números seguintes.

Sete. No suposto de que a comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía incumpra o obxectivo de estabilidade correspondente a calquera dos anos en que produza efectos o mecanismo financeiro, sempre que tal incumprimento se determine entre os anos 2013 e 2016, producirase o reintegro ou cancelación dos anticipos contidos nel, nos meses que falten ata finalizar 2016 en importes mensuais iguais.

Oito. No suposto de que a comunidade autónoma ou cidade con estatuto de autonomía incumpra o obxectivo de estabilidade correspondente a calquera dos anos en que produza efectos o mecanismo financeiro, sempre que tal incumprimento se determine a partir de 2017, producirase o reintegro ou cancelación dos anticipos satisfeitos e pendentes de cancelación ata a data en que se declare o incumprimento, de forma inmediata.

Nove. A determinación do incumprimento do obxectivo de estabilidade, para os efectos desta disposición, producirase no momento en que o ministro de Facenda e Administracións Públicas eleve ao Goberno o informe sobre o grao de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública e da regra de gasto do exercicio inmediato anterior a que se refire a normativa reguladora en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

*Trixésimo sétima. Porcentaxe sobre o rendemento da taxa de reserva de dominio público radioeléctrico que percibirá a Corporación RTVE.*

Con efectos do 1 de xaneiro de 2012, a porcentaxe sobre o rendemento da taxa sobre reserva de dominio público radioeléctrico que percibirá a Corporación RTVE, segundo o artigo 4.2 da Lei 8/2009, do 28 de agosto, de financiamento da Corporación de Radio e Televisión Española, queda fixado no 100%, cun importe máximo de 330 millóns de euros.

*Trixésimo oitava. Extracusto de xeración de enerxía eléctrica insular e extrapeninsular.*

Durante o exercicio 2012 queda en suspenso, respecto dos extracustos de xeración correspondentes ao ano 2011, a aplicación do mecanismo de compensación con cargo aos orzamentos xerais do Estado establecido na disposición adicional primeira do Real decreto lei 6/2009, do 30 de abril, polo que se adoptan determinadas medidas no sector enerxético e se aproba o bono social, sen que se xere ningún dereito nin proceda realizar compensación con cargo aos orzamentos do corrente exercicio 2012.

*Trixésimo novena. Normas de execución orzamentaria do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial.*

Un. Durante o exercicio 2012 a concesión de préstamos e anticipos por parte do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial axustarase ás normas previstas na disposición adicional cuadraxésimo sexta desta lei para os préstamos e anticipos que se concedan con cargo ao capítulo 8 dos orzamentos xerais do Estado.

Dous. As operacións de concesión de subvencións con cargo ao orzamento do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial non poderán exceder no ano 2012 o importe dos créditos iniciais consignados a favor desa entidade no capítulo 7 do orzamento do Ministerio de Economía e Competitividade.

Tres. Trimestralmente o Ministerio de Economía e Competitividade informará o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas sobre a execución das operacións realizadas para efectos de verificar o cumprimento dos límites regulados nos números anteriores.

*Cuadraxésima. Suspensión da aplicación de determinados preceptos da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

Durante 2012 suspéndese a aplicación do artigo 7.2, do artigo 8.2.a), do artigo 10, do artigo 32.3, parágrafo primeiro, e da disposición transitoria primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

*Cuadraxésimo primeira. Contratación de investimentos por parte das entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais.*

As entidades públicas empresariais e as sociedades mercantís estatais que se recollen no anexo XI necesitarán informe previo e favorable do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas para a contratación de investimentos cuxo recoñecemento en contabilidade se prevea efectuar en exercicios posteriores ao do exercicio en curso, cando a súa contía, medida de forma acumulada, exceda o 180% do importe polo que figure no anexo territorializado de investimentos que se xunta a esta lei.

En todo caso, o volume contratado non poderá exceder as seguintes porcentaxes: 70%, 60% e 50% no primeiro, segundo e terceiro exercicios posteriores ao exercicio en curso, respectivamente, calquera que sexa o instrumento xurídico de que deriven, salvo norma con rango de lei.

Polo menos con periodicidade trimestral, e dentro do mes seguinte a que se refira, as citadas entidades informarán o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do volume e porcentaxes contratados, medidos de forma acumulada e con indicación dos proxectos principais.

*Cuadraxésimo segunda. Garantía do Estado para obras de interese cultural.*

Un. De acordo co establecido no número 3 da disposición adicional novena da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do patrimonio histórico español, durante o exercicio 2012, o importe total acumulado, en todo momento, dos compromisos outorgados polo Estado respecto a todas as obras ou conxuntos de obras cedidas temporalmente para a súa exhibición en institucións de competencia exclusiva do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e os seus organismos públicos adscritos, así como do Consello de Administración do Patrimonio Nacional, non poderá exceder os 1.848.000 miles de euros.

O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen por primeira vez no ano 2012 para obras ou conxuntos de obras destinadas á súa exhibición nunha mesma exposición será de 231.000 miles de euros. Unha vez devoltas as obras aos cedentes e acreditado polos responsables das exposicións o termo da garantía outorgada sen ningunha incidencia, as cantidades comprometidas deixarán de estalo e poderán ser de novo outorgadas a unha nova exposición.

Excepcionalmente, este límite máximo poderase elevar por riba dos 231.000 miles de euros por acordo do Consello de Ministros por proposta do Ministerio de Economía e Competitividade, por iniciativa do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, caso en que o importe total acumulado, durante o período de vixencia de esa exposición, non poderá exceder os 2.750.000 miles de euros.

O límite máximo dos compromisos específicos que se outorguen á Fundación Colección Thyssen-Bornemisza respecto ás obras destinadas á súa exhibición nas sedes da Fundación situadas en España en relación co «Contrato de préstamo de obras de arte entre, dunha parte, a Fundación Colección Thyssen-Bornemisza e, doutra, Omicron Collections Limited, Nautilus Trustees Limited, Coraldale Navigation Incorporated, Imiberia Anstalt e a Baronesa Carmen Thyssen-Bornemisza», para o ano 2012 será de 540.910 miles de euros.

Dous. No ano 2012 será de aplicación o disposto no número anterior ás exposicións organizadas pola «Sociedad Estatal para la Acción Cultural, S.A.», que se realicen en institucións dependentes da Administración xeral do Estado, así como ás exposicións organizadas pola Fundación Lázaro Galdiano na sede do seu museo.

Cuadraxésimo terceira. *Financiamento da formación profesional para o emprego.*

Un. Sen prexuízo doutras fontes de financiamento, os fondos provenientes da cota de formación profesional destinaranse a financiar o subsistema de formación profesional para o emprego regulado polo Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, incluíndo os programas públicos de emprego e formación establecidos no seu artigo 28, nos termos expostos na presente disposición adicional.

No exercicio inmediato a aquel en que se peche o orzamento, efectuarase unha liquidación en razón das cotas de formación profesional efectivamente percibidas, cuxo importe se incorporará ao orzamento do exercicio seguinte, en caso de existir signo positivo respecto ás inicialmente previstas para tal exercicio.

Dous. O 50 por cento, como mínimo, dos fondos previstos no número anterior destinarase inicialmente ao financiamento das seguintes iniciativas e conceptos:

- Formación de demanda, que abrangue as accións formativas das empresas e os permisos individuais de formación.
- Formación de oferta dirixida prioritariamente a traballadores ocupados.
- Accións de apoio e acompañamento á formación.
- Formación nas administracións públicas.
- Gastos de funcionamento e investimento da Fundación Tripartita para a Formación no Emprego.

Ao financiamento da formación nas administracións públicas destinarase un 6,85 por 100 da contía indicada no parágrafo primeiro deste número. Esta contía, previamente minorada na porcentaxe correspondente ao índice de imputación utilizado para o cálculo da cota de acordo coa Lei 12/2002, do 23 de maio, incluírase como dotación diferenciada no orzamento de gastos do Servizo Público de Emprego Estatal para a súa achega en diñeiro ao Instituto Nacional de Administración Pública, adscrito ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, en tres libramentos nos meses de febreiro, abril e xuño. No orzamento do Instituto Nacional de Administración Pública figurarán territorializados os fondos correspondentes ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla para o financiamento da formación continua dos seus empregados públicos. O aboamento deses fondos realizarase desde o Instituto Nacional de Administración Pública mediante transferencia nominativa a cada comunidade e cidade autónoma, con excepción da Comunidade Autónoma do País Vasco.

O Servizo Público de Emprego Estatal librará á Fundación Tripartita para a Formación no Emprego os fondos para o financiamento dos seus gastos de funcionamento e investimento. O citado libramento efectuarase por cuartas partes, na segunda quincena natural de cada trimestre. A Fundación deberá presentar anualmente e antes do 30 de



abril do exercicio seguinte, ante o Servizo Público de Emprego Estatal, a xustificación contable dos gastos realizados con cargo aos fondos asignados para o seu funcionamento.

O 50 por cento restante destinarase inicialmente a financiar as accións formativas dirixidas prioritariamente a traballadores desempregados, así como os programas públicos de emprego formación. Non obstante, logo de informe do Servizo Público de Emprego competente, poderase destinar, con carácter excepcional no exercicio 2012, ata un máximo do 20 por cento destes fondos para a realización de accións de fomento do emprego sempre que estean incluídas no Plan anual de política de emprego e que nelas participen persoas desempregadas inscritas como demandantes de emprego.

O financiamento da formación teórica do contrato para a formación e a aprendizaxe realizarase de conformidade co que se estableza na normativa regulamentaria que regule a impartición e as características da formación recibida polos traballadores.

Tres. As comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas en materia de políticas activas de emprego recibirán do Servizo Público de Emprego Estatal as transferencias de fondos para o financiamento das subvencións no ámbito da formación profesional para o emprego xestionadas por esas comunidades, na contía que resulte de acordo co previsto na normativa aplicable.

Catro. As empresas que cotizan pola continxencia de formación profesional disporán dun crédito para a formación dos seus traballadores de acordo co establecido no capítulo II do Real decreto 395/2007, do 23 de marzo, polo que se regula o subsistema de formación profesional para o emprego, que resultará de aplicar á contía ingresada pola empresa en concepto de formación profesional durante o ano 2011 a porcentaxe de bonificación que, en función do tamaño das empresas, se establece a continuación:

- a) Empresas de 6 a 9 traballadores: 100 por cento.
- b) De 10 a 49 traballadores: 75 por cento.
- c) De 50 a 249 traballadores: 60 por cento.
- d) De 250 ou máis traballadores: 50 por cento.

As empresas de 1 a 5 traballadores disporán dun crédito de bonificación por empresa de 420 euros, en lugar dunha porcentaxe. Así mesmo, poderanse beneficiar dun crédito de formación, nos termos establecidos na citada normativa, as empresas que durante o ano 2012 abran novos centros de traballo, así como as empresas de nova creación, cando incorporen ao seu cadro de persoal novos traballadores. Nestes supostos as empresas disporán dun crédito de bonificacións cuxo importe resultará de aplicar ao número de traballadores de nova incorporación a contía de 65 euros.

As empresas que durante o ano 2012 concedan permisos individuais de formación aos seus traballadores disporán dun crédito de bonificacións para formación adicional ao crédito anual que lles correspondería de conformidade co establecido no parágrafo primeiro deste número, polo importe que resulte de aplicar os criterios determinados por orde do Ministerio de Emprego e Seguridade Social. O crédito adicional asignado ao conxunto das empresas que concedan os citados permisos non poderá superar o 5 por cento do crédito establecido no orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal para o financiamento das bonificacións nas cotizacións da Seguridade Social por formación profesional para o emprego.

Cuadraxésimo cuarta. *Suspensión normativa.*

Queda sen efecto en 2012 o previsto no artigo 2 ter 4 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Cuadraxésimo quinta. *Préstamos e anticipos concedidos con cargo aos orzamentos xerais do Estado.*

Un. Coa finalidade de atender ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e endebedamento, a realización de gastos con cargo aos artigos 82 e 83 do capítulo 8 dos orzamentos xerais do Estado axustarase, con vixencia indefinida, ás seguintes normas:

a) Salvo autorización expresa do ministro de Facenda e Administracións Públicas non se poderán conceder préstamos e anticipos ao tipo de xuro inferior ao da débeda emitida polo Estado en instrumentos con vencemento similar.

No suposto de préstamos e anticipos para conceder a través de procedementos de concorrencia competitiva, o citado requisito deberase cumprir no momento anterior á aprobación da convocatoria.

A determinación do tipo de xuro deberá quedar xustificada no expediente polo correspondente órgano xestor. Nos supostos en que non sexa posible unha relación directa coa referencia indicada, xuntarase informe da Secretaría Xeral de Tesouro e Política Financeira.

Esta norma non será de aplicación aos seguintes casos:

- Anticipos que se concedan ao persoal.
- Anticipos reembolsables con fondos comunitarios.
- Préstamos ou anticipos cuxo tipo de xuro se regule en normas de rango legal.
- Préstamos ao Consorcio de Compensación de Seguros para o seguro de crédito á exportación.

b) Os beneficiarios dos préstamos ou anticipos deberán acreditar que están ao día do pagamento das obrigacións de reembolso de calquera outro préstamo ou anticipo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos xerais do Estado. Corresponde ao centro xestor do gasto comprobar o cumprimento de tales condicións con anterioridade ao pagamento, e exixir, cando non se poida acreditar doutro modo, unha declaración responsable do beneficiario ou certificación do órgano competente se este é unha Administración pública.

Dous. Mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas ditaranse as instrucións que sexan precisas para o cumprimento do previsto nesta disposición.

Tres. As normas contidas nesta disposición substitúen as establecidas nos artigos 63 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010 e 58 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011.

*Cuadraxésimo sexta. Actuacións en relación co orzamento prorrogado.*

Un. Imputación das operacións de gasto do orzamento prorrogado aos orzamentos xerais do Estado para 2012.

1. As operacións de gasto realizadas con cargo ao orzamento prorrogado imputaranse aos créditos autorizados pola presente lei. Cando nos orzamentos xerais do Estado para 2012 non houbera o mesmo crédito que no orzamento prorrogado ou, habéndoo, a súa dotación resulte insuficiente para imputar as correspondentes operacións de gasto aos créditos do departamento ministerial ou organismo do sector público administrativo estatal, seguirase o procedemento que se indica nos números seguintes desta disposición.

Este procedemento será tamén aplicable a aqueles compromisos de gasto e outras operacións imputadas ao orzamento de 2011 que, de acordo coa normativa vixente, se deberían ter rexistrado no orzamento prorrogado e non se efectuase esa imputación.

2. A oficina de contabilidade obterá unha relación daquelas operacións que non se lles puidesen imputar aos créditos orzamentarios do orzamento de 2012 coa especificación dos distintos expedientes afectados, que remitirá ao respectivo servizo xestor coa indicación de que no prazo de trinta días deberá comunicar á citada oficina as actuacións que pretenda realizar con respecto ás operacións pendentes de rexistro contable incluídas na relación.

3. Se esas actuacións implican anulacións de operacións ou reaxustes de anualidades, o servizo xestor deberá remitir os xustificantes e documentos contables que as acrediten.

4. Se as citadas actuacións supoñen a tramitación de expedientes de modificacións orzamentarias, e estes non se aprobaron antes da finalización do prazo de trinta días

citado anteriormente, o servizo xestor deberá comunicar á oficina de contabilidade, excepto no caso de que se trate de transferencias de crédito, as retencións de crédito que deberán ser rexistradas noutros créditos do seu orzamento por un importe igual ao das operacións pendentes de rexistro. O servizo xestor aplicará esas retencións de crédito aos créditos cuxa minoración ocasione menos trastornos para o servizo público. Unha vez aprobadas as modificacións orzamentarias e imputadas as operacións pendentes de rexistro, efectuarase a anulación das anteriores retencións de crédito.

5. Se cumprido o citado prazo dos trinta días, o servizo xestor non comunicase á oficina de contabilidade as actuacións que pretende realizar con respecto ás operacións pendentes de rexistro contable, esa oficina de contabilidade procederá a rexistrar de oficio as retencións de crédito por un importe igual ao desas operacións. Esas retencións de crédito aplicaranse aos créditos que a oficina de contabilidade determine dentro do mesmo capítulo do orzamento a que elas correspondan, e preferentemente dentro do mesmo programa. A oficina de contabilidade comunicará ao servizo xestor as retencións de crédito realizadas de oficio.

6. Ata o momento en que se determinen as actuacións definitivas relativas ás operacións pendentes de rexistro, o servizo xestor poderá solicitar á oficina de contabilidade a anulación das retencións de crédito indicadas nos números anteriores, sempre que simultaneamente a dita oficina rexistre novas retencións de crédito, de acordo coa comunicación recibida do servizo xestor, por un importe igual ao das retencións de crédito que se pretenden anular, co fin de que queden retidos os créditos naquelas dotacións cuxa minoración ocasione menos trastornos para o servizo público.

7. O rexistro no sistema de información contable das retencións de crédito e das anulacións de retencións de crédito a que se refiren os números 4, 5 e 6 anteriores efectuarano as oficinas de contabilidade, para os efectos de poder efectuar o control efectivo da imputación definitiva de todas as operacións pendentes de rexistro.

Dous. Modificacións orzamentarias.

As incorporacións de crédito e aqueloutras modificacións orzamentarias que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, realizadas ata a entrada en vigor da presente lei, terán efectividade nos orzamentos xerais do Estado para o ano 2012. As modificacións aplicaranse segundo a estrutura orzamentaria incorporada aos estados de ingresos e gastos desta lei.

Non se aplicarán aos orzamentos xerais do Estado para 2012 as retencións de crédito realizadas en aplicación do punto cuarto do Acordo de Consello de Ministros do 30 de decembro de 2011.

*Cuadraxésimo sétima. Criterios para o cálculo do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado mencionado no capítulo I do título VII da presente lei, de acordo co disposto no artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Para os efectos do cálculo das entregas á conta da participación das entidades locais nos tributos do Estado do artigo 121 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, o índice provisional de evolución dos ingresos tributarios do Estado entre o ano 2004 e o ano 2012 determinarase cos criterios establecidos no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, que consisten en:

1. Os ingresos tributarios do Estado do ano 2012 están constituídos pola recadación estatal no exercicio excluídos os recursos tributarios cedidos ás CC.AA. por IRPF, IVE e IIEE, nos termos previstos no artigo 20 da Lei 22/2009.

2. Polo que se refire ao cálculo dos ingresos tributarios do Estado do ano 2004, utilizaranse os criterios de homoxeneización establecidos no artigo 20 da Lei 22/2009. Isto é, procederase a simular a entrega á conta do ano 2004 das CC.AA. nos termos de cesión correspondentes ao ano 2012. Polo que respecta á liquidación do 2002 calcularase

por diferenza entre o rendemento definitivo das CC.AA. nos termos de cesión do ano 2012 e as entregas realmente efectuadas en 2002.

Igualmente, para a determinación do resto dos índices de evolución regulados no capítulo I do título VII da presente lei, distintos do anterior, aplicarase o disposto no artigo 20 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, substituíndo, se procede, o ano base 2007 polo que corresponda.

*Cuadraxésimo oitava. Anticipos da liquidación definitiva da participación das entidades locais en tributos do Estado do ano 2010 e posteriores.*

1. No ano 2012, con cargo ao crédito que se dote na sección 36, servizo 21, Secretaría Xeral de Coordinación Autonómica e Local. Entidades locais, programa 942M, Transferencias a entidades locais por participación nos ingresos do Estado, concepto 468, relativo á liquidación definitiva de anos anteriores e compensacións derivadas do novo sistema de financiamento, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas anticipará o 50 por cento do importe estimado da liquidación definitiva da participación das entidades locais en tributos do Estado do ano 2010 que, de ser o caso, resulte a favor desas entidades, sempre que, na data de publicación desta lei, non se lles estea aplicando a retención a que se refire o artigo 36 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable. O citado anticipo materializarase dentro do prazo dun mes desde a mencionada data.

2. En exercicios posteriores poderanse anticipar ás entidades locais as liquidacións definitivas que se calculen neles, sempre que aquelas presentasen a liquidación dos seus orzamentos xerais do exercicio inmediato anterior, xunto cun informe do interventor ou do secretario-interventor en que se especifiquen os axustes que procedan e o cálculo da capacidade de financiamento conforme o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e dese cálculo derive unha posición de equilibrio ou superávit.

As entidades locais a que se refiren os artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, deberán presentar, con carácter previo, un compromiso aprobado polos seus respectivos plenos de acordar co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un plan de axuste que garanta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, para o que se terá en conta o disposto no seguinte parágrafo.

No caso de que as entidades locais incumpran os obxectivos de estabilidade orzamentaria, os límites de endebedamento que lles resulten de aplicación ou os prazos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberán aprobar un plan de axuste, que garanta a corrección daqueles incumprimentos, mediante acordo dos seus respectivos plenos que, ademais, deberán aceptar a posible imposición polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de condicións particulares en materia de seguimento e remisión de información, así como, de ser o caso, de adopción de medidas de axuste extraordinarias que permitan aquela corrección. Así mesmo, aquelas entidades deberán presentar un certificado do secretario ou do secretario-interventor do acordo do Pleno co anterior contido e aprobatorio do plan de axuste antes citado, así como o informe do interventor ou do secretario-interventor en que se recollan as medidas daquel plan.

A documentación a que se refire este número deberase remitir ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medios telemáticos e asinarse electronicamente.

As leis de orzamentos xerais do Estado daqueles exercicios poderán especificar o prazo e procedemento de aplicación desta medida.

*Cuadraxésimo novena. Regularización das entregas á conta do ano 2012 transferidas con anterioridade á data de publicación da presente lei.*

1. Do importe das entregas á conta que correspondan en 2012 a cada entidade local, de acordo cos criterios establecidos nas seccións 1ª a 7ª do capítulo I do título VII

da presente lei e, de ser o caso, dos créditos recollidos no estado de gastos destes orzamentos xerais do Estado, deduciranse as contías que correspondesen ás entregas á conta deste ano ás cales se aplicase a Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, que foi prorrogada coas especialidades establecidas no artigo 10 do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

O resultado da anterior operación distribuirase, por partes iguais, entre as entregas á conta ás cales se aplique a presente lei.

2. Aos municipios que se incluírán en 2012 por vez primeira no modelo de cesión de impostos do Estado aplicaráselles a regra do anterior número, ben que se imputarán ao Fondo Complementario de Financiamento os importes que lles correspondesen nas entregas á conta determinadas conforme a Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, que foi prorrogada coas especialidades establecidas no artigo 10 do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Quincuaxésima. *Actividades prioritarias de mecenado.*

Un. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, durante o ano 2012 consideraranse actividades prioritarias de mecenado as seguintes:

1.<sup>a</sup> As levadas a cabo polo Instituto Cervantes para a promoción e a difusión da lingua española e da cultura mediante redes telemáticas, novas tecnoloxías e outros medios audiovisuais.

2.<sup>a</sup> A promoción e a difusión das linguas oficiais dos diferentes territorios do Estado español levadas a cabo polas correspondentes institucións das comunidades autónomas con lingua oficial propia.

3.<sup>a</sup> A conservación, restauración ou rehabilitación dos bens do patrimonio histórico español que se relacionan no anexo VIII desta lei, así como as actividades e bens que se inclúan, logo de acordo entre o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, no programa de dixitalización, conservación, catalogación, difusión e explotación dos elementos do patrimonio histórico español «patrimonio.es» a que se refire o artigo 75 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

4.<sup>a</sup> Os programas de formación do voluntariado que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas.

5.<sup>a</sup> Os proxectos e actuacións das administracións públicas dedicadas á promoción da sociedade da información e, en particular, aqueles que teñan por obxecto a prestación dos servizos públicos por medio dos servizos informáticos e telemáticos a través da internet.

6.<sup>a</sup> A investigación, desenvolvemento e innovación nas instalacións científicas que, para este efecto, se relacionan no anexo XII desta lei.

7.<sup>a</sup> A investigación, desenvolvemento e innovación nos ámbitos das nanotecnoloxías, a saúde, a xenómica, a proteómica e a enerxía, e en ámbitos de excelencia internacional, realizados polas entidades que, para estes efectos, recoñeza o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por proposta do Ministerio de Economía e Competitividade.

8.<sup>a</sup> O fomento da difusión, divulgación e comunicación da cultura científica e da innovación, levadas a cabo pola Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía.

9.<sup>a</sup> Os programas dirixidos á loita contra a violencia de xénero que fosen obxecto de subvención por parte das administracións públicas ou se realicen en colaboración con estas.

Dous. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, durante os anos 2011 e 2012 consideraranse actividades prioritarias de mecenado as doazóns e achegas vinculadas á execución dos proxectos incluídos no Plan director de recuperación do patrimonio cultural de Lorca.

Tres. As porcentaxes e os límites das deducións establecidas nos artigos 19, 20 e 21 da citada Lei 49/2002 elevaranse en cinco puntos porcentuais en relación coas actividades incluídas nos números anteriores.

Quincuaxésimo primeira. *Beneficios fiscais aplicables á celebración de «Vitoria- Gasteiz Capital Verde Europea 2012».*

Un. A celebración de «Vitoria-Gasteiz Capital Verde Europea 2012» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2014.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente en conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Quincuaxésimo segunda. *Beneficios fiscais aplicables ao Campionato do mundo de vela (ISAF) Santander 2014.*

Un. O Campionato do mundo de vela (ISAF) Santander 2014 terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2012 ao 31 de decembro de 2014.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente en conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Quincuaxésimo terceira. *Beneficios fiscais aplicables ao programa «A Árbore é Vida».*

Un. O programa «A Árbore é Vida» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2012 ao 30 de xuño de 2015.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Quincuaxésimo cuarta. *Beneficios fiscais aplicables á celebración do IV Centenario das relacións de España e Xapón a través do programa de actividades do «Ano de España en Xapón».*

Un. A celebración do IV Centenario das relacións de España e Xapón a través do programa de actividades do «Ano de España en Xapón» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2012 ao 1 de setembro de 2014.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Quincuaxésimo quinta. *Beneficios fiscais aplicables ao «Plan director para a recuperación do patrimonio cultural de Lorca».*

Un. O «Plan director para a recuperación do patrimonio cultural de Lorca» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2014.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Quincuaxésimo sexta. *Beneficios fiscais aplicables ao programa Patrimonio Joven e ao 4º Foro Xuvenil Iberoamericano do Patrimonio Mundial.*

Un. O programa Patrimonio Joven e o 4º Foro Xuvenil Iberoamericano do Patrimonio Mundial terán a consideración de acontecementos de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Quincuaxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables ao Programa «Universiada de Inverno de Granada 2015».*

Un. O Programa «Universiada de Inverno de Granada 2015» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2012 ao 30 de xuño de 2015.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Quincuaxésimo oitava. *Beneficios fiscais aplicables ao Campionato do mundo de ciclismo en estrada Ponferrada 2014.*

Un. O Campionato do mundo de ciclismo en estrada «Ponferrada 2014» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de outubro de 2012 ao 30 de setembro de 2014.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da Lei 49/2002.

Quincuaxésimo novena. *Beneficios fiscais aplicables á celebración da «Creación do Centro de categoría 2 UNESCO en España, dedicado á arte rupestre e patrimonio mundial».*

Un. A celebración da «Creación do Centro de categoría 2 UNESCO en España, dedicado á arte rupestre e patrimonio mundial», terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.



Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

*Sexaxésima. Beneficios fiscais aplicables á celebración de «Barcelona World Jumping Challenge».*

Un. A celebración de «Barcelona World Jumping Challenge» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de novembro de 2012 ao 31 de outubro de 2015.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

*Sexaxésimo primeira. Beneficios fiscais aplicables ao Campionato do mundo de natación Barcelona 2013.*

Un. O Campionato do mundo de natación Barcelona 2013 terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2012 ao 31 de decembro de 2013.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

*Sexaxésimo segunda. Beneficios fiscais aplicables á celebración de «Barcelona Mobile World Capital».*

Un. A celebración de «Barcelona Mobile World Capital» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2014.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Sexaxésimo terceira. *Beneficios fiscais aplicables á celebración da «3.ª edición da Barcelona World Race».*

Un. A celebración da «3ª edición da Barcelona World Race» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Sexaxésimo cuarta. *Beneficios fiscais aplicables á celebración do 40º aniversario da Convención do Patrimonio Mundial (París, 1972).*

Un. A celebración do 40º aniversario da Convención do Patrimonio Mundial (París, 1972) terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Sexaxésimo quinta. *Beneficios fiscais aplicables ao Campionato do mundo de tiro olímpico «Las Gabias 2014».*

Un. O Campionato do mundo de tiro olímpico «Las Gabias 2014» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2012 ao 31 de decembro de 2014.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Sexaxésimo sexta. *Beneficios fiscais aplicables á celebración do «VIII Centenario da Catedral de Santiago de Compostela».*

Un. A celebración do «VIII Centenario da Catedral de Santiago de Compostela» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2011 ao 30 de xuño de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Sexaxésimo sétima. *Beneficios fiscais aplicables á conmemoración dos «500 anos de bula papal».*

Un. A conmemoración dos «500 anos de bula papal» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xullo de 2012 ao 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Sexaxésimo oitava. *Beneficios fiscais aplicables ao Programa «2012 Ano das Culturas, a Paz e a Liberdade».*

Un. O Programa «2012 Ano das Culturas, a Paz e a Liberdade» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Sexaxésimo novena. *Beneficios fiscais aplicables á celebración do «Ano da Neurociencia».*

Un. A celebración do «Ano da Neurociencia» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Septuaxésima. *Débedas pendentes do Concello de Marbella coa Seguridade Social e coa Facenda pública estatal.*

Un. A débeda pendente que o Concello de Marbella e as entidades de dereito público dependentes del manteñen coa Seguridade Social e coa Facenda pública estatal, xerada con anterioridade á disolución do citado Concello polo Real decreto 421/2006, do 7 de abril, fraccionarase durante un prazo non superior a 40 anos mediante o desconto das transferencias da súa participación nos ingresos do Estado. O xuro aplicable á operación será do 1%.

Dous. Aplicarase á cancelación anticipada das fraccións, mediante a redución do prazo de duración total do fraccionamento, o cobramento de calquera indemnización que o Concello de Marbella, os entes de dereito público dependentes del e as sociedades mercantís das que sexa titular teñan recoñecidas polas ordes xurisdicionais civil ou penal mediante sentenza xudicial firme.

No suposto de que tales indemnizacións se concreten mediante a entrega ao Concello de bens ou dereitos, estes quedarán afectos en virtude da presente lei ao pagamento da débeda fraccionada pendente e executaranse directamente de acordo co previsto no artigo 172 da Lei xeral tributaria e 34 da Lei xeral da seguridade social.

En todo o non disposto na presente disposición adicional aplicarase supletoriamente a Lei xeral tributaria ou a Lei xeral da seguridade social ou a Lei xeral orzamentaria, segundo proceda.

Septuaxésimo primeira. *Xornada xeral do traballo no sector público.*

Un. A partir da entrada en vigor desta lei, a xornada xeral de traballo do persoal do sector público non poderá ser inferior a trinta e sete horas e media semanais de traballo efectivo de media en cómputo anual.

Para estes efectos conforman o sector público:

- a) A Administración xeral do Estado, as administracións das comunidades autónomas e as entidades que integran a Administración local.
- b) As entidades xestoras e os servizos comúns da Seguridade Social.
- c) Os organismos autónomos, as entidades públicas empresariais, as universidades públicas, as axencias estatais e calquera entidade de dereito público con personalidade xurídica propia vinculada a un suxeito que pertenza ao sector público ou dependente del, incluíndo aquelas que, con independencia funcional ou cunha especial autonomía recoñecida pola lei, teñan atribuídas funcións de regulación ou control de carácter externo sobre un determinado sector ou actividade.

d) Os consorcios dotados de personalidade xurídica propia a que se refiren o artigo 6.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e a lexislación de réxime local.

e) As fundacións que se constituán cunha achega maioritaria, directa ou indirecta, dunha ou varias entidades integradas no sector público, ou cuxo patrimonio fundacional, cun carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens ou dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

f) As sociedades mercantís en cuxo capital social a participación, directa ou indirecta, de entidades das mencionadas nas letras a) a e) do presente número sexa superior ao 50 %.

Así mesmo, as xornadas especiais existentes ou que se poidan establecer, experimentarán os cambios que sexan necesarios, de ser o caso, para adecuarse á modificación xeral na xornada ordinaria.

En todo caso, as modificacións de xornada que se leven a efecto como consecuencia do establecemento desta medida non suporán ningún incremento retributivo.

Dous. Con esta mesma data queda suspendida a eficacia das previsións en materia de xornada e horario contidas nos acordos, pactos e convenios vixentes nos entes, organismos e entidades do sector público indicados no número anterior que contradigan o previsto neste artigo.

Tres. Esta disposición ten carácter básico e dítase ao abeiro dos artigos 149.1.7ª, 149.1.13ª e 149.1.18ª da Constitución española.

Septuaxésimo segunda. *Subvencións ao transporte marítimo e aéreo para residentes en Canarias, Balears, Ceuta e Melilla.*

Un. Autorízase o Goberno da Nación para que, durante o ano 2012, modifique ou, de ser o caso, substitúa o actual réxime das subvencións ao transporte aéreo e marítimo para residentes nas Illas Canarias, Balears, Ceuta e Melilla, por outro sistema de compensación. Esa modificación nunca poderá supor unha diminución da axuda prestada ou unha deterioración na calidade do servizo, nin incremento dos créditos asignados a esta finalidade.

Por tempo indefinido ata que o Goberno da Nación modifique ou substitúa o actual réxime de subvencións ao transporte marítimo regular de pasaxeiros, conforme o previsto no parágrafo anterior, bonificaranse as contías dos billetes sobre as tarifas, que deberán ser previamente comunicadas á Dirección Xeral da Mariña Mercante, excepto a diferenza respecto das tarifas de butaca de clase superior ou camarote ocupado por unha soa persoa.

Dous. A partir do 1 de setembro e con efectos indefinidos, a condición de residente nas illas Canarias, illas Balears e en Ceuta e Melilla, para os efectos de obtención da bonificación ao transporte regular de pasaxeiros, marítimo e aéreo, acreditarase mediante o certificado de empadramento en vigor.

Regulamentariamente poderán establecerse outros medios para a acreditación da condición de residente, en substitución do previsto neste número ou como adicionais deste.

Os órganos xestores da bonificación do Ministerio de Fomento poderán acceder aos servizos de verificación e consulta de datos de residencia da plataforma de intermediación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas co fin de comprobaren o cumprimento dos requisitos para seren beneficiarios da subvención, con base no previsto na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e o Real decreto 523/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a exigencia de achegar o certificado de empadramento, como documento probatorio do domicilio e residencia, nos procedementos administrativos da Administración xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, coas garantías previstas na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Os órganos xestores poderán facilitar por vía telemática ás axencias, ás compañías aéreas ou marítimas ou ás súas delegacións, que comercialicen os títulos de transporte bonificados, a confirmación do cumprimento dos requisitos para seren beneficiarios da subvención.

Tres. En todo caso, para as comunidades de Canarias e de Baleares aplicárase o regulado no artigo 6 da Lei 19/1994, do 6 de xuño, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias, así como no artigo 5 da Lei 30/1998, do 29 de xullo, do réxime especial das illas Baleares.

*Septuaxésimo terceira. Asignación de cantidades a fins sociais.*

O Estado destinará a subvencionar actividades de interese social, na forma que regulamentariamente se estableza, o 0,7 por cento da cota íntegra do imposto sobre a renda das persoas físicas do exercicio 2012 correspondente aos contribuíntes que manifesten expresamente a súa vontade en tal sentido.

Para estes efectos, entenderase por cota íntegra do imposto a formada pola suma da cota íntegra estatal e da cota íntegra autonómica ou complementaria nos termos previstos na Lei reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A liquidación definitiva da asignación correspondente ao exercicio de 2012 levarase a cabo antes do 30 de abril de 2014, e efectuarase unha liquidación provisional o 30 de novembro de 2013 que posibilite a iniciación anticipada do procedemento para a concesión das subvencións.

*Septuaxésimo cuarta. Financiamento á Igrexa católica.*

Durante o ano 2012 o Estado entregará mensualmente á Igrexa católica 13.266.216,12 euros, á conta da cantidade que deba asignar á Igrexa por aplicación do disposto nos números un e dous da disposición adicional décimo oitava da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007.

Antes do 30 de novembro de 2013, efectuarase unha liquidación provisional da asignación correspondente a 2012, e a liquidación definitiva practícase antes do 30 de abril de 2014. En ambas as liquidacións, unha vez efectuadas, as dúas partes regularizarán, nun sentido ou outro, o saldo existente.

*Septuaxésimo quinta. Achea financeira do Servizo Público de Emprego Estatal ao financiamento do Plan integral de emprego da Comunidade Autónoma de Extremadura.*

Un. Durante o ano 2012, o Servizo Público de Emprego Estatal achegará para o financiamento do Plan integral de emprego da Comunidade Autónoma de Extremadura a cantidade de 4.000.000 euros.

A mencionada achega financeira ten o carácter de subvención nominativa, tendo en conta a súa consignación no estado de gastos do orzamento do Servizo Público de Emprego Estatal coa correspondente identificación desagregada expresada a nivel de subconcepto da clasificación económica do gasto público estatal.

Dous. A citada cantidade destinarase conxuntamente coa achega financeira que, de ser o caso, realice a respectiva comunidade autónoma, a financiar as accións e as medidas de fomento de emprego que se describirán no convenio de colaboración que subscriban a Administración xeral do Estado e a Administración da Comunidade Autónoma de Extremadura.

Tres. A citada achega materializarase en dous libramentos pola mesma cantidade nos meses de outubro e decembro de 2012, logo de subscripción do convenio de colaboración antes citado. Cada un dos mencionados libramentos require a solicitude previa documentada da Comunidade Autónoma de Extremadura ao Servizo Público de Emprego Estatal, nos termos que se establezan no convenio de colaboración que subscriban ambas as administracións.

Catro. A aplicación pola Comunidade Autónoma de Extremadura da correspondente achega financeira, así como o seu seguimento e avaliación rexeráse polo estipulado para o efecto no mencionado convenio de colaboración.

Cinco. Finalizado o exercicio 2012 e con anterioridade ao 1 de abril de 2013, a Comunidade Autónoma de Extremadura remitirá á Dirección Xeral do Servizo Público de Emprego Estatal información dos colectivos de desempregados atendidos coas achegas feitas efectivas, as accións realizadas, así como, de ser o caso, a documentación necesaria para efectos do cofinanciamento do Fondo Social Europeo.

Seis. Malia o indicado no número cinco anterior, o remanente da achega financeira non comprometido pola respectiva comunidade autónoma no exercicio 2012 será reintegrado ao Servizo Público de Emprego Estatal na forma que se determine na resolución de concesión que adopte o organismo para a efectividade dos libramentos a que se refire o número tres, con suxeición ás prescricións que, en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

Así mesmo, deberánse reintegrar ao Servizo Público de Emprego Estatal as cantidades comprometidas pola Comunidade Autónoma de Extremadura no exercicio 2012 que non se aboasen efectivamente aos beneficiarios das accións e medidas desenvolvidas no Plan integral de emprego regulado nesta disposición, no mesmo exercicio en que se xustificasen adecuadamente estas accións e medidas, ou no exercicio seguinte a aquel en que se producise a xustificación sinalada no caso de que se realizase no último trimestre do exercicio natural.

A xustificación dos proxectos e accións financiados con cargo ao Plan integral de emprego para a Comunidade Autónoma de Extremadura considerarase adecuada, cando así o manifeste a comunidade autónoma que xestione estes fondos, ben prestando a súa conformidade ao proxecto realizado, ben realizando a liquidación do respectivo expediente.

*Septuaxésimo sexta. Beneficios fiscais aplicables ao programa conmemorativo do VIII Centenario da Batalla de Las Navas de Tolosa (1212) e do V da conquista, anexión e incorporación de Navarra ao reino de Castilla (1512).*

Un. A conmemoración do VIII Centenario da Batalla de Las Navas de Tolosa e do V da conquista de Navarra terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2012.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

*Septuaxésimo sétima. Puntos de venda da rede comercial da Sociedade Estatal de Lotarías e Apostas do Estado.*

Un. Os titulares dos puntos de venda que formen parte da rede comercial externa da Sociedade Estatal de Lotarías e Apostas do Estado que en 1 de xaneiro de 2012 non se encontrasen sometidos ao réxime de dereito privado, previsto no número 1 da disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 26/2009, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, e en caso de falecemento destes, os seus sucesores poderán optar a tal réxime, no prazo de dous meses desde o inicio da vixencia da presente lei, ou manter,

respecto á súa vinculación coa mencionada sociedade estatal, a natureza e o réxime xurídico actual, de carácter administrativo, sen ningunha modificación ata o falecemento, xubilación, renuncia ou cesamento do titular.

Dous. A referencia feita na disposición transitoria cuarta da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, á disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 26/2009, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o 2010, deberase entender feita á disposición adicional septuaxésimo sétima da presente lei.

Septuaxésimo oitava. *Beneficios fiscais aplicables á celebración do «Ano Santo Xubilar Mariano 2012-2013 en Almonte (Huelva)».*

1. A celebración do «Ano Santo Xubilar Mariano 2012-2013 en Almonte (Huelva)» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

2. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2013.

A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

3. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Septuaxésimo novena. *Creación da Axencia Estatal de Investigación.*

O Goberno estudará, de acordo coas dispoñibilidades orzamentarias, a viabilidade da creación da Axencia Estatal de Investigación.

Octoxésima. *Beneficios fiscais aplicables á celebración de «2014 Ano Internacional da Dieta Mediterránea».*

Un. A celebración de «2014 Ano Internacional da Dieta Mediterránea» terá a consideración de acontecemento de excepcional interese público para os efectos do disposto no artigo 27 da Lei 49/2002, do 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado.

Dous. A duración do programa de apoio a este acontecemento abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2012 ao 31 de decembro de 2014.

Tres. A certificación da adecuación dos gastos realizados aos obxectivos e plans do programa efectuarase de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Catro. As actuacións que se realizarán serán as que aseguren o adecuado desenvolvemento do acontecemento. O desenvolvemento e concreción en plans e programas de actividades específicas realizaraos o órgano competente de conformidade co disposto na citada Lei 49/2002.

Cinco. Os beneficios fiscais deste programa serán os máximos establecidos no artigo 27.3 da citada Lei 49/2002.

Octoxésimo primeira. *Bonificacións aplicables a prestacións patrimoniais de carácter público en aeroportos de Illes Balears.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, as contías unitarias da prestación pública de aterraxe, e das prestacións públicas por saída de pasaxeiros, PMR e seguridade nos aeroportos de Palma de Mallorca, Menorca, Eivissa e Son Bonet bonificaranse nun 10% durante os meses de novembro a marzo, respecto das



contías establecidas con carácter xeral para as citadas prestacións públicas nestes aeroportos.

Octoxésimo segunda.

O Goberno promoverá no Comité Técnico Permanente de Avaliación previsto na disposición adicional sétima da Lei 22/2009, do 18 de decembro, a análise da situación relativa ao financiamento autonómico das cidades con estatuto de autonomía de Ceuta e Melilla.

Octoxésimo terceira. *Bonificacións aplicables a prestacións patrimoniais de carácter público en aeroportos das illas Canarias.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e con carácter indefinido, os obrigados ao pagamento polos supostos definidos no artigo 68.2, letras a) e e), da Lei 21/2003, terán dereito a unha subvención do 50% do importe xerado por tales prestacións patrimoniais, polos voos realizados nos aeroportos das illas Canarias –con excepción dos voos interinsulares– os días da semana que se reflicten no seguinte cadro, sempre e cando o beneficiario da subvención manteña o número de operacións xa programadas para os restantes días da semana, na data límite establecida pola industria para a devolución de slots da temporada de inverno (31 de agosto) ou de verán (31 de xaneiro) correspondente.

Aeroporto	Día da semana
Gran Canaria.	Martes.
Tenerife Sur.	Xoves.
Lanzarote.	Mércores.
Fuerteventura.	Martes e venres.
Tenerife Norte.	Sábado.
La Palma.	Todos os días.

O disfrute desta subvención excluírá a aplicación das bonificacións para as prestacións patrimoniais de aterraxe e saída de pasaxeiros recollidas nos artigos 75.7 e 78.3 da Lei 21/2003.

A subvención deberase solicitar durante o mes de xaneiro polas operacións do ano anterior, e satisfaráa Aena Aeropuertos, S.A. compensando o seu importe con calquera cantidade que lle deban os beneficiarios e, se isto non é posible en todo ou en parte, mediante o seu aboamento en diñeiro antes do 31 de maio.

A Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano poderá actualizar os termos desta subvención.

#### DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira. *Indemnización por residencia do persoal ao servizo do sector público estatal.*

Durante o ano 2012, a indemnización por residencia do persoal en activo do sector público estatal continuará xerándose nas áreas do territorio nacional que a teñen recoñecida, nas mesmas contías vixentes en 31 de decembro de 2011.

Con todo, quen estea percibindo a indemnización por residencia en contías superiores ás establecidas para o persoal do sector público estatal continuará devindicándoa sen ningún incremento no ano 2012.

Segunda. *Complementos persoais e transitorios.*

Un. Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei.

Dous. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 13 da Lei 50/1984, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1985, ao persoal incluído no ámbito de aplicación da Lei 30/1984, do 2 de agosto, manteranse nas mesmas contías que en 31 de decembro de 2011 e serán absorbidos polas melloras que poidan derivar do cambio de posto de traballo.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución de retribucións, manterase o complemento persoal transitorio fixado ao se producir a aplicación do novo sistema, a cuxa absorción se imputarán as melloras que poidan derivar do cambio de posto de traballo.

En ningún caso se considerarán os trienios, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios.

Tres. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos ao persoal das Forzas Armadas e dos corpos da Garda Civil e Nacional de Policía, así como ao persoal funcionario da Administración da Seguridade Social e ao estatutario do Instituto Nacional de Xestión Sanitaria, e restante persoal con dereito a percibir estes complementos, rexeranse polas mesmas normas establecidas no número dous anterior.

Catro. Os complementos persoais e transitorios recoñecidos ao persoal destinado no estranxeiro absorberanse aplicando as mesmas normas establecidas para o que preste servizos en territorio nacional, sen prexuízo da súa supresión cando o funcionario afectado cambie de país de destino.

*Terceira. Contratación de investimentos por parte das entidades públicas empresariais e sociedades mercantís estatais.*

As entidades públicas empresariais e as sociedades mercantís estatais a que se refire a disposición adicional cuadraxésimo primeira que en 30 de xuño de 2012 excedan os límites fixados na citada disposición someterán á aprobación do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, antes do 30 de setembro de 2012, unha proposta de reestruturación que permita o deferimento dos límites contraídos.

*Cuarta. Compensación fiscal por dedución en adquisición de vivenda habitual en 2011.*

Un. Terán dereito á dedución regulada nesta disposición os contribuíntes que adquirisen a súa vivenda habitual con anterioridade ao 20 de xaneiro de 2006 utilizando financiamento alleo e poidan aplicar en 2011 a dedución por investimento en vivenda habitual prevista no artigo 68.1 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, ao constituír a súa residencia habitual.

Dous. A contía desta dedución será a suma das deducións correspondentes á parte estatal e ao tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda habitual, calculadas conforme o disposto nos números seguintes.

Tres. A dedución correspondente á parte estatal da dedución por investimento en vivenda habitual será a diferenza positiva entre o importe do incentivo teórico que correspondería ao contribuínte de se manter a normativa vixente en 31 de decembro de 2006 e a dedución por investimento en vivenda habitual prevista no artigo 68.1 da Lei do imposto que proceda para 2011.

O importe do incentivo teórico será o resultado de aplicar aos primeiros 4.507,59 euros investidos en 2011 na adquisición da vivenda habitual a porcentaxe do 10 por cento, e ao exceso ata 9.015 euros, o 7,5 por cento.

Catro. A dedución correspondente ao tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda habitual será a diferenza positiva entre o importe do incentivo teórico que correspondería ao contribuínte de se manter a normativa vixente en 31 de decembro de 2006 e o tramo autonómico de dedución por investimento en vivenda que proceda para 2011.

O importe do incentivo teórico será o resultado de aplicar aos primeiros 4.507,59 euros investidos en 2011 na adquisición da vivenda a porcentaxe incrementada de dedución que, conforme o disposto no 79 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, na súa normativa vixente en 31 de decembro de 2006, resultaba de aplicación nesa comunidade autónoma unha vez transcorridos dous anos desde a adquisición da vivenda habitual con financiamento alleo, incrementado en 3,4 puntos porcentuais, e ao exceso ata 9.015 euros, a porcentaxe de dedución que, conforme o disposto no artigo 79 do citado texto refundido, na súa normativa vixente en 31 de decembro de 2006, resultaba de aplicación nesa comunidade autónoma para os supostos de non utilización de financiamento alleo, incrementado en 2,55 puntos porcentuais.

Para estes efectos, o tramo autonómico da dedución por investimento en vivenda non poderá ser inferior ao que resultaría de aplicar a porcentaxe de dedución que, conforme o disposto no artigo 79 do citado texto refundido, na súa normativa vixente en 31 de decembro de 2006, resultaba de aplicación nesa comunidade autónoma para os supostos de non utilización de financiamento alleo, incrementado en 2,55 puntos porcentuais.

Cinco. Entenderase que o contribuínte adquiriu a súa vivenda habitual utilizando financiamento alleo cando cumpra os requisitos establecidos no artigo 55 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, segundo redacción vixente en 31 de decembro de 2006.

Seis. A contía da dedución así calculada restarase da cota líquida total, despois da dedución por obtención de rendementos do traballo ou de actividades económicas a que se refire o artigo 80 bis da Lei 35/2006.

*Quinta. Compensación fiscal por percepción de determinados rendementos do capital mobiliario con período de xeración superior a dous anos en 2011.*

Un. Terán dereito á dedución regulada nesta disposición os contribuíntes que no período impositivo 2011 integren na base imponible do aforro calquera dos seguintes rendementos do capital mobiliario:

a) Rendementos obtidos pola cesión a terceiros de capitais propios a que se refire o artigo 25.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, procedentes de instrumentos financeiros contratados con anterioridade ao 20 de xaneiro de 2006 e aos que lles resultase de aplicación a porcentaxe de redución do 40 por cento prevista no artigo 24.2.a) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2004, do 5 de marzo, por ter un período de xeración superior a dous anos.

b) Rendementos derivados de percepcións en forma de capital diferido a que se refire o artigo 25.3.a).1.º da Lei 35/2006 procedentes de seguros de vida ou invalidez contratados con anterioridade ao 20 de xaneiro de 2006 e aos cales lles resultasen de aplicación as porcentaxes de redución do 40 ou 75 por cento previstas nos artigos 24.2.b) e 94 do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Dous. A contía desta dedución será a diferenza positiva entre a cantidade resultante de aplicar os tipos de gravame do aforro previstos no número 2 do artigo 66 da Lei 35/2006 ao saldo positivo resultante de integrar e compensar entre si o importe total dos rendementos netos previstos no número anterior, e o importe teórico da cota íntegra que resultaría de ter integrado eses rendementos na base liquidable xeral con aplicación das porcentaxes indicadas no punto anterior.

Tres. O importe teórico da cota íntegra a que se refire o número anterior será o seguinte:

a) Cando o saldo resultante de integrar e compensar entre si os rendementos a que se refire o número un anterior, aplicando as porcentaxes de redución previstas nos artigos 24.2, 94 e na disposición transitoria sexta do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas na súa redacción vixente en 31 de decembro de 2006, sexa cero ou negativo, o importe teórico da cota íntegra será cero.

b) Cando o saldo resultante de integrar e compensar entre si os rendementos previstos no número un anterior, aplicando as porcentaxes de redución previstas nos artigos 24.2, 94 e na disposición transitoria sexta do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas na súa redacción vixente en 31 de decembro de 2006, sexa positivo, o importe teórico da cota íntegra será a diferenza positiva entre a cota resultante de aplicar á suma da base liquidable xeral e do saldo positivo anteriormente sinalado o disposto nos artigos 63.1.1.º e 74.1.1.º da Lei 35/2006, e a cota correspondente de aplicar o sinalado neses artigos á base liquidable xeral.

Catro. Para a determinación do saldo a que se refire o número tres anterior, soamente se aplicarán as reducións previstas nos artigos 24.2.b) e 94 do texto refundido da Lei do imposto á parte do rendimento neto que corresponda a primas satisfeitas ata o 19 de xaneiro de 2006, e as posteriores cando se trate de primas ordinarias previstas na póliza orixinal do contrato de seguro.

Para efectos de determinar a parte do rendimento total obtido que corresponde a cada prima do contrato de seguro de capital diferido, multiplicarase o dito rendimento total polo coeficiente de ponderación que resulte do seguinte cociente:

No numerador, o resultado de multiplicar a prima correspondente polo número de anos transcorridos desde que foi satisfeita ata o cobramento da percepción.

No denominador, a suma dos produtos resultantes de multiplicar cada prima polo número de anos transcorridos desde que foi satisfeita ata o cobramento da percepción.

Cinco. A entidade aseguradora comunicará ao contribuínte o importe dos rendementos netos derivados de percepcións en forma de capital diferido procedentes de seguros de vida e invalidez correspondentes a cada prima, calculados segundo o disposto no número anterior e coa aplicación das porcentaxes de redución previstas nos artigos 24.2, 94 e disposición transitoria sexta do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Seis. A contía da dedución así calculada restarase da cota líquida total, despois da dedución por obtención de rendementos do traballo ou de actividades económicas a que se refire o artigo 80 bis da Lei 35/2006.

*Sexta. Obrigas pendentes de aboamento das asignacións financeiras a favor da ONCE do exercicio 2011.*

A Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado asumirá as obrigacións pendentes de aboamento das asignacións financeiras do exercicio 2011, correspondente ao resultado negativo do exercicio 2010, a favor da Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE) que deriven da disposición adicional décimo oitava da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, modificada pola disposición derradeira primeira do Real decreto lei 18/2011, do 18 de novembro.

*Sétima. Vixencia de disposicións regulamentarias.*

Durante 2012 mantéñense vixentes as normas contidas nas disposicións de desenvolvemento, ditadas en materia de pensións e prestacións públicas da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2011, en todo aquilo no que non se opoñan ao establecido no título IV e disposicións concordantes desta lei.

*Oitava. Normas transitorias en materia de bonificacións ao transporte marítimo e aéreo.*

1. As compañías navieiras disporán dun mes de prazo a partir da entrada en vigor desta lei para tomar as accións oportunas conducentes ás modificacións do sistema de

bonificacións preceptuado no parágrafo segundo do número un da disposición adicional septuaxésimo segunda.

2. Os beneficiarios das bonificacións ao transporte regular de pasaxeiros, marítimo e aéreo, deberán acreditar documentalmente o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa de aplicación, mentres non se poñan en funcionamento os mecanismos que permitan o acceso dos órganos xestores aos servizos de verificación e consulta de datos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e estes non poidan facilitar o acceso á confirmación do cumprimento de tales requisitos ás axencias e compañías que comercialicen títulos de transporte bonificados.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIAS

Primeira. *Derrogación do artigo 62 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.*

Derrógase o artigo 62 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Segunda. *Derrogación da compensación polo extracusto de xeración de enerxía eléctrica insular e extrapeninsular.*

Queda derrogada a disposición adicional quinta «Compensacións polos extracustos de xeración dos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares» do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Terceira. *Derrogación do artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 queda derrogado o artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Cuarta. *Derrogación normativa.*

Quedan derrogadas cantas disposicións se opoñan ao previsto na presente lei.

#### DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira. *Modificación do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto.*

Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o artigo 9 do texto refundido das leis 116/1969, do 30 de decembro, e 24/1972, do 21 de xuño, polo que se regula o réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar, aprobado polo Decreto 2864/1974, do 30 de agosto, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 9. *A xustificación de ter sido inscrita a embarcación no rexistro constituirá requisito necesario para que as autoridades marítimas autoricen o seu despacho para saír ao mar.»*

Segunda. *Modificación do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril.*

Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto lexislativo 670/1987, do 30 de abril, nos seguintes termos:

Inclúese unha nova disposición adicional, a décimo terceira, ao texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo terceira.

Para efectos da extinción das pensións a favor de familiares do réxime de clases pasivas do Estado recoñecidas ao abeiro da lexislación vixente en 31 de decembro de 1984, así como ás recoñecidas en aplicación da lexislación especial de guerra, equipárase ao matrimonio a constitución dunha parella de feito nos termos que establece o artigo 38.4 do presente texto refundido.»

Terceira. *Modificación do texto refundido da Lei sobre seguridade social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2000, do 9 de xuño.*

Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida modifícase o número 2 do artigo 3 da Lei sobre seguridade social das Forzas Armadas, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 3. *Campo de aplicación.*

...

2. Tamén queda obrigatoriamente incluído no campo de aplicación deste réxime especial de seguridade social:

a) O persoal comprendido nalgunha das alíneas do número anterior que pase a retiro ou xubilación.

b) O persoal que teña recoñecida algunha das pensións de inutilidade para o servizo previstas na normativa que desenvolve o artigo 52 bis.2 do texto refundido da Lei de clases pasivas do Estado, aprobado polo Real decreto legislativo 670/1987, do 30 de abril, sempre que non estea obrigatoriamente incluído no campo de aplicación doutro réxime de seguridade social, con ocasión do desempeño dalgunha actividade por conta propia ou allea.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Cuarta. *Modificación da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas.*

Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida introdúcense as seguintes modificacións na Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas:

Un. O artigo 48 queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 48. *Premio por denuncia.*

1. Ás persoas que, sen estaren obrigadas por razón do seu cargo ou funcións, promovan o procedemento de investigación denunciando, cos requisitos regulamentariamente establecidos, a existencia de bens e dereitos que presumiblemente sexan de titularidade pública, aboaráselles como premio o dez por cento do valor dos bens ou dereitos denunciados, sempre que o procedemento conclúa coa súa incorporación ao patrimonio do Estado e esta incorporación non sexa revogada posteriormente.

2. A resolución que poña fin ao procedemento de investigación pronunciarase sobre se a denuncia reúne os requisitos subxectivos e obxectivos necesarios para a percepción do premio.

3. O premio percibirase unha vez que se vendesen os bens investigados, calculándose sobre o importe líquido obtido pola súa venda.

4. Se os bens non se vendesen, o denunciante poderá reclamar o aboamento do premio unha vez transcorrido un prazo de cinco anos desde a incorporación dos bens, sempre que non se encontre pendente un procedemento administrativo ou xudicial do cal poida derivar a revogación da titularidade sobre o inmovible incorporado. Neste suposto, o importe do premio calcularase tomando como base o valor catastral dos bens ou dereitos.»

Dous. Engádesse un novo número 6 no artigo 112, co seguinte teor:

«6. Os expedientes de alleamento, permuta ou cesión gratuíta de bens do patrimonio do Estado poderanse tramitar mesmo cando os bens se manteñan afectados a un uso ou a un servizo público durante a súa instrución, sempre que se proceda á súa desafectación antes de ditar a resolución ou acto aprobatorio da correspondente operación patrimonial.»

Tres. O número 4 do artigo 116 quedará redactado como segue:

«4. A adquisición poderase realizar mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no número 4 da disposición adicional décimo quinta, salvo que se acorde a adquisición directa polas peculiaridades da necesidade que se pretende satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da adquisición resultante de acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben.

Igualmente, poderase acordar a adquisición directa nos seguintes supostos:

a) Cando o vendedor sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.

Para estes efectos, entenderase por persoa xurídica de dereito privado pertencente ao sector público a sociedade mercantil en cuxo capital sexa maioritaria a participación directa ou indirecta dunha ou varias administracións públicas ou persoas xurídicas de dereito público.

b) Cando fose declarado deserto o concurso promovido para a adquisición.

c) Cando se adquira a un copropietario unha cota dun ben, en caso de condominio.

d) Cando a adquisición se efectúe en virtude do exercicio dun dereito de adquisición preferente.»

Catro. O número 1 do artigo 124 quedará redactado como segue:

«1. Os arrendamentos concertaranse mediante concurso público ou mediante o procedemento de licitación restrinxida regulado no número 4 da disposición adicional décimo quinta, salvo que, de forma xustificada e polas peculiaridades da necesidade que se pretende satisfacer, as condicións do mercado inmobiliario, a urxencia da contratación debida a acontecementos imprevisibles, ou a especial idoneidade do ben, se considere necesario ou conveniente concertalos de modo directo.»

Cinco. Modifícase o artigo 137, que quedará redactado como segue:

«Artigo 137. *Formas de alleamento.*

1. O alleamento dos inmovibles poderase realizar mediante poxa, concurso ou adxudicación directa.

2. A poxa poderase realizar á alza ou á baixa e, de ser o caso, con presentación de ofertas en sobre pechado; poderase acudir igualmente a sistemas de poxa electrónica. A modalidade da poxa determinarase atendendo ás circunstancias do alleamento, e a adxudicación efectuarase a favor de quen presente a oferta económica máis vantaxosa.

No caso de que a adxudicación resulte falida por non se poder formalizar o contrato por causa imputable ao adxudicatario, poderase realizar o alleamento a favor do licitador que presentase a seguinte oferta máis vantaxosa ou proceder ao alleamento directo do ben.

3. Seguirase o procedemento de concurso respecto daqueles bens que fosen expresamente cualificados como adecuados para ser alleados tomando en consideración criterios que, pola súa conexión coas directrices de políticas públicas específicas, poidan determinar que a venda coadxuve substantivamente á súa implementación. Para estes efectos, o Consello de Ministros, por proposta do departamento responsable da política pública considerada, identificará os bens que deben ser alleados mediante este procedemento e fixará os criterios que se deben tomar en conta no concurso e a súa ponderación.

4. Poderase acordar a adxudicación directa nos seguintes supostos:

a) Cando o adquirente sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público.

Para estes efectos, entenderase por persoa xurídica de dereito privado pertencente ao sector público a sociedade mercantil en cuxo capital sexa maioritaria a participación directa ou indirecta dunha ou varias administracións públicas ou persoas xurídicas de dereito público.

b) Cando o adquirente sexa unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, ou unha igrexa, confesión ou comunidade relixiosa legalmente recoñecida.

c) Cando o inmovible resulte necesario para dar cumprimento a unha función de servizo público ou á realización dun fin de interese xeral por persoa distinta das previstas nas letras a) e b).

d) Cando sexa declarada deserta a poxa ou concurso promovidos para o alleamento ou estes resultasen falidos como consecuencia do incumprimento das súas obrigas por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a súa realización. Neste caso, as condicións do alleamento non poderán ser inferiores das anunciadas previamente ou daquelas en que se producise a adxudicación.

e) Cando se trate de soares que pola súa forma ou pequena extensión resulten inedificables e a venda se realice a un propietario estremeiro.

f) Cando se trate de predios rústicos que non cheguen a constituír unha superficie economicamente explotable ou non sexan susceptibles de prestar unha utilidade acorde coa súa natureza, e a venda se efectúe a un propietario estremeiro.

g) Cando a titularidade do ben ou dereito corresponda a dous ou máis propietarios e a venda se efectúe a favor dun ou máis copropietarios.

h) Cando a venda se efectúe a favor de quen posúa un dereito de adquisición preferente recoñecido por disposición legal.

i) Cando por razóns excepcionais se considere conveniente efectuar a venda a favor do ocupante do inmovible.

5. Cando varios interesados se encontren nun mesmo suposto de adxudicación directa, esta resolverase atendendo ao interese xeral concorrente no caso concreto.

6. A participación en procedementos de adxudicación requirirá o ingreso dun 25 por cento do prezo de venda en concepto de fianza.»

Seis. Engádese un novo número 11 á disposición adicional décima do seguinte teor:

«11. As resolucións polas que se aproben as tarifas, a que se refire o número 4 anterior, serán obxecto de publicación no “Boletín Oficial del Estado”, cando as tarifas aprobadas resulten aplicables a encomendas que poidan ser atribuídas por



distintos órganos, organismos ou entidades do sector público estatal, ou cando pola súa relevancia así o coide necesario a autoridade que aproba as tarifas.»

Sete. Engádesse un novo número 4 na disposición adicional décimo quinta, co seguinte teor:

«4. A adquisición e o arrendamento de inmobles poderanse efectuar mediante unha licitación competitiva entre operadores preseleccionados, mediante un procedemento baseado na formación dunha bolsa permanente de ofertas e a realización de procesos restrinxidos de selección entre as incorporadas ao sistema. A articulación do sistema e a selección de ofertas no seu seo rexeranse polas seguintes normas:

a) A implementación do sistema acordarase por orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas na cal se especificarán o tipo de operacións patrimoniais a que se refire; as súas condicións particulares, de ser procedente; a duración do sistema, que poderá ser indefinida; e as características e condicións técnicas, urbanísticas e xurídicas dos inmobles susceptibles de se incorporaren ao sistema e a súa situación.

b) A orde publicarase no “Boletín Oficial del Estado” e na sede electrónica do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sen prexuízo da posibilidade de utilizar outros medios de difusión. No anuncio facilitarase toda a información necesaria para incorporarse ao sistema. O sistema articularase por medios electrónicos, e accederase a el a través da sede electrónica do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, e na orde ministerial facilitaranse os datos relativos ao equipamento electrónico utilizado e as especificacións técnicas de conexión, así como os programas e aplicacións necesarios para facer uso do sistema, que serán de descarga gratuíta.

c) Durante a vixencia do sistema, e para efectos de ser incluído nel, todo interesado poderá presentar ofertas indicativas. Só se admitirá unha oferta por cada inmovle ou parte del susceptible de aproveitamento independente e a presentación deberá facela quen teña a súa dispoñibilidade e capacidade xurídica suficiente para concluír o negocio de que se trate. O sistema deberá garantir a confidencialidade das ofertas presentadas.

A participación no sistema de licitación restrinxida será gratuíta para os interesados.

d) As ofertas indicativas serán avaliadas, para efectos de comprobar a súa conformidade coas bases do sistema, nun prazo máximo de quince días a partir da súa presentación, e comunicarase ao interesado a súa admisión ou rexeitamento.

e) As ofertas indicativas poderanse modificar, sempre que sigan sendo conforme as especificacións requiridas, ou retirar en calquera momento, sen penalización.

Cada adquisición ou arrendamento que se pretenda adxudicar será obxecto dunha licitación específica dentro do sistema. Para estes efectos, deberanse definir as características concretas do inmovle que se pretende adquirir, as condicións especiais do contrato, de ser o caso, o prezo máximo considerado admisible e os criterios que se aplicarán na valoración das ofertas.

f) Todos os interesados admitidos no sistema e cuxas ofertas indicativas respondan aos requirimentos definidos para a licitación serán invitados a presentar unha oferta para o contrato específico de adquisición ou arrendamento que se pretenda adxudicar, e para este efecto concederáselles un prazo de cinco días, con indicación dos criterios que se tomarán en conta para a adxudicación e a súa ponderación.

g) En todo o non previsto especificamente, aplicaranse as normas que regulan a realización de concursos para a adquisición e arrendamento de inmobles, salvo o establecido en canto a apertura pública das ofertas.»

Quinta. *Modificación da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.*

Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei e con vixencia indefinida modifícase a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, da seguinte forma:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 26 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que queda redactado como segue:

«Artigo 26. *Principios e regras de programación orzamentaria.*

1. A programación orzamentaria rexerese polos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira, plurianualidade, transparencia, eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos, responsabilidade e lealdade institucional, conforme o disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 28 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 28. *Escenarios orzamentarios plurianuais e obxectivo de estabilidade.*

2. Os escenarios orzamentarios plurianuais axustaranse ao obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente ao Estado e á Seguridade Social, de conformidade co establecido no artigo 15 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 36 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado como segue:

«Artigo 36. *Procedemento de elaboración.*

1. A fixación anual do límite de gasto non financeiro que debe respectar o orzamento do Estado efectuarase coa extensión e da forma prevista no artigo 30 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.»

Catro. Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a letra c) do punto 1 do artigo 40 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 40. *Estrutura dos estados de gastos dos orzamentos xerais do Estado.*

c) A clasificación económica, que agrupará os créditos por capítulos separando as operacións correntes, as de capital, as financeiras e o Fondo de Continxencia de execución orzamentaria.

Nos créditos para operacións correntes distinguíranse os gastos de persoal, os gastos correntes en bens e servizos, os gastos financeiros e as transferencias correntes.

Nos créditos para operacións de capital distinguíranse os investimentos reais e as transferencias de capital.

O Fondo de Continxencia recollerá a dotación para atender necesidades imprevistas na forma establecida no artigo 50 desta lei.

Nos créditos para operacións financeiras distinguíranse as de activos financeiros e as de pasivos financeiros.

Os capítulos desagregaranse en artigos e estes, pola súa vez, en conceptos que se poderán dividir en subconceptos.»

Cinco. Modifícase o número 3 do artigo 53 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. A xeración só se poderá realizar cando se efectuasen os correspondentes ingresos que a xustifican. Con todo, no caso dos organismos autónomos e da Seguridade Social, a xeración como consecuencia do suposto previsto na letra a) do número anterior poderase realizar unha vez efectuado o recoñecemento do dereito polo organismo ou entidade correspondente, ou cando exista un compromiso firme de achega, sempre que se prevexa que o ingreso se realice no propio exercicio.»

O resto de números permanece coa mesma redacción.

Seis. Modifícase a letra a) do número 2 do artigo 54 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactada nos seguintes termos:

«a) Os destinados ao pagamento de pensións de todo tipo; prestacións por incapacidade temporal; protección á familia; maternidade, paternidade e riscos durante o embarazo e a lactación natural; coidado de menores afectados por cancro ou outra enfermidade grave; así como as entregas únicas, sempre que se encontren legal ou regulamentariamente establecidas e sexa obrigatorio e non graciable o seu pagamento por parte da Seguridade Social e a súa contía estea obxectivamente determinada.»

Sete. Modifícase o último parágrafo do número 3 e o número 4 do artigo 54 da Lei xeral orzamentaria, que quedan redactados como segue:

«O financiamento das ampliacións de crédito no orzamento das entidades da Seguridade Social poderase realizar con cargo á parte do remanente de tesouraría á fin do exercicio anterior que non fose aplicada no orzamento, con maiores ingresos sobre os previstos inicialmente ou con baixa noutros créditos do orzamento. Se os ingresos proceden de achegas do Estado maiores ca as inicialmente previstas no orzamento, a ampliación de crédito poderase autorizar unha vez efectuado o recoñecemento do dereito por parte da correspondente entidade.

4. Non se poderán ampliar créditos que fosen previamente minorados, salvo no ámbito das entidades que integran o sistema da Seguridade Social e no da sección 06 «Débeda pública» sempre que a súa aprobación non reduza a capacidade de financiamento do Estado no exercicio, computada na forma establecida no artigo 27 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, ou cando a minoración resulte dun traspaso de competencias ás comunidades autónomas.»

O resto de números permanece coa mesma redacción.

Oito. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 57 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«2. O financiamento dos créditos extraordinarios ou suplementarios unicamente poderá realizarse con cargo á parte do remanente de tesouraría á fin do exercicio anterior que non fose aplicada no orzamento da entidade ou con maiores ingresos sobre os previstos inicialmente. Se os ingresos proceden de achegas do Estado maiores ca as inicialmente previstas no orzamento, o suplemento de crédito ou crédito extraordinario poderase autorizar unha vez efectuado o recoñecemento do dereito por parte da correspondente entidade.»

O resto de números permanece coa mesma redacción.

Nove. Modifícase o artigo 59 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado como segue:

«Artigo 59. *Exclusión da aplicación de determinadas modificacións ao Fondo de Continxencia.*

As modificacións relativas ao pagamento da débeda pública, ás que afecten os créditos destinados a financiar as comunidades autónomas e entidades locais en aplicación dos seus respectivos sistemas de financiamento, así como ás que non reduzan a capacidade de financiamento do Estado no exercicio, computadas na forma establecida no artigo 27 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, non lles será de aplicación o establecido no artigo 50 da presente lei, con excepción dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito a que se refire o artigo 58.c) anterior.»

Dez. Dáse nova redacción ao número 2 e engádesse un número 3 ao artigo 67 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, que quedan redactados como segue:

«2. Cando algunha das entidades citadas no número anterior reciba con cargo aos orzamentos xerais do Estado subvencións de explotación ou de capital ou outra achega de calquera natureza, ou ben se trate de entidades que se financien mediante ingresos de natureza tributaria, mediante ingresos baseados na explotación do dominio público ou se trate de entidades nas cales polo menos o 75 % do seu importe neto de cifra de negocios teña a súa orixe en transaccións con outras entidades do sector público estatal, as autorizacións para a modificación dos seus orzamentos de explotación e capital axustaranse ao seguinte:

a) Se a variación afecta as achegas estatais recollidas nos orzamentos xerais do Estado, a competencia corresponderá á autoridade que a teña atribuída respecto dos correspondentes créditos orzamentarios.

b) Se as variacións afectan o volume de endebedamento a curto e longo prazo, salvo que se trate de operacións de crédito que se concerten e se cancelen no mesmo exercicio orzamentario, das sociedades mercantís estatais, das entidades do sector público empresarial e das fundacións do sector público estatal, será competencia, logo de informe favorable da Dirección Xeral do Patrimonio do Estado no suposto de que resulte de aplicación o establecido no artigo 177 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas:

– Do ministerio de que dependan funcionalmente cando o seu importe sexa superior aos 300.000 euros pero non exceda a contía de 600.000 euros respecto das cifras aprobadas no seu orzamento de capital,

– Do ministro de Facenda e Administracións Públicas cando o seu importe sexa superior a 600.000 euros pero non exceda a contía de 12.000.000 euros das cifras aprobadas no seu orzamento de capital,

– Do Consello de Ministros cando o seu importe exceda a contía de 12.000.000 euros das cifras aprobadas no seu orzamento de capital.»

«3. A avaliación da variación do volume de endebedamento a curto e longo prazo respecto ao reflectido nos orzamentos de explotación e de capital efectuarase en termos netos e con relación á fin do exercicio, sen que con cargo a este se computen as variacións de pasivo circulante derivadas de operacións de tesouraría concertadas coas entidades filiais e empresas en que se participe, directa ou indirectamente, de forma maioritaria.»

Once. Engádesse un punto novo á redacción do artigo 86 da Lei xeral orzamentaria, co seguinte texto:

«3. No caso de actuacións cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) que contén cunha programación aprobada pola Unión Europea e cuxa execución sexa competencia das comunidades autónomas, os créditos que figuren na Lei de orzamentos xerais do Estado como achega de

fondos da Administración xeral do Estado (AXE) libraranse coa periodicidade con que se remitan os importes financiados cos anticipos de tesouraría a que se refire o artigo 82.1.a).»

Doce. Modifícase o artigo 108 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 108. *Contas do Tesouro Público e operacións de xestión tesoureira.*

1. Con carácter xeral, os ingresos e pagamentos da Administración xeral do Estado, dos seus organismos autónomos e das axencias estatais canalizaranse a través da conta ou contas que se manteñan no Banco de España, nos termos que se conveña con este, conforme o artigo 13 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España. Porén, o ministro de Economía e Competitividade poderá establecer supostos excepcionais en que a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira poderá autorizar a apertura de contas noutras entidades de crédito, nos termos establecidos no artigo seguinte.

2. Con obxecto de facilitar a xestión tesoureira, o ministro de Economía e Competitividade poderá autorizar a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a realizar operacións a curto prazo de adquisición temporal de activos ou de préstamo. En tal autorización concretaranse as condicións en que se poderán efectuar tales operacións.

Excepcionalmente e coa mesma finalidade, o ministro de Economía e Competitividade poderá autorizar a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a realizar operacións pasivas de préstamo a un prazo non superior a tres meses.

As operacións a que se refiren os parágrafos anteriores terán carácter non orzamentario, salvo os rendementos ou gastos que deriven delas, que se aplicarán ao orzamento do Estado.

As operacións de adquisición temporal de activos poderán ter por obxecto os mesmos valores que o Banco de España admita nas súas operacións de política monetaria.

Autorízase a Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira a tramitar a adhesión a mercados secundarios de valores, tales como AIAF Mercado de Renda Fixa, sempre que resulte necesario para os efectos de poder utilizar valores negociados neles nas operacións de adquisición temporal de activos.

3. Os activos a que se refire o número anterior, que fosen obxecto de garantía a favor do Banco de España, segundo o previsto na disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España, poderán ser aplicados temporalmente polos seus titulares en cobertura das operacións de xestión tesoureira da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, instrumentadas a través do Banco de España, nos termos que o ministro de Economía e Competitividade estableza e sempre que se cumpran as seguintes condicións:

a) Que o titular dos activos outorgue o seu consentimento, o cal se poderá prestar no contrato ou documento de garantía suscrito co Banco de España.

b) Que existan activos de garantía dispoñibles, unha vez garantidas adecuadamente as obrigacións fronte ao Banco de España e a satisfacción deste.

Os activos citados quedarán suxeitos ao cumprimento das obrigacións fronte ao Tesouro Público, e esta garantía terá plenos efectos fronte a terceiros, sen máis formalidade que a de que o Banco de España verifique que existen activos de garantía dispoñibles para o cumprimento de cada unha desas obrigacións. Unha vez satisfeitas tales obrigacións, os activos quedarán de novo afectos en garantía fronte ao Banco de España.

En caso de incumprimento das obrigacións contraídas fronte ao Tesouro Público, a execución das garantías aplicadas temporalmente realizaraa o Banco de España actuando por conta do primeiro, a través dos procedementos previstos na disposición adicional sexta da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España. Para estes efectos, a certificación prevista nela deberá ser expedida pola Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, e deberase xuntar igualmente unha certificación do Banco de España acreditativa da afección temporal dos activos de garantía que sexan obxecto de execución.»

Trece. Modifícase o artigo 124 da Lei 47/2003, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 124. *Competencias do ministro de Facenda e Administracións Públicas.*

Corresponde ao ministro de Facenda e Administracións Públicas, por proposta da Intervención Xeral da Administración do Estado:

- a) Aprobar o Plan xeral de contabilidade pública e as normas para a formulación de contas anuais consolidadas no ámbito do sector público en que se recollerán e desenvolverán os principios contables públicos.
- b) Determinar os criterios xerais de rexistro de datos, presentación da información contable, contido das contas anuais que se deben render ao Tribunal de Contas e os procedementos da súa remisión regulando, para tales efectos, a utilización de medios electrónicos, informáticos ou telemáticos.
- c) Determinar o contido, a estrutura, as normas de elaboración e os criterios de consolidación da Conta Xeral do Estado.
- d) Establecer a rendición de contas anuais consolidadas, respecto das entidades do sector público estatal.
- e) Determinar o contido do informe previsto no número 3 do artigo 129 desta lei.»

Catorce. Modifícase o artigo 130 da Lei 47/2003, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 130. *Contido da conta xeral do Estado.*

1. A conta xeral do Estado formarase mediante a consolidación das contas anuais das entidades que integran o sector público estatal e comprenderá o balance consolidado, a conta do resultado económico patrimonial consolidada, o estado de cambios no patrimonio neto consolidado, o estado de fluxos de efectivo consolidado, o estado de liquidación do orzamento consolidado e a memoria consolidada.

A conta xeral do Estado deberá subministrar información sobre a situación patrimonial e financeira, o resultado económico patrimonial e a execución do orzamento do sector público estatal.

Á conta xeral do Estado xuntarase a conta de xestión de tributos cedidos ás comunidades autónomas conforme o preceptuado no artigo 60 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

2. Para os efectos de obter as contas consolidadas, o ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá determinar a integración das contas anuais das entidades controladas, directa ou indirectamente, pola Administración xeral do Estado, que non forman parte do sector público estatal, as das entidades multigrupo e as das entidades asociadas.

Neste caso, estas entidades deberán remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado as súas contas anuais aprobadas acompañadas, de ser

o caso, do informe de auditoría dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico.

3. Para os efectos do establecido no número anterior enténdese por control o poder de dirixir as políticas financeiras e a actividade doutra entidade coa finalidade de obter rendementos económicos ou potencial de servizo.

As entidades multigrupo son entidades non controladas pola Administración xeral do Estado, xestionadas pola dita Administración xeral ou outra entidade controlada por ela, que participan no seu capital social ou patrimonio, conxuntamente con outra ou outras entidades.

As entidades asociadas son entidades non controladas pola Administración xeral do Estado, nas cales esta Administración xeral ou outra entidade controlada por ela exercen unha influencia significativa por ter unha participación no seu capital social ou patrimonio que, creando con esta unha vinculación duradeira, estea destinada a contribuír á súa actividade.»

Quince. Modifícase o artigo 131 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 131. *Formación e remisión da conta xeral do Estado ao Tribunal de Contas.*

1. A Intervención Xeral da Administración do Estado formará a conta xeral do Estado de cada ano, que se elevará ao Goberno para a súa remisión ao Tribunal de Contas antes do día 31 de outubro do ano seguinte a aquel a que se refira.

2. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá requirir das distintas entidades a información que considere necesaria para efectuar os procesos de consolidación contable.

3. A falta de remisión de contas non constituirá obstáculo para que a Intervención Xeral da Administración do Estado poida formar a conta xeral do Estado coas contas recibidas.

4. Poderanse consolidar as contas dunha entidade aínda que no preceptivo informe de auditoría de contas se denegase opinión, se emitise informe desfavorable ou con limitacións, ben que estas circunstancias se farán constar na memoria explicativa desa conta xeral.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 144 da Lei 47/2003, mediante a inclusión dun novo número 6, co seguinte teor literal:

«6. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá asumir, mediante a formalización do oportuno convenio e, en todo caso, valorando a dispoñibilidade de medios para o exercicio adecuado das funcións que se lle atribúen na presente lei, a realización de actuacións encamiñadas á mellora dos procesos de xestión económico-financeiros e contabilización ou ao establecemento de medidas que reforcen a súa supervisión, no ámbito dos organismos, sociedades e demais entidades integradas no sector público estatal, cando esas tarefas non deriven directamente do exercicio das funcións de control reguladas neste título. En tal convenio deberase prever a contraprestación económica que deberá satisfacer o ente público ao Estado, que se ingresará no Tesouro Público e poderá xerar crédito nos servizos correspondentes da Intervención Xeral da Administración do Estado, de conformidade co disposto na lexislación orzamentaria. Para tal efecto, e unha vez acreditado o ingreso no Tesouro Público do importe da referida compensación económica, o Ministerio de Facenda tramitará o oportuno expediente de modificación orzamentaria por tal concepto.»

Dezasete. Engádese a letra g) ao número 1 do artigo 159, coa seguinte redacción:

«g) Nos departamentos ministeriais e entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, verificar, mediante técnicas de auditoría, que os datos e información con transcendencia económica proporcionados polos órganos xestores como soporte da información contable, reflicten razoablemente as operacións derivadas da súa actividade. A Intervención Xeral da Administración do Estado establecerá o procedemento, alcance e periodicidade das actuacións que se vaian desenvolver.»

Dezaioito. Modifícase o artigo 167, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 167. *Definición.*

1. A auditoría das contas anuais é a modalidade da auditoría de regularidade contable que ten por finalidade a verificación relativa a se as contas anuais representan en todos os aspectos significativos a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira, dos resultados da entidade e, de ser o caso, a execución do orzamento de acordo coas normas e principios contables e orzamentarios que lle son de aplicación e conteñen a información necesaria para a súa interpretación e comprensión adecuada.

2. As auditorías realizadas pola Intervención Xeral da Administración do Estado, das contas anuais das entidades do sector público estatal sometidas ao Plan xeral de contabilidade da empresa española e as súas adaptacións, comprenderán, ademais da finalidade prevista no número 1, a revisión de que a información contable incluída no informe relativo ao cumprimento das obrigacións de carácter económico-financieiro que asumen esas entidades como consecuencia da súa pertenza ao sector público, prevista no número 3 do artigo 129 desta lei, concorda coa contida nas contas anuais.

3. A auditoría das contas anuais das fundacións do sector público estatal, ademais da finalidade prevista nos números 1 e 2, verificará cando así se determine no plan anual de auditorías a que se refire o artigo 165 desta lei o cumprimento dos fins fundacionais e dos principios a que deberá axustar a súa actividade en materia de selección de persoal, contratación e disposición en diñeiro de fondos a favor dos beneficiarios cando estes recursos proveñan do sector público estatal. Así mesmo, estenderase á verificación da execución dos orzamentos de explotación e capital.

4. A Intervención Xeral da Administración do Estado poderá estender o obxecto da auditoría de contas anuais a outros aspectos da xestión dos entes públicos en especial cando non estean sometidos a función interventora ou control financeiro permanente.»

O resto do artigo permanece coa mesma redacción.

Dezanove. Modifícase o artigo 175 da Lei xeral orzamentaria, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo 175. *Auditoría de privatizacións.*

A Intervención Xeral da Administración do Estado realizará a auditoría das operacións de transmisión da propiedade de sociedades mercantís estatais, participacións, accións ou unidades ou ramas de negocio, cando estas representen unha participación significativa no patrimonio da sociedade e, en todo caso, cando comporten a perda do control político daquelas. Esta auditoría efectuarase sobre a conta do resultado económico e contable, así como a memoria explicativa dos aspectos da operación, que se deberán emitir en cada operación de alleamento antes referida.»

Vinte. Engádesse un novo parágrafo á disposición adicional novena da Lei 47/2003, coa seguinte redacción:



«Disposición adicional novena. *Sociedades mercantís e outros entes controlados polo sector público.*

O Estado promoverá a formalización de convenios coas comunidades autónomas ou coas entidades locais, co obxecto de coordinar o réxime orzamentario, financeiro, contable e de control das sociedades mercantís nas cales participen, de forma minoritaria, as entidades que integran o sector público estatal, a Administración das comunidades autónomas ou as entidades locais, ou os entes a elas vinculados ou dependentes, cando a participación neles, considerada conxuntamente, sexa maioritaria ou supoña o seu control político.

O anterior será de aplicación aos consorcios que, non cumprindo os requisitos establecidos na letra h) do número 1 do artigo 2 desta lei respecto de ningunha das administracións que en tales entes participen, sexan financiados maioritariamente con recursos procedentes do Estado, as comunidades autónomas ou corporacións locais, as administracións anteriores achegasen maioritariamente a eles diñeiro, bens ou industria ou se comprometesen, no momento da súa constitución, a financiar maioritariamente tal ente e sempre que os seus actos estean suxeitos directa ou indirectamente ao poder de decisión conxunto das ditas administracións. Os orzamentos deses consorcios, nos termos que determine o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, acompañarán, para efectos informativos, os orzamentos xerais do Estado cando a porcentaxe de participación do sector público estatal sexa igual ou superior ao de cada unha das restantes administracións públicas consorciadas.

Estas sociedades mercantís e consorcios quedarán obrigados a render as súas contas anuais ao Tribunal de Contas, por conduto da Intervención Xeral da Administración do Estado, cando a participación do sector público estatal sexa igual ou superior á de cada unha das restantes administracións públicas, sen prexuízo do establecido na normativa propia de cada comunidade autónoma. Será de aplicación o procedemento de rendición previsto nesta lei.»

Vinte e un. Engádese unha nova disposición transitoria quinta á Lei xeral orzamentaria, que queda redactada nos seguintes termos:

«Disposición transitoria quinta.

Ata a entrada en vigor do desenvolvemento regulamentario correspondente, a conta xeral do Estado elaborárase conforme o previsto na Orde do Ministerio de Facenda do 12 de decembro de 2000, pola que se regula a elaboración da conta xeral do Estado.»

Sexta. *Porcentaxes de cesión de rendementos recadatorios de impostos estatais a favor das entidades locais.*

Con vixencia indefinida, e para a súa consideración na liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2010 da cesión dos impostos estatais a favor das entidades locais, modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 112 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que queda coa seguinte redacción:

«1. A cada un dos municipios incluídos no ámbito subxectivo antes fixado cederánselle as seguintes porcentaxes dos rendementos que non fosen obxecto de cesión ás comunidades autónomas, obtidos nos impostos estatais que se citan:

a) O 2,1336 por 100 da cota líquida estatal do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) O 2,3266 por 100 da recadación líquida polo imposto sobre o valor engadido imputable a cada municipio.

c) O 2,9220 por 100 da recadación líquida imputable a cada municipio polos impostos especiais sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios, sobre alcohol e bebidas derivadas, sobre hidrocarburos e sobre elaborados do tabaco.»

Dous. As porcentaxes definidas no número anterior substituirán, para cada un dos impostos citados, as establecidas nos artigos 115.1, 116 e 117 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 136 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que queda coa seguinte redacción:

«1. A cada unha das provincias e entes asimilados incluídos no ámbito subxectivo antes fixado cederánselle as seguintes porcentaxes dos rendementos que non fosen obxecto de cesión ás comunidades autónomas, obtidos nos impostos estatais que se citan:

a) O 1,2561 por 100 da cota líquida estatal do imposto sobre a renda das persoas físicas.

b) O 1,3699 por 100 da recadación líquida polo imposto sobre o valor engadido imputable a cada provincia ou ente asimilado.

c) O 1,7206 por 100 da recadación líquida imputable a cada provincia ou ente asimilado polos impostos especiais sobre a cervexa, sobre o viño e bebidas fermentadas, sobre produtos intermedios, sobre o alcohol e bebidas derivadas, sobre hidrocarburos e sobre os elaborados do tabaco.»

Catro. As porcentaxes definidas no número anterior substituirán, para cada un dos impostos citados, as establecidas nos artigos 137.1, 138 e 139 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Sétima. *Modificación do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.*

Con vixencia indefinida, e para a súa consideración na liquidación definitiva correspondente ao exercicio 2010 da cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas a favor das entidades locais, modifícanse os seguintes preceptos do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo:

Un. Modifícase o número 1 do artigo 113 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que queda coa seguinte redacción:

«1. Para os efectos do disposto no número 1 do artigo anterior, entenderase por importe da cota líquida no imposto sobre a renda das persoas físicas:

1.º As cotas líquidas estatais que os residentes no territorio do municipio consignasen na declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas presentada e ingresada dentro dos prazos establecidos pola normativa reguladora do imposto, minorada na parte correspondente das deducións por dobre imposición e compensacións fiscais citadas no artigo 26.2.a).1.º da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

2.º O resultado de aplicar o 50 por cento ás cotas líquidas dos contribuíntes que optasen por tributar polo imposto sobre a renda de non-residentes, conforme o réxime fiscal especial aplicable aos traballadores desprazados a territorio español regulado no artigo 93 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio.

3.º O resultado de aplicar o 50 por cento sobre os pagamentos á conta realizados ou soportados polos contribuíntes residentes no territorio do municipio que non estean obrigados a declarar e que non presentasen declaración.

4.º O resultado de aplicar o 50 por cento sobre os pagamentos á conta realizados ou soportados polos contribuíntes residentes no territorio do municipio que, non estando incluídos no ordinal anterior, non presentasen declaración dentro dos prazos establecidos pola normativa reguladora do imposto.

5.º A parte da débeda tributaria que, correspondente ao Estado, sexa cuantificada ou, de ser o caso consignada, por actas de inspección, liquidacións practicadas pola Administración e declaracións presentadas fóra dos prazos establecidos pola normativa reguladora do imposto. Para estes efectos, entenderase por débeda tributaria a constituída pola cota líquida máis os conceptos a que se refire o número 2 do artigo 58 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, con excepción das recargas previstas nas súas letras c) e d) e, de ser o caso, polos pagamentos á conta do imposto. Esta partida minorarase polo importe das devolucións por ingresos indebidos que se deban imputar ao Estado, incluídos os xuros legais.

Non se considerarán na parte da débeda tributaria correspondente ao Estado os importes sinalados no parágrafo anterior cando formen parte da débeda tributaria correspondente ao Estado por algún dos conceptos previstos nos ordinais 1.º a 4.º anteriores.»

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 115 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que queda coa seguinte redacción:

«5. Cando non sexa posible determinar a permanencia a que se refire o número anterior, consideraranse residentes no territorio do municipio onde teñan o seu principal centro de intereses; considerárase como tal o territorio onde obteñan a maior parte da base imponible do imposto sobre a renda das persoas físicas, determinada polos seguintes compoñentes de renda:

- a) Rendementos do traballo, que se entenderán obtidos onde radique o centro de traballo respectivo, se existe.
- b) Rendementos do capital inmobiliario e ganancias patrimoniais derivadas de bens inmoables, que se entenderán obtidos no lugar en que radiquen estes.
- c) Rendementos derivados de actividades económicas, xa sexan empresariais ou profesionais, que se entenderán obtidos onde radique o centro de xestión de cada unha delas.»

En relación cos posibles efectos derivados de cambios de residencia aplicarase o disposto no artigo 28.4 da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.

Oitava. *Modificación da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.*

Con efectos desde a data de entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáse nova redacción ao primeiro punto da disposición derradeira primeira da Lei 39/2006, do

14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. A efectividade do dereito ás prestacións de dependencia incluídas nesta lei exercerase progresivamente, de modo gradual, e realizarase de acordo co seguinte calendario a partir do 1 de xaneiro de 2007:

O primeiro ano, a quen sexa valorado no grao III de gran dependencia, niveis 1 e 2.

No segundo e terceiro ano, a quen sexa valorado no grao II de dependencia severa, nivel 2.

No terceiro e cuarto ano, a quen sexa valorado no grao II de dependencia severa, nivel 1.

O quinto ano, que finaliza o 31 de decembro de 2011, a quen sexa valorado no grao I de dependencia moderada, nivel 2, e se lle recoñecese a concreta prestación.

A partir do 1 de xaneiro de 2014, ao resto daqueles que sexan valorados no grao I de dependencia moderada, nivel 2.

A partir do 1 de xaneiro de 2014, a quen sexa valorado no grao I de dependencia moderada, nivel 1.»

Novena. *Modificación da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema.*

Con efectos da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, que queda da seguinte forma:

Un. Dáse nova redacción ao artigo 36 da Lei 55/2007, do 28 de decembro, do cinema, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 36. *Fomento da cinematografía e do audiovisual en linguas cooficiais distintas do castelán.*

Sen prexuízo do disposto no artigo 19.3, e co fin de atender ao fomento e protección do uso das linguas cooficiais distintas da castelá na cinematografía e no audiovisual, promovendo a pluralidade cultural de España e a igualdade de oportunidades das linguas propias de cada territorio en materia de expresión e difusión audiovisual, establecerase un fondo de axudas ou créditos específicos que serán transferidos na súa integridade aos organismos competentes das comunidades autónomas, que os xestionarán conforme as súas competencias.

Esta achega do Estado, baseada no principio de corresponsabilidade, dotarase dentro dos límites orzamentarios aprobados en cada exercicio e destinarase ao fomento da produción, distribución, exhibición e promoción da industria cinematográfica e audiovisual nas citadas linguas.»

O resto de artigos permanece coa mesma redacción.

Dous. Dáse nova redacción á disposición adicional sexta da Lei do cinema, que quedará redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional sexta. *Convenios para o fomento da cinematografía e o audiovisual en linguas cooficiais distintas do castelán.*

O Ministerio de Cultura, mediante convenio, concretará dentro das dispoñibilidades orzamentarias anuais os créditos previstos no artigo 36 desta lei, de forma que a dotación que reciba cada comunidade autónoma con lingua cooficial sexa anualmente equivalente á suma de achegas que esa comunidade destinase no exercicio anterior para o soporte e fomento da produción, distribución, exhibición e promoción do audiovisual en lingua cooficial distinta do castelán.

A dotación que reciba cada comunidade autónoma non será superior ao 50 % do total das axudas que as empresas audiovisuais residentes nesa comunidade recibisen do Instituto da Cinematografía e das Artes Audiovisuais no exercicio anterior.»

*Décima. Reintegros dos saldos debedores resultantes a cargo das entidades locais nas liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado dos anos 2008 e 2009.*

A partir do ano 2012, e con vixencia indefinida, aplicaranse as seguintes normas nos reintegros dos saldos debedores resultantes a cargo das entidades locais nas liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado dos anos 2008 e 2009.

1. O importe que en 1 de xaneiro de 2012 estivese pendente de reintegrar polas entidades locais á Facenda do Estado, derivado das liquidacións definitivas da participación en tributos do Estado dos anos 2008 e 2009, será fraccionado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en 120 mensualidades desde aquela data para aquelas entidades locais que, na data de publicación da presente norma, presentasen a liquidación dos seus orzamentos xerais do exercicio 2011.

As entidades locais a que se refiren os artigos 111 e 135 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, deberán presentar, con carácter previo, un compromiso aprobado polos seus respectivos plenos de acordar co Ministerio de Facenda e Administracións Públicas un plan de axuste que garanta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública, para o cal se terá en conta o disposto no seguinte parágrafo.

No caso de que as entidades locais incumpran os obxectivos de estabilidade orzamentaria, os límites de endebedamento que lles resulten de aplicación ou os prazos establecidos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, deberán aprobar un plan de axuste, que garanta a corrección daqueles incumprimentos, mediante acordo dos seus respectivos plenos que, ademais, deberán aceptar a posible imposición polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de condicións particulares en materia de seguimento e remisión de información, así como, de ser o caso, de adopción de medidas de axuste extraordinarias que permitan aquela corrección. Así mesmo, aquelas entidades deberán presentar un certificado do secretario ou do secretario-interventor do acordo do Pleno co anterior contido e aprobatorio do plan de axuste antes citado, así como o informe do interventor ou do secretario-interventor en que se recollan as medidas daquel plan.

Entenderase cumprido o requisito da aprobación do plan de axuste naqueles casos en que se aprobase o regulado no artigo 7 do Real decreto lei 4/2012, do 24 de febreiro, polo que se determinan obrigas de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para o pagamento aos provedores das entidades locais.

2. Ás entidades locais que, non tendo presentado a documentación citada no número anterior, o fagan con posterioridade á data de publicación desta lei e con data límite o día 30 de setembro de 2012, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas aplicaralles a partir do 1 de xaneiro de 2013 o fraccionamento en 108 mensualidades do importe pendente de reintegro en tal data correspondente ás liquidacións mencionadas no número anterior.

3. A aplicación efectiva do fraccionamento citado no número 1 anterior iniciarase na entrega á conta da participación en tributos do Estado do mes seguinte ao da publicación da presente norma, de acordo coas seguintes regras:

A) A partir do importe que estivese pendente de reintegrar en 1 de xaneiro de 2012 das liquidacións correspondentes aos anos 2008 e 2009, determinarase a devolución mensual considerando o período de reintegro de 120 mensualidades.

B) A contía anterior elevarase ao ano e minorarase nos importes reintegrados nas entregas á conta de 2012 anteriores a aquela en que se aplique a modalidade de fraccionamento regulada nesta disposición.

C) Se o resultado anterior é positivo distribuirase, por partes iguais, mediante reintegros aplicables nas entregas á conta nas cales se aplique a modalidade de fraccionamento regulada nesta disposición.

D) Se o resultado da operación descrita na letra B) anterior é negativo, non se practicará ningún reintegro nas entregas á conta nas cales se puidese aplicar a modalidade de fraccionamento regulada nesta disposición, e a diferenza reintegrada en exceso minorará a contía que se vaia devolver no ano 2013.

4. A partir do ano 2014 manterase a modalidade de fraccionamento establecida nos números 1 e 2 anteriores, sempre que as entidades locais afectadas acheguen a liquidación dos seus orzamentos xerais do exercicio inmediato anterior e a do anterior a este, xuntando a esta última un informe do interventor ou do secretario-interventor especificando os axustes que procedan e o cálculo da capacidade de financiamento conforme o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Este informe poderá ser obxecto de estudo polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas que, de ser o caso, poderá rectificar de forma fundada aquel cálculo.

Os prazos e o desenvolvemento do procedemento de remisión daquela documentación regularanse polas leis de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014 e seguintes.

5. A aquelas entidades locais que non se encontren nos supostos citados nos números 1 e 2 anteriores ou que presenten necesidade de financiamento de acordo co Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais conforme o informe que emita o interventor ou o secretario-interventor da entidade, ou na súa posible rectificación, citados no número 4 anterior, aplicaráselles os procedementos de reintegro establecidos nos números dous e cinco do artigo 91 da Lei 26/2009, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2010, polo que se refire á liquidación definitiva do ano 2008, e nos números dous e cinco do artigo 99 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, polo que respecta á liquidación definitiva do ano 2009.

6. A documentación a que se refire a presente disposición deberase remitir ao órgano competente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas por medios telemáticos e asinada electronicamente.

7. Se o importe pendente de reintegro na data de publicación da presente norma é igual ou inferior a 120 euros, reintegrarase pola súa totalidade na entrega á conta da participación en tributos do Estado do mes seguinte ao daquela data.

*Décimo primeira. Modificación da Lei 9/2009, do 6 de outubro, de ampliación da duración do permiso de paternidade nos casos de nacemento, adopción ou acollida.*

Dáse nova redacción á disposición derradeira segunda da Lei 9/2009, do 6 de outubro, de ampliación da duración do permiso de paternidade nos casos de nacemento, adopción ou acollida, nos seguintes termos:

«Disposición derradeira segunda.

Esta lei entrará en vigor a partir do 1 de xaneiro de 2013.»

*Décimo segunda. Modificación da Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 introdúcense as seguintes modificacións na Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das

comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias:

Un. Modifícase o artigo 16, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 16. *Cesión parcial da recadación líquida polos tipos estatais do imposto sobre hidrocarburos: determinación das entregas á conta e da liquidación definitiva.*

As comunidades autónomas participarán na recadación líquida que se obteña en cada exercicio, mediante a determinación dunha entrega á conta do rendemento definitivo.

A determinación da contía desta entrega á conta efectuarase mediante a seguinte operación:

$$AC_{IEHi}(x) = [58\% * RP_{IEH1}(x) + 100\% * R_{PIEH2}(x)] * ICHP_i(x) * 0,98$$

Onde:

$AC_{IEHi}(x)$  é o importe anual do anticipo á comunidade autónoma  $i$ , en concepto de entrega á conta da recadación polos tipos estatais do imposto sobre hidrocarburos obtida no ano  $(x)$ .

$RP_{IEH1}(x)$  é a recadación líquida prevista polo imposto sobre hidrocarburos no ano  $(x)$ , derivada da aplicación do tipo estatal xeral.

$RP_{IEH2}(x)$  é a recadación líquida prevista polo imposto sobre hidrocarburos no ano  $(x)$  derivada da aplicación do tipo estatal especial.

$ICHP_i(x)$  é o índice provisional de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos, ponderadas polos correspondentes tipos impositivos estatais, da comunidade autónoma  $i$  para o ano  $(x)$ .

O importe que se obteña en concepto de entrega á conta, segundo a fórmula establecida nos parágrafos anteriores, faráselle efectivo a cada comunidade autónoma mediante entrega por doceavas partes mensuais, tramitándose como devolucions de ingresos no concepto de imposto sobre hidrocarburos.

O valor definitivo da cesión da recadación líquida polos tipos estatais do imposto sobre hidrocarburos no ano  $(x)$  será o que derive da aplicación da seguinte fórmula:

$$IEH_i(x) = [IEH_1(x) * 58\% + IEH_2(x) * 100\%] * ICH_i(x)$$

Onde:

$IEH_i(x)$  é o valor definitivo da cesión da recadación líquida polo imposto sobre hidrocarburos no ano  $(x)$ , correspondente á comunidade autónoma  $i$ .

$IEH_1(x)$  é a recadación líquida do imposto sobre hidrocarburos obtida polo Estado no ano  $(x)$ , derivada da aplicación do tipo estatal xeral.

$IEH_2(x)$  é a recadación líquida do imposto sobre hidrocarburos obtida polo Estado no ano  $(x)$ , derivada da aplicación do tipo estatal especial.

$ICH_i(x)$  é o índice de entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos, segundo datos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, ponderadas polos correspondentes tipos impositivos estatais, da comunidade autónoma  $i$  para o ano  $(x)$ .

A liquidación definitiva determinarase pola diferenza entre o valor definitivo da cesión da recadación líquida polos tipos estatais do imposto sobre hidrocarburos que resulte da aplicación da fórmula anterior e as entregas á conta percibidas por este tributo nese ano.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 19, que queda redactado da seguinte forma:

«4. Os valores normativos dos recursos tributarios que non liquida o Estado serán os seguintes:

I. Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Os valores normativos serán os seguintes:

a) Para o ano 2009, o valor normativo deste imposto para cada comunidade autónoma correspóndese co 85% do importe recadado por este imposto, en termos homoxéneos.

b) Para o resto de anos, o valor normativo no ano (x) para cada comunidade autónoma será o resultado de aplicar ao valor normativo do ano 2009 o índice que resulta da variación da suma dos rendementos definitivos polo IRPF, IVE e IIEE de fabricación percibidos por cada comunidade autónoma no ano (x) respecto aos rendementos por eses mesmos conceptos no ano 2009, en termos homoxéneos e sen capacidade normativa.

II. Imposto sobre sucesións e doazóns, tributos sobre o xogo e taxas afectas aos servizos transferidos. Os valores normativos no ano (x) serán o resultado de actualizar os seus importes no ano base, polo cociente entre o ITE definitivo do ano (x) en relación co ITE do ano base, calculados conforme se definen no artigo 20.

III. Imposto especial sobre determinados medios de transporte. O valor normativo no ano (x) correspóndese coa recadación real por este imposto imputada a cada comunidade autónoma no ano (x), sen o exercicio de competencias normativas.»

Tres. Modifícase o artigo 40, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 40. *Alcance da cesión e punto de conexión no imposto sobre hidrocarburos.*

1. Cédeselle á comunidade autónoma o 58 por cento do rendimento derivado do tipo estatal xeral e o 100 por cento do rendimento derivado do tipo estatal especial do imposto sobre hidrocarburos producido no seu territorio. Así mesmo, cédeselle o rendimento derivado do tipo autonómico deste imposto, nos termos previstos no artigo 44 da presente lei.

2. Considerarase producido no territorio dunha comunidade autónoma o rendimento cedido do imposto sobre hidrocarburos derivado da aplicación dos tipos estatais xeral e especial que corresponda ao índice das entregas de gasolinas, gasóleos e fuelóleos no territorio desa comunidade autónoma, segundo datos do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, ponderadas polos correspondentes tipos impositivos estatais.»

Catro. Modifícase o artigo 44, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 44. *Alcance da cesión e puntos de conexión no rendimento derivado do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos.*

Cédeselle á comunidade autónoma o rendimento do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos producido no seu territorio. Considerarase producido no territorio dunha comunidade autónoma o rendimento cedido do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos cando o consumo final dos produtos gravados se produza no seu territorio, segundo o disposto no artigo 50 ter da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.»

Cinco. Modifícase o artigo 52, que queda redactado da seguinte forma:



«Artigo 52. *Alcance das competencias normativas no imposto sobre hidrocarburos.*

1. No imposto sobre hidrocarburos as comunidades autónomas poderán asumir competencias normativas sobre o tipo de gravame autonómico aplicable aos seguintes produtos dentro da banda que se indica en cada caso:

a) Produtos comprendidos nas epígrafes 1.1, 1.2.1, 1.2.2, 1.3, 1.13 e 1.14 do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais: desde 0 ata 48 euros por 1.000 litros.

b) Produtos comprendidos nas epígrafes 1.4 e 1.15 do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais: desde 0 euros ata 12 euros por 1.000 litros.

c) Produtos comprendidos na epígrafe 1.5 do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais: desde 0 euros ata 2 euros por tonelada.

d) Produtos comprendidos na epígrafe 1.11 do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais: desde 0 euros ata 48 euros por 1.000 litros.

O límite superior da banda poderá ser actualizado pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

2. Cando se trate de gasóleo de uso xeral, a que se refire a epígrafe 1.3, as comunidades autónomas poderán non exercer, en todo ou en parte, a competencia normativa en relación co gasóleo a que resulte aplicable a devolución do imposto sobre hidrocarburos establecida no artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais. En tal caso, a non aplicación total ou parcial do tipo de gravame autonómico revestirá a forma de devolución parcial do imposto previamente satisfeito respecto do referido gasóleo, nos termos que estableza a normativa reguladora do imposto sobre hidrocarburos. No suposto indicado a comunidade autónoma fixará o tipo de devolución, cuxo importe non poderá exceder o importe do tipo de gravame autonómico a que tributase o indicado gasóleo.

3. O tipo de gravame autonómico aprobado por cada comunidade autónoma aplicarase aos produtos gravados cuxo consumo final se produza no seu territorio, de acordo co punto de conexión a que se refire o artigo 44 da presente lei.»

Seis. Introdúcese unha nova disposición transitoria sétima, coa seguinte redacción:

«Disposición transitoria sétima. *Integración do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos no imposto sobre hidrocarburos.*

1. As modificacións nos tipos impositivos estatais do imposto sobre hidrocarburos aprobadas como consecuencia da integración do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos no imposto sobre hidrocarburos non se considerarán suposto de revisión do Fondo de Suficiencia Global dos previstos no artigo 21 desta lei.

2. As recadacións derivadas de liquidacións do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos e as devolucións de ingresos realizadas de tal imposto con posterioridade á súa derogación corresponderán ás comunidades autónomas nos termos previstos con anterioridade a esa derogación. Para facer efectivo o anterior, o Estado poderá realizar os descontos necesarios en calquera dos pagamentos derivados da aplicación do sistema de financiamento.

3. Durante 2013 os tipos de gravame autonómicos do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos aprobados polas comunidades autónomas seguirán subsistentes como tipos autonómicos do imposto sobre

hidrocarburos, mentres non sexan aprobados expresamente os novos tipos de gravame autonómicos deste imposto.

4. Para os efectos sinalados no número 3 do artigo 20, a modificación do rendemento cedido polo imposto sobre hidrocarburos como consecuencia do establecemento do tipo estatal especial, que se establece no artigo 16, non suporá un suposto de distinto termo de cesión respecto ao rendemento cedido con anterioridade á modificación do artigo 16 derivada da integración do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos no imposto sobre hidrocarburos.

5. Como consecuencia da derogación do artigo 9 da Lei 24/2001, do 27 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, e a conseguinte supresión do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos, o tramo estatal do citado imposto queda substituído polo tipo estatal especial do imposto sobre hidrocarburos e o tramo autonómico do imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos queda substituído polo tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos.

6. Todas as referencias ao imposto sobre as vendas retalistas de determinados hidrocarburos que se encontren na normativa vixente entenderanse realizadas aos tipos estatal especial e autonómico do imposto sobre hidrocarburos.»

Décimo terceira. *Modificación do Real decreto lei 9/2010, do 28 de maio, polo que se autoriza a Administración xeral do Estado ao outorgamento de avais a determinadas operacións de financiamento no marco do Mecanismo Europeo de Estabilización Financeira dos Estados membros da Zona do Euro.*

Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o número 1 do artigo único do Real decreto lei 9/2010, do 28 de maio, polo que se autoriza a Administración xeral do Estado ao outorgamento de avais a determinadas operacións de financiamento no marco do Mecanismo Europeo de Estabilización Financeira dos Estados membros da Zona do Euro, que queda redactado nos seguintes termos:

«Ao abeiro do establecido no artigo 114 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, autorízase a Administración xeral do Estado para outorgar avais, ata o importe máximo do compromiso establecido para España nos acordos reguladores da «Facilidade Europea de Estabilización Financeira», e conforme as características neles especificadas, en garantía das obrigacións económicas exixibles a esta, derivadas das emisións de instrumentos financeiros, da concertación de operacións de préstamo e crédito, así como de calquera outra operación de financiamento que realice a sociedade «Facilidade Europea de Estabilización Financeira».»

Décimo cuarta. *Modificación do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego.*

Con efectos do 1 de xaneiro e con vixencia ata o 31 de decembro de 2012, modifícase o disposto no artigo 15 do Real decreto lei 13/2010, do 3 de decembro, de actuacións no ámbito fiscal, laboral e liberalizadoras para fomentar o investimento e a creación de emprego, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Co fin de reforzar a atención ás persoas demandantes de emprego e ás empresas que ofertan emprego, apróbase a medida consistente na incorporación de 1.500 persoas como promotoras de emprego, que realizarán a súa actividade nas oficinas de emprego dos servizos públicos de emprego, desde o 1 de febreiro de 2011 ata o 30 de xuño de 2012.

Esta medida será de aplicación en todo o territorio do Estado e a súa xestión realizarana as comunidades autónomas con competencias estatutariamente

asumidas no ámbito do traballo, o emprego e a formación e o Servizo Público de Emprego Estatal no ámbito das súas respectivas competencias.

Respecto da xestión polas comunidades autónomas desta medida, os créditos correspondentes distribuiranse territorialmente entre esas administracións, de conformidade co establecido na normativa estatal.»

Décimo quinta. *Sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe dependentes da Administración xeral do Estado.*

Autorízase o Goberno para que no prazo de tres meses, se as circunstancias económicas das sociedades concesionarias así o aconsellan, e mediante real decreto, poida adoptar as medidas seguintes para as sociedades concesionarias de autoestradas de peaxe dependentes da Administración xeral do Estado:

- a) Ampliar o ámbito de aplicación da conta de compensación prevista na disposición adicional oitava da Lei 43/2010, do 30 de decembro, do servizo postal universal, dos dereitos dos usuarios e do mercado postal.
- b) Prorrogar o período de vixencia da conta de compensación ata o ano 2021 inclusive.
- c) Modificar nos termos legalmente previstos o prazo das concesións de autoestradas de peaxe dependentes da Administración xeral do Estado.

Décimo sexta. *Modificación da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo.*

Un. A disposición adicional terceira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, queda redactada da seguinte maneira:

«Disposición adicional terceira. *Apostas deportivas do Estado.*

Un. O Ministerio de Educación, Cultura e Deporte asumirá, a través do Consello Superior de Deportes, as obrigas derivadas do Real decreto 419/1991, do 27 de marzo, polo que se regula a distribución da recadación e premios das apostas deportivas do Estado. Mediante resolución do presidente do Consello Superior de Deportes determinaranse, nos termos que regulamentariamente se fixen, as entidades beneficiarias desas asignacións, as porcentaxes de asignación financeira e o seu destino.

Dous. Transitoriamente, e ata que non se determinen regulamentariamente as entidades beneficiarias das asignacións e as porcentaxes de asignación financeira para cada unha delas, o importe que se consignará para cada un dos distintos beneficiarios nos orzamentos xerais do Estado para 2012, e que poderá ser destinado a financiar tanto operacións de natureza corrente como actuacións de investimento, será o resultado de aplicar as seguintes porcentaxes á previsión de recadación polo imposto sobre actividades do xogo en relación coas apostas mutuas deportivas de fútbol:

- 49,95% para as deputacións provinciais, a través das respectivas comunidades autónomas.
- 45,50% para a Liga Nacional de Fútbol Profesional.
- 4,55% para a Real Federación Española de Fútbol con destino ao fútbol non profesional.

Tres. As cantidades libradas aos distintos beneficiarios terán a consideración de entregas á conta da recadación que finalmente se obteña en cada exercicio orzamentario polo imposto sobre actividades do xogo.

Finalizado o correspondente exercicio orzamentario, realizarase a liquidación definitiva das entregas á conta efectuadas, segundo se indica a continuación:

Se o importe das entregas á conta resulta de contía inferior á recadación efectiva obtida no exercicio orzamentario polo imposto de actividades do xogo, procederase á tramitación da correspondente xeración de crédito pola diferenza.

No suposto de que o importe das entregas á conta sexa de contía superior á recadación efectiva obtida no exercicio orzamentario polo imposto de actividades do xogo, descontarase a diferenza das entregas á conta que se vaia efectuar no exercicio.

Catro. Con cargo ás dotacións consignadas no orzamento do Consello Superior de Deportes para 2012 aboarase á Sociedade Estatal Lotarías e Apostas do Estado (SELAE) o importe dos anticipos á conta realizados aos beneficiarios mediante descontos nos pagamentos que o citado organismo realice a favor deles, en aplicación do disposto na disposición derradeira décima do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.»

Dous. A disposición adicional sexta da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, quedará redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional sexta. *Réxime de participación na recadación das apostas deportivas e hípcas.*

Regulamentariamente fixarase a porcentaxe ou o seu equivalente, aplicable á recadación obtida das apostas para determinar a cantidade que será obxecto de retorno ao deporte e ás competicións deportivas organizadas en España, no caso das apostas deportivas e de retorno ás sociedades organizadoras de carreiras de cabalos en España no caso das apostas hípcas, todo isto sen prexuízo do previsto na disposición adicional terceira. O real decreto que desenvolva esta lei establecerá, así mesmo, o réxime de participación e distribución que corresponda polas obrigas de proporcionar os datos e resultados oficiais das competicións deportivas e de garantía da integridade no seu desenvolvemento así como, no caso das carreiras de cabalos, pola propia organización das carreiras e a súa contribución ao mantemento da industria produtiva».

Tres. Engádese unha nova disposición adicional (sétima) na Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional sétima. *Habilitación aos operadores de apostas hípcas para participar nos fondos comúns das sociedades organizadoras de carreiras de cabalos en España.*

Regulamentariamente regularanse as condicións baixo as cales os titulares de licenza singular de apostas hípcas poderán subscribir acordos coas sociedades organizadoras de carreiras de cabalos en España, debidamente habilitadas pola correspondente comunidade autónoma, co fin de permitir aos participantes o xogo en masa común, correspondente a cada modalidade de aposta e totalizado nos respectivos hipódromos.»

Catro. A disposición transitoria primeira da Lei 13/2011, do 27 de maio, de regulación do xogo, quedará redactada como segue:

«Disposición transitoria primeira. *Exercicio de competencias administrativas antes do inicio de actividades da Comisión Nacional do Xogo.*

As competencias previstas para a Comisión Nacional do Xogo serán exercidas pola Dirección Xeral de Ordenación do Xogo do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, incluíndo as relacionadas coa xestión e recadación das taxas a que se refire o artigo 49 desta lei.

O rendemento das taxas mencionadas no parágrafo anterior ingresarase no Tesouro Público con aplicación ao orzamento de ingresos do Estado.

O Rexistro de Prohibidos ata o de agora dependente do Ministerio do Interior de conformidade coa Orde ministerial do 9 de xaneiro de 1979, será xestionado pola Dirección Xeral de Ordenación do Xogo ata a súa integración no Rexistro Xeral de Interdicións de Acceso ao Xogo e o Rexistro de Persoas Vinculadas a Operadores de Xogo.»

Décimo sétima. *Modificación da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral das vítimas do terrorismo.*

Con efectos a partir da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida modifícanse os artigos 5, 20, 22, 38 e 65 e engádense os artigos 3 bis, 22 bis e 22 ter e unha disposición transitoria á Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral das vítimas do terrorismo.

Un. Engádesse un novo artigo 3 bis á Lei 29/2011, coa seguinte redacción:

«Artigo 3 bis. *Requisitos para o recoñecemento das axudas e prestacións previstas na lei.*

Serán destinatarios das axudas e prestacións reguladas na presente lei aquelas persoas nas cales conorra algún dos dous seguintes supostos:

a) Cando, en virtude de sentenza firme, se lles recoñecese o dereito a ser indemnizados en concepto de responsabilidade civil polos feitos e danos recollidos nesta lei.

b) Cando, sen mediar tal sentenza, se levasen a cabo as oportunas dilixencias xudiciais ou se incoasen os procesos penais para o axuizamento dos delitos. Nestes casos, a condición de vítima ou habente dereito, a entidade dos danos sufridos, a natureza dos actos ou feitos causantes e os demais requisitos legalmente exixidos poderanse acreditar ante o órgano competente da Administración xeral do Estado por calquera medio de proba admisible en dereito.»

Dous. Modifícase o artigo 5 da Lei 29/2011, que queda redactado nos seguintes termos:

«As persoas que acrediten, nos termos do artigo 3 bis da lei, sufrir situacións de ameazas ou coaccións directas e reiteradas, procedentes de organizacións terroristas, serán obxecto de especial atención, no marco das súas competencias por parte das administracións públicas.»

Tres. Modifícase o número 4 do artigo 20 da Lei 29/2011, que queda redactado nos seguintes termos:

«A cantidade total que aboará o Estado, en concepto de responsabilidade civil fixada en sentenza, non poderá exceder as seguintes contías:

- Falecemento: 500.000 €.
- Grande invalidez: 750.000 €.
- Incapacidade permanente absoluta: 300.000 €.
- Incapacidade permanente total: 200.000 €.
- Incapacidade permanente parcial: 125.000 €.
- Lesións non invalidantes: 100.000 €.
- Secuestro: 125.000 €.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 22 da Lei 29/2011, que queda redactado nos seguintes termos:

«Os españois vítimas de atentados terroristas cometidos fóra do territorio nacional a que se refire o artigo 6.3 terán dereito a percibir exclusivamente unha axuda económica, nos termos que a continuación se establecen:

Se o español ten a súa residencia habitual no país en que se produza a acción terrorista percibirá o 50% das cantidades fixadas nas táboas I, II e III do anexo.

Se o español non ten a súa residencia habitual no país en que se produza a acción terrorista percibirá o 40% das cantidades fixadas nas táboas I, II e III do anexo».

Cinco. Engádesse un novo artigo 22 bis á Lei 29/2011, coa seguinte redacción:

«Artigo 22 bis. *Resarcimento por secuestro.*

A persoa que fose obxecto de secuestro, como consecuencia de accións comprendidas dentro do ámbito de aplicación da lei, e se exixise algunha condición para a súa liberdade, será indemnizada coa cantidade de 12.000€. De ser o caso, será indemnizada polos danos persoais que o acto de secuestro lle causase, co límite da indemnización por incapacidade permanente parcial e polos días de secuestro segundo as contías resultantes de aplicar a táboa III do anexo».

Seis. Engádesse un novo artigo 22 ter á Lei 29/2011, coa seguinte redacción:

«Artigo 22 ter. *Anticipos e pagamentos á conta.*

O Ministerio do Interior poderá anticipar ata 18.030,36 € á conta da percepción da axuda definitiva, nos casos en que pola gravidade das lesións sufridas pola acción terrorista, sexa razoable presumir unha posterior declaración de incapacidade laboral permanente total, absoluta ou unha grande invalidez da vítima.

Igualmente, nos casos de lesións invalidantes ou de incapacidade temporal, poderanse aboar trimestralmente os períodos de baixa laboral. Estas cantidades á conta serán equivalentes ás que resulte de multiplicar o duplo do IPREM vixente na data en que se produciu a lesión polos días de incapacidade.»

Sete. Modifícase o artigo 38 da Lei 29/2011, que queda redactado nos seguintes termos:

«As administracións públicas competentes e, de ser o caso, as autoridades educativas adoptarán, nos distintos niveis educativos, as medidas necesarias para asegurar a exención de todo tipo de taxas académicas nos centros oficiais de estudos ás vítimas de actos terroristas definidas no artigo 4, número 1, desta lei, así como aos fillos daqueles que falecesen en acto terrorista ou daqueles que sufriron danos físicos e/ou psíquicos a consecuencia da actividade terrorista.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 53 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral das vítimas do terrorismo, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. As vítimas do terrorismo a que se refire o artigo 4, números 1 e 2 desta lei, poderán solicitar a concesión das condecoracións indicadas. Tamén as poderán solicitar as persoas a que se refire o artigo 5 e aquelas outras que fosen obxecto dun atentado terrorista do que non derivasen danos, lesións ou secuelas.

Con independencia do anterior, o Ministerio do Interior poderá, de oficio e logo de consulta cos destinatarios, iniciar o expediente de recoñecemento cando teña coñecemento dos feitos que poden provocar o seu recoñecemento.»

Novo. Modifícase o número 1 do artigo 54 da Lei 29/2011, do 22 de setembro, de recoñecemento e protección integral das vítimas do terrorismo, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. Corresponderá ao Ministerio do Interior a tramitación dos procedementos de concesión das condecoracións. Estes expedientes poderán ser iniciados por instancia dalgunha das persoas a que se refire o artigo 4 desta lei, nos seus números 1 e 2, ás persoas que sufrisen o delito aínda que non estivesen comprendidas dentro das indicadas nos puntos anteriores, ou ben de oficio, logo de consulta cos destinatarios, polo propio ministerio cando tivese coñecemento de situacións que puidesen dar lugar ao recoñecemento do dereito.

Cando a proposta de condecoración sexa a de Gran Cruz, a súa resolución producirase mediante real decreto aprobado en Consello de Ministros por proposta do Ministerio do Interior.

Cando a proposta de condecoración o sexa no grao de encomenda, a resolución corresponde ao ministro do Interior e será ditada en nome do rei.»

Dez. Modifícase o artigo 65 da Lei 29/2011, que queda redactado nos seguintes termos:

«A Administración xeral do Estado deberá, nos termos e condicións que se determinen nas normas de desenvolvemento, conceder subvencións ás asociacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro cuxo obxecto sexa a representación e defensa dos intereses das vítimas do terrorismo. No establecemento deste réxime subvencional priorizaranse aquelas entidades que contén con maior número de vítimas e para este fin establecerase un procedemento para que, co consentimento dos interesados, esta condición se poida facer pública ao órgano competente para conceder as subvencións, así como o labor asistencial a favor das vítimas do terrorismo que se realice por parte das organizacións.»

Once. Engádesse unha disposición transitoria á Lei 29/2011, coa seguinte redacción:

«As solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor da lei e que se encontren en tramitación serán resoltas de conformidade coa normativa aplicable no momento de presentación da solicitude.»

Décimo oitava. *Modificación do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.*

Con efectos da entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida introdúcese as seguintes modificacións no Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

Un. A disposición adicional décimo terceira do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, queda redactada como segue:

«Disposición adicional décimo terceira. *Prórroga do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego.*

Prorrógase a aplicación do establecido no artigo 6 do Real decreto lei 10/2011, do 26 de agosto, de medidas urxentes para a promoción do emprego dos mozos, o fomento da estabilidade no emprego e o mantemento do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego que, pola súa vez, prorrogaba o previsto no artigo 2 do Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, de medidas urxentes para promover a transición ao

emprego estable e a recualificación profesional das persoas desempregadas, de tal forma que se poderán beneficiar das axudas reguladas na citada normativa as persoas inscritas na oficinas de emprego como desempregadas por extinción da súa relación laboral que, dentro do período comprendido entre o día 16 de febreiro de 2012 e o día 15 de agosto de 2012, ambos inclusive, esgoten a prestación por desemprego de nivel contributivo e non teñan dereito a calquera dos subsidios por desemprego establecidos na lei, ou ben esgotasen algún destes subsidios, incluídas as súas prórrogas.

Non se poderán acoller a este programa as persoas que percibisen a prestación extraordinaria do programa temporal de protección por desemprego e inserción, nin as persoas que fosen ou puidesen ser beneficiarias do programa de recualificación profesional das persoas que esgoten a súa protección por desemprego nos termos establecidos no Real decreto lei 1/2011, do 11 de febreiro, incluída a súa prórroga, prevista no artigo 6 do Real decreto lei 10/2011, nin as que esgotasen ou puidesen ter dereito á renda activa de inserción, nin as que esgotasen a renda agraria ou o subsidio por desemprego, ambos en favor dos traballadores eventuais do réxime especial agrario da Seguridade Social, hoxe, do sistema especial para traballadores por conta allea agrarios incluídos no réxime xeral da Seguridade Social».

Dous. A disposición adicional décimo cuarta do Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, queda redactada como segue:

«Prorrógase para o ano 2012, o número dous do artigo 14 do Real decreto lei 8/2010, do 20 de maio, polo que se adoptan medidas extraordinarias para a redución do déficit público, na redacción dada pola disposición derradeira décimo quinta da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, coas actualizacións das referencias temporais que a seguir se detallan.

Para a determinación do aforro neto e dos ingresos correntes para efectos de calcular o nivel de endebedamento, nos termos do precepto citado no parágrafo anterior e do artigo 53 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, teranse en conta a liquidación do orzamento do exercicio 2011 e, de ser o caso, as cifras deducidas dos estados contables consolidados, con suxeición a aquela norma e á de estabilidade orzamentaria, descontando, en todo caso, no cálculo do aforro neto e no do nivel de endebedamento, o efecto que, en ambos os casos, poida ter o importe dos ingresos afectados.

Para efectos do cálculo do capital vivo consideraranse todas as operacións vixentes en 31 de decembro de 2011, incluído o risco deducido de avais e incrementado, de ser o caso, nos saldos de operacións formalizadas non dispostos e no importe da operación proxectada ou proxectadas en 2012.»

Décimo novena. *Modificación da Lei 19/1976, do 29 de maio, sobre creación da Orde do Mérito do Corpo da Garda Civil.*

Un. Modifícase a denominación da Orde do Mérito do Corpo da Garda Civil, que pasa a denominarse Orde do Mérito da Garda Civil.

Dous. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o artigo segundo da Lei 19/1976, do 29 de maio, sobre creación da Orde do Mérito do Corpo da Garda Civil, que queda redactado nos seguintes termos:

«Artigo segundo. *A Orde do Mérito da Garda Civil terá cinco categorías:*

- Gran Cruz.
- Cruz de Ouro.
- Cruz de Prata.



- Cruz con distintivo vermello.
- Cruz con distintivo branco.

A Cruz de Ouro e a Cruz con distintivo vermello serán pensionadas e concederanse para premiar feitos ou servizos realizados con risco da propia vida ou demostración de valor persoal por parte dos seus executantes. A Gran Cruz, a Cruz de Prata e a Cruz con distintivo branco serán sen pensionar e concederanse por outros servizos ou feitos extraordinarios que se determinarán nas normas de desenvolvemento da presente lei.»

Tres. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, engádese un terceiro parágrafo ao artigo terceiro da Lei 19/1976, do 29 de maio, sobre creación da Orde do Mérito do Corpo da Garda Civil, coa seguinte redacción:

«A Gran Cruz é a máxima categoría dentro da Orde do Mérito da Garda Civil, e concederase por real decreto do Consello de Ministros, por proposta do ministro do Interior, e oído o ministro de Defensa cando se trate membros da Garda Civil.»

Catro. Facúltase o ministro do Interior para aprobar as modificacións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e a execución do disposto nesta disposición derradeira.

Vixésima. *Modificación da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais.*

Con efectos desde o 1 de xaneiro de 2013 e vixencia indefinida, introdúcense as seguintes modificacións na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais:

Un. Modifícase o artigo 7, ao cal se engade un novo número 13, que queda redactado da seguinte forma:

«13. Respecto da aplicación do tipo impositivo autonómico do imposto sobre hidrocarburos a que se refire o artigo 50 ter desta lei, a devindicación do imposto producirase conforme as seguintes regras:

a) Con carácter xeral, a devindicación do imposto para a aplicación do tipo impositivo autonómico terá lugar conforme as regras expresadas nos números anteriores deste artigo e no número 2 dese artigo 50 ter.

b) Cando os produtos se encontren fóra de réxime suspensivo no territorio dunha comunidade autónoma e sexan reexpedidos ao territorio doutra comunidade autónoma, producirase a devindicación do imposto, exclusivamente en relación con ese tipo impositivo autonómico, con ocasión da saída daqueles do establecemento en que se encontren con destino ao territorio da outra comunidade. Para a aplicación do previsto neste parágrafo teranse en conta as seguintes regras:

1.<sup>a</sup> O tipo impositivo autonómico aplicable será o establecido pola comunidade autónoma de destino.

2.<sup>a</sup> Cando a comunidade autónoma de destino non establece tipo impositivo autonómico, entenderase que a devindicación se produce con aplicación dun tipo impositivo autonómico cero.

3.<sup>a</sup> A regularización das cotas que se devindiquen conforme o establecido nesta letra b) respecto das previamente devindicadas efectuarase conforme o previsto no número 3 do artigo 50 ter.

Non se producirá devindicación do tipo impositivo autonómico cando nin a comunidade autónoma de orixe nin a comunidade autónoma de destino o establecesen.»

Dous. Modifícase o número 2 do artigo 8, ao que se engade unha nova letra f), que queda redactada da seguinte forma:

«f) Nos casos previstos no punto 13.b) do artigo 7, os titulares dos establecementos desde os cales se produza a reexpedición dos produtos con destino ao territorio dunha comunidade autónoma distinta daquela en que se encontran.»

Tres. Modifícase o artigo 50, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 50. *Tipos impositivos.*

1. O tipo de gravame aplicable formarase, de ser o caso, mediante a suma dos tipos estatal e autonómico. Os tipos autonómicos serán os que resulten aplicables conforme o establecido no artigo 50 ter desta lei. Os tipos estatais son os que se indican nas tarifas e epígrafes que figuran a continuación. Para as epígrafes 1.1, 1.2.1, 1.2.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.11, 1.13, 1.14 e 1.15, o tipo estatal está formado pola suma dun tipo xeral e outro especial.

Tarifa 1.<sup>a</sup>:

Epígrafe 1.1. Gasolinas con chumbo: 433,79 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 24 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.2.1. Gasolinas sen chumbo de 98 I.O. ou de octanaxe superior: 431,92 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 24 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.2.2. As demais gasolinas sen chumbo: 400,69 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 24 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.3. Gasóleos para uso xeral: 307 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 24 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.4. Gasóleos utilizables como carburante nos usos previstos no número 2 do artigo 54 e, en xeral, como combustible: 78,71 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 6 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.5. Fuelóleos: 14,00 euros por tonelada de tipo xeral e 1 euro por tonelada de tipo especial.

Epígrafe 1.6. GLP para uso xeral: 57,47 euros por tonelada.

Epígrafe 1.8. GLP destinados a usos distintos aos de carburante: 0 euros por tonelada.

Epígrafe 1.9. Gas natural para uso xeral: 1,15 euros por xigajoule.

Epígrafe 1.10. Gas natural destinado a usos distintos aos de carburante, así como o gas natural destinado ao uso como carburante en motores estacionarios: 0 euros por xigajoule.

Epígrafe 1.11. Queroseno para uso xeral: 306 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 24 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.12. Queroseno destinado a usos distintos dos de carburante: 78,71 euros por 1.000 litros.

Epígrafe 1.13. Bioetanol e biometanol para uso como carburante: 400,69 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 24 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.14. Biodiésel para uso como carburante: 307 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 24 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Epígrafe 1.15. Biodiésel e biometanol para uso como combustible: 78,71 euros por 1.000 litros de tipo xeral e 6 euros por 1.000 litros de tipo especial.

Tarifa 2.<sup>a</sup>:

Epígrafe 2.1. Alcatróns de hulla e demais produtos clasificados no código NC 2706: o tipo establecido para a epígrafe 1.5.

Epígrafe 2.2. Benzois e demais produtos clasificados nos códigos NC 2707.10, 2707.20, 2707.30 e 2707.50: o tipo establecido para a epígrafe 1.1.

Epígrafe 2.3. Aceites de creosota clasificados no código NC 2707.91.00: o tipo establecido para a epígrafe 1.5.

Epígrafe 2.4. Aceites brutos e demais produtos clasificados no código NC 2707 e non comprendidos nas epígrafes 2.2 e 2.3: o tipo establecido para a epígrafe 1.5.

Epígrafe 2.5. Aceites crus condensados de gas natural, clasificados no código NC 2709, para uso xeral: o tipo establecido para a epígrafe 1.11.

Epígrafe 2.6. Aceites crus condensados de gas natural, clasificados no código NC 2709, destinados a usos distintos aos de carburante: o tipo establecido para a epígrafe 1.12.

Epígrafe 2.7. Os demais produtos clasificados no código NC 2709: o tipo establecido para a epígrafe 1.5.

Epígrafe 2.8. Gasolinas especiais e demais produtos clasificados, con independencia do seu destino, nos códigos NC 2710.11.11, 2710.11.15, 2710.11.21, 2710.11.25, 2710.11.70 e 2710.11.90: o tipo establecido para a epígrafe 1.1.

Epígrafe 2.9. Aceites medios distintos dos querosenos clasificados, con independencia do seu destino, nos códigos NC 2710.19.11, 2710.19.15 e 2710.19.29, para uso xeral: o tipo establecido para a epígrafe 1.11.

Epígrafe 2.10. Aceites medios distintos dos querosenos clasificados, con independencia do seu destino, nos códigos NC 2710.19.11, 2710.19.15 e 2710.19.29 e destinados a usos distintos aos de carburante: o tipo establecido para a epígrafe 1.12.

Epígrafe 2.11. Aceites pesados e preparacións clasificados, con independencia do seu destino, no código NC 2710.19.81, 2710.19.83, 2710.19.85, 2710.19.87, 2710.19.91, 2710.19.93 e 2710.19.99: o tipo establecido para a epígrafe 1.5.

Epígrafe 2.12. Hidrocarburos gasosos clasificados no código NC 2711.29.00 e produtos clasificados no código NC 2705, para uso xeral: o tipo establecido para a epígrafe 1.9.

Epígrafe 2.13. Hidrocarburos gasosos clasificados no código NC 2711.29.00 e produtos clasificados no código NC 2705, destinados a usos distintos aos de carburante, así como o biogás destinado ao uso como carburante en motores estacionarios: o tipo establecido para a epígrafe 1.10.

Para a aplicación desta epígrafe considérase «biogás» o combustible gasoso producido a partir da biomasa e/ou a partir da fracción biodegradable dos residuos e que pode ser purificado ata alcanzar unha calidade similar á do gas natural, para uso como biocarburente, ou o gas producido a partir de madeira.

Epígrafe 2.14. Vaselina e demais produtos clasificados no código NC 2712: o tipo establecido para a epígrafe 1.5.

Epígrafe 2.15. Mesturas bituminosas clasificadas no código NC 2715: o tipo establecido para a epígrafe 1.5.

Epígrafe 2.16. Hidrocarburos de composición química definida, incluídos no ámbito obxectivo do imposto e clasificados nos códigos NC 2901 e 2902: o tipo establecido para a epígrafe 1.1.

Epígrafe 2.17. Preparacións clasificadas no código NC 3403: o tipo establecido para a epígrafe 1.5.

Epígrafe 2.18. Preparacións antidetonantes e aditivos clasificados no código NC 3811: o tipo establecido para a epígrafe 1.1.

Epígrafe 2.19. Mesturas de alquilbencenos e mesturas de alquilnaftalenos clasificadas no código NC 3817: o tipo establecido para a epígrafe 1.5.

2. Aos produtos comprendidos nos números 2 e 3 do artigo 46 aplicaránelles os tipos impositivos correspondentes a aqueles hidrocarburos comprendidos na tarifa 1ª do imposto cuxa capacidade de utilización resulte equivalente, segundo se deduza do expediente de autorización de utilización a que se refire o número 1 do artigo 54 desta lei.

3. Sen prexuízo do establecido no número 7 do artigo 8, a aplicación dos tipos reducidos fixados para as epígrafes 1.4, 1.12 e 2.10 queda condicionada ao cumprimento das condicións que se establezan regulamentariamente en canto á adición de trazadores e marcadores, así como á utilización realmente dada aos produtos. Tales condicións poderán comprender o emprego de medios de pagamento específicos.»

Catro. Introdúcese un novo artigo 50 ter, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 50 ter. *Tipo impositivo autonómico.*

1. As comunidades autónomas poden establecer un tipo impositivo autonómico do imposto sobre hidrocarburos para gravar suplementariamente os produtos aos cales resulten de aplicación os tipos impositivos comprendidos nas epígrafes 1.1, 1.2.1, 1.2.2, 1.3, 1.4, 1.5, 1.11, 1.13, 1.14 e 1.15 do número 1 do artigo 50 que se consuman nos seus respectivos territorios. A aplicación do tipo impositivo autonómico efectuarase de acordo co establecido nesta lei e cos límites e condicións establecidos na normativa reguladora do financiamento das comunidades autónomas.

2. O tipo impositivo autonómico que se aplicará será o que corresponda á comunidade autónoma en cuxo territorio se produza o consumo final dos produtos gravados. Para efectos do establecido neste artigo, enténdese que os produtos se consumen no territorio dunha comunidade autónoma cando sexan recibidos nalgún dos seguintes lugares:

a) Establecementos de venda ao público polo miúdo situados no seu territorio. Para estes efectos, considéranse establecementos de venda ao público polo miúdo os establecementos que contan con instalacións fixas para a venda ao público para consumo directo dos produtos e que, de ser o caso, están debidamente autorizados conforme a normativa vixente en materia de distribución de produtos petrolíferos.

b) Establecementos de consumo propio situados no seu territorio, para seren consumidos neles sen prexuízo da aplicación, se procede, do establecido no punto 13.b) do artigo 7. Para estes efectos, considéranse establecementos de consumo propio os lugares ou instalacións en que os produtos se destinan ao consumo e que contan cos elementos necesarios para a súa recepción e utilización así como, de ser o caso, coas autorizacións administrativas que procedan.

c) Calquera establecemento situado no seu territorio distinto dunha fábrica ou depósito fiscal con calquera propósito, sen prexuízo da aplicación, se procede, do establecido no punto 13.b) do artigo 7.

3. Os suxeitos pasivos a que se refire o punto 2.f) do artigo 8 terán dereito a deducir, das cotas que se devindiquen por aplicación do establecido no punto 13.b) do artigo 7, aquelas cotas correspondentes á aplicación do tipo autonómico que previamente soportasen por repercusión ou incorporadas no prezo. Cando o importe das cotas deducibles exceda, en cada período impositivo, o das devindicadas, o suxeito pasivo terá dereito á devolución ou compensación da diferenza nas condicións que regulamentariamente se determinen.

4. Cando se cometa unha irregularidade no movemento en réxime suspensivo entre o ámbito territorial comunitario non interno e o ámbito territorial interno, a responsabilidade da persoa que garantise o pagamento non comprenderá o pagamento do importe correspondente ao tipo impositivo autonómico, a menos que participase na irregularidade ou no delito.»

Cinco. Modifícanse os números 4 e 6 do artigo 52 bis, que quedan redactados da seguinte forma:

«4. A base da devolución estará constituída polo resultado de multiplicar algún dos coeficientes correctores a que se refire o número 5 seguinte polo volume de gasóleo que adquirise o interesado e se destinase á súa utilización como carburante nos vehículos mencionados no número 2 anterior, incluso contido en mesturas con biocarburantes. A base así determinada expresárase en miles de litros. Para a aplicación do tipo autonómico da devolución, a base da devolución estará constituída polo resultado de multiplicar algún dos coeficientes correctores a que se refire o número 5 seguinte polo volume de gasóleo que adquirise o interesado no territorio da comunidade autónoma que o establecese e se destinase á súa utilización como carburante nos vehículos mencionados no número 2 anterior, incluso contido en mesturas con biocarburantes. A base así determinada expresárase en miles de litros.»

«6.a) O tipo estatal da devolución, expresado en euros por 1.000 litros, será o importe positivo resultante de restar a cantidade de 306 euros do tipo xeral da epígrafe 1.3 vixente no momento de xerarse o dereito á devolución.

As comunidades autónomas que establecesen un tipo impositivo autonómico poderán establecer un tipo autonómico da devolución para os produtos que fosen adquiridos no seu territorio, que non poderá ser superior a ese tipo impositivo autonómico.

b) O tipo estatal da devolución poderá ser modificado pola Lei de orzamentos xerais do Estado.

c) A contía máxima da devolución que se percibirá non excederá a que correspondería a 50.000 litros por vehículo e ano, salvo que se trate de taxis, caso en que a contía máxima da devolución non excederá a que correspondería a 5.000 litros por taxi e ano. O ministro de Facenda e Administracións Públicas poderá dispoñer o fraccionamento destes límites para a súa aplicación en relación con períodos de tempo inferiores ao ano.»

Vixésimo primeira. *Modificación da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea.*

1. Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase a Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, nos seguintes termos:

Un. Modifícase o número 4 do artigo 72 Definicións da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que quedará redactado como segue:

«4. Voos de adestramento: os voos realizados para o adestramento ou cualificación de pilotos con obxecto de revalidar e conservar as licenzas.»

Dous. Modifícanse os números 3, 4, 5 e 6 do artigo 75 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que quedarán redactados como segue:

«3. As contías unitarias por aeroporto serán as seguintes:

Aeroporto	Tarifa unitaria de aterraxe	Tarifa unitaria servizos tránsito de aeródromo
Madrid-Barajas . . . . .	7,73 €	3,24 €
Barcelona-El Prat . . . . .	6,81 €	3,22 €
Alacant, Gran Canaria, Málaga-Costa del Sol, Palma de Mallorca e Tenerife Sur . . . . .	6,46 €	3,16 €
Bilbao, Fuerteventura, Girona, Eivissa, Lanzarote, Menorca, Santiago, Sevilla, Tenerife Norte e Valencia . . . . .	5,42 €	2,90 €
A Coruña, Almería, Asturias, FGL Granada-Jaén, Jerez, La Palma, Murcia-San Javier, Reus, Santander, Vigo e Zaragoza . . . . .	3,97 €	2,27 €

Aeroporto	Tarifa unitaria de aterraxe	Tarifa unitaria servizos tránsito de aeródromo
Albacete, Algeciras, Badajoz, Burgos, Ceuta, Córdoba, Cuatro Vientos, El Hierro, Huesca-Pireneos, La Gomera, León, Logroño, Melilla, Pamplona, Sabadell, Salamanca, San Sebastián, Son Bonet, Torrejón, Valladolid, Vitoria e resto de aeroportos xestionados por Aena Aeropuertos, S.A. . . . . .	2,62 €	1,93 €

Cando os servizos de tránsito de aeródromo se presten baixo a modalidade de servizo de información de voo de aeródromo (AFIS), as contías unitarias da tarifa de servizo de tránsito de aeródromo reduciranse nun sesenta por cento.»

«4. Non obstante, o importe mínimo que se deberá pagar por operación en concepto de aterraxe e de servizos de tránsito de aeródromo será o seguinte:

Aeroporto	Importe mínimo por operación-aterraxe	Importe mínimo por operación-servizos tránsito de aeródromo
Madrid-Barajas . . . . .	154,62 €	71,88 €
Barcelona-El Prat . . . . .	136,19 €	71,48 €
Alacant, Gran Canaria, Málaga-Costa del Sol, Palma de Mallorca e Tenerife Sur . . . . .	96,92 €	51,20 €
Bilbao, Fuerteventura, Girona, Eivissa, Lanzarote, Menorca, Santiago, Sevilla, Tenerife Norte e Valencia . . . . .	19,54 €	10,46 €
A Coruña, Almería, Asturias, FGL Granada- Jaén, Jerez, La Palma, Murcia-San Javier, Reus, Santander, Vigo e Zaragoza . . . . .	10,82 €	6,18 €
Albacete, Algeciras, Badajoz, Burgos, Ceuta, Córdoba, Cuatro Vientos, El Hierro, Huesca- Pireneos, La Gomera, León, Logroño, Melilla, Pamplona, Sabadell, Salamanca, San Sebastián, Son Bonet, Torrejón, Valladolid, Vitoria e resto de aeroportos xestionados por Aena Aeropuertos, S.A. . . . .	5,86 €	4,31 €

Os importes mínimos por operación en concepto de aterraxe e servizos de tránsito de aeródromo non serán de aplicación aos voos de escola e adestramento.»

«5. Aos voos de escola e adestramento aplicaráselles as seguintes contías unitarias:

Aeroporto	Tarifa unitaria de aterraxe	Tarifa unitaria de servizos de tránsito de aeródromo
Madrid-Barajas . . . . .	5,45 €	3,59 €
Barcelona-El Prat . . . . .	5,25 €	3,57 €
Alacant, Gran Canaria, Málaga-Costa del Sol, Palma de Mallorca e Tenerife Sur . . . . .	4,71 €	3,51 €
Bilbao, Fuerteventura, Girona, Eivissa, Lanzarote, Menorca, Santiago, Sevilla, Tenerife Norte e Valencia . . . . .	4,71 €	3,22 €
A Coruña, Almería, Asturias, FGL Granada- Jaén, Jerez, La Palma, Murcia-San Javier, Reus, Santander, Vigo e Zaragoza . . . . .	4,21 €	2,53 €
Albacete, Algeciras, Badajoz, Burgos, Ceuta, Córdoba, Cuatro Vientos, El Hierro, Huesca- Pireneos, La Gomera, León, Logroño, Melilla, Pamplona, Sabadell, Salamanca, San Sebastián, Son Bonet, Torrejón, Valladolid, Vitoria e resto de aeroportos xestionados por Aena Aeropuertos, S.A. . . . .	3,72 €	2,14 €

Para os voos de adestramento e escola en manobras ou operacións de simulación de aterraxe e engalaxe sobre pista ou campo de voo, e para os efectos da tarifa de aterraxe anterior, aplicarase a seguinte táboa de equivalencia entre o peso do avión e o número de aterraxes que se contabilicen en períodos de 90 minutos ou fracción, independentemente do número de manobras ou pasadas que se realicen:

Tramos de peso		Coeficiente multiplicador por períodos de 90 minutos ou fracción
Porcións de peso en kg		
Desde	Ata	
1	4.999	2
5.000	40.000	6
40.001	100.000	5
100.001	250.000	4
250.001	300.000	3
300.001		2

As operacións reguladas no caso de voos de adestramento e de escola estarán condicionadas en todo caso á autorización preceptiva do aeroporto con base nas posibilidades operativas, dando prioridade absoluta á actividade aeroportuaria normal.»

«6. En operacións fóra do horario operativo do aeroporto, naqueles aeroportos en que estea autorizado o servizo, aplicaranse as seguintes contías unitarias, calquera que sexa o grupo en que quede englobada a dita instalación:

Tarifa unitaria aterraxe: 28,67 €/tm.

Tarifa unitaria servizos de tránsito de aeródromo: as contías recollidas no número 4 do presente artigo, correspondentes ao importe mínimo por operación en servizos tránsito de aeródromo.»

Tres. Modifícase o artigo 76 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que quedará redactado como segue:

«Artigo 76. *Recarga por ruído.*

Nos aeroportos de Alacant, Barcelona, Madrid-Barajas, Málaga, Palma de Mallorca, Gran Canaria, Tenerife Sur, Valencia, Bilbao, Eivissa, Sevilla e Tenerife Norte, para os avións de reacción subsónicos civís, os importes das contías unitarias que resulten de aplicación en función do previsto nos números 3 e 4 do artigo anterior incrementaranse nas seguintes porcentaxes en función da franxa horaria en que se produza a aterraxe ou a engalaxe e da clasificación acústica de cada aeronave:

Clasificación acústica	De 07.00 a 22.59 (hora local) Porcentaxe	De 23.00 a 06.59 (hora local) Porcentaxe
Categoría 1. . . . .	70	140
Categoría 2. . . . .	20	40
Categoría 3. . . . .	0	0
Categoría 4. . . . .	0	0

A categoría acústica de cada aeronave determinarase conforme os seguintes criterios:

- a) Categoría 1: aeronaves cuxa marxe acumulada sexa inferior a 5 EPNdB.
- b) Categoría 2: aeronaves cuxa marxe acumulada estea comprendida entre 5 EPNdB e 10 EPNdB.
- c) Categoría 3: aeronaves cuxa marxe acumulada sexa superior a 10 EPNdB e inferior a 15 EPNdB.
- d) Categoría 4: aeronaves cuxa marxe acumulada sexa igual ou superior a 15 EPNdB.

Para estes efectos as compañías aéreas presentarán, antes da saída do voo, copia do certificado oficial de ruído axustado ao establecido no anexo 16 ao Convenio sobre aviación civil internacional, relativo á protección do ambiente, ou documento de similares características e validez expedido polo Estado de matrícula da aeronave.

Para aquelas aeronaves cuxos operadores non faciliten certificado de ruído serán consideradas dentro da mesma categoría que unha aeronave do mesmo fabricante, modelo, tipo e número de motores para o que si se dispoña de certificado para efectos da clasificación acústica, ata a acreditación do certificado correspondente».

Catro. Modifícanse os números 1 e 2 do artigo 78 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que quedarán redactados como segue:

«1. As contías serán as seguintes por cada pasaxeiro:

Aeroporto	Contía pasaxeiro		Contía de seguridade aeroportuaria	Contía PMR
	EEE	Internacional		
Madrid-Barajas . . . . .	14,44 €	20,44 €	3,46 €	0,56 €
Barcelona-El Prat . . . . .	13,44 €	16,44 €	3,46 €	0,56 €
Alacant, Gran Canaria, Palma de Mallorca, Málaga-Costa del Sol e Tenerife Sur. . . . .	5,99 €	9,03 €	3,46 €	0,56 €
Bilbao, Fuerteventura, Girona, Eivissa, Lanzarote, Menorca, Santiago, Sevilla, Tenerife Norte e Valencia . . . . .	5,11 €	7,67 €	3,46 €	0,56 €
A Coruña, Almería, Asturias, FGL Granada-Jaén, Jerez, La Palma, Murcia-San Javier, Reus, Santander, Vigo e Zaragoza . . . . .	3,66 €	5,49 €	3,46 €	0,56 €
Albacete, Algeciras, Badajoz, Burgos, Ceuta, Córdoba, Cuatro Vientos, El Hierro, Huesca-Pireneos, La Gomera, León, Logroño, Melilla, Pamplona, Sabadell, Salamanca, San Sebastián, Son Bonet, Torrejón, Valladolid, Vitoria e resto de aeroportos xestionados por Aena Aeropuertos, S.A. . . . .	2,40 €	3,59 €	3,46 €	0,56 €

A contía de seguridade aeroportuaria, cando se trate de voos interinsulares, será de 1,73 euros por pasaxeiro.»

«2. Polos servizos relacionados coa inspección e control de equipaxes que presta nos recintos aeroportuarios a Axencia Estatal de Seguridade Aérea, creada polo Real decreto 184/2008, do 8 de febreiro, as contías correspondentes á prestación de seguridade aeroportuaria incrementaranse en 0,38 euros por cada pasaxeiro de saída.



Este incremento de contía, denominado factor da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (F), terá vixencia indefinida.

A sociedade mercantil estatal «Aena Aeropuertos, S.A.», unha vez liquidada a prestación pública por saída de pasaxeiros, PMR e seguridade, transferirá directamente á Axencia Estatal de Seguridade Aérea o importe que resulte da aplicación da seguinte fórmula:

$$\boxed{N.º \text{ de pasaxeiros de saída} \times F}$$

O factor F actualizarase acumulativamente de acordo cos coeficientes que para a elevación xeral de taxas fixen as leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano.»

Cinco. Modifícase o artigo 80 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que quedará redactado como segue:

«Artigo 80. *Importe.*

O importe determinarase a razón de 0,017471 euros por cada quilogramo de mercadoría cargada ou descargada no recinto aeroportuario.»

Seis. Modifícase o artigo 83 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que quedará redactado como segue:

«Artigo 83. *Importe.*

1. Nos aeroportos de Madrid-Barajas, Barcelona-El Prat, Alacant, Gran Canaria, Málaga-Costa del Sol, Palma de Mallorca, Tenerife Sur, Bilbao, Fuerteventura, Girona, Eivissa, Lanzarote, Menorca, Santiago, Sevilla, Tenerife Norte e Valencia, a contía da contraprestación de estacionamento, en función do peso e o tempo de permanencia da aeronave en posición de estacionamento, será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$E = e \cdot tm \cdot F_t$$

Onde:

E: contraprestación total que se pagará polo servizo e: coeficiente unitario.

tm: peso máximo no momento de engalaxe da aeronave, expresado en toneladas.

Ft: tempo de estancia da aeronave en posición de estacionamento expresado en períodos de 15 minutos ou fracción.

O importe dos coeficientes unitarios será o seguinte:

Aeroporto	Por períodos de 15 minutos ou fracción
Madrid-Barajas . . . . .	0,117760 €
Barcelona-El Prat . . . . .	0,112333 €
Alacant, Gran Canaria, Málaga-Costa del Sol, Palma de Mallorca e Tenerife Sur . . . . .	0,111309 €
Bilbao, Fuerteventura, Girona, Eivissa, Lanzarote, Menorca, Santiago, Sevilla, Tenerife Norte e Valencia . . . . .	0,061850 €

Malia o anterior, o importe máximo da contraprestación de estacionamento nos aeroportos anteriormente citados non poderá ser superior a 1.488 € durante as primeiras 24 horas de estancia.

A partir do segundo día de estancia, o importe máximo da contraprestación de estacionamento nos aeroportos anteriormente citados non poderá ser superior a 811 € por cada 24 horas de estacionamento adicionais.

2. Nos aeroportos da Coruña, Albacete, Algeciras, Almería, Asturias, Badajoz, Burgos, Ceuta, Córdoba, Cuatro Vientos, El Hierro, Huesca-Pireneos, FGL Granada-Jaén, Jerez, La Gomera, La Palma, León, Logroño, Melilla, Murcia-San Javier, Pamplona, Reus, Sabadell, Salamanca, San Sebastián, Santander, Son Bonet, Torrejón, Valladolid, Vigo, Vitoria, Zaragoza e resto de aeroportos xestionados por Aena Aeropuertos, S.A., as contías da contraprestación de estacionamento aplicable por día ou fracción de tempo de estacionamento superior a tres horas, en función do peso máximo no momento da engalaxe da aeronave, serán as seguintes:

Aeronaves ata 10 tm		Aeronaves de máis de 10 tm
Ata 2	De 2 a 10	0,827930
1,434126	7,169151	
Euros por aeronave/día ou fracción.		Euros por tm. por día ou fracción.

3. Para aplicar os importes anteriores será requisito necesario que, durante o período de estacionamento, a aeronave non estea ocupando posición de pasarela telescópica ou de hangar.

Para os efectos de aplicación desta contraprestación considérase tempo de estacionamento o tempo entre calzos.

Entre as cero e as seis, hora local, interromperase o cómputo de tempo para efectos de aplicación da contraprestación».

Sete. Modifícase o artigo 85 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que quedará redactado como segue:

«Artigo 85. *Importe.*

O importe da contraprestación determinarase aplicando ao volume de combustible ou lubricante subministrado as contías unitarias seguintes:

Queroseno: 0,003938 €/ litro.

Gasolina de aviación: 0,006700 €/ litro.

Lubricantes: 0,006700 €/ litro.»

Oito. Modifícase o artigo 87 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que quedará redactado como segue:

«Artigo 87. *Importe.*

O importe da presente contraprestación, en función do peso e do tempo de permanencia da aeronave en posición de pasarela, será o resultado de aplicar a seguinte fórmula:

$$P = (p_1 + p_2 * tm) * F_t$$

Onde:

P: contraprestación total que se pagará polo servizo.

$p_1$ : contía unitaria por tempo de estancia en pasarela.

$p_2$ : contía por peso da aeronave e tempo de estancia en pasarela.

tm: peso máximo no momento da engalaxe da aeronave, expresado en toneladas, conforme se define no artigo 2 da presente lei.

$F_i$ : tempo de estancia da aeronave en pasarela expresado en períodos de 15 minutos ou fracción.

As contías unitarias dos elementos  $p_1$  e  $p_2$  son as seguintes:

	$p_1$	$p_2$
Madrid-Barajas . . . . .	30,6278 €	0,00 €
Barcelona-El Prat . . . . .	27,7683 €	0,00 €
Alacant, Gran Canaria, Málaga-Costa del Sol, Palma de Mallorca e Tenerife Sur . . . . .	24,4207 €	0,00 €
Bilbao, Fuerteventura, Girona, Eivissa, Lanzarote, Menorca, Santiago, Sevilla, Tenerife Norte e Valencia . . . . .	23,4814 €	0,00 €
A Coruña, Almería, Asturias, FGL Granada-Jaén, Jerez, La Palma, Murcia-San Javier, Reus, Santander, Vigo e Zaragoza . . . . .	23,4814 €	0,00 €
Albacete, Algeciras, Badajoz, Burgos, Ceuta, Córdoba, Cuatro Vientos, El Hierro, Huesca-Pireneos, La Gomera, León, Logroño, Melilla, Pamplona, Sabadell, Salamanca, San Sebastián, Son Bonet, Torrejón, Valladolid, Vitoria e resto de aeroportos xestionados por Aena Aeropuertos, S.A. . .	23,4814 €	0,00 €

Para aquelas aeronaves susceptibles de seren conectadas a dúas pasarelas asemade que estacionen en posicións de pasarelas especialmente deseñadas para esta finalidade, as contías anteriores incrementaranse nun vinte e cinco por cento.

Entre as cero e as seis, hora local, cando, encontrándose unha aeronave ocupando unha posición de pasarela, a compañía explotadora solicite unha posición de estacionamento en remoto e non houbera nese momento ningunha dispoñible, ou se por razóns operativas non procede o cambio a xuízo da autoridade aeronáutica, o aeroporto desconectará da aeronave o servizo de pasarelas e interromperá o cómputo de tempo para efectos de aplicación da tarifa. Con todo, a compañía quedará obrigada a trasladar a aeronave a un posto de estacionamento en remoto, no momento en que se lle indique, por ter quedado libre ou teren desaparecido as razóns anteriores. En caso de non realizar esta operación e, por iso, non poder ser utilizada a pasarela por outros usuarios que a soliciten, aplicaráselle a contía que correspondese a esas utilizacións non efectuadas.»

Nove. Modifícase o artigo 89 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, que quedará redactado como segue:

«Artigo 89. *Importe.*

1. A contía da contraprestación regulada nesta sección será a seguinte, en función dos servizos de asistencia en terra que leve a cabo o obrigado ao pagamento:

a) Asistencia á aeronave:

1.1. Servizos de rampla.

1.1.1. Servizos de asistencia de equipaxes, grupo de servizos número 3: 58,05 € por cada aeronave cuxo peso máximo no momento da engalaxe estea comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción.

1.1.2. Servizos de asistencia ás operacións en pista, grupo de servizos número 5: 18,43 € por cada aeronave cuxo peso máximo no momento da engalaxe estea comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción.

1.2. Servizos de asistencia de limpeza e servizo da aeronave, grupo de servizos número 6 excepto a asistencia de limpeza da neve, o xeo e a xeadada da

aeronave: 10,12 € por cada aeronave cuxo peso máximo no momento da engalaxe estea comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción.

1.3. Servizos de asistencia de limpeza da neve, o xeo e a xeadada da aeronave, parte do grupo 6.b): 2,75 € por cada aeronave cuxo peso máximo no momento da engalaxe estea comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción.

1.4. Servizos de asistencia de mantemento en liña, grupo de servizos número 8: 2,75 € por cada aeronave cuxo peso máximo no momento da engalaxe estea comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas ou fracción.

Cando o peso máximo no momento da engalaxe das aeronaves non se encontre comprendido entre 56 e 71 toneladas métricas, ás contías anteriores aplicaráselles os seguintes coeficientes en función do intervalo de peso en que se encontre incluída a aeronave:

Intervalo de peso máximo no momento da engalaxe (tm)	Coficiente
Aeronaves entre 0 e menos de 16 tm . . . . .	13,16%
Aeronaves entre 16 e menos de 22 tm ou fracción . . . . .	17,51%
Aeronaves entre 22 e menos de 38 tm ou fracción . . . . .	28,04%
Aeronaves entre 38 e menos de 56 tm ou fracción . . . . .	77,88%
Aeronaves entre 56 e menos de 72 tm ou fracción . . . . .	100,00%
Aeronaves entre 72 e menos de 86 tm ou fracción . . . . .	120,33%
Aeronaves entre 86 e menos de 121 tm ou fracción . . . . .	135,30%
Aeronaves entre 121 e menos de 164 tm ou fracción . . . . .	150,28%
Aeronaves entre 164 e menos de 191 tm ou fracción . . . . .	179,37%
Aeronaves entre 191 e menos de 231 tm ou fracción . . . . .	202,50%
Aeronaves entre 231 e menos de 300 tm ou fracción . . . . .	264,81%
Aeronaves de máis de 300 tm ou fracción . . . . .	314,64%

b) Servizos de asistencia ao pasaxeiro, grupo de servizos número 2: 0,0404 € por cada pasaxeiro de saída.»

## 2. Prestación pública por saída de pasaxeiros no aeroporto de Girona–Costa Brava.

Malia o disposto no artigo 73 da Lei 21/2003, do 7 de xullo, de seguridade aérea, e con efectos desde a entrada en vigor desta Lei de orzamentos xerais do Estado para 2012 e vixencia ata o 31 de decembro de 2012, as contías correspondentes á contraprestación por saída de pasaxeiros no aeroporto de Girona-Costa Brava serán as seguintes: 3,66 € para pasaxeiro EEE e 5,49 € para pasaxeiro internacional.

Vixésimo segunda. *Modificación do artigo 157 do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos e da mariña mercante.*

Con efectos a partir da entrada en vigor da presente lei e vixencia indefinida, propónse a modificación do artigo 157 do Real decreto legislativo 2/2011, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Artigo 157. *Cálculo da rendibilidade anual.*

Para os efectos previstos no artigo anterior, a rendibilidade anual de cada autoridade portuaria e do conxunto do sistema portuario calcularase tomando como base o cociente de dividir:

a) O resultado do exercicio despois de impostos, excluindo a deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado e outros resultados que teñan o carácter de extraordinarios, así como os ingresos financeiros correspondentes á

incorporación ao activo de gastos financeiros e o saldo do Fondo de Compensación Interportuario achegado ou recibido, e

b) O activo non corrente neto medio do exercicio, excluíndo o inmovilizado en curso, o inmovilizado correspondente a terreos e bens naturais sobre os que non se desenvolvese ningún tipo de actividade durante o exercicio, os activos por impostos diferidos e os debedores comerciais non correntes. A incorporación dunha nova infraestrutura portuaria básica (dique de abrigo, esclusa e acceso marítimo) ratearase durante sete anos desde a data da acta de recepción».

Vixésimo terceira. *Modificación do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos e da mariña mercante.*

Con efectos a partir da entrada en vigor da presente lei e vixencia indefinida modifícase a letra b) do número 3 do artigo 159 (Fondo de Compensación Interportuario) do Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de portos e da mariña mercante, que queda redactado nos seguintes termos:

«3. A contía anual da achega de cada autoridade portuaria ao Fondo de Compensación Interportuario determinarase por agregación dos seguintes importes correspondentes ao exercicio anterior:

a) O 80 por cento dos ingresos devindicados pola taxa de axudas á navegación correspondente ás embarcacións ás cales polas súas características lles sexa de aplicación a taxa do buque.

b) Ata o 12 por cento e non menos do 4 por cento do resultado do exercicio, excluíndo as amortizacións do inmovilizado, o resultado por alleamentos e baixas do activo non corrente, os ingresos por incorporación ao activo de gastos financeiros, o traspaso a resultados de subvencións de capital e outros resultados que teñan o carácter de extraordinarios, a cantidade correspondente ao Fondo de Compensación achegada e recibida e os ingresos pola taxa de axudas á navegación sempre que o valor resultante sexa positivo.

A porcentaxe que se aplicará correspondente á letra b) será fixada anualmente polo Comité de Distribución do Fondo, por proposta de Portos do Estado, en función, entre outras, das necesidades financeiras globais das autoridades portuarias e de Portos do Estado motivadas pola diferente situación competitiva en que se encontran as autoridades portuarias, sobre a base de non discriminación de tratamento entre elas. Esta porcentaxe reducirase un 50 por cento para as autoridades portuarias do Arquipélago Canario, Balear e de Ceuta e Melilla.»

Vixésimo cuarta. *Cota íntegra da taxa do buque (T-1).*

Con efectos a partir da entrada en vigor da presente lei e vixencia indefinida, modifícase a letra e) do número 1 do artigo 197 do texto refundido da Lei de portos e da mariña mercante, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2011, do 5 de setembro, que queda redactado nos seguintes termos:

«e) En razón da estancia e utilización prolongada das instalacións de atracada ou fondeo situadas na zona 1, ben por desenvolver o buque as súas actividades fundamentalmente no interior da zona de servizo do porto, ben por permanecer no posto de atracada, exceptúanse do réxime tarifado establecido nas letras a) e d) anteriores os buques cando cumplan as citadas condicións, aos cales se aplicarán os seguintes coeficientes segundo corresponda:

1.º Buques de tráfico interior de mercadorías e pasaxeiros exclusivamente na zona de servizo do porto, ou en augas marítimas interiores tales como rías ou baías: 4,00.

2.º Buques destinados á dragaxe e ao avituallamento: 4,67.

3.º Buques a flote en construción, gran reparación, transformación, así como buques en desmantelamento, fóra dun estaleiro: 1,33.

4.º Buques a flote en construción, gran reparación, transformación, así como buques en desmantelamento en estaleiro: 0,50.

5.º Buques pesqueiros, cando estean en paro biolóxico, ou cando algunha das súas especies obxectivo estea en veda, ou cando carezan de licenza ou de permiso temporal de pesca ou teñan asignada unha cota anual de pesca, mesmo despois de esgotar completamente esa cota anual: 0,45.

6.º Buques en depósito xudicial: 1,00.

7.º Buques inactivos, incluso pesqueiros e artefactos flotantes: 4,67.

8.º Buques destinados á prestación dos servizos de remolque, amarre, practicaxe e a outros servizos portuarios: 2,33.

9.º Outros buques cuxa estancia sexa superior a un mes, a partir de que finalice ese período: 4,67.

Para os efectos de aplicación do previsto nesta letra e), considerarase estancia e utilización prolongada a que sexa debida aos supostos anteriores sempre que sexa superior a sete días, salvo o especificamente disposto ao respecto no último suposto.

Nos supostos de buques destinados a dragaxes e avituallamento e de buques destinados aos servizos de remolque, amarre, practicaxe e a outros servizos portuarios, serán de aplicación os coeficientes de 4,67 e 2,33 respectivamente, desde o primeiro día de estancia na zona 1.

Nestes supostos, o mínimo arqueo bruto do buque (GT) que se considerará no cálculo da cota íntegra da taxa será de 50 GT, e o tempo de estancia non se medirá en períodos dunha hora ou fracción, como é a norma xeral, senón en períodos de 24 horas ou fracción.

Ademais, a cota íntegra da taxa nos supostos previstos nesta letra e) será a que resulte de aplicar á prevista os coeficientes seguintes, sempre que o posto de atracada estea outorgado en concesión ou autorización:

1.º En atracadas outorgadas en concesión ou autorización, sen espazo ou con espazo insuficiente de auga en concesión ou autorización: 0,70.

2.º En atracadas outorgadas en concesión ou autorización, cando o espazo de auga ocupada estea tamén en concesión ou autorización, sempre que a superficie do espazo de auga outorgado en concesión sexa polo menos a superficie requirida polo buque para a súa permanencia no posto de atracada en condicións de seguridade: 0,60.

3.º En portos outorgados en concesión: 0,30.»

Vixésimo quinta. *Modificación do Real decreto lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáselle nova redacción ao artigo 6 do Real decreto lei 13/2009, do 26 de outubro, polo que se crea o Fondo Estatal para o Emprego e a Sustentabilidade Local, que quedará redactado como segue:

«Artigo 6. *Reintegros.*

1. A falta de xustificación parcial ou total da aplicación dos recursos recibidos con cargo ao Fondo implicará a obriga de reintegrar as cantidades non xustificadas.

Enténdese por falta de xustificación a non remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas da documentación xustificativa a que se refiren os artigos 16 e 21 ou a súa remisión incompleta ou que conteña inexactitudes.

Tamén se considerarán non xustificadas aquelas partidas en que, ben mediante as comprobacións que para tal efecto poida realizar o Ministerio de Facenda e

Administracións Públicas ou mediante os controis que realice a Intervención Xeral da Administración do Estado, se poña de manifesto que os recursos do Fondo non se aplicaron aos fins para os que foron entregados ou que se incumpriron as condicións establecidas no real decreto lei.

Nos casos de incumprimento do prazo de execución, o reintegro limitarase á porcentaxe de investimento non executada en prazo.

Naqueles casos en que a terminación do investimento financiado co fondo non teña lugar dentro do prazo máximo autorizado para ela e ese incumprimento se deba a algunha razón distinta da mera falta de dilixencia da entidade local, as dilacións determinantes de tal incumprimento non se terán en conta para os efectos de computar o prazo máximo para a finalización do proxecto, sempre que a entidade local acredite na execución do investimento financiado unha actitude dilixente e inequivocamente tendente á satisfacción dos compromisos asumidos con motivo da obtención da axuda.

2. A falta de colaboración que imposibilite a comprobación e o control da efectiva aplicación dos recursos do Fondo dará lugar ao reintegro total da achega recibida pola correspondente entidade local.

3. Os expedientes de reintegro serán tramitados pola Dirección Xeral de Coordinación de Competencias coas comunidades autónomas e as entidades locais, ben por iniciativa propia, cando a existencia de reintegro derive das comprobacións realizadas polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, ben por iniciativa da Intervención Xeral da Administración do Estado, cando sexa consecuencia dun control realizado por esta última.

As cantidades que se deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, e para a súa cobranza resulta de aplicación o disposto no capítulo II do título I da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.»

*Vixésimo sexta. Modificación da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, introdúcense as seguintes modificacións no artigo 50 da Lei 19/1994, do 6 de xullo, de modificación do réxime económico e fiscal de Canarias:

Un. Modifícase a letra d) do número 2, que queda redactada nos seguintes termos:

«d) A contía da taxa de inscrición será de 820 euros.»

Dous. Modifícase a letra d) do número 3, que queda redactada nos seguintes termos:

«d) A contía da taxa anual de permanencia será de 1.225 euros.

No caso previsto no parágrafo segundo da letra c) anterior, a contía da taxa ratearase por trimestres naturais, excluído aquel en que se produza a disolución da entidade ou a revogación da autorización.»

*Vixésimo sétima. Modificación do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o número 2 do artigo 73 do texto refundido da Lei xeral da seguridade social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, que queda redactado como segue:

«2. O exceso do resultado económico positivo obtido pola xestión das contingencias profesionais, unha vez dotadas as indicadas reservas, deberase adscribir aos fins xerais de prevención e rehabilitación, entre os que se encontra o fomento das actuacións extraordinarias das empresas na prevención dos

accidentes de traballo e as enfermidades profesionais. Esa adscrición efectuarase mediante o seu ingreso na conta especial do Fondo de Prevención e Rehabilitación aberta no Banco de España á disposición do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e cuxa titularidade corresponde á Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

A Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá materializar os fondos depositados na conta do Fondo de Prevención e Rehabilitación, ata o seu uso definitivo, en activos financeiros emitidos por persoas xurídicas públicas, nas cantidades, prazos e demais condicións que determine o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Os rendementos e gastos que xeren os activos financeiros en que se materializase o Fondo, así como os da propia conta, aboaranse e cargaranse respectivamente nesta, salvo que o Ministerio de Emprego e Seguridade Social dispoña outra cosa.

Igualmente, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social poderá dispoñer dos fondos depositados na conta do Fondo de Prevención e Rehabilitación, ata o seu uso definitivo, para atender os fins propios da Seguridade Social. Entre estes fins están as posibles necesidades transitorias de tesouraría. A disposición realizarase nas condicións que determine o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

O Ministerio de Emprego e Seguridade Social informará anualmente as comisións competentes do Congreso dos Deputados e do Senado sobre as operacións que se acorden conforme o disposto neste punto».

*Vixésimo oitava. Modificación da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema nacional de saúde.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáselle nova redacción á letra d) do número 2 do artigo 3 da Lei 16/2003, do 28 de maio, de cohesión e calidade do Sistema Nacional de Saúde, que queda redactada como segue:

«d) Ter esgotado a prestación ou o subsidio por desemprego e encontrarse en situación de desemprego, e non acreditar a condición de asegurado por calquera outro título.»

*Vixésimo novena. Modificación do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, dáselle nova redacción ao artigo 15 do Real decreto lei 8/2011, do 1 de xullo, de medidas de apoio aos debedores hipotecarios, de control do gasto público e cancelación de débedas con empresas e autónomos contraídas polas entidades locais, de fomento da actividade empresarial e impulso da rehabilitación e de simplificación administrativa, que quedará redactado da seguinte maneira:

«Artigo 15. *Medidas de fomento á produción de longametraxes.*

1. O número 2 do artigo 38 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo, manterá a súa vixencia ata os períodos impositivos que se iniciasen antes do 1 de xaneiro de 2014, e quedará derogado con efectos para os períodos impositivos que se inicien a partir desa data.

2. As deducións establecidas no citado número 2 do artigo 38, pendentes de aplicación ao comezo do primeiro período impositivo que se inicie a partir do 1 de xaneiro de 2014, poderanse aplicar no prazo e cos requisitos establecidos no capítulo IV do título VI da Lei do imposto sobre sociedades, segundo redacción



vixente en 31 de decembro de 2013. Tales requisitos son igualmente aplicables para consolidar as deducións practicadas en períodos impositivos iniciados antes daquela data.»

*Trixésima. Modificación da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil.*

Modifícase o número 1 da disposición adicional sexta da Lei 42/1999, do 25 de novembro, de réxime do persoal do corpo da Garda Civil, que queda redactado nos seguintes termos:

«Disposición adicional sexta. *Creación do emprego de tenente xeneral.*

1. Créase o emprego de tenente xeneral na escala superior de oficiais do corpo da Garda Civil.

Estes tenentes xenerais pasarán á situación de reserva ao cumpriren dez anos de permanencia na categoría de oficiais xenerais. Non obstante, o tenente xeneral director adxunto operativo da Garda Civil permanecerá na situación de servizo activo mentres desempeñe ese cargo, e pasará, no momento do seu cesamento, á situación de reserva ou a retiro, segundo proceda de acordo co disposto nesta lei.»

*Trixésimo primeira. Modificación da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable.*

Con efectos desde a entrada en vigor desta lei e vixencia indefinida, modifícase o artigo 102 da Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable, que queda redactado como segue:

«A partir do 1 de xaneiro de 2014, a concesión de calquera axuda ou subvención ás administracións autonómicas ou entidades locais incluída na Lei de orzamentos xerais do Estado e destinada ao transporte público urbano ou metropolitano, condicionarase a que a entidade beneficiaria dispoña do correspondente plan de mobilidade sustentable, e á súa coherencia coa Estratexia Española de Mobilidade Sustentable».

*Trixésimo segunda. Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

*Trixésimo terceira. Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para a execución e o desenvolvemento da presente lei.

*Trixésimo cuarta. Xestión de créditos orzamentarios en materia de clases pasivas.*

Prorrógase durante o ano 2012 a facultade conferida na disposición derradeira terceira da Lei 39/1992, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1993.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de xuño de 2012.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno en funcións,  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN

## ANEXO I

## Distribución dos créditos por programas

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
111M	Goberno do poder xudicial.	35.759,18		35.759,18
111N	Dirección e servizos xerais de xustiza.	55.306,43		55.306,43
111O	Selección e formación de xuíces.	26.452,82		26.452,82
111P	Documentación e publicacións xudiciais.	9.140,51		9.140,51
111Q	Formación do persoal da Administración de xustiza.	11.451,20		11.451,20
111R	Formación da carreira fiscal.	6.214,70		6.214,70
112A	Tribunais de xustiza e Ministerio Fiscal.	1.442.181,66		1.442.181,66
113M	Rexistros vinculados coa fe pública.	26.126,59		26.126,59
121M	Administración e servizos xerais de Defensa.	1.225.492,95		1.225.492,95
121N	Formación do persoal das Forzas Armadas.	418.960,06		418.960,06
121O	Persoal en reserva.	550.956,31		550.956,31
122A	Modernización das Forzas Armadas.	268.943,47		268.943,47
122B	Programas especiais de modernización.	4.953,46		4.953,46
122M	Gastos operativos das Forzas Armadas.	2.289.059,21		2.289.059,21
122N	Apoio loxístico.	1.510.949,72	1,29	1.510.951,01
131M	Dirección e servizos xerais de seguridade e protección civil.	88.256,68		88.256,68
131N	Formación de forzas e corpos de seguridade do Estado.	80.808,38		80.808,38
131O	Forzas e corpos en reserva.	697.385,60		697.385,60
131P	Dereito de asilo e apátridas.	3.322,53		3.322,53
132A	Seguridade cidadá.	5.468.548,03	72,72	5.468.620,75
132B	Seguridade viaria.	723.792,12		723.792,12
132C	Actuacións policiais en materia de droga.	82.203,20		82.203,20
133A	Centros e institucións penitenciarias.	1.154.471,86		1.154.471,86
133B	Traballo, formación e asistencia a reclusos.	27.431,23		27.431,23
134M	Protección civil.	14.759,41		14.759,41
135M	Protección de datos de carácter persoal.	13.929,55		13.929,55
141M	Dirección e servizos xerais de asuntos exteriores.	79.897,98		79.897,98
142A	Acción do Estado no exterior.	761.314,79		761.314,79
142B	Acción diplomática ante a Unión Europea.	22.773,54		22.773,54
143A	Cooperación para o desenvolvemento.	683.695,46		683.695,46
144A	Cooperación, promoción e difusión cultural no exterior.	132.934,25		132.934,25
211M	Pensións contributivas da Seguridade Social.	102.103.288,97		102.103.288,97
211N	Pensións de clases pasivas.	10.857.648,33		10.857.648,33
211O	Outras pensións e prestacións de clases pasivas.	107.547,05		107.547,05
212M	Pensións non contributivas e prestacións asistenciais.	2.022.125,85		2.022.125,85
212N	Pensións de guerra.	314.804,62		314.804,62
219M	Xestión das prestacións económicas de Seguridade Social.	412.856,35		412.856,35
219N	Xestión de pensións de clases pasivas.	7.662,42		7.662,42
221M	Subsidios de incapacidade temporal e outras prestacións económicas da Seguridade Social.	10.263.083,16		10.263.083,16
222M	Prestacións económicas do mutualismo administrativo.	444.080,42	2,00	444.082,42
223M	Prestacións de garantía salarial.	1.275.090,30		1.275.090,30
224M	Prestacións económicas por cesamento de actividade.	31.025,45		31.025,45
231A	Plan Nacional sobre Drogas.	18.486,08		18.486,08
231B	Accións en favor dos emigrantes.	89.701,55		89.701,55
231C	Servizos sociais da Seguridade Social a persoas con discapacidade.	74.548,98		74.548,98
231D	Servizos sociais da Seguridade Social a persoas maiores.	124.340,75		124.340,75

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
231E	Outros servizos sociais da Seguridade Social.	41.940,47		41.940,47
231F	Outros servizos sociais do Estado.	181.867,98		181.867,98
231G	Atención á infancia e ás familias.	5.355,32		5.355,32
231H	Accións en favor dos inmigrantes.	66.849,63		66.849,63
231I	Autonomía persoal e atención á dependencia.	1.407.150,62		1.407.150,62
232A	Promoción e servizos á mocidade.	28.601,40		28.601,40
232B	Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.	24.970,27		24.970,27
232C	Actuacións para a prevención integral da violencia de xénero.	23.828,94		23.828,94
239M	Xestión dos servizos sociais da Seguridade Social.	31.375,08		31.375,08
241A	Fomento da inserción e estabilidade laboral.	5.759.558,48		5.759.558,48
241N	Desenvolvemento da economía social e da responsabilidade social das empresas.	5.184,80		5.184,80
251M	Prestacións aos desempregados.	28.805.052,82		28.805.052,82
261N	Promoción, administración e axudas para rehabilitación e acceso á vivenda.	780.501,42	300,00	780.801,42
261O	Ordenación e fomento da edificación.	37.968,49		37.968,49
261P	Solo e políticas urbanas.	1.442,38		1.442,38
291A	Inspección e control de Seguridade e Protección Social.	127.029,90		127.029,90
291M	Dirección e servizos xerais de Seguridade Social e protección social.	2.774.085,12	30,20	2.774.115,32
311M	Dirección e servizos xerais de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.	99.055,53		99.055,53
311O	Políticas de saúde e ordenación profesional.	11.171,37		11.171,37
312A	Asistencia hospitalaria nas Forzas Armadas.	148.283,49		148.283,49
312B	Atención primaria de saúde. Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.	59.963,99		59.963,99
312C	Atención especializada de saúde. Instituto Nacional de Xestión Sanitaria.	141.627,99		141.627,99
312D	Medicina marítima.	32.559,81		32.559,81
312E	Asistencia sanitaria do mutualismo administrativo.	2.082.900,62		2.082.900,62
312F	Atención primaria de saúde de mutuas de accidentes de traballo e E.P e I.S.M.	831.128,97		831.128,97
312G	Atención especializada de saúde de mutuas de accidentes de traballo e E.P e I.S.M.	365.407,68		365.407,68
313A	Prestacións e farmacia.	145.242,22		145.242,22
313B	Saúde pública, sanidade exterior e calidade.	38.422,55		38.422,55
313C	Seguridade alimentaria e nutrición.	15.922,32		15.922,32
313D	Doazón e trasplante de órganos, tecidos e células.	3.937,99		3.937,99
321M	Dirección e servizos xerais de educación.	74.851,02		74.851,02
321N	Formación permanente do profesorado de educación.	4.216,52		4.216,52
322A	Educación infantil e primaria.	167.130,42		167.130,42
322B	Educación secundaria, formación profesional e escolas oficiais de idiomas.	175.793,97		175.793,97
322C	Ensinanzas universitarias.	149.663,75		149.663,75
322D	Educación especial.	13.431,45		13.431,45
322E	Ensinanzas artísticas.	7.376,11		7.376,11
322F	Educación no exterior.	108.584,54		108.584,54
322G	Educación compensatoria.	169.790,97		169.790,97
322H	Educación permanente e a distancia non universitaria.	5.751,47		5.751,47
322I	Ensinanzas especiais.	1.910,69		1.910,69
322J	Novas tecnoloxías aplicadas á educación.	45.008,17		45.008,17
322K	Deporte en idade escolar e na universidade.	13.308,55		13.308,55

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
323M	Bolsas e axudas a estudantes.	1.270.048,52		1.270.048,52
324M	Servizos complementarios do ensino.	5.637,04		5.637,04
324N	Apoio a outras actividades escolares.	6.961,58		6.961,58
331M	Dirección e servizos xerais de Cultura.	44.947,44		44.947,44
332A	Arquivos.	40.543,17		40.543,17
332B	Bibliotecas.	60.839,93		60.839,93
333A	Museos.	177.474,94		177.474,94
333B	Exposicións.	3.892,62		3.892,62
334A	Promoción e cooperación cultural.	24.573,37		24.573,37
334B	Promoción do libro e publicacións culturais.	11.095,39		11.095,39
334C	Fomento das industrias culturais.	29.481,76		29.481,76
335A	Música e danza.	89.773,50		89.773,50
335B	Teatro.	45.110,15		45.110,15
335C	Cinematografía.	71.113,71		71.113,71
336A	Fomento e apoio das actividades deportivas.	177.458,77		177.458,77
337A	Administración do patrimonio histórico-nacional.	117.789,75	100,00	117.889,75
337B	Conservación e restauración de bens culturais.	40.785,77		40.785,77
337C	Protección do patrimonio histórico.	7.582,63		7.582,63
412C	Competitividade e calidade da produción e os mercados agrarios.	62.899,24		62.899,24
412D	Competitividade e calidade da sanidade agraria.	56.045,45		56.045,45
412M	Regulación dos mercados agrarios.	6.371.219,23		6.371.219,23
413A	Competitividade industria agroalimentaria e calidade alimentaria.	30.845,52		30.845,52
414A	Xestión de recursos hídricos para o regadío.	52.974,67		52.974,67
414B	Desenvolvemento do medio rural.	1.519.976,36		1.519.976,36
414C	Programa de desenvolvemento rural sustentable.	29.329,39		29.329,39
415A	Protección dos recursos pesqueiros e desenvolvemento sustentable.	19.672,39		19.672,39
415B	Mellora de estruturas e mercados pesqueiros.	59.010,76		59.010,76
416A	Previsión de riscos nas producións agrarias e pesqueiras.	252.659,35		252.659,35
421M	Dirección e servizos xerais de industria e enerxía.	70.923,09		70.923,09
421N	Regulación e protección da propiedade industrial.	53.995,45		53.995,45
421O	Calidade e seguridade industrial.	3.890,82		3.890,82
422A	Incentivos rexionais á localización industrial.	128.187,69		128.187,69
422B	Desenvolvemento industrial.	423.554,24		423.554,24
422M	Reconversión e reindustrialización.	575.147,86		575.147,86
423M	Desenvolvemento alternativo das comarcas mineiras do carbón.	41.000,00		41.000,00
423N	Explotación mineira.	523.058,33		523.058,33
424M	Seguridade nuclear e protección radiolóxica.	47.287,24		47.287,24
425A	Normativa e desenvolvemento enerxético.	30.015,58		30.015,58
431A	Promoción comercial e internacionalización da empresa.	489.923,13		489.923,13
431M	Dirección e servizos xerais de comercio e turismo.	14.008,68		14.008,68
431N	Ordenación do comercio exterior.	9.665,98		9.665,98
431O	Ordenación e modernización das estruturas comerciais.	17.454,59		17.454,59
432A	Coordinación e promoción do turismo.	438.197,43		438.197,43
433M	Apoio á pequena e mediana empresa.	140.717,35		140.717,35
441M	Subvencións e apoio ao transporte terrestre.	1.247.910,68		1.247.910,68
441N	Subvencións e apoio ao transporte marítimo.	57.863,35		57.863,35
441O	Subvencións e apoio ao transporte aéreo.	288.337,00		288.337,00
441P	Subvencións ao transporte extrapeninsular de mercadorías.	22.690,00		22.690,00

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
451M	Estudios e servizos de asistencia técnica en obras públicas e urbanismo.	32.005,44		32.005,44
451N	Dirección e servizos xerais de Fomento.	1.192.148,09		1.192.148,09
451O	Dirección e servizos xerais de agricultura, alimentación e ambiente.	177.524,99		177.524,99
452A	Xestión e infraestruturas da auga.	940.353,70	210.501,00	1.150.854,70
452M	Normativa e ordenación territorial dos recursos hídricos.	55.015,05		55.015,05
453A	Infraestrutura do transporte ferroviario.	986.428,07		986.428,07
453B	Creación de infraestrutura de estradas.	1.782.289,49		1.782.289,49
453C	Conservación e explotación de estradas.	926.037,98		926.037,98
453M	Ordenación e inspección do transporte terrestre.	34.669,07		34.669,07
454M	Seguridade do tráfico marítimo e vixilancia costeira.	170.013,86		170.013,86
455M	Regulación e supervisión da aviación civil.	56.017,08		56.017,08
456A	Calidade da auga.	199.274,96	21.295,45	220.570,41
456B	Protección e mellora do ambiente.	18.831,86		18.831,86
456C	Protección e mellora do medio natural.	190.461,07		190.461,07
456D	Actuación na costa.	104.593,80		104.593,80
456M	Actuacións para a prevención da contaminación e do cambio climático.	52.800,23		52.800,23
457M	Infraestruturas en comarcas mineiras do carbón.	101.568,73		101.568,73
462M	Investigación e estudos sociolóxicos e constitucionais.	12.510,93		12.510,93
462N	Investigación e estudos estatísticos e económicos.	6.505,70		6.505,70
463A	Investigación científica.	771.756,93	4.000,00	775.756,93
463B	Fomento e coordinación da investigación científica e técnica.	1.391.554,56		1.391.554,56
464A	Investigación e estudos das Forzas Armadas.	174.056,70		174.056,70
464B	Apoio á innovación tecnolóxica no sector da defensa.	582.777,36		582.777,36
464C	Investigación e estudos en materia de seguridade pública.	850,00		850,00
465A	Investigación sanitaria.	298.864,39		298.864,39
466A	Investigación e avaliación educativa.	5.588,84		5.588,84
467A	Astronomía e astrofísica.	16.587,19	450,00	17.037,19
467B	Investigación, desenvolvemento e experimentación en transporte e infraestruturas.	932,90		932,90
467C	Investigación e desenvolvemento tecnolóxico-industrial.	2.063.698,12		2.063.698,12
467D	Investigación e experimentación agraria.	75.508,04	2.000,00	77.508,04
467E	Investigación oceanográfica e pesqueira.	58.159,73	261,61	58.421,34
467F	Investigación xeolóxico-mineira e ambiental.	25.971,39		25.971,39
467G	Investigación e desenvolvemento da sociedade da información.	145.904,60		145.904,60
467H	Investigación enerxética, ambiental e tecnolóxica.	83.899,43		83.899,43
467I	Innovación tecnolóxica das telecomunicacións.	671.754,55		671.754,55
491M	Ordenación e promoción das telecomunicacións e da sociedade da información.	70.814,15		70.814,15
491N	Servizo postal universal.	502,00		502,00
492M	Defensa da competencia.	12.761,81		12.761,81
492N	Regulación e vixilancia da competencia no mercado de tabacos.	8.905,30		8.905,30
492O	Protección e promoción dos dereitos dos consumidores e usuarios.	19.368,56		19.368,56
493M	Dirección, control e xestión de seguros.	293.067,58		293.067,58
493O	Regulación contable e de auditorías.	7.310,14		7.310,14
494M	Administración das relacións laborais e condicións de traballo.	42.460,59		42.460,59

Clasif. por programas	Explicación	Cap. 1 a 8	Cap. 9	Total
495A	Desenvolvemento e aplicación da información xeográfica española.	34.897,30		34.897,30
495B	Meteoroloxía.	87.325,58		87.325,58
495C	Metroloxía.	6.778,17		6.778,17
496M	Regulación do xogo.	6.171,83		6.171,83
911M	Xefatura do Estado.	8.264,28		8.264,28
911N	Actividade lexislativa.	206.611,89	15,00	206.626,89
911O	Control externo do sector público.	62.123,22		62.123,22
911P	Control constitucional.	25.531,83		25.531,83
911Q	Apoio á xestión administrativa da Xefatura do Estado.	6.158,56		6.158,56
912M	Presidencia do Goberno.	41.472,62		41.472,62
912N	Alto asesoramento do Estado.	10.087,22		10.087,22
912O	Relacións coas Cortes Xerais, Secretariado do Goberno e apoio á alta dirección.	43.056,94		43.056,94
912P	Asesoramento do Goberno en materia social, económica e laboral.	8.843,23		8.843,23
912Q	Asesoramento para a protección dos intereses nacionais.	221.200,30		221.200,30
921N	Dirección e organización da Administración pública.	48.598,06		48.598,06
921O	Formación do persoal das administracións públicas.	76.181,84		76.181,84
921P	Administración periférica do Estado.	301.579,80		301.579,80
